



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 146

Sesión plenaria
29 de xaneiro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 52569 (10/PNP-004623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 579, do 18.12.2019

4.2 58789 (10/PNP-004373)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 19.11.2019

4.3 58933 (10/PNP-004379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

4.4 59184 (10/PNP-004403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis

Sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

4.5 59871 (10/PNP-004465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019

4.6 60166 (10/PNP-004492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020



4.7 60232 (10/PNP-004528)**Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco**

Sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

4.8 61449 (10/PNP-004561)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 590, do 15.01.2020

Punto 5. Interpelacións**5.1 59392 (10/INT-002032)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

5.2 59917 (10/INT-002049)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019

5.3 59959 (10/INT-002050)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 61986 (10/POPX-000184)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020



6.2 61988 (10/POPX-000185)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

6.3 61991 (10/POPX-000186)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 60314 (10/POP-007072)****Grupo Parlamentario Mixto****Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis**

Sobre os medios dos que dispoñen os concellos de alta montaña para facer fronte ás nevadas, estudando solucións e alternativas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

7.2 60770 (10/POP-007190)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e oito deputados/as máis**

Sobre as xestións que ten feito a Xunta de Galicia desde que coñeceu a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial a partir do 31 de decembro oito estacións ferroviarias galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

7.3 61219 (10/POP-007324)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a organización e a seguridade do transporte escolar de varios centros da provincia de Ourense en xaneiro de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020

7.4 61955 (10/PUP-000293)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e dous deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da rectificación do actual proxecto de construción dunha estación intermodal en Ourense e a recuperación do inicialmente previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020



7.5 61959 (10/PUP-000294)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das incidencias producidas no servizo público de transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos tralas vacacións do Nadal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

7.6 60977 (10/POP-007245)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre se vai proceder o Goberno galego a declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por superar os prazos para a súa tramitacións sinalados no artigo 33.4 da Lei 13/2013, de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

7.7 61333 (10/PUP-000288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego ao respecto do anunciado polo Goberno do Estado en materia enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020

7.8 61953 (10/PUP-000292)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos 225 postos de traballo e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

7.9 61157 (10/POP-007306)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do servizo de paridoiro nos hospitais comarcais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020

7.10 61215 (10/POP-007323)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e nove deputados/as máis**

Sobre a previsión por parte do Goberno galego de actuacións de mellora no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 18.)

Intervención dos autores: *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 18.) e *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Réplica dos autores: *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 23.) e *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

O señor Sánchez García (GCE) pide a palabra por alusións, que lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 29.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional sobre o Día de conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, que é aprobada por asentimento. (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos. (Punto cuarto da orde do día).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 30.)



Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 34.), Sra. Santos Queiruga (GCE) (Páx. 36.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 38.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 40.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias. (Punto cuarto da orde do día).

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 44.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Casal Vidal (M). (Páx. 47.) e Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 50.) e Sra. Chao Pérez (GCE). (Páx. 52.)

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo. (Punto cuarto da orde do día).

A señora presidenta (Solla Fernández) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 55.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 60.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 61.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 63.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 65.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos. (Punto cuarto da orde do día).

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 67.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 67.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 70.)
 Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 72.), *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)* (Páx. 73.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 75.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 77.)

Proposición non de lei, do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e D. Francisco Casal Vidal, sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores. (Punto cuarto da orde do día).

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 79.)
 Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 82.)
 Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)* (Páx. 84.), *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 85.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 87.)

O señor Villares Naveira (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 89.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes. (Punto cuarto da orde do día).

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 96.)
 Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 99.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 101.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 103) e *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 105.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 107.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111W)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias: *aprobada por 43 votos a favor, 9 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e D. Francisco Casal Vidal, sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes: *aprobada por 58 votos a favor, 13 en contra e ningunha abstención.* (páx. 114.)

Suspéndese a sesión ás tres e doce minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e oito minutos.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 115.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 118.)

Réplica do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 121W)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 123.)



Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Común da Esquerda, sobre a sanidade pública. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 125.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sr. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 132.)

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/a máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías de dignidade das persoas enfermas terminais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 134.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre os medios dos que dispoñen os concellos de alta montaña para facer fronte ás nevadas e estudar solucións e alternativas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (M)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (M)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións que fixo a Xunta de Galicia desde que coñeceu a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial, a partir do 31 de decembro, oito estacións ferroviarias galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 149.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 150.)

O señor presidente anuncia o debate acumulado das preguntas 7.3 e 7.5. (Páx. 151.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a organización e a seguridade do transporte escolar de varios centros da provincia de Ourense en xaneiro de 2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das incidencias producidas no servizo público de transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos tras as vacacións do Nadal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx.152.) e Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 153.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 154.)*

Réplica da autoras: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 156.) e Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 157.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 158.)*

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da rectificación do actual proxecto de construción dunha estación intermodal en Ourense e a recuperación do inicialmente previsto. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE). (Páx. 159.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 161.)*

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE). (Páx. 162.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 163.)*

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre se vai proceder o Goberno galego a declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por superar os prazos para a súa tramitación sinalados no artigo 33.4 da Lei 13/2013, de avaliación ambiental. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE). (Páx. 164.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 165.)*

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE). (Páx. 166.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 166.)*

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do anunciado polo Goberno do Estado en materia enerxética. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 167.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 168.)*

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 169.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 170.)*



Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos 225 postos de traballo e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 172.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 173.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 174.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 174.)

O señor presidente anuncia o debate acumulado das dúas últimas preguntas. (Páx. 175.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do servizo de paridoiro nos hospitais comarcais. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a previsión por parte do Goberno galego de actuacións de mellora no Hospital de Verín. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 176.) e *Sr. Gómez Salgado (P)*. (Páx. 177.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 178.)

Réplica dos autores: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 180.) e *Sr. Gómez Salgado (P)*. (Páx. 181.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 181.)

Remata a sesión ás oito e seis minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión co punto sexto da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, formula a pregunta do Bloque Nacionalista Galego, en substitución da señora Pontón Mondelo, a señora Rodil Fernández.

Cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Feijóo, permítame que repase brevemente a súa década como presidente ausente, incompetente e desleal con Galiza. (*Aplausos.*)

Miren, é a crónica dun presidente submisivo a Madrid, primeiro a Rajoy e agora a Casado — disfrazado de falsa confrontación política—. Repasemos algúns dos grandes *hits* da súa última década.

Conseguiu cero competencias novas para Galiza en dez anos, ¡cero! Apoiou un marco enerxético deseñado e aprobado polo Partido Popular e continuado polo Partido Socialista que ten 6.000 postos de traballo en risco. Aprobou e consentiu os recortazos orzamentarios na alta velocidade sen abrir a boca. Consentiu a estafa das peaxes e o bloqueo sistemático do Partido Popular á transferencia da AP-9. (*Aplausos.*) Asinou, ademais con alegría, un sistema de financiamento inxusto e discriminatorio con Galiza. ¡Vaia folla de servizos, señor Feijóo, vaia papelón! (*Aplausos.*)

E eu preguntolle se de verdade vostede pensa que pode tapar dez anos de submisión a Madrid e de traizón a Galiza cun frenesí epistolar: ¡22 cartas! Non daba feito. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O único sensato dese arrebatado de última hora foi que vostede descubriu a axenda galega. Benvido, só chega dez anos tarde.

Por certo, a axenda galega situouna no centro do debate político no Estado o BNG cun acordo de investidura que conseguiu máis nun mes ca vostede en dez anos. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, vostede só acerta cando rectifica. Acabamos de velo no Hospital de Verín. Pero ultimamente tamén acerta cando copia do BNG. O único que lle falta, o único que lle falta a



vostede para ter algo de credibilidade, é pasar das cartas aos feitos. Facémoslle desde o BNG dúas propostas. Primeiro exixa pola vía xudicial os cartos que o Estado debe a Galiza —hai tres meses vostede votou en contra desta proposta cando o BNG a trouxo a este Parlamento—. Rectifique e acertará. E, en segundo lugar, súmese ás galegas e aos galegos e apoie os compromisos arrancados ao Goberno español polo Bloque Nacionalista Galego: transferencia da AP-9 no 2020 e rebaixa das peaxes, transición enerxética xusta, máis fondos para a dependencia, tres xulgados máis de violencia machista no noso país, modernizar o tren do interior, que tamén existe, e garantir que Galiza manteña o mesmo status político que as demais nacións do Estado.

Señor Feijóo, vostede é plenamente consciente de que está no seu tempo de desconto e que a estas alturas é imposible tapar dez anos de submisión e de centralismo por moito que se envolva na bandeira galega. Xa terá tempo, asegúrolo, de dedicarse a escribir cartas cando as galegas e os galegos lle dean o finiquito nas urnas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do presidente da Xunta.

(Murmurios.)

Silencio, por favor, un pouco de tranquilidade.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, presidente.

Señoría, permítame que a saúde polas súas novas funcións e que asuma —neste caso que reitere— en nome do Grupo Parlamentario Popular e no meu propio os parabéns á voceira do BNG por esa excelente nova familia que acaba de acadar.

Señoría, para intentar tomala en serio sobre as súas leccións de compromiso con Galicia, permítame que repasemos brevisamente en dous titulares a historia do BNG.

Por un lado, está o que di o BNG. En outubro do ano 2007, cando tiñan que tomar a decisión de apoiar o goberno de Zapatero, dicía o BNG —cito—: «O BNG afirma que só apoiará a Zapatero se se activan as competencias pendentes». Un ano máis tarde —leo un titular de periódico—: «Zapatero ignora por segunda vez el acuerdo con el BNG para impulsar las transferencias pendientes».

Ademais do que din está, evidentemente, o que conseguen. Pero engadiría: e, ademais, o que fan. Hai trece anos co Bipartito, no ano 2007, o BNG e o PSOE no Parlamento galego votaban en contra da transferencia da Autoestrada do Atlántico —a Zapatero non lle imos pedir a Autoestrada do Atlántico—. O BNG votaba en contra e o PSOE por suposto que tamén. E un ano despois, no ano 2008, o Bipartito pacta con Zapatero que co diñeiro dos galegos paguemos a metade do que custa levantar a peaxe de Rande. É dicir, co BNG non se pide a transferencia —que solicitou sempre o Partido Popular de Galicia—, e ademais co BNG pagaban os galegos por levantar unha peaxe dunha autoestrada estatal. Co PP o que fixemos foi denunciar ese



acordo do Bipartito e aforrar 400 millóns de euros para que os galegos non paguen levantar unha peaxe dunha autoestrada estatal. *(Aplausos.)*

Por iso, señoría, agora resulta que hai que escoitala a vostede presumir do que fai o BNG. Mire, ¿sabe o que fai o BNG? Normalmente apoiar o Partido Socialista, si, si, si, e sempre. E o Partido Socialista sempre fai o mesmo: ignorar o BNG, si, si, si, e sempre. *(Aplausos.)* Ese é o titular do BNG e do Partido Socialista.

Mire, señora, o acordo-escusa que vostedes tiveron que asinar para lavar a cara ante o «si» ao goberno Sánchez os galegos debemos coñecelo. Téñoos aquí. Lemos varias veces este acordo porque non podíamos dar crédito desta broma que vostedes asinan en nome do país. ¿Garantías neste acordo para evitar o peche das Pontes? Ningunha. ¿Compromiso para a continuidade de San Cibrao e as empresas electointensivas —5.000 postos de traballo—? Ningún. ¿Compromiso cos sectores do mar para manter as súas instalacións na zona marítimo-terrestre? Ningún. ¿Compromiso para acabar coas mentiras do AVE e poñer dunha vez a data da finalización do AVE no ano 2020? Nin se menciona. Ningunha. ¿Compromiso para baixar as peaxes da autoestrada entre Santiago e Lalín? Nin se menciona. ¿Compromiso para investir algo por parte do Goberno central no Xacobeo? Nin se menciona. ¿Compromiso para conseguir máis prazas de pediatras e médicos de familia? Nin se menciona. ¿Compromiso para un financiamento xusto para Galicia? Nin se toca. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Compromiso para aportar fondos polos problemas demográficos de Galicia e do resto de España? Nin se toca.

Pero se por se acaso isto non era o máis grave, resulta, señoría, que non hai unha soa palabra do BNG para reclamar os 370 millóns de euros que o Goberno central lle debe ao país. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Señoría, iso si que son grandes acordos do BNG que dende logo o Partido Popular de Galicia non vai copiar nunca, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, vaia choio ten o señor Sánchez con vostedes; vaia choio ten o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia co BNG. ¡Vaia choio! De rebaixas, señoría, están vostedes de rebaixas. Pero aquí non, aquí, señoría, imos seguir defendendo o país. ¿Sabe por que? Porque o país confía en nós. E imos seguir defendendo Galicia. ¿Sabe por que? Porque Galicia é o noso compromiso. Imos seguir defendendo, señoría, os intereses de Galicia. E para defender os intereses de Galicia non convén dicir sempre «si» ao Partido Socialista, señoría. Para defender os intereses de Galicia hai que dicir «si» aos galegos. E entre o Partido Socialista e os galegos, o Partido Popular de Galicia queda cos galegos.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.



Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Sabe, señor Feijóo, que non hai auga que lave a súa incompetencia política durante dez anos. (*Aplausos.*) E, claro, ten que vir vostede aquí agora a criticar o acordo de investidura do BNG, porque ¿de que vai falar? (*Murmurios.*) ¿Das súas 22 cartas? ¿Vai falar de 22 cartas que son o retrato da súa década de incompetencia e deslealdade con este país? ¿Diso vai vir falar a esta Cámara? Esas cartas, señor Feijóo, son o resultado da súa incompetencia política, e son o resultado tamén de anos, unha década, de centralismo e de submisión a Madrid. Ten que falar do acordo do BNG porque vostede non ten nada que poñer enriba da mesa ás galegas e aos galegos. E vén vostede dicindo que nese acordo faltan moitas cousas. Aquí hai un presidente da Xunta, hai un Goberno da Xunta. Se non é capaz vostede de facer o seu traballo, deixe que outros o fagamos por vostede. (*Aplausos.*)

Dígollo de novo: vostede é plenamente consciente de que está no seu tempo de desconto e de que non vai ser capaz, no que lle queda, de emendar á totalidade esta década de submisión e centralismo político. Sabe perfectamente que cada vez máis galegas e máis galegos queren un cambio real neste país. Se quere ter algo de credibilidade no tempo que lle queda, o que lle pedimos é que actúe, que exerza por unha vez como presidente de Galiza. Se quere reclamar o dereito das galegas e dos galegos a xestionar o diñeiro que é seu e que se nega a transferir o Estado, exíxallo ao Goberno español nos tribunais. Deixe de choromicar, deixe de laiarse e exerza por unha vez de presidente da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche desta pregunta polo señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, sorpréndelle que eu teña que escribir 22 cartas. ¡A min moito máis! Pero realmente é o goberno que vostedes apoiaron, (*Risos.*) un goberno co que, para comunicarnos con el, necesitamos un desp*egable para saber exactamente de que ministerio estamos a falar. Son 22 ministerios, 22 cartas. Realmente son 24, pero os outros dous non é necesario citalos porque están dedicados a outras cousas aínda que mandan moitísimo no Goberno, están desprazados noutras institucións do Estado. Pero que lle sorprenda a vostede ter que escribir 22 cartas ao Goberno ao que vostedes dixeron «si» é, cando menos, moi curioso. E que agora me veñan vostedes aquí a aconsellar que eu demande o Goberno central que vostedes acaban de apoiar pasará á historia da coherencia do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Señorías, vostedes pídenme a min que denuncie o goberno que vostedes apoian, vostedes pídenme a min que denuncie o Goberno despois de que vostedes conseguiran un gran pacto de lexislatura e de investidura. Pero a verdade, señoría, é que podería vostede debutar de forma un pouco máis coherente.

Mire, señoría, a vostedes non lles interesa Galicia. A vostedes o único que lles interesa é ir en contra do Partido Popular de Galicia, que é unha cousa distinta. Se lles importara Galicia,



nunca aceptarían un goberno que o primeiro que fai cando chega é rirse dos galegos e dicir que os 370 millóns de euros de Galicia non existen. Primeiro recádaos, despois gástaos e agora di que non existen.

Mire, señoría, son presidente dun goberno democrático, represento o Estado en Galicia, intentei falar co Goberno central de forma correcta, con lealdade, con diálogo, con razoamento. Intentei buscar motivos, razóns e propostas para saír deste disparate, que é nada máis e nada menos que un furto institucional dos recursos dos galegos. Fixen todo o que podía para intentar negociar e entenderme co Goberno central que vostedes apoian e eu non. Fixen, en consecuencia, todo o posible para entenderme co goberno que o BNG apoia. Pero, señoría, como represento os galegos, unha vez esgotadas todas as responsabilidades e unha vez esgotadas todas as posibilidades dun entendemento institucional, por suposto que a Xunta de Galicia seguirá esgotando todas as posibilidades no ámbito xudicial para defender Galicia e os galegos do Partido Socialista Obreiro Español e do Bloque Nacionalista Galego, señoría. *(Aplausos.)* Por suposto que utilizaremos todas as posibilidades legais.

Señoría, vostedes, xa na primeira semana dese acordo de investidura, deberon pedir perdón aos galegos. Vendéronse por nada, señoría. Foron a Madrid para intentar firmar este documento que é lamentable. E dígollelo como presidente da Xunta, é lamentable. Xamais modificaría nin xamais asinaría un documento para defender Galicia deste tamaño e deste importe.

Mire, señoría, vostedes preferiron pedirlle ao Partido Socialista Obreiro Español iso do sentimento nacional, pero non os 350 millóns de euros dos servizos públicos galegos. Os sentimentos son gratis, señoría, pero manter a sanidade, a educación e os servizos públicos non é gratis. E o Partido Socialista, ¡como non ía firmar! Fírmalle a vostede calquera sentimento que vostede teña. *(Risos.)* O problema son os 370 millóns de euros que nos deben aos galegos para os servizos públicos, señoría. *(Aplausos.)* Sentimentos, gratis; diñeiro, non. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, Galicia non é nacionalista, Galicia non é independentista, pero Galicia tampouco é soberbia. Sexan vostedes un pouco máis humildes, señoría. O único que conseguiron é que o Partido Socialista se rixe de todos os galegos a través das siglas do BNG. Negocio redondo, tan redondo coma un cero: cero euros conseguidos da débeda de Galicia e o BNG de cómplice necesario.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, menos mal que os galegos teñen un goberno, teñen un grupo parlamentario maioritario e teñen un presidente que xamais renunciará ás súas responsabilidades.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Formúlanse agora dúas preguntas de xeito acumulado.



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta don Antón Sánchez, portavoz do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Bos días, señor Feijóo.

A palabra de moda na súa acción de goberno é «recuar», recuar de Touro —e da mina de Touro falaremos pola tarde— e de Verín e do que supuxo, do que imos falar agora.

Nas mobilizacións da cidadanía contra as súas políticas sanitarias bérrase moitas veces: «Con este goberno imos de cu». Polo tanto, cando vostedes recúan, o resto avanzamos, e a sanidade pública avanza. Alegrámonos das súas rectificacións e felicitamos a xente que se mobilizou para reivindicar outro futuro distinto do que vostedes lle ofrecen.

Iso si, a rectificación de Verín chegou despois dun esperpéntico percorrido persoal pola súa parte. Empezou achacando impericia ao persoal do centro por non ter, polo menos, 600 nacementos ao ano. Nunca os tivo en todos os anos da súa historia e aínda así prestaron un servizo óptimo os profesionais dese centro. Vostede faltoulles ao respecto. Como non se sostíña ese argumento, falou da falla de pediatras —coma se vostede non tivese ningunha responsabilidade pola falla de profesionais médicos—. Despois dixo que se podería dar a luz pero baixo a responsabilidade das nais. E finalmente —porque incluso naceron bebés alí fillos de concelleiras do Partido Popular e incluso a xente do Partido Popular se mobilizou con gran potencia— vostede recuou definitivamente. Pero tivo que dicir a última palabra: «Farase con consentimento informado reforzado». Non, señor Feijóo, vostede ten a obriga de darlles aos verineses e ás verinesas os mesmos dereitos que a todos os cidadáns de Galicia. Polo tanto, reabra o paridoiro coas mesmas condicións que poida ter calquera cidadán de Galicia e déixese de esperpento.

Creo que nisto lle proeron dúas cousas: primeiro, que frustraran o seu plan de pechar o paridoiro e seguir recortando na sanidade pública; e, despois, que, mentres vostede facía o ridículo tratando de saír airoso deste charco, o señor Baltar asubiaba e se poñía de perfil. Deixexa o esperpento e rectifique as súas políticas sanitarias.

Verín demostrou tres cousas: que a xente está farta da súa política sanitaria de recortes da pública en beneficio da privada; da discriminación, do abandono e da destrución do rural; e, por último, da manipulación informativa que leva facendo vostede dende que chegou ao Goberno. Verín foi a pinga que colmou o vaso.



Vostede traballa para a sanidade privada, vostede destrúe o rural, como demostran todos os datos dende que chegou ao Goberno, e vostede, dende que chegou, ten na manipulación informativa a peza central da súa política. Indignou a cidadanía de Verín co tratamento informativo que unha vez máis lle deu a este conflito. Vostede controla, manipula e non dubida en represaliar a quen non diga o que vostede quere que digan os medios públicos galegos, señor Feijóo. É un triste censor [franquista] (*Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) en San Caetano. (*Bal-bordo.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Imos retirar esa expresión, señor Sánchez. Aquí franquismo non hai.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Por estas tres cuestións...

O señor PRESIDENTE: Non, perdón. Vamos matizar isto. Vamos matizar esta cuestión.

Pídlle que retire esa expresión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Por que motivo, señor presidente?

O señor PRESIDENTE: Pídllo porque non cabe aquí a expresión «franquista» en alusión a un membro do Goberno ou a un representante que estea nesta Cámara porque ten unha connotación pexorativa.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu refírome “ que a política informativa deste goberno é similar á que se facía no franquismo.

O señor PRESIDENTE: Non.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Polo control, manipulación e represión dos profesionais que queren facer información.

O señor PRESIDENTE: Pídlle que retire esa expresión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non vou retirar esa expresión.

O señor PRESIDENTE: Ten unha chamada á orde.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moi ben.

Por estas tres cuestións, señor Feijóo, vostede debería tomar nota do que aconteceu en Verín, porque a xente xa está farta das súas políticas, quere ter outro país, quere ter futuro neste país, quere ter futuro no rural deste país, e as súas políticas son un perigo para ese futuro. ¿Vai rectificar as súas políticas, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.



Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, temos que defender Galicia do seu goberno e das súas políticas. Temos que defender na rúa e en sede parlamentaria os intereses dos galegos e das galegas fronte aos seus recortes, fronte á súa acción política. Vostede, señor Feijóo, estalles tomando o pelo aos galegos e ás galegas. Tomou decisións de forma continua contra a cidadanía galega en materia de sanidade, en materia de servizos sociais, de igualdade, en materia de defensa do país. Vostede, señor Feijóo, tomou decisións que danaron os intereses da cidadanía do país.

Vostede, señor Feijóo, dinos agora que nunca firmaría un acordo como o que o Partido Socialista firmou para gobernar España, pero vostede díxonos que vostede firmaría o acordo que o Partido Popular ten con Vox para gobernar en Andalucía.

E quérolle dicir, señor Feijóo, que vostede perdeu a credibilidade. Perdeu a credibilidade porque é capaz de defender «a», «b», ou «c» coa mesma vehemencia, co mesmo intento de superioridade, en sede parlamentaria. E por iso agora empeza a recuar. Empeza a recuar porque non lle dan as contas, e recúa no paridoiro de Verín, recúa na hemodinámica en Ourense e recúa na mina de Touro. Recúa porque vostede xa non goberna para os galegos e para as galegas. Vostede converteu, na súa estratexia electoral, o Consello da Xunta na xunta directiva do Partido Popular. E hai unha nova maioría no país que marca a axenda política das necesidades das galegas e dos galegos, unha maioría no país que está disposta a gobernar cando haxa eleccións pero que lle vai marcar nos últimos meses do seu goberno os límites do desmantelamento que vostede quere facer do servizos sociais, da sanidade pública, do benestar dos galegos e das galegas.

¿Acórdase, señor Feijóo, de cando hai dous meses nos dicían vostedes que había que pechar o paridoiro de Verín por motivos de seguridade? ¿Acordase, señor Feijóo, de que hai dous meses nos dicían vostedes que había que pechar o paridoiro de Verín porque os médicos e médicas perderan ou perdían a pericia pola falta de práctica profesional? ¿Acórdase de cando algúns dos seus responsables dicían que as ourensás igual tiñan que ir dar a luz en Vigo en determinados casos? Ese discurso que vostedes fixeron, e parte del, vostede mesmo aquí en sede parlamentaria, coa mesma arrogancia que utiliza cada vez que intervén neste Parlamento, cunha única verdade, ese discurso tivo que mudar agora radicalmente. Mudou radicalmente porque hai unha nova maioría no país que o arrinconou, que o puxo contra as cordas, que o puxo nunha situación de inestabilidade e de falla de fortaleza na súa credibilidade. E ¿que responsabilidades hai despois de ter pechado o paridoiro durante dous meses? ¿Quen asume esas responsabilidades? ¿Que lle parece a vostede a situación que tiveron que vivir distintas nais, unhas que deron a luz en Ourense, outras en Verín, outras que tiveron que deixar os seus nenos nada máis nacer para ir a Ourense? ¿Que responsabilidade asume vostede, señor Feijóo? ¿Vai cesar a todos os responsables?

E ¿que é iso, señor Feijóo, de que cando lle preguntan por Verín vostede fale dun consentimento informado reforzado? Porque a lexislación establece moi ben os consentimentos que hai. ¿Queren seguir metendo medo no caso do paridoiro de Verín? ¿Cal é o problema, señor



Feijóo, de que os hospitais comarcais estean funcionando con seguridade durante anos e décadas cunha ratio de nacementos distinta á que vostede exixía con eses supostos criterios técnicos?

Señor Feijóo, vostede tiña un plan para dismantelar os paridoiros con eses criterios supostamente técnicos en todos os hospitais comarcais de Galicia, e unha maioría da cidadanía en Galicia que saíu ás rúas púxoo contra as cordas. Señor Feijóo, a sanidade pública é segura cos consentimentos que hai que dar de acordo coa lei, e o Goberno de Galicia ten que garantir todos os mecanismos desa seguridade. O paridoiro de Verín foi seguro, é seguro e hai mecanismos para que sexa seguro. O que non é seguro para Galicia é que vostede siga sendo o presidente da Xunta. O seu goberno dá inseguridade, dá inestabilidade, mete medo nos hospitais públicos (*Murmurios.*), criminaliza os profesionais, quítalles fortaleza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e quérelles meter medo ás nais da comarca de Verín cando queren utilizar un paridoiro que se vai abrir co respaldo dunha maioría de Galicia que vai potenciar a sanidade pública cando haxa cambio de Goberno.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, señorías, levamos dous plenos consecutivos nos que os membros da coalición do Goberno de España veñen aquí perfectamente coordinados. Formulan incluso as mesmas preguntas na sesión de control ao presidente. Hai que recoñecer, señorías, que de momento están vostedes moi coordinados en Madrid e en Santiago. Ademais, teñen un socio en Santiago que lles baila a auga e, polo tanto, parece que de momento, nas primeiras semanas, levan vostedes unha coordinación interesante.

Podería parecer que traen este tema para aclarar este asunto, incluso para deixar de intoxicar a sanidade pública do país —como acaban de facer ambos os dous voceiros—, pero insisten en que o obxectivo do PP é dismantelar a sanidade, en que o obxectivo do PP é dismantelar todos os paridoiros nos hospitais e criminalizar os profesionais. Para vostedes a sanidade realmente é unha escusa para desgastar un goberno; e, ademais, fano dunha forma tan burda que o único que conseguen é desprestixiar a sanidade pública. E nós estamos aquí para defender a sanidade pública. Esa é a gran diferenza entre vostedes e nós.

Defender a sanidade pública é tomar decisións responsables. Decisión responsable é antepoñer a saúde das nais e dos fillos no lugar dun paridoiro e no momento nada máis e nada menos do nacemento dunha nova persoa. Iso si, defender a sanidade a pública é exactamente o contrario do populismo e do electoralismo, absolutamente o contrario. Foi unha decisión técnica a decisión que adoptamos. Foi unha decisión técnica avalada por 44 profesionais que



asinaron un documento. Todos os xinecólogos e obstetras —volvo reiterar— da área sanitaria do Hospital de Ourense, e todos os pediatras do Hospital de Ourense, asinaron un documento onde nos propoñían suspender a actividade do paritorio de Verín porque non había profesionais suficientes para atender a vida e a saúde nos nacementos que puideran en calquera instante ocorrer. Foi unha decisión, ademais, avalada por un xulgado —porque, coma sempre, vostedes criminalizan a sanidade pública—. Leo o auto do xulgado: «*Teniendo en cuenta que la decisión adoptada cuenta con el aval y fundamento de los informes emitidos por especialistas en pediatría...*» Ata nos levan ao xulgado para isto, señorías, ata denuncian e criminalizan a sanidade pública nos xulgados, e teñen que poñer os xuíces orde neste desbaraxuste electoralista e populista que vostedes manteñen.

¿Foi unha decisión dolorosa? Por suposto, por iso exploramos todos os límites para conseguir pediatras para ese paridoiro. ¿Foi unha decisión impopular? Sabíámolo, sabíamos que iamos ter dificultades para explicar esta decisión, por suposto. Pero iso non nos botou atrás, porque primeiro está a vida das nais e dos nenos e despois están as reaccións e os desgastes dos gobernos. (*Aplausos.*) ¿Foi unha decisión responsable? Por suposto. Tiñamos unha realidade cerca, non tiñamos pediatras en Ourense e o xefe do Servizo de Pediatría notificounolo: «Non temos pediatras para cubrir as gardas de Verín, do Barco e de Ourense de forma simultánea. Non temos pediatras, hai tres pediatras que se acaban de ir do Hospital de Ourense e temos máis de 1.200 nenos en listas de espera na área sanitaria de Ourense porque non temos pediatras en xornada ordinaria. E pedimos suspender os partos en Verín». E ¿que fixemos? Atender as razóns técnicas e as razóns médicas que se nos notifican.

Señorías, o problema —e dixémolo de forma directa e indirecta— era que non tiñamos pediatras e que, en canto tiveramos pediatras, volveríamos abrir o paridoiro de Verín. Díxeno aquí en sede parlamentaria e cada vez que se me preguntou. Pero este problema non é un problema de Galicia, é un problema de toda España e trouxemos a hemeroteca. Por exemplo, en 21 centros de saúde de Cataluña levan meses sen ningún pediatra. Desde hai tres anos pedímoslle ao Goberno que adoptase decisións. O Goberno díxonos a todo que non. Dixo que non ao rexistro de profesionais sanitarios, non a unha convocatoria extraordinaria de MIR de pediatría e de médicos de familia, non á eliminación da taxa de reposición nas ofertas públicas de emprego dos pediatras e dos médicos de familia. Pero ¿que fai a coalición, señorías? ¿Que fai a coalición? ¿Primeiro impiden ter médicos e agora resulta que os causantes de que non haxa pediatras en España son os que nos acusan a nós das súas propias accións? Pero, señorías, ¿por que non falamos do que facemos na sanidade? ¿Moléstalles realmente que poñamos as 24 horas o servizo de hemodinámica en Ourense? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se o PP pon un servizo de hemodinámica 24 horas en Ourense fai electoralismo. O Partido Socialista Obreiro Español e Esquerda en Común non fan electoralismo. Pero ¡que cara, señorías! (*Murmurios.*), 24 horas de hemodinámica en Ourense, 24 horas de hemodinámica en Lugo, e, cando vostedes estiveron no Goberno, nin hemodinámica en Ourense nin hemodinámica en Lugo, señorías. (*Aplausos.*) Pero ¡que cousa me veñen dicir aquí, señorías!

¿Moléstalles, realmente, que hai unha semana sacásemos á licitación un novo edificio para urxencias no Hospital de Verín con dous millóns de euros? ¿Moléstalles, señorías, que esta mañá vaiamos presentar o novo hospital público da Coruña? Realmente acúsase a este go-



berno de non apostar pola sanidade cando finalizará a lexislatura con hospitais públicos novos funcionando en Vigo, en Lugo, no Salnés e na Mariña lucense; e en obras en Montecelo (Pontevedra), en Ferrol e en Ourense; e agora o novo hospital público da Coruña. *(Aplausos.)* Pero, realmente, señorías, ¿isto é o que lles molesta?

Miren, señorías, eu tráíolles unha moi mala noticia. Resulta que sacamos ofertas públicas de emprego para pediatras en Verín en xuño do ano pasado, antes de tomar ningunha decisión co paridoiro —eses son os datos—, volvemos sacala en decembro —volvemos ser datos—, e volvemos sacala en xaneiro —e eses son datos, señorías—. A mala noticia que teño é que por fin temos pediatras en Verín e por fin a próxima semana volveremos abrir o paridoiro de Verín. *(Aplausos.)* Señorías, esas son as accións da sanidade pública deste goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por conseguinte, señorías, agora que temos pediatras en Verín, as nais poderán parir en Verín con todas as garantías sanitarias.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E agora que temos pediatras en Verín, os nenos que nacen en Verín poderán nacer con todas as garantías sanitarias. E agora que temos garantías sanitarias, abriremos outra vez o paridoiro de Verín.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A ver, señor Feijóo, acláreme algo, que eu xa me perdín despois de todas as explicacións e xustificacións que vostede leva dando. Perdinme. O que acaba de dicir de que abrirá con todas as garantías ¿significa que non terán que asinar un consentimento informado reformado e que terán que asinar os consentimentos normais en calquera hospital? Aclárenolo, porque xa estamos perdidos de tantas xustificacións que vostede tivo que dar despois de que saísen 20.000 persoas en Verín, incluso a xente que votou ao Partido Popular, indignada co peche do paridoiro, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Non siga polos derroteiros do ridículo. En serio, señor Feijóo, aconséllollo, non siga facendo o ridículo. Falaba vostede dos obxectivos do Partido Popular para a sanidade. Eses obxectivos do Partido Popular para a sanidade, desgraciadamente, estanos conseguindo vostedes. Hai pouco saía a patronal da sanidade privada a dicir que nunca na historia en Galicia houbera tanto negocio para a sanidade privada. Nunca tanta porción da tarta lle tocou á sanidade privada. É ese o seu obxectivo dende a súa longa traxectoria de xestión sanitaria dende os anos noventa, co señor Romay Beccaría na Xunta de Galicia, no Estado, etc. ¡Privatizar, privatizar, privatizar e facer negocio!



Señor Feijóo, ¿decisión técnica?, ¿non había profesionais? Non, non era. Vostede falou de impericia porque non había 600 nacementos ao ano. Non minta, vostede falou de impericia. E, ante a mobilización e indignación dos profesionais ofendidos, vostede tivo que buscar outras catro xustificacións a ver cal lle saía mellor, señor Feijóo, non minta á cidadanía.

¿Foi dolorosa a situación? Para vostede non foi dolorosa cando a tomou. Foi dolorosa cando viu o charco no que se meteu. Pero a súa vontade era seguir recortando, seguir prexudicando o rural, seguir prexudicando a sanidade pública e darlle negocio á sanidade privada, señor Feijóo.

Vostede di que as obras que se están facendo, as promesas electorais en período preelectoral, son moi importantes para a sanidade. Claro que son necesarias as obras. Pero en Valencia, Madrid e Galicia sempre houbo obras sanitarias. ¡Que lles digan ás empresas da Púnica se houbo obras, que llelo digan en Galicia, que colleron un contrato de 11 millóns de euros! Ese non é o problema, señor Feijóo, o problema é a precariedade laboral que vostede implantou, o problema son as políticas de austeridade que vostedes implantaron en Madrid e aquí. Porque vostede falaba da taxa de reposición e de todos os obstáculos que, segundo vostede, veñen do Estado, pero vostedes estiveron sete anos no Goberno do Estado e foron, co señor Montoro á fronte, os que implantaron as políticas de austeridade que impediron que haxa profesionais na sanidade; porque, cantos menos profesionais haxa na sanidade, máis xente se desvía á sanidade privada, que é o obxectivo final.

Señor Feijóo, escoite, deixe de facer o ridículo e rectifique. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Réplica do señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, quedan uns meses de lexislatura e pódolle asegurar que todas as súas intervencións non nos van quitar a forza e a gana de cambiar Galicia; que non nos vai meter ningún tipo de complexo cando fala das coalicións —que a maioría dos galegos e das galegas votaron por un goberno progresista en Galicia, con 200.000 votos máis que os que sacaron todas as dereitas xuntas en Galicia—; que a Galicia lle vai ben cun goberno que sobe as pensións, que sobe o salario mínimo interprofesional, que sobe o salario dos empregados públicos, que aposta pola igualdade real. Vostede, no seu tempo político de desconto, como non quere dar conta do mal xestor que é e do problema que é para Galicia, está buscando unha estratexia de escapismo para buscar responsabilidades fóra. Pero as galegas e galegos, señor Feijóo, non somos parvos, non imos comprar o seu produto falaz, mentireiro, as súas mentiras e falacias que vende de forma recorrente co poder institucional da Xunta de Galicia. E imos confrontar democraticamente, dialecticamente, un proxecto para poñer fin a unha etapa nefasta para Galicia. Vostede muda a posición co paridoiro de Verín porque vostede está arrinconado, porque atopou unha Galicia que o puxo contra as cordas, que está noqueado politicamente. E se non houberese esa mobilización masiva en Galicia, hoxe o paridoiro estaría pechado e vostede seguiría co plan de pechar paridoiros porque non dan os criterios técnicos.



A nova Galicia non vai parar fronte á súa mentira, señor Feijóo. E ímolo facer porque vostede xestionou en Galicia máis de 100.000 millóns de euros —se actualizamos os fondos, máis cerca de 200.000 millóns de euros— en once anos de goberno. E claro que ten capacidade orzamentaria para solucionar os problemas de Galicia. Nin ten ganas de facelo nos servizos públicos nin ten ese compromiso co país. E sabemos o que queda. Hoxe vostede non xustifica os seus erros. Dinos «a», «b» ou «c» coa mesma vehemencia e co mesmo poder institucional, demostrando que, cando Feijóo di «a», é falso, cando di «b» é falso e cando di «c» tamén é falso.

O problema de Verín é que vostede quería recortar para o medio rural, quería recortar na sanidade pública. Pero o problema de fondo é que o señor Feijóo queda sen credibilidade; que, cando fala, a súa palabra xa non vale nada; que xa non fala como presidente dos galegos e das galegas, simplemente fala como presidente do Partido Popular de Galicia que quere converter o Consello da Xunta de Galicia na xunta directiva do Partido Popular, co seu cinismo político, coa súa estratexia de confrontación. Simplemente é electoralismo porque vostede sabe que o tempo do Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia é un tempo de desconto. Sabe que a mesma maioría social que gañou as eleccións en 2019, que o fixo recuar no partidoiro de Verín, que o fixo recuar na mina de Touro, que o fixo recuar na hemodinámica en Lugo e en Ourense... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ¿Inquiétaos? ¿Non lles gusta? ¡Eu entendo que non lles guste, señor Feijóo! *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Tamén se eu estivese once anos de presidente con maioría absoluta... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Tamén se eu estivese once anos de presidente con maioría absoluta e atopo unha realidade distinta, estaría alporizado. É que o risco é que as últimas filas do PP non van repetir cando haxa eleccións. *(Risos.) (Fortes murmurios.)* ¡Si, si, non rirán así cando se abran as urnas! Vano ver de novo, señor Feijóo. Así é que lle pedimos que non lle faga máis dano a Galicia nos meses que lle quedan de goberno, que manteña os servizos públicos que hai, que sexa leal coas galegas e cos galegos, que o problema non é un problema de coherencia ou de distintas coalicións. O problema da coordinación é o seu problema, incluso co Partido Popular de Ourense, co que non está coordinado. E o problema de coordinación é que o presidente da Xunta de Galicia xa non está coordinado coa maioría das galegas e dos galegos.

Moitas grazas, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.



(Fortes murmurios.)

¡Orde na sala, orde na sala, por favor! ¡Un pouco de tranquilidade!

Peche do presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Isto é moi clarificador, supoño que as persoas que están na tribuna marcharán cunha idea moi clara do posicionamento de cadaquén.

Ben, o mantra do que queda de Esquerda en Común é que nós apostamos pola sanidade privada. Xa sei que o que lle facía os papeis foi para Madrid, pero, ¡home!, ¿vostede non sabe que os concertos coa sanidade privada baixaron con este goberno e que co Bipartito subiron? Soamente hai que saber o que é baixar e subir. Con iso xa está todo aclarado. (Murmurios.) Pero o que está claro tamén é que dá a sensación de que vostedes, en lugar de celebrar que a próxima semana —porque xa temos pediatras— abrimos o paridoiro de Verín, están molestos. (Murmurios.) Iso realmente é o que lles molesta. Acabo de anunciar que esta mañá comprometemos o novo hospital público da Coruña no Hospital da Coruña, e din que é electoralismo. Abrimos as 24 horas a hemodinámica en Ourense, despois de instalala, despois de abrila de 8 a 3, despois de ampliála de 3 a 10 da noite e agora ás 24 horas. É electoralismo. Pero, señorías, perder tres pediatras na área sanitaria de Ourense e tomar decisións en consecuencia para preservar a saúde das nais e dos nenos, iso, non é electoralismo. Iso sería unha enorme irresponsabilidade na que eu, dende logo, non vou caer.

Poderán gustar máis ou menos as nosas decisións, poderemos estar máis ou menos acertados nas nosas comunicacións, pero se teño a confianza dos galegos é porque os galegos saben perfectamente que eu son unha persoa responsable (Aplausos.) e que non vou poñer nunca en risco a vida de ningún paciente polo feito de que non me critiquen no Parlamento ou polo feito de desgastar este goberno. O importante non é desgastar os gobernos, o importante é manter a saúde pública no país.

Dicir que había que reabrir o paridoiro aínda que non houbese pediatras era moi fácil, incluso era moi fácil facelo. Pero facelo sería a maior irresponsabilidade que cometese un presidente dun goberno democrático. Non conten comigo para iso, señores aprendices de xestión sanitaria. (Murmurios.)

Fronte ás mentiras están os feitos. Nunca houbo tantos orzamentos na sanidade pública como agora, 2.500 novos profesionais máis traballan agora na sanidade pública respecto de cando estaba o Bipartito. Nunca houbo máis actividade sanitaria que agora, nunca houbo unhas listas de espera menores en tempo de espera que agora, nunca houbo máis servizos sanitarios públicos nos hospitais comarcais que agora, nunca houbo tanto gasto sanitario e tanta infraestrutura pública sanitaria —o 80 % da poboación galega ten ao lado da súa casa, na súa área sanitaria, un centro de saúde novo ou un hospital público novo—. Isto é o que lles molesta, señorías.

O que lles molesta é que, de sanidade pública, vostedes o único que poden facer é electoralismo; e nós, construír esa sanidade pública, construíla cos profesionais, construíla en ser-



vizos, en infraestruturas, en dotacións, en medios. Agora ben, señor Sánchez, cun partido coma o seu, que no Parlamento Europeo se posiciona a favor dos antivacinas, tampouco creo que debamos perder moito tempo en discutir sobre sanidade. Se vostedes están a favor de non vacinar os nenos, ¡que máis lles dá que haxa paritorios sen pediatras! ¡Que máis lles dá!

Se vostedes, os do Partido Socialista, gobernan cos señores antivacinas, ¿de que me veñen falar aquí?, ¿de pediatras? ¡Se os pediatras para vostedes son simplemente un número! ¿Pero non saben que o médico dun neno non é un xinecólogo ou un obstetra, que é o pediatra? ¿Non sabían que é unha enorme irresponsabilidade nacer nun paritorio sen un pediatra nun hospital? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡O nivelón é que no ano 2006 os pediatras que había en Verín marcharon co Bipartito e calaron vostedes durante tanto tempo, señoría! (*Aplausos.*) ¡Durante tanto tempo calaron vostedes! ¡Mutis, señoría!

Mire, señoría, eu comprendo que lle moleste a verdade, e eu comprendo que lle moleste a verdade porque lle molesta a verdade de que en Verín hai hoxe menos lista de espera que cando gobernaban vostedes, e que en Verín agora se fai un 10 % máis de intervencións cirúrxicas que cando gobernaban vostedes, e un 36 % máis de consultas que cando gobernaban vostedes. E comprendo que lles moleste que en Verín pasen consulta os cardiólogos, os de dixestivo, os endocrinólogos e os neurólogos, que antes, cando gobernaban vostedes, non pasaban consulta e había que ir a Ourense. ¡Agora quedan en Verín, señoría! (*Aplausos.*) Comprendo que lles moleste, compréndoo perfectamente, señoría. E tamén, señoría, que este trimestre se poña en Verín o programa de cribado contra o cancro de cérvix, que non existiu nunca.

Comprendo, señoría, que as mentiras son fáciles. Mire, señor Caballero, no escano que vos tede ocupou —que ocuparon outros moitos, ¡teña coidado!— de mentiras sobre a sanidade estamos cheos: «*Pachi Vázquez dice que el Sergas prima con 30 euros a los médicos por dar altas*» —mentira do Partido Socialista Obreiro Español—. «Para o PP a sanidade si ten prezo, ata publicidade.» Se quere este papel, déixollo ao presidente, para que actualice os prezos. (*Risos.*) «O Goberno do PP quere cobrarche por ir ao médico. Co teu voto podes evitalo.» Voulle dar os prezos que dicía o Partido Socialista que iamos cobrar. «Unha consulta, 67,22 euros; (*Risos.*) un día de hospitalización, 513,48 euros; consulta de urxencia» —este é número redondo— «206 euros; unha ecografía, 336,59 euros». Estas son as mentiras do Partido Socialista Obreiro Español na sanidade de Galicia, señoría. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Esta é a mentira continuada do Partido Socialista Obreiro Español.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, teñen vostedes un problema serio.

Señores socialistas, ultimamente non din unha soa verdade. E agora, como conseguiron a través da mentira construír un goberno de coalición con aqueles cos que nunca gobernarían en España, cren que dende o Goberno se pode seguir contando mentiras.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero para Galicia as mentiras do Partido Socialista non son gratis.

Señor Caballero, ¿sabe cantos pediatras poderíamos contratar con 370 millóns de euros que nos deben? ¿Sabe cantos pediatras podería ter Galicia cos 370 millóns de euros que debe o Partido Socialista? ¡Cinco mil pediatras, señor Caballero, cinco mil pediatras poderíamos ter cos 370 millóns de euros que nos deben! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, señor presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O que é curioso, señoría, é que vostede é o único dirixente autonómico do Partido Socialista Obreiro Español que está en contra de que se lles devolva ás comunidades autónomas o recadado nas comunidades autónomas. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente. Señor presidente, ten que rematar, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, o PSOE terá 16 secretarios xerais ou presidentes nas comunidades autónomas que polo menos non lle menten á xente, e están de acordo en que nos devolvan o que nos furtaron. Pero aquí Pedro Sánchez realmente o que ten é un partido mascota, unha mascota. *(Risos.) (Murmurios.)* Unha mascota que dice lo que dice el jefe.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): *Si el jefe dice que no, que los 2.500 millones me los gasté yo y ahora no se devuelven, pues el señor Caballero dice lo que dice el jefe.*

O señor PRESIDENTE: Señor presidente, grazas. Rematou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren, señorías, este é un tema o suficientemente serio para non vir de partido mascota a dar un mitin no Parlamento, señorías.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(O señor Sánchez García pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Para que quere a palabra, señor Sánchez? *(Murmurios.)* Por favor, hai que saber para que se pide a palabra. Aquí dereito teno todo o mundo. Todo o mundo ten dereito. Argúmenteme por que quere pedir a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O señor Feijóo dixo textualmente: «Vostedes non queren vacinar os nenos». E eu podo aguantar...



O señor PRESIDENTE: ¡Non, non, perdón! Perdón, escoite. Agora imos a iso, porque se ademais vostede o que quere facer é dicir que están a favor de vacinar os nenos, parécese unha afirmación magnífica. Pero el o que dixó é que estaba unha membro do seu partido... (*Protestas.*) Si, que defendera que non se vacinasen os nenos. E iso tamén o sei eu. Se quere, doulle o nome. ¡Por favor!

Entón, se vostede quere corrixir iso, ten a palabra. Se quere corrixir iso, ten a palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa lla estou dando. ¡Por favor, por favor, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Prado, por favor, o debate diríxoo eu de momento. Non, de momento dirixo eu o debate.

Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, eu entendo que vostede non ten por que captar todo o que se dixó, pero créame, dende o respecto a vostede, que dixó textualmente —e apunteino—: «*Vostedes non queren vacinar os nenos*». E eu podo aguantar moitas mentiras, moitas infamias, pero como pai e como político, non lle vou tolerar a ninguén que diga iso de min, porque ademais é falso. (*Protestas.*) ¡É falso! O señor Feijóo sabe que é falso a nivel político e persoal, sabe que é falso, e utilízao para un ataque persoal que eu considero unha infamia contra a miña persoa e contra o meu grupo, e non o vou tolerar. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Entendido, entendido, está entendido! Está entendido e ademais... (*Fortes murmurios.*) As alusións xa están. Está entendido e eu xa entendín que vostede está a favor de vacinar un neno, o cal me parece magnífico. ¡Perfecto! ¡Perfecto, de verdade! Grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, eu non teño por que chamalo á orde. Eu fixen o que tiña que facer. Pareceume clarificador, e ademais felicítooo por estar a favor de que se vacinen os nenos. É a mellor medida que se pode tomar.

Ben, vamos alá.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou ler agora unha declaración institucional, que ten moita importancia, sobre o Día de conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto.

«O 1 de novembro de 2005, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa 42ª sesión plenaria, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreran asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuizos. E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro —en recordo da liberación polas tropas soviéticas e aliadas do campo de exterminio de Auschwitz-Birkenau o 27 de xaneiro de 1945— como Día internacional da conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo e entre as que se contan tamén galegas e galegos.



O Holocausto é o resultado dun programa de persecución, encarceramento e exterminio levado a cabo polo nazismo, que asasinou máis de 6 millóns de persoas. Tivo a súa orixe no intento de eliminación da disidencia política e ideolóxica e derivou nun xenocidio que contou coa colaboración da ditadura franquista, e que perseguiu miles de homes e mulleres que fuxiron do Estado español despois da derrota da República en 1939 e tras a instauración dun réxime fascista. En particular, este Parlamento quere lembrar os máis de dez mil republicanos españois que terminaron deportados nos campos nazis pola colaboración do ditador Francisco Franco co nazismo alemán e o fascismo italiano. Segundo algunhas fontes historiográficas, preto de douscentos deles eran orixinarios de Galicia e morreron alí onde foron liberados, pero nunca puideron regresar porque a ditadura franquista, que lles retirara previamente a nacionalidade, lles negou o dereito a regresar ao seu país de orixe.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia fai súa a declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas na que rexeitou toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico. E condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

Chama á Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia, antisemitismo e outras discriminacións baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas e aos cidadáns e ás súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida asentar entre nós nin en ningún lugar do mundo.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020» (*Apróbase por asentimento.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Agora continuamos coa orde do día, neste caso, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Quedounos claro nesta intervención que o señor Feixóo está nervioso, está alterado, está contrariado e está enfadado polo acordo asinado polo BNG para a investidura. Eu non sei se teñen pesadelos polas noites, pero recomendaríalles que no Grupo Popular fixesen unha compra urxente de Trankimazin... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Espere. *(Murmurios.)*

¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor, non perdamos o norte! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non me diga desde a tribuna nin me incite á xente ao Trankimazin, que é un fármaco con moito perigo, ¡por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Procuremos non utilizar eses vocábulos... *(Murmurios.)* ¡Por favor, estou falando en serio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, pídlle, por favor, un pouco de cordura. Non utilicen iso, porque é un principio activo que ten moita complicación e, ao mellor, a xente escóitanos a nós e indirectamente lévaa a facer algo que non deberíamos...

Por favor, señor Bará, pídlle que non utilicemos iso. *(Murmurios.)*

¡Tranquilidade! *(Murmurios.)*

Nada máis. *(Murmurios.)*

O señor BARÁ TORRES: Señor presidente, hai unha figura retórica que xa utilizaban os romanos e os gregos, que é a ironía..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Ben.

O señor BARÁ TORRES: Eu sei que vostede é un mestre tamén da ironía; polo tanto, non me coarte a miña capacidade de utilizar a ironía.

O señor PRESIDENTE: Pero non diga o nome.

O señor BARÁ TORRES: De todas as maneiras, recoméndolles que fagan unha compra urxente dun relaxante muscular... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e de paso tamén poden facer o pedido dos anticonceptivos para xabarís, que propuxo onte o Partido Popular. Eu creo que aquí hai que relaxar, por un lado, a poboación de xabarís; e, por outro lado, os instintos da dereita, do Partido Popular, comprando urxentemente estes fármacos, porque a cousa se está descontrolando.

E, claro, ¿por que está tan enfadado e tan contrariado o señor presidente da Xunta? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)* ¡Dixo Trankimazin! *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Por iso. ¡Moi mal! *(Risos.)* *(Murmurios.)* ¡Moi mal! Non está así indo isto ben. Non me gusta este vocabulario que se está utilizando, de verdade lles digo. Porque estamos falando dun principio activo, que é o alprazolam, con moitas complicacións. Quéirano ou non, a nós estanos mirando moita xente, e ese é o nome dun fármaco que na linguaxe vulgar estamos utilizando todos a diario. Por favor, pídlles que non o fagan porque fai un dano terrible. ¡Por favor! *(Murmurios.)*

Nada máis. Eu acabo aquí xa.



O señor BARÁ TORRES: Un relaxante muscular.

¿E por que está tan nervioso e contrariado, enfadado? ¿Por que ten pesadelos o presidente da Xunta? Porque o acordo do BNG para a investidura puxo en evidencia a súa incapacidade para defender durante dez anos os intereses do país cando gobernaba o Partido Popular. Por iso está tan enfadado, e porque fixo máis un deputado do BNG nun mes que o Partido Popular e o señor Feixóo en dez anos. Isto é o que proe, isto é o que doe, señores e señoras do Partido Popular.

O BNG fixo o que debía facer o Goberno da Xunta en todos estes anos. Porque, ¿onde estaban vostedes cando gobernaban os seus en Madrid? Estaban sendo os tontos útiles do Partido Popular de Madrid, e así nos foron as cousas. (*Murmurios.*) E por iso teñen que mandar agora cartas, e por iso o BNG tivo que negociar todas estas cuestións, porque estaban aínda pendentes, sen resolver, como as transferencias ou a AP-9. ¿É que non se dan conta de que este acordo pon en ridículo a proposta que fixo o Partido Popular en relación coa AP-9? ¡Se lles estamos facendo o traballo! ¡Se llelo estamos poñendo en bandexa! ¿Que máis queren? ¡Deberían agradecerlo! Non lles pedimos iso, pero polo menos...

E, miren, vaian comprando máis deses produtos que non se poden mencionar aquí, dos relaxantes, porque isto só é o principio, foi só o acordo de investidura; agora van vir outros acordos, outras negociacións, onde o BNG vai facer valer a súa forza, dado que hai un goberno en minoría. Isto o que demostra é o que levamos dicindo tanto tempo: que imos alí facer valer os intereses de Galiza. Se o BNG está, Galiza está. E iso é o que amola, iso é o que a vostedes lles molesta. Non se preocupen, que isto só foi o comezo.

E, miren, vouldes dicir unha cousa así, falando en confianza, ¿saben o que dicían os negociadores do PSOE en todas esas semanas? —porque ese foi un proceso de varias semanas—: ninguén nos pide o que nos estades pedindo vós, ninguén quere este nivel de concreción. O BNG soubo utilizar as súas cartas para conseguir todas esas negociacións e todos eses acordos, e iso é o que proe.

Pero, miren, a nós preocúpanos esta actitude do Partido Popular e preocúpanos esa deriva reaccionaria e extremista da dereita, da que forman parte tamén o Partido Popular e o Partido Popular de Galiza. Porque vostedes queren facerse pasar por progres e non chegan a «chachis». Esa é a realidade do Partido Popular de Galiza: queren ir dunha cousa e non son; vostedes son a mesma cousa que a extrema dereita racista, machista, antigalega, que está campando ás súas anchas porque vostedes lle abriron o camiño (*Aplausos.*) e porque vostedes pactan con eles nos gobernos, nas institucións, e van con eles ás manifestacións. ¿Ou non é certo que o señor Feixóo cambiou a súa axenda como presidente da Xunta para poñerse ao servizo da axenda reaccionaria, españolista da ultradereita e ir á manifestación de Colón? Esa é a forma de actuar do Partido Popular.

Parécenos moi preocupante esa naturalidade coa que o Partido Popular convive coa ultradereita, como comparte o seu ideario, como lexitima esa ideoloxía fascista e racista e lle compra a súa axenda política. Xa o dixo claramente o señor Aznar, que ademais é o ideólogo de todo iso na FAES: reunámonos porque somos a mesma cousa, somos a mesma ideoloxía. ¡Se teñen



o seu ADN, son fillos e fillas do Partido Popular! O que pasa é que isto non é un feito illado, isto forma parte dun movemento reaccionario, extremista, fastistoide e racista internacional no que participan Trump, Salvini, Bolsonaro, Le Pen, Orban e tamén a dereita española dunha e doutra cor, que están compartindo, que están promovendo, ese ideario. E o Partido Popular ten unha gran responsabilidade histórica en alimentar, en engordar, en branquear ese ideario reaccionario ultra e facha.

Claro, hai un pouquiño o señor presidente leunos unha declaración institucional polo Holocausto. E nesa declaración díciase: «Faise un chamamento á Xunta a traballar arreo contra os posibles abrollos de racismo e xenofobia e a permanecer vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida asentar entre nós e en ningún lugar do mundo». ¡Pero se vostedes o que están facendo é alimentando, precisamente, esa ideoloxía racista, xenófoba! Vostedes non están permanecendo vixiantes para que non poida repetirse iso que pasou porque vostedes están alimentándoo. Vostedes deberían illar e erradicar esa semente e evitar alimentar eses medos, esas mentiras, esas manipulacións, que queren converter os diferentes, os discrepantes, en chivos expiatorios de todas esas crises causadas polo capitalismo e pola falta de democracia que hai no Estado español: a crise económica, a crise social, a crise política e a crise democrática. Están utilizando eses medos, esas mentiras, para estigmatizar, para culpabilizar. Estano facendo, ¡non digan que non!, para culpabilizar migrantes, menores migrantes; e isto é absolutamente noxento e repugnante. E vostedes están sendo cómplices e copartícipes dos que alimentan eses odios e eses medos. Así que moitas declaracións de condena do Holocausto, pero empecen por condenar, por erradicar e por non pactar cos que defenden ese ideario, señores e señoras do Partido Popular.

Son corresponsables tamén de intentar introducir a censura, a prohibición, de amedrentar, de sinalar e de denunciar a quen nas escolas transmite valores de tolerancia, de respecto á diversidade e de educación tamén en valores democráticos. E nós dicímosllelo claro: ¡non o imos consentir!, ¡non o imos permitir! Vostedes estano promovendo.

E tamén é responsabilidade do Partido Popular darlle carta de natureza a ese ideario machista que nega a violencia de xénero, a violencia contra as mulleres e que a quere asimilar a outras formas de violencia. Iso estano promovendo, estano aprobando vostedes onde gobernan coa extrema dereita. Entón, non se queiran facer pasar por progres cando non chegan a «chachis».

E dicímoslles unha cousa a vostedes e aos seus aliados da extrema dereita: que a revolución feminista é un proceso imparábel, e que, por moita reacción, iso non nos vai dar máis que argumentos para defender máis dereitos, máis liberdades e máis conquistas para as mulleres. Como tamén trasladamos nós, por certo, o acordo de investidura co Partido Socialista. Estaremos radicalmente en contra e temos que estalo neste Parlamento, por iso traemos aquí esta proposta de resolución contra o racismo, contra o machismo, contra o fascismo, contra quen quere ilegalizar forzas democráticas que defenden ideas lexítimas, como, por exemplo, o dereito de autodeterminación — non se enteraron vostedes de que está recoñecido na Carta internacional dos dereitos civís e políticos —, contra quen quere atacarnos como pobo, quen quere atacar a nosa lingua, a nosa identidade, quen pon en cuestión o noso autogoberno, quen pon en cuestión tamén este Parlamento; por certo, contra quen quere atacar a nosa lin-



gua, como tamén puxo por escrito o Partido Popular no seu programa electoral das pasadas eleccións xerais. Polo tanto, non veñan aquí facerse pasar por outra cousa. Vostedes fixeron esa campaña tamén infame contra o galego nas eleccións do ano 2009, porque nunca se fixera un ataque tan noxento, tan infame e tan repugnante contra a nosa lingua como o que fixeron vostedes naquel momento.

Polo tanto, señorías, estamos nun dilema, esta é unha batalla pola democracia, polo pluralismo, polos dereitos humanos, polos dereitos das mulleres, polas liberdades públicas; é tamén unha batalla en defensa do autogoberno galego, que está sendo cuestionado, atacado, por esas forzas políticas que pactan con vostedes. E o Partido Popular, directamente o Partido Popular, ten que dicir aquí de que lado está. Ten que dicilo votando esta proposta, que ten catro puntos. Un é o rexeitamento do acordo da Asemblea de Madrid de ilegalización de partidos democráticos, que lle puxeron aí «que atenten contra a unidade de España». É que se poden defender nunha democracia ideas que vaian tamén en contra, que defendan que España non é unha entidade inmutable, (*Aplausos.*) que o que é inmutable, en todo caso, é a democracia, pero España non é inmutable, e o dereito de autodeterminación é un dereito recoñecido internacionalmente.

Tamén a defensa do autogoberno, do pluralismo político e da oficialidade do idioma galego e a condena polos ataques machistas contra os dereitos e as liberdades das mulleres. Hai que facer un chamamento tamén desde este Parlamento á sociedade galega e ás institucións para illar, para combater, para rebater as mentiras e para non chegar a pactos con esa extrema dereita machista, racista e antigalega.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Está nas súas mans decidir de que lado están, se están do lado da democracia ou se están do lado dos que atacan o autogoberno, dos que atacan a democracia, dos que...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Bará. Terminou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: ...cohabitan e conviven con... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hai unhas semanas o partido liderado polo fascista Abascal rexistrou no Congreso unha proposición de lei para derrogar a Lei da memoria histórica. Tamén presentou unha proposición de reforma da Lei de partidos para ilegalizar calquera formación independentista ou nacio-



nalista. Esta iniciativa chega uns meses despois de que o facherío matrio ou patrio —aquí xa colle máis xente ca vós— aprobara na Asemblea de Madrid unha proposición non de lei que instaba á ilegalización destes partidos.

Mediante unha rolda de prensa Abascal aseguraba que a súa intención é a de ilegalizar todos os partidos que pretendan «*la destrucción de la unidad nacional*», pretendendo así ilegalizar todos os partidos que non recollan expresamente nos seus estatutos, nas súas actas fundacionais ou nos seus idearios políticos o acatamento á propia Constitución española. Neste documento Vox establece que «*un partido político será declarado ilegal cando su actividad vulnere los principios democráticos, particularmente cuando con la misma persiga deteriorar o destruir el régimen de libertades o imposibilitar o eliminar el sistema democrático, así como cuando persiga deteriorar o destruir la soberanía nacional o la indisoluble unidad de la nación española*». Isto parece case un fragmento dun documento do século XVII.

O fascismo no noso país nunca deixou de existir, iso está claro, andaba por outros lares agochados, que non lonxe, o que pasa é que agora comeza a apertar.

A aprobación na Asemblea de Madrid desta proposta supón unha ameaza moi seria ao construído en materia de autogoberno nas autonomías e por iso vostedes, señoras e señores do Partido Popular, deben de apoiar esta iniciativa se queren manter a unidade social e política e facer efectivo o peso da maioría democrática.

Fala aquí o BNG de cordón sanitario ante calquera pretensión ultra de obter vantaxe política ou electoral mediante a utilización desas mensaxes populistas. Estamos totalmente de acordo e por iso imos apoiar esta proposición non de lei. Pero, jollo!, para iso fai falta que os que se chaman a si mesmos partidos constitucionalistas, como o Partido Popular, non alcancen acordos con este tipo de partidos ou dean viabilidade a iniciativas como esta da que estamos a falar, desa proposición non de lei da Asemblea de Madrid, xa por non falar de saír o presidente galego con este persoeiro na foto coa bandeira da Falanxe detrás.

Temos que ver a pluralidade política como un activo positivo para loitar contra este tipo de totalitarismo, e para isto é preciso que todos os partidos nos manteñamos unidos na defensa dos dereitos humanos, aínda que teñamos sentimentos de pertenza nacional que sexan distintos.

Vox recuperou a idea de ilegalizar partidos independentistas, pero jollo! porque Pablo Casado xa o fixo no ano 2017 cando aínda non era o «amado líder» do Partido Popular. Daquela dixo: «*La legalidad española no tiene una ley orgánica de partidos que todavía prevea la ilegalización y que promueva la independencia. Yo la incluiría a título personal*». Isto xa o dixo Pablo Casado hai tres anos, ou dous anos.

Imos dar unha volta por Europa a ver como andan por alá con isto de ilegalizar organizacións políticas soberanistas. En Alemaña, a secesión e as organizacións que a promovan non están prohibidas e nunca se plantexou a ilegalización do Partido Independentista de Baviera, por exemplo. En Francia tampouco están prohibidos os partidos independentistas, nada prohibe a existencia de partidos independentistas, existen en todo o territorio nacional dende Cór-ega



a Bretaña. En Italia tampouco se prohiben partidos independentistas, está aí a Liga Norte e outros.

Señoras e señores do Partido Popular, comentábame o señor presidente, o señor Santalices, hai nada, nesa declaración institucional, cando daba a definición de nazismo, que era o resultado dun programa de persecución e exterminio da disidencia política e ideolóxica. Deslíguese canto antes da homofobia, da xenofobia, do machismo e do fascismo xa porque, de non facelo, serán vostedes tamén machistas homófobos, fascistas e homófobos. Temos unha oportunidade moi grande con esta... —si, téñena—; se pactan con eles, serán o mesmo. Teñen vostedes hoxe unha oportunidade. (*Murmurios.*) Se pactan vostedes con Vox, serán o mesmo ca eles. Teñen vostedes hoxe unha oportunidade moi grande de emendarse.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, nós, en primeiro lugar, queremos dicir que imos apoiar en todos os seus puntos, sen ningunha dúbida, esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Despois, para dar o debate, evidentemente, gustaríanos saber ou que nos aclarasen no seu turno con que PP imos falar nesta Cámara: se imos falar co Partido Popular de Maroto, que tamén pactou con Bildu, incluso foi con eles de viños —Bildu, os herdeiros de Otegi; o PP falaba así de Bildu para chegar a acordos en Vitoria, e houbo acordos de goberno ou na Cámara vasca que se alcanzaron con Bildu—; se imos falar do PNV, de Convergencia i Unió nas épocas do memorable señor Aznar; se só imos falar da época actual do señor Maroto, que tamén despois utiliza os dereitos dos progres bolivarianos, rupturistas do Estado e comunistas para poder casar coa súa parella contra as ideoloxías do seu partido; (*Murmurios.*) ou se imos falar co Partido Popular de Ayuso ou de Andalucía, que fan gala de acordos do trío do orgullo facha, nesa esquizofrenia política máxima que os sume a vostedes neste momento actual.

Vemos habitualmente debates vergoñentos nas cámaras. Todas e todos temos que asumir contradicións neste momento cos pactos; nós tamén, porque España e Galicia estamos seguras de que igual xa non queren máis maiorías absolutistas. Votan pactos e cadaquén ten que saber o obxectivo dos seus pactos, para que pacta, cales son os seus límites e as súas liñas vermellas.

Vostedes argumentan sempre nesta Cámara que non queren falar dos pactos con Vox, porque Vox non saca representación en Galicia. Veremos se a saca ou non. O que si temos claro é que por agora pactan con Jácome, o señor este alcalde de Ourense, na Deputación de Ourense, que é coma Vox ou peor. (*Murmurios.*) Na miña opinión como deputada un señor que pacta con... Vostedes pactan con Jácome, que nega a violencia machista, por exemplo. (*Murmurios.*)



E se é así como vostedes din, ¿por que falamos continuamente, por que o señor Feijóo fala continuamente —para non falar dos problemas dos galegos e galegas— de ERC ou de Bildu, cando non teñen escano nesta Cámara? ¿Cal é o seu plan, señores do Partido Popular? ¿Nunha situación hipoteticamente semellante en Galicia farían o mesmo que en Cataluña nestes últimos anos? Cargas policiais... ¿Sacaríanlles o escano por exercer libremente as súas ideas políticas a deputados ou deputadas que nos denominamos nacionalistas ou que militan en organizacións independentistas, como o meu compañeiro Antón Sánchez ou como o que expuxo esta iniciativa, o señor Luís Bará Torres? ¿Ilegalizarían Anova, o BNG? ¿Que faría o Partido Popular?

Non creo que o señor Puy ou o señor Santalices, polo seu fondo político e ideolóxico e o respecto institucional democrático que demostran nesta Cámara, estivesen cómodos ou apoiasen iso. ¿Ou si? ¿Ou si o apoiarían?

¿Non lles revolve as tripas ter acordos de goberno e ideolóxicos cun partido que nega e saca peito da violencia contra as mulleres e dos asasinatos contra as mulleres, dos asasinatos que sufrimos nos últimos tempos en Galicia, como o último na Pastoriza, ou o triplo asasinato machista en Valga; con forzas que son racistas, que defenden o franquismo, que son homófobas? A esas forzas ata se lles acabou invalidando o seu twitter por incitar ao odio. Imputouse á súa voceira na Asemblea de Madrid por incitar ao odio, á señora Monasterio.

¿Este é o prezo polo poder, señores do Partido Popular? Este é o prezo polo poder. ¿Pactan por ideoloxía ou pactan por estes? (*A señora Santos Queiruga amósalle un billete á Cámara*) ¿Por que pactan vostedes? Gustaríanos sabelo. Non sei de que modo, señorías, van poder defender a súa posición, porque dá a sensación de que vostedes polo poder pactan e venden a súa alma ao demo. Non sei como van subsistir co ridículo que fan e cando se vai demostrar que este Estado non vai ser Venezuela nin Irán, que non vai volver ETA, que non se vai instalar o comunismo e que non se vai desmembrar España, que xa o escoitaba eu nesa TeleMadrid tan independente da señora Aguirre como a TVG, que a primeira vez que a prendín no ano 2009, volvendo de Cataluña, de traballar tres anos e medio, anunciaba, abría os telexornais, con: «*España se desmiembra*» dunha maneira absolutamente apocalíptica.

Vostedes teñen que escoller, teñen que escoller entre situarse na maioría social, na democracia, nas liberdades civís e nas liberdades cidadás ou en seguir no frenesí mesquiño, radical e fascista de Vox. Teñen que escoller ben polo ben do conxunto do Estado, polo ben do futuro do noso país, do futuro das liberdades, da democracia, das súas propias familias, porque, fíxense ben o que pactan e con quen pactan e as posicións que defenden tan radicais, tan retrógradas e tan mesquiñas —repito— tamén por cada unha das que ocupamos esta Cámara e cada unha das que vivimos tanto no Estado como neste país galego, que ataca esa forza política de maneira constante neste frenesí que consideramos que non tivo nunca precedentes desde épocas que non queremos xa lembrar máis.

Entón, co seu voto van demostrar onde están, e expliquen ben a quen lle toque...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora SANTOS QUEIRUGA: ...se ideoloxía ou estes (*A señora Santos Queiruga amosa novamente un billete.*), porque non hai máis excusas, señores do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! Non o sei, pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Con calma, imos ir con calma. Xa hai portavoces, cada grupo ten o seu portavoz, deixémoslos que falen eles.

Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

¡Silencio! ¡Por favor, señor Cal! ¡Por favor! Non, non quero enfrontamentos na bancada; teñen vostedes os seus sitios. Non, por favor... Por favor a todos, jeh! Non quero... Isto non está permitido no Parlamento. Señor Cal e señores do Partido Popular, non, iso non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Temos tribuna, jeh! Temos unha tribuna. ¡Silencio, por favor! Hai unha tribuna, non empecemos nos pasillos. Por favor, non o imos consentir neste Parlamento. Non nos deixemos levar por exemplos doutros parlamentos que vemos por aí, jeh! Aquí débátese na tribuna e hai portavoces para iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois eviten todos os insultos de aquí e de aí, por favor. Imos ter un pouco de tranquilidade todos.

Señor Álvarez Martínez, cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

A Asemblea de Madrid insta o Goberno da nación á ilegalización inmediata daqueles partidos separatistas que atenten contra a unidade da nación cos instrumentos legais ao seu alcance e procedendo ás reformas legais que habiliten para iso. Insta á Unión Europea a que inscriba os denominados como CDR, os Comités para a Defensa da República, na lista de organizacións criminais e terroristas, remitindo para tal fin os expedientes cos datos relativos á investigación xudicial seguida na Audiencia Nacional. E, por último, a que se proceda de inmediato a suspender calquera pago e, no seu caso, a revocar e ordenar o reintegro de todo tipo de subvencións e axudas públicas que puideran estar percibindo de calquera organismo público autonómico os denominados CDR ou calquera outra asociación ou organización que teña relación directa ou indirecta coa mesma. E disto estamos a falar ou disto deberíamos estar a falar.

Xa fixeron referencia os que me precederon a esta declaración institucional que acabamos de aprobar neste Parlamento por unanimidade, como todas as declaracións institucionais, e á súa incidencia en que a orixe do problema foi a eliminación de calquera disidencia política.



Este problema reviste tal gravidade que é normal que tense, pero tamén é normal que todos os que aquí estamos que, en principio, cabe supoñer que somos demócratas —e eu así o creo—, deberíamos ter a suficiente tranquilidade como para tratar un tema desta transcendencia e desta envergadura co sosego que debe primar nunha resposta a un ataque tan sumamente salvaxe como o que estamos a sufrir por parte de quen levou esta iniciativa ao Parlamento.

Falábase —e díxoo o señor presidente da Xunta na súa intervención— de que o Goberno de España estaba construído sobre mentiras, e eu francamente creo que esa é unha moi mala afirmación e que se alíña con quen está detrás da iniciativa. E jollo! non estou a dicir nin de lonxe que o Partido Popular e Vox sexan o mesmo; non se me confundan que non estou nin tan sequera insinuando iso. Pero o que é certo é que o Partido Popular na Asemblea de Madrid fixo un intento de emendar esta proposición non de lei de Vox, que non llo aceptaron e que, ao final, acabou votándoa. E iso é particularmente grave; é gravísimo. Hai decisións que teñen moi difícil explicación, moi difícil xustificación, aínda que se sustenten nun pacto para a gobernabilidade dunha comunidade autónoma porque acaban tendo consecuencias de moi difícil previsión neste momento e, desde logo, de moi difícil volta atrás cando se chega a escenarios nos que eu francamente non quero volver ver este país.

Porque as ideas, señoras e señores deputados —sabémolo todos—, non delinquen, salvo que expresen odio ou induzan á violencia. E os independentistas poden querer e poden soñar cunha independencia, igual que Vox o fai cunha España uniforme, sen comunidades autónomas e negando toda a diversidade que nos enriquece.

É a iniciativa dun partido que confunde ou equipara —que case é peor— inmigración e delincuencia, a violencia de xénero machista con violencia interfamiliar, o dereito á educación en valores co rapto por parte do Estado dos fillos das familias. E tamén quero recordarlles que nunha deriva perigosa do líder do Partido Popular fixo unhas declaracións públicas nas que dicía que o Estado sacara as mans dos seus fillos. Iso é particularmente perigoso.

Os grupos políticos, os parlamentos autonómicos, o Congreso e o Senado non deciden quen é e quen non é terrorista. Iso, nun estado de dereito como o Estado español, decídeno os xuíces, decídeo a xustiza, que son os que nun estado de dereito —repito— están para xulgar e executar o xulgado, aplicando a lei. E isto sábeo calquera demócrata, sexa liberal, sexa conservador, sexa socialista, sexa independentista; sábeo calquera.

A Constitución do ano 1978 —cuestionada ou non cuestionada lexitimamente, cos seus defectos e as súas virtudes— trouxo grandes avances porque superou con intelixencia, pragmatismo e xenerosidade unha España que distinguía entre españois bos e españois malos. Trouxo enormes avances para España. E eu digo: ¿onde poñemos o límite a este despropósito? ¿En Esquerra Republicana de Catalunya, en Junts per Cat, no Partido Nacionalista Vasco, en EH Bildu, no Bloque Nacionalista Galego? ¿Poden de verdade mirar á cara destes deputados e deputadas e dicirlles que son uns presuntos delincuentes? ¿Poden de verdade subscribir, mirando á cara aos deputados e deputadas do meu grupo parlamentario, que incitamos á pederastia? ¿De verdade poden vostedes defender, mirándolle á cara a calquera deses deputados, que forman parte dunha ideoloxía perigosa e que debe ser ilegalizada ou que inducen á pederastia?



Francamente, señoras e señores deputados, temos unha oportunidade importantísima para que este Parlamento, esta comunidade autónoma, se poña en contra destas ideas absolutistas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...que nunca van ser capaces de traer nada bo para ningún de nós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Ano novo, vellos costumes. ¡Que curiosa maneira teñen algúns de solicitar apoio ao Partido Popular de Galicia! Parece que alguén se confundiu e en vez de tomar o relaxante ese que recomendaba debeu de tomar o anticonceptivo para xabaris.

Hoxe o BNG tráenos aquí unha proposta totalmente allea á realidade de Galicia, totalmente alonxada dos intereses reais dos fñalegos e das galegas.

Dende o último pleno celebrado nesta Cámara tivemos noticias moi importantes desde Madrid: retraso do AVE confirmado por Europa e pola ministra de Exteriores; non á aprobación do Estatuto de electrointensivas, comprometido para o primeiro Consello de Ministros —van catro—; avance no peche definitivo das Pontes, con premio, ademais, a quen está a enterrar esta central; prometida bonificación do cen por cento da peaxe da AP-9 para recorrentes, rebaxada dúas veces xa por cargos socialistas, e dos 370 millóns que nos deben —dos cales de 200 xa nos dixeron que nos olvidásemos, porque isto a vostedes non lles interesa nada—...

A vostedes o que lles importa máis é rexeitar un acordo doutra cámara autonómica, que debe ser menos soberana que esta e que vostedes mesmos cualifican na súa iniciativa como de nula eficacia xurídica. ¿E por que? Porque están vostedes a participar nun xogo perigoso: por unha banda, demonizan un partido político que en Galicia, por certo —recordo—, non obtivo nin un deputado, nin un senador, nin un deputado autonómico nin un só concelleiro; e, por outra, préstanse a converterse no altavoz político dese grupo para darlle visibilidade coa esperanza de que prive o Partido Popular de Galicia dun escano definitivo nas próximas eleccións. Esa é a realidade. Vox é o cabalo de Troia que vostedes necesitan para gobernar Galicia. E se chegase o caso —que espero que non chegue—, vostedes pactarán con Vox. Porque xa o dixo o señor Ortega Smith, que o seu obxectivo é o mesmo: «*Venimos a echar a Feijóo de la Xunta*». Mire, tentaron coalos vostedes ilegalmente no debate electoral do 28A, axitaron a pantasma do franquismo durante o 10N, financiaron cos ERE de Andalucía un partido de extrema dereita: «*Se pagó la presentación de AES en Madrid para que perjudicara electoralmente al PP*» —isto está en sede xudicial—.



E negan que van pactar con Vox, pero non os cre ninguén. ¿Sabe por que? Porque, mire: «No pactaremos con el populismo, porque, al final, el populismo es la Venezuela de Chávez, la pobreza, las cartillas de racionamiento, la falta de democracia y la desigualdad». Consecuencia: os Kirchner de Navalcarnero no complexo da Moncloa. «Con Bildu no vamos a pactar. ¿Se lo digo cinco veces, se lo digo veinte?» ¿Quere que lles preguntemos aos navarros se pactaron ou non pactaron con Bildu?

E agora falan de illar a Vox, porque calquera diálogo con Vox é branquear o fascismo. Permítanme que lle lea unha enternecedora misiva. Manuscrito: «Querida Rocío, tras las elecciones autonómicas a la Asamblea de Madrid, deseo mantener contigo una reunión a fin de hablar de los próximos pasos en la comunidad y de la visión que al respecto tiene tu formación. La candidatura que yo encabezé ha logrado ser la más votada y, por lo tanto, entiendo que debo mantener contigo esta conversación a la mayor brevedad posible. Un abrazo. Ángel Gabilondo.» (Murmurios.)

Porque, claro, se o PP chega a algún acordo ou dialoga con algún grupo, iso é branquear o fascismo, pero se iso o fai o PSOE, iso é mera cortesía; por suposto que si, señoría, mera cortesía. Claro, o PPdeG, xa que o preguntan, nunca pactará contra os dereitos civís, o Partido Popular de Galicia nunca pactará contra os dereitos das mulleres, o Partido Popular de Galicia nunca pactará contra os intereses de Galicia, e cando o Partido Popular de Galicia di «nunca» é nunca. (Aplausos.) Iso si, tampouco temos costume de chegar a acordos con quen nos insulta ou con quen xustifica a violencia como arma para facer política.

Así que o PPdeG, en conclusión, señorías, é o partido —e diso presume— que máis se parece ás galegas e aos galegos; un partido de centro, un partido moderado, un partido tolerante e agora mesmo a única esperanza que ten Galicia de que a nosa comunidade se manteña alonxada dos extremismos de calquera tipo.

Decía a señora Santos: «Temos que elixir». Pois se temos que escoller, nós escollemos Galicia, non o dubide. (Aplausos.)

Mire, os extremistas, señoría, son outros. Os extremistas son os que descualifican a calquera que discrepe deles, porque, claro, aquí hoxe mesmo —pero, bueno, isto xa é inmemorial—, ¿cantas veces se chamou ao PP fascista-franquista? Perdemos a conta. Agora o fascista é Vox. Pero mire o que lle di Sánchez a Ribera: «Se ha puesto una chaqueta que huele a naftalina, la de la ultraderecha» —polo tanto, o señor Ribera, un fascista—. «El escrache de Pablo Iglesias a Rosa Díez en la Facultad de Políticas, donde boicoteó una conferencia a la portavoz de UPyD bajo la consigna de “Fuera fascistas de la universidad”» —é dicir, UPyD, fascistas—... «Los presidentes regionales socialistas Page y Lambán no descartarían ilegalizar los partidos independentistas» —pois García Page, fascista e o señor Lambán, fascista—. ¡Oia!, Beiras: «El PP es un partido que debería estar ilegalizado» —pois Beiras, fascista—. ¡Pero se hoxe chamaron vostedes fascista ata ao señor Jácome! Pero ¡que broma é esta, señoría! ¡Que broma é esta!

Mire, Galicia é unha terra de xente sensata, e o problema do fascismo en Galicia habita exclusivamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PAZOS COUÑAGO: ..nas súas cabezas.

Remato xa e permítanme que o faga parafraseando unha viñeta xenial de Xaquín, que dicía aquilo que vostedes teñen que interiorizar: «Cantos máis fascistas ve un ao arredor é porque máis fascista é un». Deixen por favor de axitar pantasma que, afortunadamente, por Galicia non habitan en ningún lado, salvo nas súas cabezas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Di o representante do Partido Popular que sempre defenderán os dereitos civís e os dereitos das mulleres. Pois non se nota, porque día si e día tamén están aprobando medidas en todos os parlamentos, en todos os sitios onde están gobernando coa ultradereita, para aprobar este tipo de medidas. Tamén aquí están introducindo os cabalos de Troia da extrema dereita fascista, racista e machista, por exemplo, cando coan pola porta de atrás, e se é afin, a coordinación parental ou cando coan, por exemplo, a síndrome de alienación parental. Con iso están levando pola porta de atrás a axenda da extrema dereita machista e fascista.

E, claro, teño aquí unha declaración do señor Maroto —que non sei se é do Partido Popular ou se tamén marchou, como o señor Sémper— que di: «*Maroto defiende sus pactos con Bildu e desea que cunda el ejemplo*».

Mire, ¿sabe cantas veces pactaron votedes con Bildu no Parlamento de Euskadi? Máis de 50 veces, asinaron 23 declaracións institucionais con Bildu. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*). Entón, ¿de que estamos falando? E non lle vou recordar cando o señor Aznar negociaba con ETA e falaba daquel glorioso movemento de liberación nacional vasco. Eu non sei se agora tamén renegan vostedes deste pasado do señor Aznar.

Mire, o único antídoto que hai contra a ultradereita en Galiza é o BNG, e quedou claro nas eleccións de novembro pasado, cando lle paramos os pés á ultradereita fascista, machista e antigalega, que tiña posibilidades de entrar pola Coruña e non entrou porque aí estaba o BNG. Entrou o BNG e ben que nos vai, porque está Galiza no mapa do Estado, nos debates do Estado e nos acordos do Estado, e conseguimos grandes avances para Galiza, efectivamente.

E mire, ¿sabe onde non hai, precisamente, representación da ultradereita, desa extrema dereita, machista, fascista que vostedes alimentan? Alí onde hai máis nacionalismo e máis soberanismo porque Vox non ten representación en Euskadi, en Cataluña, en Navarra e en Galiza, precisamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei se será unha casualidade, pero aí hai algunhas coincidencias. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Xa lles dixen, a democracia é máis grande que España —a vostedes isto non lles cabe na cabeza—; é máis grande que a unidade de España. Os valores democráticos están por riba de todo iso. E vostedes teñen que saber de que lado están e de que lado se queren poñer. Teñen que saber se están do lado da democracia e tamén do lado do autogoberno de Galiza, que está sendo cuestionado tamén neste Parlamento por esas forzas coas que vostedes pactan.



A nós preocúpanos moito que o señor Feijóo vaia manifestarse á praza de Colón coa ultradereita e tamén que diga con total naturalidade neste Parlamento que non tería ningún problema en pactar con Vox —díxoo aquí en sede parlamentaria— se lle facía falta. E iso significa comprarlle a súa axenda, que xa lla están comprando en todo o Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, señoras e señores do Partido Popular, deixámosllo claro coa súa votación. Digan aquí de que lado están, se están do lado da democracia, do lado do autogoberno, do lado de Galiza, ou están do lado das forzas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...ultras que defenden ideas racistas, fascistas, machistas e antigalegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Antes de continuar coa seguinte proposición non de lei, imos saudar os alumnos e alumnas de 6º de primaria. Creo que é o primeiro grupo do centro Pedro Barrié de la Maza, en Sada. Benvidos ao Parlamento. E tamén saudamos os profesores e os seus acompañantes.

E, agora si, continuamos cunha proposición, neste caso do Grupo Parlamentario Popular.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-004403, doc. núm. 59184).

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á cidadanía española e as súas familias no proceso de retorno, a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que analice posibles mecanismos e medidas de apoio, dentro do contexto de pertenza de España á UE, que faciliten a súa integración plena na vida laboral, social, educativa, de vivenda, cultural e económica do país.



2. *Cumpra os compromisos propios nos seguintes ámbitos:*

a) *Execute na súa totalidade as partidas orzamentarias para 2020 relativas á aplicación da Lei de galegidade 7/2013, do 13 de xuño, así como todas as propias da Secretaría Xeral de Emigración.*

b) *Flexibilice, simplifique e axilice os procedementos propios relativos a calquera das axudas a emigrantes retornados encadradas na “Estratexia Retorna 2020”, apoiando as tramitacións en Galicia e na Irmandade galega de orixe, cando a houbese.*

c) *Flexibilice, simplifique e axilice os programas para promover medidas de apoio que favorezan o retorno a Galicia das persoas emigrantes universitarias cunha liña de bolsas para lles ofertar a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega.»)*

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei (10/PNP-004403).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto resolutivo polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Dirixirse ao Goberno do Estado para que axilice medidas para facilitar o proceso de retorno das persoas con nacionalidade española e das súas familias, tales como a flexibilización e simplificación da obtención de permisos de residencia, autorizacións de residencia temporais, flexibilización na homologación de títulos universitarios obtidos no exterior, flexibilización da homologación do permiso de conducir ou exencións de taxas para expedición de documentación.

- Dirixirse ao Goberno do Estado para que recoñeza a nacionalidade ás persoas descendentes de proxeñitores/as españois nadas no estranxeiro, igual que recoñecer a nacionalidade a descendentes de persoas exiliadas por motivos políticos durante o Franquismo.

- Tomar en consideración a emigración como un drama social e nacional, e outorgar prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, impulsando políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas, tales como a defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza, apostando polos nosos sectores estratéxicos, o aumento do investimento en I+D+i até o 2% do PIB, as políticas de creación de emprego digno e de calidade, o desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Señorías.

Benvidos os alumnos e profesores que hoxe nos acompañan aquí.

O Partido Popular presenta hoxe unha iniciativa coa que pretende chamar a atención e tamén arranxar os problemas burocráticos que a nivel estatal están tendo as galegas e os galegos que viven fóra e queren regresar á súa terra, porque non é xusto que para moitas destas persoas os principais problemas para vir sexan, precisamente, os burocráticos.

Que os galegos están volvendo a Galicia é unha realidade; unha realidade que se consolida na última década e que se vai consolidando e conformando ano tras ano. Se o século pasado foi o século da emigración, este está chamado a ser o século do retorno. Pero é que, ademais, os galegos son os emigrantes que máis retornan á súa comunidade de orixe. E as cifras do Instituto Nacional de Estatística son claras. No ano 2018 —último ano enteiro dos que temos datos—: 7.024 galegos e galegas retornaron a Galicia, un 7% máis que o ano anterior. No que levamos de lexislatura retornaron 20.000. E, nos últimos dez anos, retornaron 42.000. En concreto, un 107 % máis do que o facían no ano 2009.

Uns proceden de países que están a vivir unha profunda crise económica e social, como pode ser o caso de Venezuela, pero moitos outros regresan doutros países, como Suíza, que non teñen esta problemática e que están en segundo lugar, como Brasil, Estados Unidos, Reino Unido, etc. Uns volven ás súas casas despois de toda unha traxectoria laboral, outros fano porque cren que aquí melloran as súas condicións laborais, tanto as deles como as das súas familias. De feito, o 80 % dos que regresaron o último ano tiñan menos de 65 anos, e a metade tiñan menos de 45.

A Xunta leva anos creando as condicións para que todos eses galegos que están na diáspora, ben os que naceron aquí e se foron, ben os descendentes que viven alí e teñen a nacionalidade, poidan retornar á súa terra. Faino así porque é unha obriga moral que temos con toda esa xente. Pero, ademais, é unha oportunidade de ouro que temos para afrontar o reto demográfico. E, de feito, a Lei de impulso demográfico que este mesmo luns entraba no Parlamento de Galicia dedica un capítulo enteiro a facilitar o retorno das galegas e dos galegos.

Ademais de todas as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia na última década, no ano 2018 reforzou todas elas, incluíndo e levando a cabo unha estratexia, a Estratexia Retorna 2020. Trátase dunha estratexia con 235 millóns de euros e 50 medidas de todas as consellerías para atraer en tres anos a 20.000 galegos e galegas que están fóra, e a metade que sexan de menos de 45 anos.

Coas cifras que dei xa viron que o reto se está cumprindo. A Xunta acompañaos en cada fase do retorno, dende que están pensando en volver ata que se asentan aquí e empezan aquí unha nova vida. De feito, a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno atendeu o ano pasado 8.000 consultas e tamén foi o ano pasado o primeiro en que se puxeron sedes en todas as provincias galegas: asesoramento, orientación, pero tamén importantes axudas económicas directas, no ámbito social, formativo, laboral ou de autoemprego. Unhas medidas que, ademais de incentivar o retorno mediante o apoio económico, están tamén dirixidas a axudalos a salvar aquelas limitacións de índole burocrática coas que se atopan.



Non obstante, as competencias da Xunta nesta materia son limitadas. Os trámites burocráticos, maioritariamente aqueles cos que se están atopando con máis problemas, son competencia exclusiva do Estado. E o Goberno ten que tomar medidas de forma urxente e axilizar este tipo de trámites, que ás veces incluso imposibilitan o retorno e outras moitas dificultan a súa integración unha vez que chegan a Galicia.

Estámonos a referir, por exemplo, á homologación de títulos universitarios. Cando un galego que está fóra quere retornar e validar o seu título universitario —competencia exclusiva do Estado— tarda ata dous anos en facelo. Se ese título non é universitario, competencia da Xunta, menos de tres meses. Esa diferenza é a que non pode existir, porque ninguén pode estar dous anos esperando a conseguir un posto de traballo acorde coa súa formación simplemente por un trámite burocrático que non lle homologa os seus estudos. Non o pode permitir o retornado, pero é que tampouco o pode permitir Galicia, porque resulta que nese tempo estamos perdendo talento e estamos perdendo posibilidades de ter médicos, de ter enxeñeiros e de ter científicos aquí. Por iso é fundamental axilizar eses trámites.

Trámites que hai que axilizar tamén nos permisos de traballo e residencia. Moitas das familias que veñen son parellas mixtas onde un dos membros non ten a nacionalidade, ou os fillos. Nese caso, métense nun lío burocrático que os fai perder moitísimo tempo e no que ás veces a maraña é tal que, dependendo de onde pidan a información, lles van dicir que teñen que presentar uns papeis ou outros. E logo, unha vez presentados e unha vez que fan os trámites, moito tempo despois volven de volta en moitos casos dicindo que llelos denegan porque lles faltan cousas ou están mal presentados.

Pois ben, para ver cal é esa situación que está a vivir esta xente, non hai máis que ir á Coruña, á delegación do Goberno, e ver as ringleiras de persoas que día a día intentan facer este trámite. Nalgunhas ocasións xa por segunda ou terceira vez.

Reclamamos que as xestións sexan máis flexibles e sinxelas, porque estamos falando de dereitos básicos que, para os retornados con parellas mixtas, se convierten en privilexios. É preciso que se cree un procedemento especial para conceder unha autorización de residencia temporal para familiares de españoles sen nacionalidade que lles permita establecerse primeiro e consolidar a posteriori un permiso definitivo.

Outra das trabas está no carné de conducir, algo fundamental para poderse incorporar ao mercado laboral, pero tamén moitas veces mesmo para a independencia. Hai unhas semanas comentábame unha señora de Sober que levaba corenta anos vivindo en Canadá e conducindo. Cando veu aquí tivo que, aos 70 anos, sacar o carné de conducir, pero é que para ela era fundamental, porque vive no medio rural. A súa independencia depende en boa medida de ter ese carné de conducir, igual que outros moitos dependen do traballo. Pois ben, hai países cos que hai problemas: México, Estados Unidos, falaba de Canadá, e cos que é importante establecer un sistema para que esa validación do carné se poida facer de forma sinxela.

Noutras ocasións as trabas son económicas. Estamos a falar daqueles países con importantes problemas económicos e sociais, como pode ser Cuba, como pode ser Venezuela, onde ás veces poder sacar e poder ter en regra documentos fundamentais como pode ser o pasaporte,



que poden necesitar nalgún momento da súa vida, ou que poden necesitar para vir aquí, é simplemente algo imposible, porque non teñen os cartos que lles custa sacar esa documentación. Hai que atender esas necesidades concretas. En definitiva, son trámites burocráticos que dificultan o retorno e que son competencia exclusiva do Estado.

Estes días escoitabamos a dirixentes do PSdeG defender todas e cada unha das medidas que Sánchez fai contra os galegos e que danan os galegos. Sempre o partido antes que Galicia.

Vemos tamén neste días como outros representantes galegos que están no Goberno de Sánchez ou que fan posible ese goberno tamén calan ou falan ben baixiño, ben baixiño, sobre todas estas aldraxes: os 370 millóns de euros que nos deben, o AVE que non chega, as empresas contra as que se está actuando día tras día... Pois ben, señorías, hoxe teñen a oportunidade de reverter esa actuación.

Esta iniciativa non é unha iniciativa contra ninguén. É unha iniciativa a favor dos galegos e das galegas. Apoien esta iniciativa e demostren que para vostedes tamén primeiro está Galicia e os galegos que as súas siglas políticas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Grazas, señora presidenta.

Seguimos no mundo da política-ficción e no país da ficción. Dixo a portavoz do Partido Popular: a Xunta pon as condicións axeitadas para o retorno dos emigrantes. Eu non sei se vostedes mesmos cren isto, se teñen relación coa xente que retorna. A realidade é que a maioría dos que retornan é porque non lles queda máis remedio. Esa é a realidade dos que están en idade laboral.

¿Poderían, por exemplo, darnos datos de cantos dos retornados o fan cun contrato de traballo digno en Galicia e por iso retornan, porque teñen unhas condicións de retorno axeitadas? Estaría ben coñecelo. ¿Ou é que volven porque non lles queda máis remedio?

As mesmas causas e factores condicionan a escasa capacidade de acollida de persoas migrantes retornadas, tanto así como a baixa taxa de inmigración en xeral. Todo iso, mesturado coa última gran vaga migratoria do noso país. E, ¿por que? ¿por que todo isto? Por unha ausencia realmente dun modelo de desenvolvemento que permita vivir e traballar con dignidade aquí. A precariedade laboral é a norma, así como a falta de empregos dignos en sectores produtivos, a crise industrial, que non afronta a transición enerxética, o desmantelamento dos sectores agrogandeiros, onde poderían acollerse multitude de inmigrantes. A gandaría galega debería desenvolverse pensando nun fluxo de inmigrantes moi forte, pero non, claro, hai que poñer



os medios. Hai ausencia de investimento en innovación e falta de dignidade para as persoas investigadoras. A propia Administración pública galega precariza o emprego, fomentando con iso a emigración de sectores como o da sanidade. Por iso despois non temos pediatras.

Sinala Isidro Dubert, un gran experto en movementos migratorios, que nos situamos nos últimos anos na quinta vaga migratoria de Galicia ao longo da historia, iniciada en 2005 e en 2015. Supuxo que uns 380.000 mozos e mozas deixaran o país. Habería que facer un censo de cantos destes 380.000 retornaron a partir do 2016. Diso temos reflexo, seguro, todos os que estamos neste Parlamento, coas nosas propias familias. Eu, en realidade, teño sufrido xa con dous fillos na emigración e coa terceira enxeñeira en Electrónica e Automática, á que lle ofrecen tres veces máis de salario en Alemaña que o que está recibindo nestes momentos en Galicia.

Así, falar de mellorar as condicións para o retorno das persoas galegas na diáspora require non só poñer deberes ao Goberno do Estado —que están moi ben e son necesarios, sobre todo nos trámites— senón ir á cerna do problema e usar as competencias propias para crear oportunidades de desenvolvemento digno en Galicia.

A composición das persoas inmigrantes en Galicia no último ano reflicte un aumento de retornados e retornadas galegas do exterior, iso é verdade, pero dentro do contexto de saldo vexetativo negativo non compensa a realidade de destrución de poboamento do noso país.

Temos saldo migratorio positivo nestes momentos, pero cómpre analizar que as saídas seguen sendo de xente moza sen posibilidades de emprego, e unha parte importante do retorno é de persoas que remataron a súa vida laboral no estranxeiro ou doutros que non teñen unha alternativa laboral no estranxeiro e veñen a Galicia a ver se teñen unha oportunidade debido aos seus vínculos familiares, pero non porque realmente teñan xa un futuro garantido de traballo digno.

A importancia da diáspora está recollida no Estatuto de autonomía, que establece que os intereses das galegas residentes no exterior estean presentes nas decisións da comunidade autónoma. Por iso o Partido Popular, o grupo de goberno, non pode vir aquí só a pedir cousas ao Goberno do Estado, como leva facendo desde hai meses.

É imprescindible unha actitude proactiva, e por iso por aí vai a nosa emenda, que, por unha parte, completa o primeiro punto da proposición non de lei do Partido Popular, incorporando, ademais, a posibilidade e a necesidade de que a todas estas persoas descendentes de galegos non só se lles dea a residencia senón tamén a nacionalidade. E despois fundamentalmente o prioritario para que a xente retorne é que a Xunta de Galicia ten que desenvolver políticas que cambien a situación actual de por que unha rapaza cunha titulación de enxeñería do máis alto nivel teña un soldo de 900 euros neste momento en Galicia, cando lle están ofrecendo máis de 3.000, por exemplo, en Alemaña. Esa é a cerna do problema, e iso é do que deberíamos de falar.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Casal.



Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Esta mañá acudimos a un..., non sei como chamalo, mitin, á propaganda electoral feita polo presidente da Xunta de Galicia utilizando o Parlamento galego. E, curiosamente, en relación con esta iniciativa, a sensación que temos é a mesma, que vén acompañada, ademais, dunha noticia hoxe n'A Rexión, que di: «A axuda da Xunta permite abrir a súa panadería a un retornado». Entón, contan como este señor tivo unha axuda —que, polo que din, é como a de calquera outro que estea na súa situación— de 7.000 euros, e 188 proxectos co apoio da Xunta. Fala do gran funcionamento do programa, e, por suposto, hai unha foto na que están sorrindo o secretario xeral de Emigración e este señor, que, por sorte, puido abrir unha panadería despois de volver de México.

Claro, o que nos chama poderosamente a atención é, en primeiro lugar, que esta iniciativa pide que sexa de maneira urxente, fala de medidas de maneira urxente —os datos que trae a propia proposición non de lei—, e argumentase en que o saldo migratorio no ano 2018 foi positivo, o dobre que en relación co ano 2017 —vai a datos do Instituto Nacional de Estatística do ano 2018—. Curiosamente, ata xuño gobernou o señor Mariano Rajoy, e vostedes naquel momento non tiñan urxencia ningunha, cero urxencia. Agora si, agora, de repente, aparecen non sei cantos retornados que teñen non sei cantos problemas. Antes non tiñan ningún, porque non tiñan problemas para homologar o carné de conducir, non tiñan problemas para homologar as súas titulacións, para obter bolsas, non tiñan problemas co permiso de residencia, non tiñan problemas tampouco coa atención da nacionalidade española. A normativa era exactamente a mesma que hai hoxe, pero non había ningún problema, todo funcionaba moi ben. Pero xa sabemos que a partir de xuño do ano 2018 todo vai moi mal, o Goberno español faino todo moi mal e o Goberno galego é como aquel anuncio de «*mi papá me lo arregla todo, todo, todo*». Pois, efectivamente, así é esta iniciativa.

Falan vostedes de países de orixe: o primeiro, Venezuela; o terceiro, Brasil; o quinto, Reino Unido. Algo terá que ver coa situación económica e social de Venezuela e de Brasil —supoñemos nós, ao mellor, non—, porque os primeiros que retornan a Galicia son venezolanos, vivían en Venezuela. Algo terá que ver a situación de Venezuela, e non tanto que Galicia sexa reluciente para que veñan aquí vivir. E algo terá que ver co Reino Unido, o *Brexit*, supoñemos que algo diso será. O éxito parece que non é tanto do traballo do Goberno galego, senón da mala situación neses tres países dos que acabo de falar.

Con esta iniciativa pretenden vostedes tapar o problema demográfico que ten Galicia. Pese a que, efectivamente, retornan moitas persoas deses países, tamén de Suíza ou de Estados Unidos, por exemplo, o problema tamén está no resto de España, pero menos. Temos menos inmigración e menos persoas que volven que no resto do país, 4 puntos menos que no Estado —¡4 puntos menos!—, e temos unha demografía moito peor que o resto do país.

Non tapen vostedes un burato con estas noticias de prensa, por favor, porque nos dá vergonza ver estas cousas; dános vergonza.



Desa Estratexia Retorna 2020 —que, por certo, remata este ano—, vostedes practicamente non falan nada. ¿Cúmprense as máis de 50 medidas que trae esa estratexia? ¿Execútanse na súa totalidade os 235 millóns de euros dos distintos departamentos autonómicos? Porque dos sete anos orzados pola Secretaría Xeral de Emigración para a Lei de galeguidade do ano 2013 quedan sen executar case 2,5 millóns de euros. Executen na súa totalidade esa Lei de galeguidade.

¿Por que non lle piden nada ao Goberno que sustentan? ¿Por que só llo piden ao Goberno do Estado, que segue tendo as mesmas normas que tiña Mariano Rajoy cando gobernou durante sete anos? Agora, de repente, si. Neses sete anos vostedes non se acordaron, e agora teñen moita urxencia.

¿Que significa flexibilizar, simplificar e axilizar, por exemplo, para un carné de conducir? ¿Que significa?, ¿que che dean o carné porque ti dis: *sé manejar el auto*? ¿Iso é o que significa? Porque vostedes onte falaban de inseguridade xurídica. Non pode haber máis inseguridade xurídica que no uso destas tres palabras. Unha das cousas que se lles exige aos retornados é que, por exemplo, estivesen afiliados á Seguridade Social en Venezuela, en Cuba ou en Brasil, cando non hai seguridade social real. Claro, vai ser difícil que xustifiquen que estaban afiliados á Seguridade Social...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora VILÁN LORENZO: Por certo, Mariano Rajoy tamén llelo pediría, ou pediríallelo a vostedes, e non lles importaba.

E logo falan vostedes de persoas sen nacionalidade. Supoñemos que será sen nacionalidade española, non falarán dos apátridas nin das persoas..., por certo, dos saharauís, que vostedes nunca defenderon e tampouco están nesta iniciativa. É que hai tanta propaganda nesta iniciativa que, de verdade... A nós gustaríanos que acepten vostedes a nosa emenda, que fala non só de deberes ao Goberno do Estado —que llos pedimos—, senón tamén ao Goberno galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora Arias, cordialmente, penso que se confundiu vostede de parlamento. Están vostedes tan obsesionadas coa estratexia de acoso e derribo que lles marcan desde Madrid que, en vez de levar iniciativas ao Parlamento do Estado, utilizan o Parlamento galego e a Xunta de Galiza para esa trincheira, para esas barricadas que están cavando, e válles todo.

Esta iniciativa penso que era máis acaída para tratar no Parlamento do Estado. Humilmente, tamén lle ofrecemos o deputado que ten o BNG —se non a poden facer os 10 deputados



do Partido Popular — para poder rexistrala e defendela alí. Porque, se non, vostedes o que están facendo é devaluando este Parlamento e converténdoo nunha sucursal do Congreso dos Deputados e das Deputadas. Están desenfocando o debate, o que pasa é que é algo perfectamente planeado e intencionado, seguindo as consignas que lle marcan desde Madrid.

Porque, mire unha cousa, unha dúbida que teño eu: todas estas trabas burocráticas, toda esta maraña administrativa, ¿púxoas en marcha agora o Partido Socialista e Podemos en Madrid con este novo goberno ou xa existía de antes? Explíqueme isto. Antes, esa señora que coñece de Sober, se viñese hai cinco anos, non tería ningún problema porque estaba gobernando o Partido Popular en Madrid e xa lle arraxaba rapidamente todos eses trámites.

Entón, ¿que estiveron facendo vostedes todo este tempo? Ademais, estiveron gobernando sete anos en Madrid —do 2012 ao 2018— para remover todos estes obstáculos, todas estas barreiras, toda esta maraña, para poder homologar os títulos, para poder homologar os carnés de conducir, para axilizar todas esas tramitacións e todo ese papeleo.

¿Pero de que estamos falando? ¿Vostedes queren tomarnos o pelo? Vostedes estiveron gobernando sete anos e non resolveron nada disto, e agora dan golpes de peito, claman ao ceo porque hai que resolvelo xa inmediatamente. ¡Pero están de coña! Isto non é serio.

De todas maneiras, xa lles digo, ofrecémonos a trasladar esta demanda, que nos parece unha demanda xusta que non resolveu o Goberno do Partido Popular cando estivo gobernando para que o resolva canto antes o Goberno que está agora. Supoño que tamén virá aquí vostede a botarnos en cara que non puxemos isto no acordo de investidura. Non puxemos o do carné de conducir no acordo de investidura. (Risos.) Xa, en fin..., «non vos riades, porque o conto é triste», dicía Castelao.

Mire, o paradoxo de todo isto é que vostedes traen aquí esta iniciativa cando acaban de votar en contra dunha proposta que trouxo a este Parlamento o BNG para enfrontar de verdade o grave drama, o grave problema que ten este país coa emigración, que é unha cuestión de emerxencia nacional polas consecuencias que ten para a vida presente e, sobre todo, para o futuro deste país. E aí traíamos unha proposta —e vostedes votaron en contra— para estudar, para analizar as causas, para crear unha comisión de estudo, coa participación —par-ti-ci-pación, á que lle teñen alerxia vostedes— de toda a xente da academia, da universidade, de todos os sectores deste país para poñer a cabeza a pensar e buscar solucións, medidas eficaces, para articular políticas, para atacar este grave problema, que pasa fundamentalmente por dúas cuestións: por poñer medidas para dar traballo digno á xente para que non teña que marchar deste país —porque agora a mocidade non ten condicións de traballo dignas, ten precariedade, ten contratos temporais e por iso marcha deste país—, para que a mocidade poida facer un proxecto de vida autónoma, porque así non ten posibilidades de emancipación e de acceso á vivenda, por exemplo —eses son os problemas que hai que resolver— e por poñer medidas tamén para que volva a xente emigrada, efectivamente, empezando por esa mocidade, ata 50.000, que marcharon deste país nos últimos anos polas políticas do Partido Popular. E para iso o BNG xa propuxo tamén. Mire, ¿sabe cal foi a primeira medida que trouxo o BNG a este Parlamento en outubro do 2016? O Plan Retorna, dotado co 1 % do orzamento, 100 millóns de euros. E vostedes resulta que fixeron, tres anos despois, unha estratexia, copiando a proposta



do BNG. Pero perdemos tres anos polo camiño desta lexislatura. Esta lexislatura é unha lexislatura perdida en materia de retorno, ou de Retorna. Iso é o que fan vostedes, e agora veñen aquí darnos leccións e pedirilles a outros que fagan o que vostedes non fixeron.

En fin, que non é serio. Polo tanto, póñanse a traballar con políticas reais e eficaces de retorno e con políticas para facerlle fronte á emigración, para acabar con esa precariedade laboral, esa precariedade, por exemplo, dos mozos e mozas investigadores e investigadoras, que teñen que marchar deste país porque non lles dan unhas condicións dignas de traballo. Ou da xente da sanidade. Agora quéixanse de que non hai profesionais, que tiveron que marchar ao longo de todos estes anos deste país porque tiñan e teñen condicións de traballo escravistas. Por iso pasan as solucións, señora Arias.

Polo tanto, sexan serios e serias e non nos traian aquí cuestións que se teñen que debater noutros parlamentos.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidenta.

Temos enriba da mesa unha proposta que fala do retorno de persoas emigradas, e, para gran sorpresa do público, unha gran proposta do Partido Popular na que insta o Goberno do Estado a facer algo nesta materia. Pois verá, señora Arias, varias cousas, a primeira, unha pregunta: ¿ata cando son capaces de manter este grao de cinismo? Temos que preguntarllo porque, mire, o 17 de marzo de 2017 eu mesma defendín unha proposta para desenvolver un plan específico de retorno das persoas emigradas. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra dun plan específico que incluía cuestións chave como a promoción do emprego ou a vivenda, que afectan directamente as persoas que queren retornar ao país.

Algo máis dun ano despois, o 3 de maio de 2018, eu mesma volví traer outra iniciativa para atender as necesidades educativas da infancia e fomentar o retorno. E o Partido Popular, en contra do que fixera noutros territorios, votou en contra; segunda vez en contra.

Pero hai máis, é que cada ano desta lexislatura tombaron as nosas propostas de resolución nas que tratábamos este asunto. O Partido Popular, cada vez que se lle dicía que había que facer algo do retorno, votaba en contra. ¿E que nos dicían para votar en contra? (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

A señora CHAO PÉREZ: Pois, por suposto, negar a maior, poñer en cuestión os datos do INE, que indican que máis de 160.000 persoas menores de 34 anos saíron de Galicia na década que vostedes levan gobernando. Claro, é que son cifras que avergoñan a calquera: 1 de cada 3 marcharon ao estranxeiro.



Pero o Partido Popular, en vez de poñerse a traballar, decidiu dicir que dramatizabamos e que se trataba de espírito aventureiro. ¡Marabillosas declaracións aquelas! Negaron unha e outra vez a realidade ata que o Goberno decidiu, cando lle pareceu, sacar un plan propio, ou anunciálo máis ben. ¿Que quere isto dicir? Que perdemos dous anos de facer políticas activas de retorno pola súa negativa a aceptar as propostas da oposición, pola súa soberbia; soberbia tamén por negarse a contestar, malia a ter a obriga, todas as preguntas escritas que rexistramos nesta materia, unha cada ano, ás que o Goberno galego a día de hoxe segue sen contestar —a nós, porque ao Partido Popular non ten problema en contestárllelas—. Mais tamén porque vostedes trataban e seguen tratando de negar o fondo do asunto, e isto é o relevante: que a emigración da mocidade é o resultado do seu fracaso. É o resultado dunha década de políticas de austeridade equivocadas que fan que o noso país non resulte un sitio atractivo para a mocidade; o resultado de impoñer a precariedade como modo de vida para todas, da súa reforma laboral, dos seus recortes en políticas de emprego, de I+D+i e servizos públicos. Por iso rectifican, por iso teñen que rectificar, pero sen dicilo, tratando de confundir o foco, falando do retorno de fillos e netos da emigración, asunto co que levan enchendo os xornais dúas semanas nunha campaña que é realmente sonroxante.

E, claro que si, nós coincidimos, oxalá a diáspora galega queira regresar, mais non só elas e eles. Nós aspiramos a que Galicia sexa un destino interesante para a inmigración porque iso quererá dicir algo, iso quererá dicir que Galicia avanza, que é un país que funciona, que ten oportunidades, que ten emprego de calidade, que ten futuro. Aspiramos a que a Galicia queira vir todo o mundo; que todo o mundo encontre no noso país un país de oportunidades. E, díggolle máis, aspiramos sobre todo a que as mozas e mozos deste país non teñan que seguir marchando —que diso vostedes non din absolutamente nada—, a que non collan máis avións *low cost* sen pasaxe de volta cara a Londres, cara a Berlín ou cara a Ecuador. Queremos, precisamos, que a mocidade atope neste país oportunidades para facer as súas vidas, contribuír ao benestar xeral e, en definitiva, facer que todas e todos teñamos un país mellor.

Niso, señora deputada, ímonos centrar; e a iso tamén chegan tarde. Permítame —xa que todo o fía ao Goberno do Estado— que lle cite un punto do Acordo do programa de coalición entre o Partido Socialista e Unidas Podemos, apartado 1, o punto 12 do acordo. Programa de retorno de persoas emigradas: «Poremos en marcha programas de retorno de persoas emigradas para recuperar a quen saíu do noso país en busca dun emprego e que son tan necesarios para a nosa economía. Faremos especial énfase na mocidade que tivo que emigrar nos últimos anos e nos investigadores e investigadoras que teñen que abondar o noso sistema científico». Xa sabemos que estes non lles preocupan, pero xa lles anticipamos que toda esta mocidade vai volver.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei e para pronunciarse sobre as emendas ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.



Señor Bará, se quere xogamos ao escapismo, pero isto élle moito máis sinxelo. Aquí trátase de se queremos apoiar que os galegos do exterior retornen ou non. O que pasa é que todos vostedes estiveron tamén nas comisións do Observatorio Demográfico e viron como os expertos dicían, na área que correspondía á inmigración, que precisamente esas trabas burocráticas eran un dos problemas que tiñan para retornar.

En definitiva, señora Vilán, efectivamente, se a xente ten que marchar de Venezuela e ten que marchar deses países dos que vostede nos falaba a culpa será dos gobernos de Venezuela, non será do Goberno da Xunta. Será grazas ás medidas que pon en marcha o Goberno da Xunta polo que eses emigrantes deciden volver a Galicia e non se van a Madrid, non se van a Barcelona ou non se van a outros sitios. É polo que Galicia, precisamente, é a que ten o maior índice de retornado dos seus emigrantes. Será por iso máis ben.

Mire, din vostedes que non hai axudas aquí. E falaba vostede do caso dunha panadería. Pero é que, mire, non, á parte do Retorna 2020, que trouxo xa a 20.000 galegos aquí outra vez de volta —por certo, señora Chao, o 80 % de menos de 65 anos e a metade de menos de 45 anos—, hai polo menos 200 persoas que iniciaron un negocio de retornados coas axudas da Xunta. Pero hai 800 persoas que están estudando ou van estudar o próximo ano estudos de máster ou un ciclo de FP e axudas extraordinarias das que se beneficiaron 1.600 persoas. En definitiva, axudas que está poñendo a Xunta en marcha.

Claro, non me estraña que a vostedes lles preocupe isto, porque outras comunidades, por exemplo, as socialistas, como Estremadura, que teñen en marcha tamén programas retorno, dedican —pois, mire— 360.000 euros a 3 anos nos mesmos capítulos nos que nós dedicamos 3 millóns de euros nun ano; 360.000, 3 anos; 3 millóns de euros, 1 ano.

Pero iso non é o peor, o máis chamativo —e non me estraña que vostedes non falen para nada de pedirlle ao Goberno do Estado e tamén a aqueles que asinaron ese convenio para que se poñan en marcha medidas, que boa falta fai—... Porque, mire, isto non o di Raquel Arias, isto non o di o Partido Popular: «*El plan piloto de retorno del Gobierno de España ha logrado traer de vuelta en un año a 19 españoles emigrados por la crisis*». ¡Dezanove españois nun ano! Ese é o éxito do retorno de Sánchez. En Galicia, 20.000 retornados en tres anos; esas son as cifras, simplemente.

E, señor Casal, a vostede écheselle a boca aquí falando dos emigrantes e do retorno. Pero, efectivamente, nesa carta aos Reis Magos que vostedes escribiron para poder darlle ao Goberno de Sánchez non se ocupan para nada das condicións de traballo para que poidan vir os novos outra vez de volta a Galicia.

E respecto das emendas do PSOE, efectivamente, señora Vilán, sorprende que vostedes unha e outra vez tropecen nesa mesma pedra. Sempre, sempre, antes o partido que os galegos.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Suprimen toda referencia a exixirle que se poidan eliminar eses trámites e que se poida favorecer a volta. Sinceramente, ¡tremenda decepción!



Piden vostedes tamén que se poñan becas para estudar másteres, cando este ano...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...—se vostede leu os presupostos— había 1,4 millóns de euros para becas de estudantes de retornados que viñan estudar aquí un mestrado.

En definitiva, vostedes o que fan é como aquel mal xogador ao que lle chega a pelota, non sabe que facer con ela e bota balóns fóra. Así é como o tratan vostedes.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que rematar.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Respecto do Grupo Mixto, quixera posicionarme —grazas, presidenta— e dicir que, bueno, as cousas que vostedes piden xa están en marcha ou algunhas mesmo serían froito dunha iniciativa distinta que se está tratando agora mesmo. Pero, polo menos, vostedes tiveron o detalle de incluír nesa emenda de substitución un punto que era a nosa mesma proposta.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Como dicía, os demais xa se están facendo na súa maioría e, por tanto, non imos aceptar esas emendas. Confiamos en que, como coincide...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¡Remate!

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...unha parte delas co que nós poñemos, pois acepten esta proposta do Partido Popular, e pedímosllo tamén aos demais. Por favor, pensen en Galicia, deixen hoxe de lado os seus partidos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Arias.

Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 59871).

Emenda de modificación.



O punto 4 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«4. Elaborar un estudo de viabilidade para o naval galego, que contemple o mantemento do sector a longo prazo, o mantemento dos postos de traballo e o pago ás empresas auxiliares. En canto ás conclusións do dito estudo de viabilidade, elaborar, no primeiro semestre do ano 2020, un plan estratéxico para o naval galego».)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora Arias, non fagan trampas ao solitario. ¿Como poden vir aquí dicir que como consecuencia da Estratexia...? É que nós non somos parvos, nós temos tamén as cifras e os datos. ¿Ou é que antes non viña ninguén para o país, non viña emigración, non viña xente retornada, e empezou a vir agora como consecuencia da Estratexia Retorna Galiza que puxeron en marcha vostedes? Pero, ¿de que está falando? ¡Tráíanos os datos de cantas persoas viñeron acolléndose a esas medidas! Non é serio, porque xa estaban vindo antes. O problema non é ese, o problema é toda a xente que marcha, ou a xente que non pode volver porque ten traballos cualificados, especializados e aquí non ten oportunidades. E a xente moza que marcha é un drama para un país, en termos tamén demográficos, sábeno perfectamente. Ese é o problema.

E tamén é un problema a situación que está sufrindo o naval da ría de Vigo e, concretamente, dous estaleiros históricos, como son Barreras e Vulcano —miro para a señora Egerique, que vexo que está tomando apuntamentos—. Barreras está nunha grave crise, e nesta gravísima crise hai que salvar unha bola de set, que é a que está agora en xogo; pero sobre todo hai que salvar a bola de partido, e a bola de partido non é o lío accionarial e a data do 2 de febreiro, que é unha espada de Damocles, pero é só parte do problema. Tamén está o caso de Vulcano, que está ao bordo da desaparición, coa grave responsabilidade de administracións gobernadas polo Partido Popular, como veremos.

E tamén o das empresas auxiliares, porque nestes momentos, tal como está configurado o sector naval, a maior parte do emprego —como sabemos— está nas empresas auxiliares, que agora están nas bancadas paradas porque non teñen traballo. Están en xogo miles de postos de traballo, e isto pode ser un auténtico golpe de graza para un sector que xa vén sufrindo embates e que foi moi vapuleado nos últimos anos, con perda de miles de postos de traballo de persoal cualificado que tivo que marchar á emigración. Esa é a emigración dramática do país: todo o persoal cualificado do noso sector naval que non ten traballo aquí está sendo substituído por traballo precario, e están traballando, ¿sabe onde? En Euskadi, en Asturias, en Holanda, en Noruega. Porque aos nosos profesionais do naval rífanos por todo o mundo e porque teñen alí mellores condicións laborais e mellores salarios. Por iso están traballando en Euskadi, e por iso non volven aquí; ese é un gravísimo problema para este país.

Tamén a extorsión á que vén sendo sometida a industria auxiliar ao longo dos últimos anos. E isto xa deixou moitas vítimas polo camiño, moitos cadáveres mesmo —e non falo en sentido figurado—. Nós falamos con moitas familias que foron vítimas desta situación, e houbo mortes de persoas polo sufrimento causado pola chantaxe e pola extorsión, polas quitas, polas



hipotecas que tivo que sufrir esta xente e polas débedas que aínda ten da industria. Non é ningunha broma, é un auténtico drama social.

E a pregunta é: ¿por que chegamos a esta situación e cales son as causas? Desde logo, hai unha responsabilidade máxima e directa dos xestores, dos empresarios, que seguiron esta xestión errática e aventureira —e algún é moi coñecido seu, do Partido Popular, supoño que de vostede tamén, señora Egerique, que comparten partido—. E tamén hai unha responsabilidade máxima da Xunta de Galiza, que ten competencias en política industrial e en política para o naval. Temos unha Lei aquí do sector naval do ano 2010 que marca claramente cal é o camiño, as prioridades e as responsabilidades da Xunta de Galiza e tamén do Estado.

A súa responsabilidade téñena en Vulcano por enganar o persoal, porque vostedes lles dixeron: «Rematen o ferri, que despois imos buscar un investidor». E están agardando. Están agardando na casa, no paro, sufrindo unha situación dramática. E en Barreras tamén, porque vostedes foron os principais causantes de levar o barco ás pedras, xa que vostede, señor Feixóo, foi o principal padriño da operación Pemex. Vostedes foron testaferreros e avalistas de Pemex, do fiasco de Pemex, que foi utilizado burdamente en campaña electoral con retransmisión en directo da Televisión galega. ¡O milagre dos pans e os peixes!

Coa operación estratéxica de Pemex resulta que ían facer 24 barcos, 6 floteis, 14 remolcadores... ¿Que hai de todo iso? Esas son as mentiras, as trampas, os enganos e o fiasco do Partido Popular, que estivo contando todas esas trolas. O que ía ser unha táboa de salvación foi a pedra ao pescozo para o afundimento do sector naval, ou o risco no que está seis anos despois o naval da ría de Vigo. Porque Pemex, que non era Pemex —esa tamén foi outra trampa—, era PMI, unha empresa fantasma con sede nun paraíso fiscal, resulta que agora ten os principais dirixentes perseguidos pola xustiza mexicana; os amigos, as amizades perigosas do señor Feixóo e do señor Conde, os que facían tantas fotos. Agora non van facer fotos a Vulcano e a Barreras, agora non interesa, pero daquela si que facían fotos. (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) Todos estes que están aquí nas fotos co señor Feixóo e co señor Conde están perseguidos e buscados, en busca e captura internacional, pola xustiza mexicana. E vostedes ían de ganchete con eles e cos corruptos do Goberno mexicano, que alimentaban todas estas prácticas. Aí é a onde nos levaron vostedes. Esa é a responsabilidade do Goberno da Xunta do Partido Popular.

Agora estamos noutro perigo, que é a operación Ritz Carlton —tamén foron vostedes a Miami para traelos aquí—, e xa vemos como actúan estes fondos voitre, que queren salvar o seu problema, despois marchar correndo, buscar apoios e axudas públicas e utilizar toda forma de chantaxe. E logo, como soen facer estes fondos voitre, tamén facer quitacións coas empresas pequenas que teñen débedas —que son moitas pemes— para aforrar custos para sañar a empresa e despois marchar correndo ou vendela con grandes plusvalías. ¡En fin!

A realidade é que Barreras está ao bordo do abismo. Ten ese prazo do 2 de febreiro para salvar a entrada en concurso, pero temos que ter coidado coas saídas falsas, señoras e señores do Partido Popular. Non se trata aquí de arranxar os problemas dos accionistas, eles miran polo seu: por rematar o seu barco, por conseguir financiamento, por conseguir quitacións... Non se trata diso, e menos de facelo baixo a presión ou baixo a chantaxe. Cómpre unha solución



global de futuro para todo o sector naval da ría de Vigo. Temos que buscar esas medidas, e nós traemos aquí propostas para Barreras, para Vulcano, para a industria auxiliar e para o conxunto do naval da ría de Vigo.

É importantísimo non dar Vulcano por perdido, porque vostedes queren dar Vulcano por perdido. Hai que explorar todas as vías, e a primeira é garantirlle os terreos nos que está, que son terreos de dominio público marítimo-terrestre. Vostedes están manobrando, están poñendo paus nas rodas cando hai unha empresa que intenta reflotar o estaleiro. O Partido Popular estalle poñendo paus nas rodas a través da Autoridade Portuaria de Vigo, que reclamou eses terreos para a ampliación dos terreos portuarios para os contedores. ¿E saben quen está á fronte da Autoridade Portuaria de Vigo? O señor López Veiga, destacado militante do Partido Popular. ¿E saben quen está no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, que votou a favor desta medida para boicotear a saída de Vulcano? O señor Rueda Valenzuela, vicepresidente da Xunta de Galicia (*Aplausos.*) e a delegada do Goberno en Vigo, a señora Corina Porro. ¿E saben tamén quen máis está? O señor García Costa, un dos principais militantes do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, o señor Abel Caballero tamén, e a alcaldesa de Redondela, que están votando en contra desas medidas, igual que outros representantes sindicais. Pero vostedes, que teñen a maioría no Consello de Administración e teñen a presidencia do Consello de Administración, están boicoteando o señor Rueda, a señora Porro o señor García Costa. Votaron para expulsar a Vulcano deses terreos, para recuperar eses terreos para o porto. Esa é a súa responsabilidade.

Polo tanto, nesta situación temos que xogar a bóla de partido. E a bóla de partido pasa pola intervención pública, pola intervención do Goberno galego, da Xunta de Galiza, explorando todas as vías. Tamén, se fai falta, pola intervención pública do Estado. Hai tamén posibilidades, medidas, recursos e instrumentos e, precisamente por iso, o BNG levou este tema ao acordo de investidura. Aí están tamén recollidas medidas de apoio ao naval e, concretamente, medidas para a situación de Vulcano e de Barreras, igual que para Navantia.

Polo tanto, propoñemos cinco medidas concretas. Primeiro, é imprescindible a convocatoria urxente da Mesa do naval, con todos os sectores afectados, para analizar toda a situación e as posibles solucións —¡pero se iso está contemplado na lei da industria naval!—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Segundo, garantir o cobro da débeda para as auxiliares. Terceiro, negociar co Porto de Vigo a continuidade de Vulcano nos terreos que ocupa actualmente —téñeno que permitir porque é fundamental, e non boicotealo, como están facendo—. Cuarto, encargar un estudo sobre a viabilidade. Miren, xa lle propoñemos un estudo directamente da intervención pública...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...—remato, señor presidente— e liderar, en colaboración co sector, unha medida tamén fundamental, que é crear un proxecto de centro de reparacións navais na ría de Vigo...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará. Xa rematou o seu tempo. Ten vostede despois outra quenda.

O señor BARÁ TORRES: ...porque iso será a garantía de carga de traballo estable e de futuro para o naval da ría de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Hoxe voltamos debater sobre un tema industrial que aos socialistas nos preocupa moito, tal e como vimos demostrando coas distintas iniciativas traídas a debate a este Parlamento en multitude de ocasións dende que o conto Pemex do presidente Feijóo foi anunciado en época preelectoral, en desconexión directa, na Televisión pública galega.

Onte mesmo debatíamos unha moción derivada da interpelación feita polos socialistas ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria; moción á que o Partido Popular, unha vez máis e aplicando o seu rodillo, votou en contra, para que o Parlamento de Galicia lle puxera deberes á Xunta de Galicia. O Partido Popular votou en contra de que a Xunta de Galicia constituíra inmediatamente a Mesa do Naval Galego, na que estarían presentes todos os axentes relacionados co sector (a Xunta de Galicia, os sindicatos, a patronal e as empresas auxiliares), co fin de acordar as posibles solucións á situación do sector naval en Galicia.

O Partido Popular tamén votou en contra de que a Xunta de Galicia elaborara un estudo de viabilidade para o naval galego que contemplase o mantemento do sector a longo prazo, o mantemento dos postos de traballo e o pago ás auxiliares. Tamén votaron en contra de que a Xunta de Galicia, con estas conclusións do estudo de viabilidade, fixera un plan estratéxico para o naval galego. Tamén votaron en contra de establecer, a través do Igape, un conxunto de axudas que garantiran o desenvolvemento dese plan de viabilidade, condicionado ao mantemento da actividade e dos empregos. Tamén votaron en contra de que a Xunta de Galicia mediera para a consecución dun plan de financiamento privado que permitise, conxuntamente coas axudas públicas, desenvolver o plan de viabilidade e a continuidade dos estaleiros galegos a longo prazo. Por último, tamén votaron en contra de que se negociara coa Autoridade Portuaria de Vigo a continuidade de Vulcano nos terreos de dominio público.

Supoñemos que o voto de hoxe a esta PNL presentada polo BNG tamén vai ser en contra, porque unha cousa é o que di o Partido Popular e outra cousa ben distinta é o que fai. Din que defenden a continuidade de Hijos de J. Barreras, pero a realidade é que entorpecen calquera acordo, que non permiten chegar a acordos e que se poñen do lado de determinados intereses particulares.



No día de hoxe, non manifestaron cal é o vínculo da Xunta de Galicia co señor García Costas. Quero recordarlles unha vez máis que o Estatuto de autonomía, no seu artigo 30, establece que a Comunidade Autónoma ten competencias exclusivas en fomento e planificación da actividade económica de Galicia e en industria. *(Aplausos.)* Polo tanto, cumbran co seu traballo. Díganlle á Xunta de Galicia, señores e señoras deputados do Partido Popular, que governe e que xestione, que busque acordos, que axude ao desenvolvemento do noso país. Basta xa de buscar culpables. Busquen solucións, que para iso os elixiron os galegos e as galegas deste país.

Xa lles dixen onte que estes once anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia podemos denominalos como os do Goberno dos contos de Feijóo. A situación de Hijos de J. Barreras e Pemex é un deses contos cun final non anunciado. Esa oportunidade histórica e esa alianza estratéxica, ese conto que nos ilusionaba en precampaña electoral, cunha cantidade importante de carga de traballo, nunca se materializou. A realidade foi só a dos dous floteis. O Goberno galego non se pode poñer de costas e ten que intervir activamente para a busca de solucións.

Hoxe aparece unha nova nos xornais que nos di que Barreras logra o financiamento que lle permitirá acabar o cruceiro The Ritz Carlton e que o estaleiro pide ás auxiliares un prazo de tres meses para saldar a débeda e para que non inicien ningunha reclamación. Nós esperamos que esta nova se materialice inmediatamente e que non sexa o remate. Isto non pode ser o remate. O Goberno galego ten que continuar as conversas e ten que constituír esa Mesa do Naval Galego que pediamos os socialistas, á que vostede votaron en contra, para poder facer un estudo de viabilidade e un plan estratéxico que permita a continuidade do sector naval galego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...un sector importante e estratéxico para a nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Vou tentar ser o máis curto posible porque neste tema o Grupo de En Marea xa se posicionou onte neste pleno. Ademais, coincidimos ao cen por cento coa proposición non de lei do BNG, porque inclúe incluso o asunto da emenda que onte fixemos á moción do Partido Socialista de Galicia.

Estamos de novo, neste asunto da industria naval, como en tantos outros, no que respecta ao Goberno galego e ao Grupo Popular. A realidade é que rematan crendo as súas propias campañas de prensa. A realidade é que está mal que tenten enganar a todos os galegos e as ga-



legas, pero o que é verdadeiramente kafkiano é que acaben vostedes enganándose a si mesmos. Isto en psicoloxía está tratado, é un tema contemplado: cando mentes moito, rematas crendo as túas propias mentiras e confúndelas coa realidade.

Non vou falar da posición con respecto á industria naval do Grupo de En Marea porque xa o fixemos onte. O que si, a ver se tentamos que isto sexa un pouco útil e a ver se o Grupo Popular, o grupo que ampara o Goberno, contesta a cousas concretas. Onte eu intenteino na nosa moción sobre As Pontes e non houbo maneira de que contestaran a nada. Pero imos ser optimistas e esperar que nun asunto tan concreto como este poidan dar algunha resposta, que daría un pouco de luz ás estratexias, ás alternativas do Goberno galego, ao que pensa facer o Goberno galego, para tentar dar saída a toda esta problemática.

Entón, a primeira pregunta sería: ¿por que está o Goberno da Xunta unha vez máis con ese mandato do número un da política industrial do Partido Popular e da Xunta de Galicia? ¿Por que está esta vez, e unha vez máis, de espectador na grave crise de Barreras? ¿Ten algo que ver isto con que The Ritz Carlton non se fíe de vostedes? ¿Por que The Ritz Carlton non traslada información ao Goberno galego?, ¿por que non se reúne co Goberno galego? ¿Terá algo que ver con que pensan que están máis de parte do seu militante e amigo García Costas que dos intereses de Barreras e do sector naval galego? (*Murmurios.*)

Outra pregunta: ¿vai mellorar a Xunta de Galicia a súa capacidade de análise e xestión no sector naval para poder facer un mellor *casting* de socios para o sector naval galego? Porque a realidade é que a racha que levan é verdadeiramente moi exitosa. ¿Garante o Goberno galego que todas as axudas a este sector deberán estar condicionadas ao pago das auxiliares, verdadeira cerna deste sector? ¿Van dar apoio financeiro ás empresas auxiliares vítimas das sucesivas quitacións reiteradas? ¿Vai desenvolver a Xunta de Galicia a Lei de fomento do sector naval? Polo menos, en toda esta lexislatura, non presentaron ningún documento que desenvolva, sobre todo orzamentariamente, esta lei. E, por último, ¿vai a Xunta de Galicia trasladar á Autoridade Portuaria de Vigo, nomeada polo PP, que ten que parar xa dunha vez o seu interese —esperemos que non especulativo— nos terreos de Vulcano e descartar o cambio de usos?

Son preguntas moi sinxelas, moi concretas, teoricamente doadas de responder, e espero que a portavoz do Partido Popular nos poida dar un pouco de luz a este asunto para saber, polo menos, por onde vai o Partido Popular no sector naval.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero dicir que imos apoiar esta proposición non de lei, e desexámoslle moita sorte. Pero á vista do que pasou onte coa moción do Grupo Socialista sobre o sector naval, non somos moi optimistas, aínda que hai avances, polo visto.



Resulta que despois de meses dicindo que estabamos inventando unha proposta, que non saía de ningunha parte e que non convencía a ninguén, onte a señora Egerique tivo que admitir que si, que a convocatoria da Mesa do Naval era unha demanda propia do sector. E fano así, sen ruborizarse. Uns meses din unha cousa, un día cambian de criterio e para diante.

Rectificar é boa cousa, señora Egerique. O que non o é tanto é que vostedes deixen pasar meses e meses sen facer absolutamente nada, que deixen pasar meses e meses instalados no non polo non ao tempo que centos de postos de traballo —isto é o preocupante— corren perigo, ao tempo que centos de familias miran cada día os xornais con preocupación ante a falta de información do seu goberno. Iso é preocupante. Porque todo o que sabe facer o Partido Popular co sector naval é sacalo de paseo en campaña electoral. Para poñer solucións sobre a mesa nin están nin se lles espera. Por iso veñen unha e outra vez a esta Cámara iniciativas pedíndolles que actúen con Vulcano dunha vez.

Miren, a falta de actuación do Goberno, a ausencia reiterada do conselleiro de Industria, xa levou a 69 traballadores a un proceso de liquidación. Levan dúas semanas comezando a cobrar do Fondo de Garantía Salarial. Igual isto debera preocupalos. Imaxinen a súa situación. Pois non tiran a toalla, e seguen esperando que vostedes fagan algo, que movan un dedo polo seu futuro para dar viabilidade á proposta de Vicalsa, que permitiría manter esta unidade produtiva. Por iso é importante que se poñan a traballar, que se senten coa Autoridade Portuaria de Vigo e lle digan claramente ao seu amigo Enrique López Veiga que van facer o posible para que os terreos que hoxe ocupa Vulcano sigan sendo terreo industrial que garanta o mantemento da capacidade produtiva e, sobre todo, dos postos de traballo.

O que nos preguntamos é a que están agardando, a que están agardando tamén para recoñecer o enorme fracaso que tiveron con Pemex e Barreras e a que agardan para asumir as responsabilidades de tantas corruptelas da man dos amigos de Feijóo, cargos de Pemex no punto de mira da xustiza mexicana, e o seu inestimable amigo García Costas. Seguimos agardando tamén que nalgún momento nesta Cámara expliquen cal é a relación de Feijóo con este señor, porque os seus amiguismos acaban sempre no mesmo lugar: propaganda, fracasos e despedimentos.

Ontes tivemos que volver escoitar como a señora Egerique viña aquí, en nome do Partido Popular, gabándose outra vez do bo momento que vive o sector naval —junha burla!—, dicindo que Vulcano e Barreras son excepcións e que o resto «todo ben». Iso é simplemente falso. Primeiro, porque falamos de dous estaleiros senlleiros neste país. Pero, segundo, e sobre todo, porque a caída do primeiro e as sombras que hai sobre o futuro do segundo poñen en xaque os postos de traballo de centos de persoas na industria auxiliar de Vigo, dos que vostede non dixo absolutamente nada. Só en decembro había mil persoas da industria auxiliar da súa cidade que perderan o traballo polos impagos dos estaleiros. ¿Vanlles dicir a eles que isto é algo menor, que son unha excepción? ¿Vanlles dicir ás 22.500 persoas que perderon o emprego na industria dende que gobernan que son excepcións?

O tempo da propaganda esmorece e é o tempo das solucións. Se vostedes non saben, se non queren, deixen paso. Temos sobre a mesa un montón de propostas claras que trouxemos todos os grupos da oposición en numerosas ocasións, dende a convocatoria da Mesa do Naval



ou as axudas vinculadas ao mantemento dos postos de traballo, ás que se negaron, ata a creación dun centro de reparación de buques, ao que tamén se negaron, ou a garantía da continuidade industrial dos terreos de Vulcano, ao que tamén se negaron. Son propostas concretas. O que non sabemos aínda é cales son as proposta do Goberno. ¿Que vai facer para resolver esta situación?

Dixémolo hai seis meses: o silencio é ser conivente co desmantelamento do tecido industrial, e non o podemos permitir. A Consellería de Industria non ten dereito a seguir desmantelando a industria deste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

Por empezar polo final, señora Chao, a verdade é que vostedes non son quen teñen que decidir cando se convoca ou non se convoca a Mesa do Naval, é o propio sector. E o sector vai vía administración para pedir se realmente é necesario ou non convocar a Mesa do Naval.

Levamos dous debates sobre este tema. Efectivamente, en vinte e catro horas eu levo tres —e fareino todas as veces que sexa posible—, e imos votar o mesmo en todas partes. Por suposto, temos o mesmo posicionamento que tivemos durante os doce anos, ou dez anos, que leva esta Xunta de Galicia, cousa que non pasa cos seus compañeiros, señora Rodríguez Rumbo, porque non sei se sabe que acaban de votar unha cousa diferente en Vigo.

Eu creo que tan senlleiros son Vulcano e Barreras como o son As Pontes ou Alcoa. Vostede tamén terá que ir darlles explicacións e non deixar que esmoreza esa industria, que xa recoñeceron tamén persoas do seu grupo aquí, nesta tribuna, que van xa directamente pechalas dende o Goberno central.

Señor Bará, ese relato ao que vostede fixo referencia, ese drama, eu compártoo totalmente, porque é certo. É verdade que houbo un momento, no ano 2011, no ano 2012 e no ano 2013, no que si estaban pechadas as portas, no que pola mañá non entraba ninguén en ningún estaleiro dos que tamén nomeei onte, non só en Barreras. Esta Xunta de Galicia e o Goberno de Mariano Rajoy fixeron todo o posible para atopar un investidor e para que houbera traballo neses estaleiros. E houbo traballo, as familias das persoas que estaban alí conseguiron que se traballara e houbo ritmo de traballo. Si é verdade que despois, en Vulcano —e digo que non hai nada que ocultar, cando no 2012 se apoiou o ferri para que seguira despois o proxecto do 2017—, desde o minuto un, e agora incluso, se buscou un investidor para que iso saia adiante.



Vostedes queren ir contra Enrique López Veiga por mar, terra e aire. Paréceme estupendo, pero non mintan, porque este expediente, *(A señora Egerique Mosquera ensina un documento.)* que se remitiu a Puertos del Estado e que é o expediente de extinción de concesión, votado por todas as persoas que vostede dixo —efectivamente—, sabemos que está pendente dunha contestación. Como non son capaces de enganar máis, porque ata dixeron que isto non existía, pois, entón, vostedes teñen que inventar. E cando están inventando, xa estamos pasando a palabras maiores.

A mellor forma e a mellor maneira de traballar a favor do naval non é mentindo nin enganando nin dicindo sempre que a culpa de todo é de Feijóo. Vostedes cren que meténdose con Feijóo e meténdose coa Xunta de Galicia defenden o naval. Están confundidos aí, directamente.

Señor Bará, vostedes teñen un argumento similar e igual para todos os temas. Pode sacar aquí as fotos que queira e dicir todo o que vostede queira doutros países, doutras xustizas, doutras persoas, pero aquí temos un presidente da Xunta e un conselleiro de Industria que dan a cara, que veñen aquí dar explicacións cando vostedes interpelan..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...que son os responsables de que Barreras estivera durante seis anos traballando e de que Vulcano non pechara no ano 2012.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, vou dicirlle unha cousa. No Pleno de Vigo a carta de servizos do Partido Socialista soamente é nomear persoa non grata a Joaquín Almunia; igual o rescatan agora para algún gabinete. Porque, iso si, os ministerios non teñen moitas competencias, pero os gabinetes están cheos. Poden chamar a Joaquín Almunia para que os asesore sobre o sector naval, que foi o que meteu o *tax lease* nos estaleiros privados de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: O señor Joaquín Almunia. *(Aplausos.)*

Resulta que agora temos unha ministra de Tránsito baleira de competencias case; cun gabinete cheo pero cunhas competencias absolutamente baleiras. Entón, tamén teremos que saber que di esa ministra de Tránsito que tanto se meteu aquí con Feijóo e co Goberno da Xunta, defendendo a traballadores aos que agora vai botar á rúa, se non toma unha decisión inminente, con empresas electrointensivas —como dixen— nas Pontes, en Alcoa e, neste caso tamén, no naval. Porque aquí está Pimar, que tamén ten moito que dicir, e vostedes tamén se esquecen diso. Os únicos que están sacando a pasear o naval en ano electoral son vostedes, que traen dúas iniciativas similares —como digo— no mesmo pleno, e igual para o seguinte tamén traen outra. Paréceme moi ben que presenten esta iniciativa tamén no Congreso e no Concello de Vigo.

Nós temos a mesma liña de traballo e folla de servizos —insisto—. A señora Chao di: vostede presume aquí de que este sector é un sector estratéxico. É que hai moitos estaleiros que están



traballando con carga de traballo, ademais a futuro, e que teñen os postos de traballo empregados. Ademais, estase investindo en formación para que haxa cambio xeracional e estase innovando en determinados estaleiros. Por suposto que Barreiras e Vulcano son dous problemas polos que esta Xunta dá a cara e cos que vai estar tamén para dar unha solución, e non crean vostedes que son os xeradores do problema, porque, por moito que o digan aquí, señor Bará, iso non é certo.

Polo tanto, señor Casal, di vostede que a ver se facemos algo útil, e eu digo que o útil é traballar e seguir apoiando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Como digo, espero que me traia algo útil desa ministra de Traballo do seu grupo — xa non sei se é do seu grupo ou non, pero si da súa liña —, porque tanto defendeu aquí e tanto dixó que todos nos imos a Madrid, e a única que está en Madrid é ela, que foi substituída polo señor Casal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, rematou o seu tempo

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Polo tanto, aquí seriedade, defensa de Galicia e do sector naval galego. Nós imos votar en contra, como votamos onte, porque sempre facemos as cousas de maneira coherente.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Polo Grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora Egerique, vostedes teñen un pasado incómodo. Eu entendo que lles moleste que lles saquemos as fotografías das súas amizades perigosas, das súas amizades corruptas, pero están aí. É parte da súa traxectoria, e non o podemos borrar, ¡que lle imos facer! Son as súas complicidades, son os seus acordos, son as súas amizades, que agora están en busca e captura polo Goberno, pola xustiza mexicana e pola corrupción, e son cos que vostedes acordaron e fixeron esas fotografías. Entón, ¿que queren que lles diga? Cada un que apande co seu pasado e coas súas responsabilidades, que teñen moitas neste tema, xa llo dixen aquí.

Nós non facemos máis que traer aquí propostas que están recollidas nesta lei que se aprobou no ano 2010 (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) —¿quen estaba gobernando no ano 2010?—, a Lei de fomento do sector naval de Galicia, que di que a Xunta de Galiza debe asumir as competencias que lle permite o actual marco estatutario galego para exercer a defensa e o impulso do sector naval. *(Aplausos.)* Teñen que asumir as competencias e non o fan. E marca claramente cales son as responsabilidades: a formación... Agora resulta que non había persoal formado, cando iso é unha responsabilidade que está aquí posta para a Xunta de Galiza. Tamén axudas á construción, transformación e ás reparacións navais. O Centro de Repara-



cións Navais foi moitas veces demandado nesta tribuna do Parlamento polo BNG. Por certo, xa quedara feito o seu proxecto por ese famoso Goberno bipartito e vostedes tirárono ao lixo, cando era un proxecto fundamental para o desenvolvemento do naval da ría de Vigo.

O que xa nos parece o colmo é como poden vir aquí —vostedes din á cara, pero o que teñen é moita cara, moito morro, moito morrazo; ¡xa non é morro!— atreverse a dicir que é o sector o que ten que convocar a Mesa do Naval. ¿Como se atreven a isto? Voulles ler o artigo 5 da Lei do sector naval: «A Xunta de Galicia someterá todas as súas actuacións á Mesa Sectorial do Naval, emanada do diálogo social». É a Xunta de Galiza quen ten que convocar a Mesa do Naval, e máis cando hai unha situación dramática, como está habendo agora en Vulcano e en Barreras. *(Aplausos.)*

E con respecto a Vulcano —por se non lles quedou claro—, está fundamentalmente nas mans da Autoridade Portuaria e tamén do Estado, que ten que aprobar esa cuestión, pero quen aprobou a petición para que eses terreos deixen de utilizarse para o estaleiro ou para un proxecto de futuro —porque Asime di que hai un proxecto de Vicalsa que hai que estudar e que pode ser garantía de futuro para Vulcano—, quen está vetando, quen está poñendo paus nas rodas é o Consello de Administración do Porto de Vigo cos votos do Partido Popular, do señor López Veiga, do señor Rueda e da señora Corina Porro. É a súa responsabilidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E agardamos tamén que, cando chegue aos despachos de Madrid, que, segundo a nosa información —teño aquí unha resposta da secretaria xeral...—,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...aínda non chegou, cando chegue alí...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...o Goberno do PSOE lle dea carpetazo a esa posibilidade de que manteña o uso destes terreos para a construción da...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Respecto da emenda do Partido Socialista, non lle entendín o que dixo.

O señor BARÁ TORRES: A emenda aceptámola como emenda de engádegas pero non de substitución, porque tamén se acolle ao que está previsto na lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei, presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 60166 (10/PNP-004492).

Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

<<5º demandar do IGAPE un informe no que se detalle que recomendacións realizadas polo Consello de Contas coa finalidade de corrixir as deficiencias sinaladas.

6º abrir un debate no seo do Parlamento Galego para a futura transformación do IGAPE nun verdadeiro Instituto Galego de Crédito e Investimento que supere as limitacións dos mecanismos existentes e aposte na transformación da economía galega.>>)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

O Instituto Galego de Promoción Económica, o Igape, é a axencia adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desenvolvemento económico de Galicia. E, segundo aparece na páxina *web* do propio Igape, di que a súa misión é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial. E plasma cinco obxectivos: impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor, incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, atraer investimento a Galicia, facilitar a internacionalización e apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas galegas. Para a consecución destes obxectivos di tamén que o Igape pon ao dispor das empresas galegas unha serie de axudas para o financiamento do investimento empresarial a través de axudas a fondo perdido, prestamos BEI para financiar circulante e investimentos, e incentivos económicos rexionais.



Polo tanto, a misión e os obxectivos do Igape están claros. Debe ser un instrumento para a activación económica do noso país. Porén, os datos da industria galega non reflicten que o Igape estea cumprindo correctamente coa súa misión, nin dando unha resposta axeitada ás necesidades empresariais do noso país que favoreza o noso crecemento económico.

Miren, señores e señoras deputadas, voulles dar datos, coma sempre. Os socialistas sempre vimos aquí avalados con datos para o noso argumentario.

Hai uns días —onte— os datos EPA correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2019 dicían-nos que a nivel industrial Galicia aínda non recuperou a poboación ocupada que existía en Galicia antes da chegada do señor Núñez Feijóo á presidencia. É dicir, o número de ocupados no cuarto trimestre de 2019 din que temos 26.800 persoas ocupadas menos na industria das que había no ano 2008 no mesmo trimestre. En canto ao peso da industria galega no conxunto do Estado, tamén diminuíu. O PP recollía no seu programa electoral do ano 2016 que ían elevar ata o 20 % o peso da industria no PIB galego en 2020, e que, ademais, ían facilitar a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria. Estes obxectivos tamén foron plasmados e aprobados pola Xunta de Galicia no plan dinamizador da Xunta de Galicia. Pois ben, do obxectivo de ter 50.000 novas persoas ocupadas na actual lexislatura na industria, o que temos —dino os datos— é que ata finais de 2019 se crearon menos de 18.000 persoas ocupadas respecto desas 50.000 que tiña como obxectivo o Partido Popular. Polo tanto, non se chegou nin ao 40 % do obxectivo publicitado polo Partido Popular.

En canto ao obxectivo de aumento do peso do sector industrial no conxunto do PIB galego, pois os datos tampouco son nada halagüeños, e este diminuíu durante todos os anos nesta lexislatura. En 2016 era un 16,65 %; en 2018, un 16,29 %; e os datos coñecidos que temos de 2019, dos tres primeiros trimestres, sitúannos no 15,5 %. Polo tanto, intuímos que a finais de ano non se vai chegar nin sequera ao 16 %. Polo tanto, como vemos, hai un retroceso evidente ano tras ano.

Se miramos a marcha do noso sector industrial e imos ao índice de produción industrial —o IPI—, os datos de novembro de 2019, publicados tamén polo INE nestes días, dinnos que a media para Galicia é negativa nuns 4,5 puntos; mentres que o nivel de toda España é positivo nun 0,5. Se vemos o conxunto dos últimos catro anos, 2016-2019 —á espera de coñecer o dato do mes de decembro de 2019—, o sector industrial en Galicia tivo un peor comportamento que España, da orde dun 16 % inferior ao resultado de toda España.

Se imos a outros obxectivos que ten o Igape, como é facilitar a internacionalización, a páxina web dinos que a internacionalización é unha vía irrenunciable para mellorar a competitividade das empresas galegas e recuperar o crecemento económico. E a continuación tamén nos di que o Igape apoia as iniciativas de internacionalización das empresas galegas cun amplo abano de servizos e de axudas financeiras. O día 24 de xaneiro, hai uns días, procuraron colgar unha nova —evidentemente, iso si, non todos os datos están actualizados, pero as novas si, sobre todo cando son de publicidade e propaganda—. E nesta nova, do 24 de xaneiro —xa digo, de hai uns días—, di: «O director do Igape, Juan Cividanes, destacaba a evolución das exportacións galegas nos primeiros once meses do pasado ano, e puxo de relevo o impulso que a Xunta de Galicia está a realizar da presenza dixital das pemes galegas



nos mercados exteriores». Pero se imos aos datos de exportacións galegas, señores e señoras do Partido Popular, e aos últimos informes publicados, non se ratifica esta afirmación e, desde logo, este entusiasmo amosado polo señor Cividanes, director —como dicía antes— do Igape. Así, o Foro Económico de Galicia, que publicou o terceiro barómetro de exportación de Galicia, de xaneiro a setembro, respecto do mesmo período do ano anterior, dinos que o volume exportado en Galicia baixou nun 6,1 %, mentres que en España é positivo cun 1,6 %. O número de empresas para Galicia baixou nun 1,5 % mentres que para España se incrementou nun 1,4 %. E di o Foro Económico de Galicia: «Nos tres primeiros trimestres de 2019 confírmase a caída do comercio exportador na área do Pacífico, mentres que no conxunto da Unión Europea, as exportacións aínda medraron un 2,4 %. Neste contexto comprobamos como as exportacións españolas se axustan medrando lixeiramente por debaixo do comportamento europeo, mentres que en Galicia anotamos unha caída moi preocupante dun 6,1 %, ampliándose a fenda que arrastramos na evolución exportadora nos últimos dez anos» —son os dez anos gobernados polo Partido Popular e polo señor Feijóo—, «que se traducen nunha caída do noso peso nas exportacións españolas. Son hoxe un 7,4 % mentres que hai dez anos eran un 8,6 %».

Se imos ao número de exportadores, o comportamento segue a ser preocupante en todos os seus vectores, con caídas que contrastan co crecemento ou coa estabilidade do conxunto dos exportadores no conxunto de España, «de tal xeito que seguimos a profundar» —séguenos dicindo o Foro Económico de Galicia— «na fenda do noso defectivo peso no conxunto español». Hoxe temos un 3,5 % e hai dez anos, cando accedeu o señor Núñez Feijóo á presidencia da Xunta de Galicia, era dun 4,6 %. E di o Foro Económico que, se o ano pasado por estas datas o Baexga anotaba tres indicadores positivos sobre os oito manexados, este ano só un indicador pode ser considerado positivo.

Tamén utilizamos máis datos e imos a máis fontes, para que non nos acusen, como se ten feito nalgunha ocasión, de que trabucamos os datos. O informe mensual do comercio exterior, Comex, que publica o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, tamén nos di que temos o acumulado de xaneiro a novembro de 2019 en relación tamén co mesmo período do ano anterior, e dinos que para Galicia as exportacións baixaron nun 4,4 %, mentres que para España son positivas nun 1,4 %. O saldo comercial para Galicia é dun 44,2 % negativo mentres que para o conxunto de España é dun 2,3 % positivo. Polo tanto, referéndase unha vez máis unha política económica que fracasa á hora de captar investimento privado, mentres exportamos traballo cualificado e capital galego.

Temos outros datos. Noutro obxectivo que tiña o Igape, que era a captación de investimento estranxeiro para Galicia, pois os datos tampouco son mellores. Se imos á estatística de investimento estranxeiro en España do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo —Datainvest—, dinos que entre 2018 e 2009 captamos 117 millóns de euros menos do que captabamos no ano 2009. E se a comparación a facemos respecto de 2009 a 2019, tamén nos di que captamos 70 millóns de euros menos do que captabamos no ano 2009.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.



Pasamos de representar un 1,42 % do total do Estado en 2009 ao 0,13 % en 2018, ou ao 0,76 % de xaneiro a setembro de 2019.

Nesta primeira quenda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, falamos do Igape, e falamos da crónica dun fracaso estrepitoso de vinte e cinco anos —que os cumpriu o ano pasado— de tempo perdido, practicamente; sobre todo nos últimos anos da década Feijóo. Foi outra oportunidade perdida de ter unha ferramenta útil para o desenvolvemento económico e industrial do noso país. E aí están os resultados. Poderíamos falar dos resultados obxectivos, como do índice de produción industrial, se o vemos anualmente —como dicía a voceira do Partido Socialista—. Podemos falar das exportacións do noso país, que incluso cando van ben sabemos que se deben exclusivamente a dous sectores —é máis, a dúas empresas— e que iso non é sostible, que hai que apostar por outra vía. E iso o Igape non o está facendo. Podemos falar tamén dos datos de execución orzamentaria, que veñen descritos na iniciativa do Partido Socialista, ou poderíamos falar de fracasos recentes do seu papel como mediador, xa que o Igape non está a valer neste momento para este país nin sequera como mediador. Temos exemplos lamentables que o demostran, como o resultado de Poligal. Podemos falar tamén do resultado de Isowat, unha empresa innovadora radicada na Coruña que daba traballo case a cen persoas, que tiña todo para saír adiante, absolutamente todo, que fabricaba pezas exclusivas para Navantia e para Repsol, que incluso supuxo un problema a súa parada produtiva para moitas empresas do noso país, e que misteriosamente, mentres a sucursal que había en Medina, que era practicamente unha ferraxería, porque non tiña papel innovador, puido saír adiante grazas á implicación dun goberno que fixo de goberno, non foi así con Isowat no caso da Xunta de Galiza. E máis aínda porque falamos dunha empresa que tiña precisamente problemas coa entidade que a financiara no seu día. Porque, efectivamente, o esfarelamento do sector financeiro galego levounos a esa situación. A Xunta de Galiza non só colaborou activamente con el, senón que, cando ten que exercer de Goberno galego e intentar buscar algunha alternativa, aínda que sexa non xa financiando por si mesma senón actuando de negociadora con Abanca —a quen tantos favores lle fixo—, nin sequera é quen de cobrar os favores que acabamos pagando os galegos e galegas tamén como parte deses máis de 9.000 millóns de euros de rescate.

Outra forma na que podemos ver o absoluto fracaso do Igape é nos seus problemas de funcionamento. Isto dío non o BNG, senón que o di tamén o Consello de Contas, no último informe que debatemos no ano 2017 sobre o Igape —un informe de entre os anos 2011 e 2013 no que indicaban numerosas deficiencias—. E o peor é que, polo que sabemos das últimas iniciativas que rexistramos ao respecto, pois tampouco ten impulsado demasiadas correccións este organismo.

Pero tamén podemos ver o seu fracaso nas súas corruptelas, porque hai que recordar que o Igape foi un foco de corrupción. E iso debería de ter sido xa suficiente para que autodisolvesen



o Igape e constrúen outro instrumento que dese menos vergonza, porque hai que recordar que o exdirector foi condenado por corrupción no caso «Campión». Repito, condenado por corrupción. A sentenza dixo que había unha trama. Antes da trama que fixo que Rajoy fose para a casa xa sabiamos que había tramas de corrupción no Partido Popular, e tamén en Galiza a través do Igape, que é na que estaba implicado incluso un señor que pasou por esta Cámara.

Pero a Xunta de Galiza non só decidiu non transformar o Igape en nada despois destes acontecementos, senón que, cando celebrou o ano pasado o 25º aniversario, decidiu tamén premiar e recoñecer a este señor condenado por corrupción. De feito, quero facer aquí un recordatorio-homenaxe a outro compañeiro do Partido Socialista, o señor Abel Losada, co que tanto debatín sobre o Igape antes de que a señora Rumbo collese o relevo, e recoñecer que efectivamente foi quen arrincou do señor Cividanes a segunda declaración favorita que nos deixou nesta lexislatura. A primeira foi a de todas esas veces que negou que existía a deslocalización, que non había deslocalización para Portugal. Pero a segunda foi cando nos regalou aquelas declaracións na Comisión de Industria de «Efectivamente convidámoslos a un cubata», recordando e recoñecendo que efectivamente no 25º aniversario do Igape estes señores, que tanto falan dos mojitos, recoñeceron publicamente que lle pagaron uns cubatas cos cartos dos galegos e galegas ao exdirector do Igape condenado por corrupción.

Ben, pois con estes lodos, estes resultados. Efectivamente, a día de hoxe o instituto galego de crédito fracasa en todos os seus obxectivos, son simplemente unha enunciación retórica. Iso dío calquera organismo obxectivo, iso dino todos os foros económicos. Especialmente seguimos tendo neste país un problema no acceso ao crédito polas decisións no marco financeiro que comentaba anteriormente. Pero é que tamén negan vostedes as propias follas de ruta ás que se comprometen, porque o Igape é un dos organismos que asina —ou, cando menos, figura nel o seu logo— ese libro que editou o Consello Económico e Social e do que falabamos onte: *Por unha alianza industrial galega*. Aí dinse literalmente moitas das cuestións que recolle o Partido Socialista na súa iniciativa, e aí dise tamén ese problema que temos por non ter unha estrutura financeira ao servizo dos intereses deste país axudando tamén ao desenvolvemento económico e industrial.

Polo tanto, nós imos votar favorablemente esta iniciativa con independencia de que se acepte ou non esta emenda. Simplemente engadimos dúas cuestións quen nos parecen importantes: que, en canto exista o Igape, se vexa se está introducindo as recomendacións do Consello de Contas para un mellor funcionamento, máis transparente e adecuado, cos condicionamentos tamén dos fondos europeos; e a segunda parte é que nós non deixamos de insistir na idea, que tamén trouxemos a través dunha proposición de lei xa no ano 2014, de que cremos que o Igape está morto, que é un instrumento que non é válido e que hai que transformalo nun instituto galego de crédito, nunha estrutura diferente que faga unha política diferente.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.



O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo.

Coincidimos, evidentemente, porque este é un problema gravísimo, e votaremos a favor, por suposto. Porque realmente este instrumento financeiro de promoción económica —teórica— e para o investimento internacional en Galiza deixa en tres anos 148 millóns de euros sen executar, tendo en conta a situación da industria, do comercio e o baixísimo investimento exterior en Galicia, que, como xa comentamos noutras ocasións, a maioría é puramente financeiro para entrar no capital de empresas xa existentes —e en moitos casos incluso coa consecuencia de perda do control galego desas empresas— e unicamente de maneira moi residual para desenvolver novas iniciativas industriais, que se están desenvolvendo fundamentalmente no norte de Portugal.

É un problema gravísimo. E non pode ser a escusa —escusa reiterada que nos fan na Comisión de Economía e Industria— que as axudas son plurianuais. Pero é que ano tras ano, ano tras ano, seguen sen executarse. As plurianualidades rematarán algún día. Pero non, a falta de execución é totalmente reiterativa.

Realmente é difícil coñecer claramente cal é o problema. Eu non vou dicir que este é un tema doado de solucionar, pero haberá que entrar. A realidade é que o Igape é unha institución do século XX. Non está adaptada á realidade económica do século XXI. ¿Cal é o problema? ¿É que as empresas galegas non solicitan as axudas? Pois a verdade é que parece un pouco raro. ¿Será que as convocatorias de axudas ou o apoio financeiro implica unha carga burocrática que fai que desistan as empresas máis dinámicas? Pois pode ser. ¿Será que as condicións e tipoloxía das axudas non están adaptadas á realidade actual das empresas máis innovadoras?

Son moitas dúbidas, e para solucionalo pensamos en En Marea que a cerna do problema é verdadeiramente o que xa comentei: transformar este instituto, que fundamentalmente está pensado como unha institución financeira, nun verdadeiro instrumento de promoción económica. Iso implica cambiar toda a súa estrutura e todo o seu funcionamento, evolucionando de como funciona actualmente —xa digo, como un mero intermediario financeiro— cara a unha verdadeira oficina de promoción e desenvolvemento económico. Terían un exemplo bastante cercano e bastante exitoso no organismo similar que ten o Goberno vasco, que non para de darlles alegrías de implantación industrial, de creación de novas empresas, polo tecido propio e pola evolución cara á nova economía da súa propia industria e do seu propio comercio.

Xa digo, isto implicaría un cambio estrutural con persoal experto en innovación, desenvolvemento empresarial, prospección de mercados, expertos en *big data* para detectar oportunidades e fortalezas, etc., que complementen o persoal de alto nivel —que o temos que recoñecer— pero dun moi marcado perfil financeiro, que é do que dispón actualmente o Igape. Porque cada vez máis a realidade dunha empresa vai moito máis alá da análise dun balance ou dunha conta de resultados. Moitas das empresas do futuro e tamén do presente baséanse en valores engadidos, en valores intanxibles. Se unha empresa das de maior éxito internacional, sobre todo no sector das novas tecnoloxías, no sector da comunicación, da in-



formación, e en concreto de todo o mundo dixital, presentara unha solicitude de axuda ao Igape, probablemente non lla darían. Temos que ver que moitas das empresas máis innovadoras, por exemplo en *Silicon Valley*, pasan seis, sete ou oito anos con perdas multimillonarias. Hai empresas que este ano, por exemplo, tiveron 5.000 millóns de euros de perdas e en cambio teñen un valor en bolsa de 100.000 millóns de euros. Dentro dunha análise puramente financeira de balance de conta de resultados, isto sería absurdo. Hai que ir moito máis alá, hai que ir cara ás expectativas, ás oportunidades, cara a outro tipo de traballo, o traballo de promoción económica, que, sobre todo en Galicia, hai que centrar nos sectores tractores. Porque está claro que os países que van ter futuro, son os países que teñen auga, alimentos e capacidade de enerxías sustentables. Diso temos de todo en Galicia, e no que hai que centrarse é neses sectores; ao mellor hai que deixar un pouco máis de lado outros con menos expectativas e centrarse en todos estes sectores, na mobilidade sustentable, en todos os sectores nos que Galicia ten presenza.

Ben, pois non pode ser que haxa 148 millóns de euros sen executar en tres anos, que terían que estar dispoñibles para todo este tipo de empresas que o necesitan —moitas delas probablemente incipientes e ao mellor con balances non moi solventes—. O Igape tería que estar disposto a poder implementar ese tipo de compañías para desenvolver emprego de calidade e para mellorar a situación xeral da economía de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Antes de continuar co debate, queriamos saudar os alumnos e alumnas de 6º de Primaria do Centro Barrié de la Maza. Neste caso creo que é o segundo grupo. Saudámoslos, e tamén aos profesores e aos seus acompañantes. Benvidos ao Parlamento.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Bo día, e moitas grazas, presidente.

Doulles a benvida aos alumnos que están hoxe a acompañarnos.

Efectivamente, como xa se citou dende os diferentes voceiros dos grupos da oposición, por unha banda quero reiterar a importancia básica, na evolución do proxecto económico de crecemento da economía en Galicia, do papel —indiscutible para nós— do Igape, que é a axencia autonómica que está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desenvolvemento económico de Galicia. Ten unhas misións fundamentais, que son mellorar o sistema produtivo galego facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial. Fíxose unha exhaustiva exposición por parte da voceira do PSdeG das funcións tan importantes que ten e que, polo tanto, están consideradas nos orzamentos anuais. Entre elas están temas como ser o responsable principal da execución das políticas de desenvolvemento empresarial que están concentradas na función 74 dos orzamentos da Xunta, de xeito moi destacado no programa 741A, de apoio á modernización, á internacionalización e á mellora da competitividade, da innovación e da produtividade empresarial, cousas que loxica-



mente supoñemos que tanto vostedes, dende o Goberno, coma nós pensamos que son fundamentais. Entón, para esta finalidade, o Igape contou ao longo desta lexislatura con máis de 462 millóns de euros orzamentarios, entre os exercicios 2017, 2018, 2019 e nos créditos iniciais aprobados dos orzamentos para 2020, acaparando por medio dese programa máis do 85 % dos recursos totais destinados pola Xunta de Galicia ao desenvolvemento empresarial na nosa comunidade. Entendemos que son proporcionais á súa importancia, dado que é estratéxico o Igape no crecemento económico do país.

Pero, se por unha parte digamos que se considera dende o Goberno a súa estratexia e a súa importancia nestes orzamentos —é responsable para 2020 de máis dunha cuarta parte dos gastos de capital totais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e é o principal encargado da posta en marcha das estratexias do Goberno galego para a reactivación da economía da nosa comunidade e da mellora da competitividade das empresas galegas—, son verdadeiramente un fracaso absoluto os resultados que acadou. Nós pensamos que evidentemente hai unha falta de estratexia do propio Igape, que ten programas tan importantes como o Plan Galicia inviste —co apoio financeiro aos investimentos das empresas galegas—, ou tamén o tema da xestión ao amparo do instrumento financeiro e do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para a mellora da competitividade das pemes —que nos parece moi importante—, así como tamén o acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Facenda a través de liñas de incentivos económicos rexionais, con todos estes aspectos de competitividade industrial do Ministerio de Industria, da xestión de préstamos do Banco Europeo de Investimentos. Podemos afirmar, pois, que estamos ante o que é o principal brazo executor do Goberno galego para o desenvolvemento das políticas de desenvolvemento empresarial, ou que debería selo ¿non?

Entón, os problemas xa se indicaron. Verdadeiramente non son defectos propios do Igape, senón da maneira de executar do Igape. Está claro, como xa se indicou, que houbo un informe do Consello de Contas respecto da xestión puramente administrativa de avais, de xestión interna, que facía imposible que un órgano de tanta importancia obtivese os resultados precisos para a evolución da economía en Galicia.

Hai que dicir xa —porque rematou o meu tempo— que, se falamos do exercicio, a Xunta executou só 55 millóns dos 123 millóns asignados no exercicio 2018 deste Programa 741 —falamos de menos dun 45 % do total—. Se estamos a mirar a execución para o 2019 —que temos os resultados ata as tres cuartas partes dos orzamentos do 2019—, só se executou un 20 % do total orzado. Quero dicir que estamos realmente vendo —que non é de estrañar— que unha cousa son os orzamentos e outra cousa é a vontade política verdadeira, que podemos ver na execución orzamentaria, que é a real. Quero dicir que é a importancia que lle dá o Goberno da Xunta de Galicia verdadeiramente ao que é un tema fundamental e que xustifica loricamente que teñamos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...estes datos tan negativos referidos ao emprego industrial, ao diferencial negativo da actividade industrial respecto do conxunto do Estado e á evolución negativa das exportacións galegas nos últimos dous anos. Polo que non podemos estar máis



de acordo con esta iniciativa e con todas as críticas vertidas polo Grupo Socialista e o resto dos grupos respecto do desempeño do Igape das súas funcións. E pensamos que é fundamental que este elemento tan estratéxico para a nosa economía sexa utilizado como debe ser.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

O Grupo dos Socialistas de Galicia trae a esta Cámara parlamentaria unha proposición non de lei con catro puntos para instar o Goberno da Xunta de Galicia. Gustaríame explicalos un por un para que poidan pór en valor o traballo que está a realizar o Goberno galego, xa que, polo que acabo de escoitar por parte das señorías que me precederon no uso da palabra, o descoñecen por completo.

Señora Presas, di vostede que o Igape é a crónica dunha morte anunciada. Entón os vinte e cinco anos —que se celebraron no ano 2018— e os 14.000 millóns de euros que deron apoio a 81.000 empresas non ten para o Bloque Nacionalista Galego ningún tipo de importancia. Nada, para vostedes, para o Bloque Nacionalista Galego, sería moito mellor non apoiar; ou, máis fácil, pechar, que é ao que están acostumados. Síntoo, pero eu non comparto a súa posición.

Miren, a Xunta de Galicia activou o Plan de financiamento empresarial de Galicia facilitando financiamento a 800 proxectos emprendedores, microempresas e pemes grazas a un orzamento de 100 millóns de euros. E para iso hai unha novidade que inclúe no plan do que acabo de falar, no que destaca o programa de préstamos para o financiamento de proxectos estratéxicos, dotado de 16,5 millóns de euros.

Se facemos unha análise a longo prazo, o paquete integral de apoios que se puxo en marcha no ano 2014 facilitou o acceso ao financiamento a 10.876 empresas e autónomos, o que supón unha media diaria de 6, e impulsou así a mobilización de 1.180 millóns de euros en catro anos e medio. Do total do financiamento achegado neste período, 9 de cada 10 euros do apoio achegado permitiron o desenvolvemento de proxectos autónomos.

No segundo punto, respecto da internacionalización, convén recordar que para o presente ano o Programa «Galicia exporta» conta no seu conxunto con 11,2 millóns de euros; é dicir, un 40 % máis que na anterior convocatoria. E o obxectivo non é outro que o de que as pemes poidan acceder e medrar nos mercados internacionais, e promover ademais a diversificación dos destinos das vendas. E neste contexto a Xunta de Galicia activou un novo programa para impulsar a internacionalización dixital. Ademais, está o Plan Foexga, que se desenvolve en colaboración coas cámaras de comercio galegas, encargadas de organizar e coordinar as accións



de promoción exterior. É un labor que está a dar os seus froitos, porque en Galicia, á diferenza do que dicía a señora Rodríguez Rumbo, continúa atravesando un mellor ciclo exportador. A pesar das incertezas que estamos a vivir tanto a nivel estatal como a nivel internacional, mantéñense as previsións na nosa comunidade, e volvería superar a barreira dos 21.000 millóns de euros no ano 2019.

Na comparecencia de orzamentos para o ano 2020, o conselleiro comentaba a implicación da súa consellería cara á marca «Galicia calidade» co obxectivo de seguir impulsando as exportacións e incrementando os recursos económicos en máis dun 31,5 % en relación co ano 2019. Señorías, proximamente producirase a saída do Reino Unido da Unión Europea e o Goberno galego xa está a traballar. E para iso reforzou medidas para dar resposta ás empresas afectadas polo *Brexit*.

En canto á captación de investimentos, miren, no ano 2017 o Grupo Parlamentario Popular trouxo a esta Cámara parlamentaria a Lei de implantación de medidas empresariais, na que se promovía maior simplificación administrativa, máis incentivos fiscais a empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. ¿E saben o que votou toda a bancada da esquerda? Votaron «non». Votaron en contra dos novos retos da innovación e da dixitalización industrial de Galicia; é dicir, como fan sempre, déronlle as costas a Galicia e aos galegos, como o fan cada vez que se traen iniciativas de avance para as empresas galegas.

Miren, a Lei de medidas empresariais que tanto detestan acadou a 131 concellos emprendedores. Esta actuación está a ter reflexo na captación de investimentos estranxeiros, porque entre xaneiro e setembro de 2019 o investimento en España caeu a niveis do ano 2014 mentres que en Galicia rexistrou o mellor dato dende o ano 2012. Miren, xa que aquí se falaba e se nomeaban consellos, eu vou nomear tamén o Consello Galego de Economistas, que di textualmente: «*Los economistas gallegos son más optimistas con respecto a la evolución de la economía gallega que a la de España*».

E non remata aquí a aposta do Goberno galego polo sector industrial, xa que recentemente —como ben comentaba a señora Rodríguez Rumbo— a Consellería de Economía, Emprego e Industria lanzou un novo programa destinado a facilitar as pequenas e medianas empresas. Miren, señorías, o importante á hora de poñer en marcha iniciativas é ter sempre en conta o sector industrial, o que está afectado.

En definitiva, esta iniciativa reflicte que os grupos da oposición están a rebufo da acción do Goberno galego. Límitanse a instar medidas que xa están feitas e que sitúan Galicia nunha mellor posición que o conxunto de España.

Señorías, cada un dos puntos expostos na súa iniciativa están amparados por programas —como xa nomeei, o Plan de financiamento empresarial, «Galicia exporta» ou o Plan Foexga—, están amparados por orzamento —como pode ser o plan de financiamento de 100 millóns de euros ou a marca «Galicia calidade», na que se incrementaron os recursos orzamentarios—, e están amparados con resultados positivos, como dixen, xa que Galicia continúa atravesando o mellor ciclo exportador.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Xa remato, señor presidente.

Non conten con este grupo parlamentario para prexudicar os proxectos emprendedores. Non conten tampouco para prexudicar as exportacións galegas. E non conten con nós para prexudicar as pemes de Galicia. Para iso xa están vostedes acoitelando día tras día a nosa industria galega. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bueno, señora Sandra... —sempre me esquezo do seu apelido, perdón—, señora Sandra Vázquez, a verdade é que non sei moi ben se entrarlle a rebater todas as cousas que dixo ou se seguir co meu argumentario, porque a verdade é que mo pon un pouquiño a... —ía dicir a huevo pero non queda nada ben isto—. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Mire, vostede dime que este ano incrementaron o 40 % en internacionalización. Ben, gásteno. (*Murmurios.*) Cando a execución sexa con ese 40 % vimos aquí e vostede veña mostrar músculo. (*Aplausos.*) De momento, por moito que poñan, vostede sabe perfectamente que unha cousa é o que se establece nos orzamentos e outra distinta é o que se executa. E ¿sabe o que lles digo moitas veces a vostedes? Que a Xunta de Galicia é ese «fan que fan». Vostedes parece que van facer para despois non facer nada. É algo que teñen moi interiorizado e que o fan habitualmente.

Mire, cando me di que é o mellor ciclo exportador e que se manteñen as previsións, debo entender que as previsións eran nefastas. Porque, se se manteñen as previsións e estes son os informes... Por certo, este é do Foro Económico de Galicia, supoño que non dubidará. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao señor presidente.*) Señor presidente, por favor, isto é para que llo faga chegar á señora Vázquez. Mire, volve dar máis, este é o índice de produción industrial, publicado polo IGE —tamén organismo oficial—. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao señor presidente.*) Señor presidente, fágame o favor, mire, do DataInvex. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao señor presidente.*) E, xa por último, o Informe de Comercio Exterior. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao señor presidente.*) Por favor, señor presidente. (*Aplausos.*) Para que vexa que os nosos datos sempre veñen avalados e son datos oficiais. Non é dicir por dicir, porque podemos dicir cincuenta mil cousas. (*Aplausos.*)

E, mire, repítolle o que nos dicía o Foro Económico de Galicia, que seguro que algún compañeiro seu pode avalar a solvencia deste foro económico. Volve dicir: «...ampliándose a fenda que arrastramos na evolución exportadora nos últimos dez anos». Isto di textualmente o in-



forme que lle acabo de deixar para que o mire —se non o ten mirado xa, que probablemente si pero que non lle pareceu acaído sacalo aquí—.

E, mire, con estes datos que acabo de expoñerlle —e porque xa non teño máis tempo—, nesta X lexislatura, dos créditos iniciais consignados nos orzamentos da Xunta de Galicia para os anos 2016–2018, nesta X lexislatura, que acadaron 306 millóns de euros, a execución efectiva do Igape nestes tres anos foi de 160 millóns. É dicir, deixaron sen executar 146 millóns de euros, o 48 % do total dos créditos consignados. Por iso lle digo que unha cousa é a que din e outra moi distinta é a que fan.

Non teño nada máis que dicir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, perdón. Acepto a emenda. Hai unha corrección nunha palabra. Simplemente faltaba na redacción do punto número 5 presentado polo BNG, que é demandar do Igape un informe no que se detalle que recomendacións adoptou das realizadas polo Consello. Dígoo porque, se non, non ten sentido.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei, do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e D. Francisco Casal Vidal, sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores

O señor PRESIDENTE: Á proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 60232 (10/PNP-004528))

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto:

«Así mesmo, insta a Xunta de Galiza a demandar do Igape un informe no que se detalle que recomendacións realizadas polo Consello de Contas coa finalidade de corrixir as deficiencias sinaladas foron adoptadas e a abrir un proceso de transformación do Igape nun verdadeiro Instituto Galego de



Crédito e Investimento que supere as limitacións dos mecanismos existentes e aposte na transformación da economía galega».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Que tal? Bos días, señorías.

Hoxe vimos dar conta dun problema que teñen moitas familias e que teñen moitas empresas, e para o cal podería dispensarse unha solución xusta, áxil e, ademais, con pouco custo económico. Voume explicar.

Cando unha empresa entra en crise e non pode facer fronte aos seus compromisos de pagamento, concretamente aos salarios, xérase un determinado período durante o cal os traballadores e traballadoras desa empresa quedan totalmente indefensos e nunha situación económica profundamente vulnerable, que dana non soamente ese traballador ou traballadora senón tamén a toda a súa familia e, por suposto, a toda a economía dun territorio.

Esta situación estase vivindo de forma descarnada recorrentemente en moitas empresas do noso país, como é o caso, desde finais do verán pasado, de Muebles Hermida, en Vilanova de Lourenzá. O seu cadro de persoal —do que hoxe nos acompaña unha representación do seu comité de empresa, e aos que saúdo desde a tribuna—, de arredor dun centenar de traballadoras e traballadores, levan máis de cinco meses sen cobrar. Son unhas cantidades, ademais, que por lei sabemos que teñen dereito a elas; sen embargo, levan máis de cinco meses sen percibilas. Isto ocasiona situacións dramáticas cando, nalgún caso, son os dous proxenitores dunha familia os que traballan na empresa e nese fogar deixan de percibir ingreso ningún. Estamos falando de situacións reais que calquera de nós pode comprender: problemas cos pagos das hipotecas, problemas cos pagos dos alugueres, problemas con fillos a cargo ou persoas dependentes. En definitiva, problemas para seguir adiante coa vida mesma.

E ante este estado de cousas, señorías, existen mecanismos desde o Estado que teñen como obxectivo o pagamento aos traballadores e ás traballadoras dos salarios e indemnizacións pendentes de aboar cando a empresa foi declarada insolvente dun concurso de acredores, pola vía do Fogasa.

Entón, cabe preguntarse cal é o problema. Pois o problema é que para que este mecanismo actúe é necesario que estes créditos fosen recoñecidos a través dunha acta de conciliación, dunha decisión xudicial ou a través dun certificado dos administradores concursais que acrediten que existen cantidades pendentes de pagamento. Así pois, dende que a empresa deixa de pagar os salarios ata que os traballadores e as traballadoras os perciben de forma efectiva, transcorre un período de tempo que para a vida desas persoas é moi prexudicial.

Deste xeito, resulta importante, fundamental —diría eu— desenvolver algún tipo de mecanismo institucional que permita facer fronte a este baleiro temporal ao cal se teñen que enfrontar os traballadores e as traballadoras das empresas que se atopan nesta situación.



A finalidade da proposta que traemos hoxe a esta cámara é que ante unha situación de impago de salarios a Administración autonómica poida reaccionar adiantando as cantidades que logo son recoñecidas por lei aos traballadores e ás traballadoras e que o procedemento concursal dilata en ocasións ata en nove meses. O obxectivo é evitar as consecuencias sociais que este lapso temporal ten nos traballadores e nas traballadoras.

A medida, tal e como nós a imos formular, non é moi gravosa para a Xunta de Galicia, posto que se trata dun simple adianto económico que logo se recupera do cobro das cantidades recoñecidas no concurso. Trátase entón de evitar que a falta de liquidez ás familias sexa un problema como consecuencia dos tempos concursais. É dicir, falamos dunha actuación institucional que palíe os tempos concursais.

É moito máis eficaz, señorías, que a Xunta de Galicia asuma colectivamente esta situación que o que está sucedendo agora, que é que cada persoa ten que negociar individualmente co seu banco, co seu arrendador, etc., suspender os pagos durante meses, o que á súa vez colapsa a cadea de consumo e á súa vez colapsa a economía local.

Finalmente, é importante —e quixera referirme a iso tamén demoradamente— poñer de manifesto experiencias semellantes de carácter singular que tiveron lugar recentemente dentro do propio Estado español, que foron exitosas e que deron lugar a que se paliasen as consecuencias, xa de por si lesivas, dun proceso concursal. Para o efecto, existen ata tres fórmulas diferentes nas que se pode fixar a Xunta e das que nós escollemos unha:

A experiencia da recente creba dunha empresa turística en Baleares, concretamente de Thomas Cook, que deu lugar a que un volume importante de traballadores e traballadoras, non soamente da propia empresa, senón tamén doutras empresas do sector turístico, se visen nunha situación concursal como consecuencia da propia creba do xigante británico, e que deu lugar a unha resposta por parte do Goberno balear tamén de adianto das cantidades que despois se formalizarían e se materializarían nos correspondentes procedementos concursais.

Esta é seguramente a experiencia recente que máis se acomoda á proposta que nós facemos aquí hoxe, pero existen outras, como, por exemplo, no sector agrario cando se fan as entregas á conta por compromisos de pagamento debidos aos produtores. É outra formulación diferente. E as entregas á conta tamén de subvencións que se sabe que son debidas, pero que aínda non se materializou o seu pagamento, por exemplo, por viren de fondos europeos.

Ou, finalmente, un caso algo máis anterior no tempo, pero que tivo unha repercusión que ninguén de nós pode obviar, como consecuencia do sinistro do *Prestige*, onde ademais cantidades que eran moito máis exiguas e eran moito máis difíciles de determinar sobre a súa contía e a propia existencia da propia responsabilidade patrimonial foron asumidas anticipadamente por parte da propia administración, nalgúns casos por parte da Administración autonómica e noutros casos por parte da Administración xeral do Estado, na sorte de subrogación sobre as propias accións xudiciais que puidesen corresponder aos afectados e ás afectadas como consecuencia do accidente do *Prestige*. Polo tanto, funcionan como un adianto, e a partir de aí tanto o Estado como a Comunidade Autónoma, pero fundamentalmente o Estado a través de varios decretos, subrogáronse na posición xurídica acreedora das persoas afectadas para despois exercitarse accións xudiciais.



Este caso sería moitísimo máis simple, moitísimo máis, porque existe unha normativa, que é a que establece todos os dereitos de crédito que teñen os traballadores e as traballadoras no caso da masa concursal, no caso de que a empresa cese definitivamente na actividade e tamén con relación ás garantías de pagos que teñen con relación ao Fogasa, mesmo no caso de que a empresa despois poida continuar coa actividade.

Non quero esquecer tampouco de que estamos en situacións de liquidez ou de insolvencia que ás veces non é definitiva e que, polo tanto, pode ser atallada; un simple bache empresarial que ten sen embargo consecuencias sociais moi graves para os traballadores e para as traballadoras que despois se pode solucionar. Para a empresa soluciónase sen maiores problemas cando esta pode seguir continuando coa súa actividade económica, pero para os traballadores e para as traballadoras durante uns determinados meses a situación foi verdadeiramente dramática.

¿Que nos corresponde a nós? Correspóndenos colectivamente intentar paliar esa situación ofrecendo mecanismos que con baixo custo para a Xunta de Galicia teñen un grande impacto económico e social no territorio onde se producen as situacións concursais.

Como dixen antes, calquera das situacións que relatei teñen en común o adiamento de cantidades que se sabe que son debidas e que han de ser aboadas. Ben, a pregunta que cómpre facerse xa no concreto é se a Xunta de Galicia ten competencia para levar a cabo esta medida. A resposta é positiva. E existen varios organismos que poderían ocuparse disto, pero nós entendemos, e por iso fixemos a formulación específica, que o Instituto Galego de Promoción Económica, do que acabamos de falar agora e do que precisamente se acaban de enumerar as virtudes do seu traballo feito ao longo destes últimos vinte e cinco anos, pode dentro das súas competencias asumir estas funcións. Quero lembrar tamén que dentro do propio Estatuto do Igape se recolle a función de mellorar o sistema produtivo galego facilitando procesos de creación, de consolidación e de crecemento empresarial.

Señorías, a fase concursal dunha determinada empresa afortunadamente non supón en todas as veces o cese da súa actividade. Polo tanto, o apoio que se produce á empresa para a continuación da súa actividade debe de ter tamén o correlativo da responsabilidade social como conxunto da sociedade por medio tamén do aboamento destas cantidades aos traballadores e ás traballadoras, que son, por outra parte, os que constitúen a forza de traballo que fai que esa empresa despois poida continuar moitas veces ademais con sacrificio dos seus propios salarios, con renuncias nos propios eres ou nos propios ERTE para que posteriormente poida seguir adiante unha actividade empresarial.

Polo tanto, é hora de que este organismo, que ten como finalidade a continuidade empresarial, sirva tamén para paliar a situación que se produce con relación aos traballadores e ás traballadoras.

A creación dun programa destas características consiste basicamente —e é o que traemos á Cámara— na creación dun fondo destinado ao adiamento de liquidez no aboamento de salarios debidos aos traballadores e ás traballadoras en situación de liquidez con insolvencia das empresas, con posterior subrogación na súa posición xurídica de acredores desas cantidades no proceso concursal.



Na práctica forense, señorías, este adianto éo por un período máximo de media de nove meses, polo que en termos económicos, dado que as cantidades están garantidas legalmente vía Fogasa cos seus xuros por atrasos, para a Xunta o custo económico deste adianto estaría reducido a gastos de xestión, que unha vez estandarizado o procedemento serían moi reducidos. É dicir, falamos da creación dun fondo, un fondo cunha dotación orzamentaria, que se traslada ás empresas en función das necesidades como consecuencia deses impagos, que se recupera en menos dun ano. Iso é o que di a propia práctica concursal.

Polo tanto, é unha cantidade que vai e que volve e que permanece na Xunta de Galicia ao longo do tempo, ademais que se recupera con xuros, tal e como establece a propia Lei concursal. Polo tanto, unicamente estamos falando de gastos de xestión da posta en marcha do mecanismo.

En definitiva, señorías, estamos falando dun programa que con baixo custo de xestión pode acadar un alto beneficio social e económico en persoas e en familias que habitualmente residen nunha mesma contorna territorial, onde a situación de crise empresarial pode ter un impacto negativo ou, pola contra, pode verse amortecido por unha medida coma esta. No caso ao que facemos referencia de Muebles Hermida, estamos falando dunha pequena localidade onde o impacto salarial desta situación é moi grave en toda a economía da zona. Polo tanto, situacións con propostas como a que facemos paliarían de forma importante situacións como as que estamos describindo.

Pensamos ademais que a constitución do propio fondo podería activarse de forma inmediata mediante o establecemento dunha partida...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, remato xa— de crédito orzamentaria e podería entrar en vigor e aplicarse a este caso concreto no caso de que unha vez constituído o fondo a situación de impago continuase para o conxunto dos traballadores e das traballadoras, para os que desexamos que a situación se solucione o antes posible.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos votar favorablemente esta proposta que trae hoxe o Grupo Mixto a debate. Parécenos unha iniciativa interesante e é un espazo no que o Igape podería actuar como mal menor resolvendo problemas que en ocasións acontecen, e por falta de vontade política non se está a dar resposta por parte da Administración galega.

Falaba o señor Villares, en concreto, da situación de Muebles Hermida, pero podemos recordar algunha outra que se ten debatido neste parlamento. No seu día falamos desta cuestión sobre



Maderas Iglesias. Falamos tamén dos impagos do naval, a quen o director do Igape lle respondía que a economía se regulaba soa e xa está, e as solucións choven así do aire por arte de maxia. Podemos falar tamén da propia situación dos traballadores e traballadoras de Isobar que eu mencionaba no anterior debate, que tamén atravesaron esa situación de impagos durante moitos meses. E poderíamos poñer unha lista moito máis longa. Seguramente se a Xunta de Galiza estivese preocupada de reservar contías do Igape para isto e non para a súa *fiestuqui* do vinte e cinco aniversario tería sido mellor. (Aplausos.)

E de fondo hai dous grandes problemas: un, esa falta de vontade política, e outro que realmente hai un fracaso tamén do propio marco laboral. Nós non queremos deixar de insistir nesta cuestión, porque o certo é que temos un marco laboral que foi configurado para beneficiar as grandes oligarquías no lugar da clase traballadora do noso país, e iso vai en detrimento de que cada vez máis os traballadores e traballadoras teñen menos certezas e teñen menos seguridades á hora de enfrontar o seu día a día. Iso ten repercusións tamén cando unha empresa en concreto entra en crise, e eses traballadores e traballadoras non teñen un soporte persoal ou familiar para soportar esa situación, e, polo tanto, van precisar máis que nunca que a administración estea ao seu lado. Iso é así porque o sistema está deseñado para favorecer uns poucos en lugar das maiorías sociais. Por iso temos falado tamén noutros debates de que nestes anos de crise aumentaron o número de ricos, no lugar de aumentar a igualdade social.

E podémolo ver tamén en datos obxectivos, que supoño que virá aquí o Partido Popular a negar, como o peso dos salarios no produto interior bruto. No ano 2009 podíamos falar dun corenta e oito por cento e no terceiro trimestre de 2019 falamos dun 42,4 por cento. Polo tanto, hai un conflito de clase, hai un conflito tamén nacional, porque en Galiza hai un descenso no peso do salarios do seis por cento, mentres no espazo da Unión Europea 28 caeu só 0,8 puntos e no Estado español menos de catro puntos.

Tamén podemos ver isto no prezo por hora traballada. En Galiza está nos dezasete euros por hora, no marco europeo en 23,7 euros/hora, no Estado español en 19,7 euros/hora. Tamén se ve aquí a perda de poder adquisitivo real que tivo a clase traballadora galega se o comparamos coa inflación. Vemos que entre o 2009 e o 2018 os salarios aumentaron un 5,2 por cento, e aínda lle parece fatal ao Partido Popular que poidan aumentar máis, se a inflación foi do 11,8 por cento. Polo tanto, a perda real de poder adquisitivo dos galegos e galegas foi de case un sete por cento. Iso é o que fai que no día de hoxe para moita xente traballar sexa directamente sobrevivir, e que cando se dá unha situación deste tipo na que hai impagos sexa algo que de por si é grave, pero que esa gravidade se multiplique.

Pero o problema de fondo tamén, ademais desta situación estrutural do mercado laboral, é a falta de vontade do Goberno galego. Díciáo moi ben o señor Villares na súa quenda, que o certo é que non hai vontade. Porque temos exemplos doutros tempos que el mencionou, temos exemplos doutras latitudes, temos incluso outras posibilidades, porque, efectivamente, a nós non nos parece mal que isto se faga a través do Igape, pero o propio voceiro do grupo proponente dicía que habería outras fórmulas incluso. Pero a cuestión é que non se quere atender esta urxencia, non se quere atender que a Xunta de Galiza exerza de goberno. Sorprende nestes meses, ademais, nos que se están volvendo case independentistas e ao borde



de propoñernos unha autarquía tamén en termos económicos. Pero o certo é que é unha evidencia máis da falta de vontade política.

Eu quería rematar cunha última reflexión. Deberíamos tamén nalgún momento abordar o fracaso que está a ter neste momento a Lei concursal e de segunda oportunidade. O certo é que é un fracaso a súa aplicación, e por iso foi reformada xa case en trinta ocasións, e por iso un noventa por cento das empresas que acoden a esta vía acaban fracasando.

Citei no debate anterior o exemplo de Isobar e non podo volver evitar recordalo. Algo falla se un mecanismo legal, un procedemento que está previsto para, en teoría, dar unha nova oportunidade a empresas que teñen condicións para seguir adiante, e iso case nunca pasa, é que algo está a fallar tamén nun sistema económico e legal, que está actuando de triturador dos sectores produtivos no lugar de protexelos.

Simplemente insistir en que a emenda que incorporamos vai na liña do debate anterior, de que entendemos que en canto o Igape exista hai que clarificar que cumprimento dos mandados do Consello de Contas está a acometer ou non, e que tamén nalgún momento habería que dar un debate sobre como reformamos os instrumentos para que valla para algo. Se non o quere dar o Partido Popular agora...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...agardemos que nuns meses haxa outro goberno que sexa capaz de dalo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Común da Esquerda, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, presidente.

Señorías, o noso grupo comparte totalmente a intención desta iniciativa, xa que nos procesos de morosidade, quebra ou concursais das empresas quen sae perdendo sempre son os traballadores e as traballadoras, que quedan desprotexidos fronte a situacións de impagos e crises e deixan de percibir as retribucións que lles corresponden. Está claro que é unha necesidade, non só necesario, senón que é imprescindible facer fronte a estes pagos e atrasos que poden producirse.

En materia de xustiza, ademais, as competencias das comunidades autónomas son case inexistentes. Entón, pensamos que claro que si que todos os temas que afectan directamente a cidadanía como nestas cuestións, onde unha xestión máis próxima de tipo administrativo facilitaría a maioría das respostas da administración, debería plantexarse.

A única dúbida que nós temos é se verdadeiramente o Igape sería a entidade máis adecuada para facerse cargo tamén dese traballo. Porque se ben é certo que xa fixeramos crítica de todo



o que debería mellorar a Igape, por outro lado, é evidente que xa ten un montón de tarefas estratéxicas. E entendemos que para isto podería habilitarse un mecanismo específico dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que ademais parece que como a Xunta ten a ben non orzar, non executar os orzamentos precisos, tampouco imos ter necesariamente un problema orzamentario para facer fronte a estes traballadores e traballadoras. Que se falamos de traballadores e traballadoras galegos estamos a falar de catro mil douscentos galegos e galegas que se atoparon nesta situación no último ano.

É previsible, ademais, que fronte a esta desaceleración da economía se reinverta a evolución negativa dos expedientes que entraban en Fogasa —esa entidade de ámbito estatal ata agora—, e estes expedientes incrementáronse no último ano nun doce por cento. Ou sexa, que cada vez vai haber máis xente que poida estar afectada por esta situación.

Ademais, tamén queremos insistir en que a situación da Lei concursal do PP fixo un antes e un despois no tema das empresas en concurso, xa que se ben antes tiñan que dotar de créditos privilexiados os traballadores —e isto quere dicir que eran os primeiros en cobrar as débedas, eran as débedas salariais as que tiñan que estar zanzadas en primeiro lugar—, dende esta aprobación da Lei concursal do PP os salarios pasaron a ser considerados créditos ordinarios. Lembramos que se cobran por orde de prioridade: en primeiro lugar, os créditos contra a masa, que se considera no caso do salario do traballador o último mes soamente debido; en segundo lugar, os privilexiados e, en terceiro, os ordinarios. E a partir da Lei concursal do PP, estas débedas salariais cos traballadores e coas traballadoras quedaron consideradas como créditos ordinarios, é dicir, que ten que reclamarse, quedan para último lugar, e calquera outro acredor da propia empresa pasa a estar nas mesmas situacións que os dereitos dos traballadores.

En definitiva, a situación actual, ademais do medio de Fogasa, desta entidade estatal, ten unha serie de problemas relativos ás limitacións tanto dos límites salariais diarios como do límite salarial global e o límite de indemnizacións, e tamén un límite temporal de cento vinte días, que ás veces estas reclamacións poden levar trámites complexos, que non son claramente determinados pola empresa dende un principio, e poden prorrogarse ata un punto que o traballador ou a traballadora non se atope en situación de poder reclamar e que perda definitivamente estes dereitos salariais.

Por todo iso, cremos que si que é necesario absolutamente ter un fondo de carácter autonómico, que sexa recuperable para a administración e que actúe con maior axilidade, de forma que poida ser solicitado polo traballador ou a traballadora ante os primeiros impagos e que este sexa recuperado pola administración, se ao final se produce o cobro, ou pola substitución de acredor no caso de que non sexa así.

Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.



Bos mediodías a todos e a todas.

A PNL que nos ocupa trata do adiamento dos salarios debidos aos traballadores e traballadoras cuxas empresas se encontran en procesos concursais, solicitando a creación dun programa de liquidez dentro do Igape. O aboamento dos salarios pendentes de aboarse o certo é que competencia do Fondo de Garantía Salarial, establecido no Estatuto dos traballadores, no artigo 33, e na Lei concursal, no artigo 64.

O Fogasa —como dicía— é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Traballo que aboa aos traballadores e traballadoras os salarios ou indemnizacións pendentes de aboar pola empresa en dous casos: un, como dicía o compañeiro Villares, cando se declara a insolvencia da empresa polo Xulgado do Social competente e dous, cando se declara a empresa en concurso de acredores.

Para que o Fondo de Garantía Salarial proceda ao aboamento destes salarios pendentes de cobro polo traballador, máximo —temos que dicir que paga catro meses—, este traballador debe ter en posesión unha sentenza firme que recoñeza a débeda e ademais un auto que declare tamén que a empresa obviamente é insolvente e que non pode facer fronte aos pagos.

Para ese camiño de ter esa insolvencia, a verdade é que este non é curto, pois ten que reclamar unha conciliación previa ante o SMAC, demanda ante o Xulgado do Social competente, celebración do acto do xuízo, que se dite sentenza polo xuíz do Social e o auto de execución de sentenza e autosolvencia. Pero tamén a segunda parte —que é do que trata esta moción— fala do certificado da administración concursal da empresa declarada en concurso de acredores.

Neste ano, o Fondo de Garantía Salarial aboou aos traballadores en concepto de salario e expredientes de pago unha cantidade desorbitada: 13.744.000 euros, dos cales 6.609.000 euros derivan de procedementos concursais. Creo que é unha cifra, dende logo, para reflexionar, señores do Partido Popular. En concreto, cinco mil doce persoas en Galicia foron afectadas por estes procedementos. E en total o Fondo de Garantía Salarial, incluídas as indemnizacións, pagou máis de vinte e catro millóns de euros, que saen, señorías, dos petos dos cidadáns e do desconto das cotizacións, da base de cotizacións nas súas nóminas.

Pero o que o Partido Popular non arranxa nin con políticas de emprego activas e eficaces, senón todo o contrario: ineficaces, curtopracistas, que conseguen neste mercado laboral galego precariedade, temporalidade, desigualdade e baixos salarios. Parece que a EPA do día de onte que saíu non lle gustou moito ao Partido Popular, porque non vin a valoración feita desde esa bancada a respecto dos datos. Só uns *tweets* por aí que saen así como que presumindo duns datos que non creo que se poida presumir, porque temos que dicir que o número de activos baixou en trinta e oito mil duascenas persoas, un 2,93 por cento. Descenso só superado por Andalucía e por Madrid.

Cando Feijóo accedeu á Xunta de Galicia, a taxa de paro era de 1.152.000 traballadores ocupados, hoxe os ocupados baixaron a 1.096.000 traballadores. A baixada do paro en Galicia é inferior á baixada media en España. Respecto da variación intertrimestral, temos dúas mil



trescentas persoas máis no paro en Galicia. Ben, o emprego e a precariedade laboral en Galicia camiñan da man, segundo os sindicatos, e nós estamos de acordo con esta apreciación.

Seguindo co tema que nos ocupa, tamén temos que ser —como dicilo— xustos co Fondo de Garantía Salarial e dicir que si que é verdade que se acurtaron moitísimo os prazos. No ano 2019, Luis, sabes que se instalou a provincia única, co cal os expedientes se resolven en dous meses. Pero estamos os socialistas de acordo en que aínda así os tempos para os traballadores son, dende logo, moi longos e desesperante a falta de liquidez que producen esa falta de salarios, porque os bancos, os alugueiros, as hipotecas, a comida dos nenos, as necesidades básicas dunha economía familiar non entenden de certificados do Fondo Garantía Salarial nin de certificados do administrador concursal.

Nesa liña, temos que apoiar esta moción, como non pode ser doutra maneira. Se ben é certo que temos que despois concretar o número de meses en que vai proceder a axuda. Imaxino que de catro meses como paga o Fondo de Garantía Salarial, para que Galicia non perda nese caso eses salarios, a contía deste aboamento, a forma de repercusión do custo, etc. É certo que en Baleares se crearon unhas ordes a este respecto coa empresa de Thomas Cook. E esta era basicamente distinta porque falaban máis ben de adianto de salarios de axudas de cincocentos euros durante catro meses...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...Eu creo que nesa liña que plantexades sería moito máis completo.

Nada máis, pola nosa parte e aprobar esta PNL.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Eu comezar a miña intervención saudando os traballadores de Muebles Hermida que nos acompañan na tribuna de invitados. ¡Benvidos!

Señorías, as políticas industriais do Goberno de Pedro Sánchez están a xerar unha enorme desconfianza e incerteza que xa se está a notar, ocasionando unha desaceleración económica significativa. Non só o digo eu, senón que a portavoz do Grupo Común da Esquerda tamén dicía que había desaceleración. Ante esta situación de temeridade por parte do Goberno socialista central, a preocupación e a inseguridade xera inestabilidade nas empresas galegas.

Pero mire, señora Rodríguez: parece que non estivo vostede pendente na comparecencia de orzamentos para o ano 2020 por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pero



xa a informo eu que o 24 —si xa informo eu, e a señora Blanco tamén xa a informo tamén un pouquiño, que ao mellor está bastante despistada—. Convén recordar, señorías, que nesa comparecencia... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Os datos doullos eu agora, señora Blanco.

Nesa comparecencia o conselleiro anunciou un paquete de apoio para empresas e traballadores afectados polo actual momento de inestabilidade. Ese paquete de apoio inclúe un novo programa de axudas para traballadores afectados polos eres dotado de catro millóns de euros. Unha medida enmarcada dentro do diálogo social no que participan a patronal e os sindicatos.

Esta medida, dotada de catro millóns de euros, conta con dúas liñas. Unha, para os casos de suspensión de contratos ou redución da xornada, dirixida a colaborar no mantemento dos ingresos das persoas que menos cobran e no seu plan de formación. E outra para as persoas traballadoras con cincuenta e cinco ou máis anos afectadas pola extinción de contratos por empresas en crise. Axudas destinadas ao financiamento das cotas para ingresar á Seguridade Social, polo convenio especial ou para compensar a diminución do importe da indemnización.

Pero non remata aquí a aposta do Goberno galego, xa que reforza o programa Resolve, dirixido a facilitar o financiamento operativo das pemes, con 1,8 millóns de euros.

O Goberno galego fortalece tamén a achega ao fondo de garantía para riscos de avais e pagamentos non realizados polas sociedades de garantía recíproca, dotada con sete millóns de euros, ademais dun novo programa para apoiar as renovacións de préstamos e o refinanciamento de débedas co Instituto Galego de Promoción Económica, dotado con oito millóns de euros. Polo que en 2020 se multiplicaron por máis de tres os fondos destinados a acompañar as persoas e empresas máis débiles no contexto de incerteza e desaceleración dos últimos meses e, probablemente, durante o presente ano a causa da desidia do Goberno central socialista.

Señor Villares, vostede falaba na súa exposición de motivos do Fogasa. Non sei se sabe que o Fogasa é un organismo autónomo adscrito a un ministerio do Goberno central. E digo ministerio, e non específico, porque aínda que debería estar en poder da súa ex-compañeira Yolanda Díaz, ministra de Traballo e Economía Social, xa se encargou o presidente Sánchez de que o control da Seguridade Social non estea en mans de Unidas Podemos, non sei se por desconfianza ou por mor de ter pesadelos pola noite. En definitiva, o Ministerio de Traballo ou —mellor denominado— ministerio baleiro pero cheo de asesores non ten dentro da súa competencia garantir a percepción dos salarios, indemnizacións por despido das relacións laborais pendentes de pago a causa da insolvencia concursal do empresario.

Pero unha cuestión, señor Villares: se a Seguridade Social é de competencia estatal, vostede pretende que o Goberno galego pague e o Goberno central cobre. ¡Si que mira vostede polos intereses dos galegos e das galegas! ¡A falta de que nos deben trescentos setenta millóns de euros, pretende que aínda nos deban moito máis! Mire: non conte con este grupo para que



siga desprezando día tras día todos os galegos e todas as galegas. (*Aplausos.*) Desde logo, seguiremos loitando polo que nos pertence, un diñeiro que é de todos os galegos.

Señorías, van encontrar diferenzas entre un goberno que goberna e que se preocupa polos empregos de Galicia e un goberno que só se preocupa por ampliar o emprego no Consello de Ministros. Así:

Consellos da Xunta do mes de xaneiro, do 9 de xaneiro: a Xunta impulsa a competitividade dos parques empresariais, sesenta e sete millóns de euros no tecido empresarial galego. Consello da Xunta do 16 de xaneiro de 2020: a Xunta activa apoios por preto de 24,5 millóns de euros. Consello da Xunta do 23 de xaneiro de 2020: a Xunta impulsa o Goberno local a través de tres programas que permitan aos concellos galegos contratar mil oitocentas persoas desempregadas.

Consello de Ministros do mes de xaneiro: do 14 de xaneiro: cero; do 17 de xaneiro: cero; do 21 de xaneiro: cero; do 28 de xaneiro: cero.

Non hai máis cuestións que engadir.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Eu sinto un pouco de tristeza pola intervención da señora Vázquez, porque tendo a oportunidade de dar unha resposta a un problema dedicouse a facer cousas diferentes, de achegar... Si, vostede pensa que aos traballadores e ás traballadoras lles interesa algo desa lea na que pretenden vostedes meter e desviar este debate. O debate do IVE... Non, non, non estamos falando de nada diso. E á parte está vostede —non sei— intentando buscar ou poñer aquí unha cortina de fume para dar unha resposta ao problema que se pretende solucionar.

Falou vostede dos paquetes de apoio, de triplicar para este ano os recursos do Igape para as empresas en situación de crise. ¿Ese triplicado de fondos vai solucionar os problemas de empresas coma esta para os traballadores?, ¿vainos solucionar, si ou non? Si, está a señora Vázquez dicindo desde o seu asento que si, que llelo vai solucionar. ¿Isto significa que como consecuencia e con cargo a estes programas se vai facer un adianto de tesourería para que poidan cobrar as catro nóminas antes de que se resolva por parte do Fogasa no procedemento concursal? Se di que si, que se solucionan os problemas, terá que contestar tamén afirmativamente a esta segunda pregunta que lle fago, diga «Si» ou diga «Non». (*A señora Vázquez Domínguez xesticula desde o seu escano.*) A calada por resposta xa sabemos cal é o significado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si ou non? Diga «Si» ou diga «Non». (*A señora Vázquez Domínguez xesticula desde o seu escano.*) Claro, é moi fácil. Entón, dixó que podía solucionar os problemas destes traballadores concretos, desta sección concreta, que eu creo que acabo de expoñer de maneira bastante clara. Vostede di que si, que pode solucionalo, e se



digo neste caso concreto se isto vai significar que poidan percibir salarios, vostede fai espaventos nada máis.

Ben, se ese triplicado de fondos non dá como consecuencia que se resolva este problema, pois igual hai que poñer máis fondos. E a iso é ao que viña esta iniciativa, a un fondo que tivese con carácter específico ese adianto de tesourería.

Mire: ou non leu a iniciativa ou non sabe de que vai o asunto cando di que o Goberno galego paga e o Goberno de España recibe e cobra. Non, primeiro, o fondo que nós propoñemos é un fondo que está á disposición destas situacións de insolvencia para adiantar os salarios dos traballadores, que despois se recibe de volta —é un simple adianto de tesourería— das cantidades que son debidas como consecuencia da recepción do Fogasa, unha vez que son determinadas no procedemento concursal. É un simple adianto de tesourería, non é máis nada. Aquí non hai ninguén que cobre e outro que pague, non. Aquí os que queremos que cobren son os traballadores e traballadoras en prazo, (*Aplausos.*) para que poidan pagar os seus recibos a final de mes, como fai vostede.

Ben, a nós gustaríanos que dese unha resposta afirmativa. ¿Vai votar a favor da proposición non de lei?

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do BNG?

O señor VILLARES NAVEIRA: Vai depender de se a señora interviniente do Partido Popular condiciona, porque ao mellor digo admito a proposición...

O señor PRESIDENTE: Iso non ten nada que ver.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...Non, pola emenda do Bloque...

O señor PRESIDENTE: Non, non, vostede. Iso non condiciona. Vostede...

O señor VILLARES NAVEIRA: ...¿Entón? En versión orixinal: ¿está vostede disposta a aceptala?, ¿si ou non?

O señor PRESIDENTE: Non, non acéptea vostede, ela non ten, ela xa lle dirá co voto.

O señor VILLARES NAVEIRA: Estou dialogando porque eu quero chegar a un acordo.

O señor PRESIDENTE: Pero fáleno despois.

O señor VILLARES NAVEIRA: Eu quero chegar a un acordo.

O señor PRESIDENTE: Ben, entón deixámolo para despois. Vale.

Entón, rematou o seu tempo, señor Villares. Grazas.

Non, fáleno.



O señor VILLARES NAVEIRA: En relación coa emenda nós non temos ningún problema en aceptar a emenda; agora ben, supoño que a señora Presas entende perfectamente que se iso impide ese acordo, que o deixemos para mellor ocasión.

O señor PRESIDENTE: Ben, pois despois fanme trasladar o seu acordo.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moi ben. Moitas grazas. (Aplausos.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Común da Esquerda, ou sexa, de todos os grupos, menos do que propón.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Esixir ao Goberno de España a urxente convocatoria da Mesa Local para unha Transición Enerxética Xusta nas Pontes, órgano de gobernabilidade onde se vexan representadas as distintas administracións públicas e privadas e as organizacións sindicais con representación no territorio, co fin de empezar a traballar de forma concreta en posíbeis alternativas á situación actual que poidan paliar e arrojar luz ás graves afeccións que a situación actual está a provocar no emprego dependente da xeración eléctrica no territorio.

2º.- A comprometer o seu apoio técnico, administrativo e económico ao Concello das Pontes para o desenvolvemento urxente de solo industrial.

3º.- A colaborar co Concello das Pontes na captación, nun curto-medio prazo, de proxectos alternativos creadores de emprego e de interese socioeconómico.>>)

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda núm. 1, de modificación.



Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha xunto ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes para establecer a folia de ruta que garanta un futuro para as 750 familias que dependen da actividade da central térmica que Endesa ten nesta localidade, desenvolvendo e financiando iniciativas que dean alternativas viables para o mantemento do seu emprego.»

Emenda núm. 2, de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, os seguintes puntos:

«2.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo, en paralelo ao “CLEW-Galicia”, para desenvolver dous proxectos piloto do mencionado Mapa nas macrocomarcas de Ferrolterra-As Pontes-O Eume-Ortegal e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzúa, baseándose en modelos xa existentes en varias rexións europeas.

En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos, estatais e da propia Xunta de Galicia para poñelo en marcha. En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos, estatais e da propia Xunta de Galicia para poñelo en marcha.

3.- Instar os Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integren ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

4.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

5.- Instar os Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava, e que non foi executada.

6.- Instar os Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER), que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.



7.- *Facer modificacións orzamentarias para incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.*

8.- *Instar Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acaados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.*

9.- *Promover prioritariamente proxectos na liña da Transición Ecolóxica.*

Os proxectos que ata este momento se tiñan apoiado estaban vinculados ao desenvolvemento de novas infraestruturas físicas, non dunha maior capacidade técnica dos traballadores. Hai que apostar de maneira decidida pola formación profesional no eido da sustentabilidade e das novas tecnoloxías presentes na transición enerxética: Instalación e mantemento en enerxías renovables; técnicas de eficiencia enerxética en edificios; técnicas de reciclaxe e eliminación de residuos; etc.

Os axentes económicos non buscan nestes momentos lugares con polígonos industriais, se non lugares con traballadores moi ben formados e cun alto nivel de produtividade. É tamén con infraestruturas dixitais e de banda larga de última xeración. Porque non as primeiras de 5G en Galicia en As Pontes e Cerceda. Isto é o complexo e diferenciador, facer unha nave non aporta ningún valor engadido.

10.- *Desenvolver nas dúas comarcas ciclos formativos tanto para estudantes como para traballadores en activo de Formación Profesional en produción, instalación e mantemento de parques eólicos, instalacións fotovoltaicas, xeotérmicas e de biomasa. Isto atraería a empresas destes sectores a instalarse nestas comarcas.*

11.- *Promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos. Todo elo na liña de non voltar ao monocultivo industrial.*

12.- *Recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas e a actividade económica. Desta maneira desenvolver iniciativas, co apoio financeiro de Endesa e Naturgy, para que as escombreyas pasen a ser elementos culturais, de ocio e de turismo sustentable. Cremos que se fixo un bo traballo de restauración ambiental nas de As Pontes e terían que pasar de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado a natureza e o turismo.*

13.- *Creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia. Coa participación do Estado, empresas e asociacións ambientalistas. Asociado ao mesmo estaría o centro de testeo de nova tecnoloxía renovable.*

14.- *Creación dun Centro de Eco-Empresas que axude a instalarse na zona a empresas de enerxías renovables, eco-construción, fabricación e instalación de puntos de recarga eléctrica para automóviles e outros sectores verdes. Ligado ao centro de formación profesional especializado nestes sectores. Isto*



atraería a empresas de outras autonomías e fomentaría que leven aos seus técnicos a formarse neste centro. E por suposto rexeitar proxectos que non vaian nesta liña de futuro e que só presenten proxectos oportunistas ante os posibles incentivos.

15.- Desenvolver un plan piloto para a reforma enerxética de vivendas para conseguir aforros en calefacción e iluminación, co obxectivo final de vivendas neutras en emisións de carbono. Comezando polas vivendas vulnerables destes Concellos e por exemplo as vivendas das persoas xubiladas de Endesa as que arrebatou os seus dereitos de subministro de enerxía eléctrica. Isto posibilitaría tamén a creación dun novo tipo de emprego especializado na auditoría enerxética e o teste de medidas de eficiencia que despois se poderían implantar en toda Galicia.

Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama. Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama.

16.- Creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe.

17.- Creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia, localizándoo nas Pontes.

18.- Instar aos Concellos de As Pontes e Cerceda a dar exemplo, desenvolvendo unha política de compras verdes que ademais prime a produción local.

19.- Poñer en marcha de inmediato, en canto estea constituído o Goberno do Estado, os traballos de recuperación ambiental das Rías do Burgo e de Pontevedra. O transporte dos centos de miles de lodos tóxicos a planta de Sogarisa en As Somozas, para a súa inertización podería dar traballo aos transportistas de As Pontes por un período de mais dun ano. En paralelo se desenvolverá e financiará un plan urxente para abrir a posibilidade a estes transportistas de diversificar as súas posibilidades de traballo nun sector de forte demanda.

20.- Desenvolver todas as accións propias nos orzamentos da Xunta de Galicia, e instar ao Goberno do Estado nas que sexan da súa competencia, así como as actuacións ante a UE, para acadar a Financiación de todas estas iniciativas enumeradas anteriormente:

A. Execución das partidas pendentes, decenas de millóns de euros, dos plans Miner paralizadas polo goberno do Sr. Rajoy.

B. Execución das novas partidas previstas na disposición adicional centésimo oitava dos orzamentos de 2018, todavía en vigor.

C. Reclamar dotacións orzamentarias provintes da recadación por dereitos de emisión de CO₂ como contrapartida aos millóns de toneladas que se deixarán de emitir nas Pontes e en Meirama. Todo o Estado que se beneficiou da produción eléctrica nestas comarcas ten que compénsalas agora. C. Reclamar dotacións orzamentarias provintes da recadación por dereitos de emisión de CO₂ como con-



trapartida aos millóns de toneladas que se deixarán de emitir nas Pontes e en Meirama. Todo o Estado que se beneficiou da produción eléctrica nestas comarcas ten que compénsalas agora.

D. Acadar fondos europeos, a partir de 2021, despois de presentar o Mapa da Transición sostible de Galicia e as súas aplicacións as comarcas de As Pontes e Meirama. D. Acadar fondos europeos, a partir de 2021, despois de presentar o Mapa da Transición sostible de Galicia e as súas aplicacións as comarcas de As Pontes e Meirama.

E. Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. E. Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

F. Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios aca- dados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser partícipes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

G. Desenvolver dentro das súas competencias tributarias, e instar ao Goberno do Estado a desenvolver dunha nova Fiscalidade ecolóxica.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno central a constitución da Mesa de Transición Galega que afecta aos concellos de Cerceda e As Pontes para establecer a folla de ruta que garanta un futuro para as familias que dependen da actividade das centrais térmicas de Endesa nas Pontes e de Naturgy en Cerceda, así como a presentación do Plan de peche de cada unha das centrais térmicas.»)

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado e portavoz Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Que xunto con ENDESA, Goberno español, Concello das Pontes e sindicatos poña en marcha unha Mesa para a Transición Xusta para que:

a) Inmediatamente solvente a grave situación que padecen os transportistas do carbón, que conteñan solucións financeiras ao endebamento deste colectivo, adquirido polos investimentos recomendados pola empresa, contemplando a concesión de créditos brandos ou carencias para as amortizacións e que aporte un plan de reconversión laboral no colectivo.

b) Se ofrezan garantías para o emprego dos traballadores e traballadoras de ENDESA e auxiliares.

c) No prazo de 6 meses se elabore un Plan de Transición xusta que non deixe atrás a ninguén e que prepare As Pontes e a súa comarca para un futuro sen carbón, levando a cabo unha planificación económica que defina as liñas de actuación e os investimentos das diferentes administracións.

d) Se leven a cabo as xestións oportunas para que Galiza poida optar aos fondos europeos para unha transición enerxética xusta.

e) Se utilicen todas as posibilidades ao alcance das administracións para que ENDESA axude a financiar o Plan de Transición Xusta devolvendo cando menos parte dos beneficios que durante décadas extraeu das pontes.

2.- Instar o Goberno español a utilizar Fondos MINER, para impulsar proxectos de desenvolvemento económico sustentable.

3.- Incluír nos orzamentos do 2021 fondos propios para levar a cabo iniciativas económicas no ámbito xeográfico das Pontes e comarca de Ferrolterra.»)

O señor PRESIDENTE: Entón, para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Pois esta iniciativa vai, como diría o señor Villares, dos problemas dos traballadores das Pontes. E, polo tanto, imos falar deses problemas e ver cal é a disposición dos grupos da oposición para colaboraren na busca de solucións para algúns traballadores que queren nada máis e nada menos que seguir facendo o que facían ata hai uns meses e poder seguir mantendo os seus postos de traballo, nin máis nin menos. O mantemento deses postos de traballo, que algúns dende hai anos viñeron pedir a esta cámara que se perdesen, que se destrúsen para cumprir o seu afán.

Hoxe volvemos falar das Pontes. Volvemos falar de setecentas cincuenta familias que seguen vivindo na máis absoluta das incertezas. Volvemos falar dos transportistas que hipotecaron as súas casas, hipotecaron as súas vidas para renovaren os seus camiós, coa promesa de que a central tiña décadas de vida útil por diante. Volvemos falar dunha comarca, a comarca do Eume, que sen central ameaza con botar o peche, o peche de toda unha comarca.



Falamos, en definitiva, de emprego; falamos de actividade económica; falamos de industria; falamos de economía. Pero falamos de persoas, de problemas reais; falamos de familias e, polo tanto, falamos de presente e falamos de futuro.

Sei perfectamente que isto nos tempos que corren, na España de Pedro Sánchez, é unha frivolidade: vir aquí falar de industria, de emprego, de persoas, de familias, da certeza das familias e dunha comarca. A vostedes pódelles soar aburrido. Porque o Partido Socialista durante meses, e agora os seus socios tamén, só se preocuparon dunha persoa, do seu presente, do seu futuro, dos seus problemas, do seu emprego e do emprego dos seus amigos. Para o Partido Socialista, durante meses só existiu Pedro Sánchez, e esqueceronse de todo o demais, e os que o acompañan no goberno tamén.

Mentres tanto, foron deixando que todo esmorecese, creando problemas novos onde non os había coa súa mala xestión e provocando que eses problemas se enquistasen ata case converterse en irreversibles. Nós dicimos que o problema das Pontes é reversible. Sei que vostedes queren coidados paliativos para unha comarca. E nós o que quereamos é devolverlles os postos de traballo ás persoas ás que vostedes queren arrebatárllelos.

As Pontes é o mellor exemplo do que foi dende xuño de 2018 e do que é o Goberno socialista. Había unha central térmica que funcionaba perfectamente, unha central térmica que garantía centos de postos de traballo, unha central térmica que fixera os investimentos necesarios para cumprir coa normativa da Unión Europea, de control de emisións contaminantes, que lle permitiría seguir traballando ata o ano 2045. Pero chegou a comandante Ribera e mandou parar. Antes de ser ministra fíxolle un informe ao señor Pedro Sánchez no que dicía que había que pechar as térmicas, e logo dende o Goberno executou a orde.

Chegaron ao Goberno e executaron esa decisión, sen importarlles se as centrais se adaptaran ou non á normativa europea de control das emisións contaminantes, se eran viables, e sen importarlles o impacto económico nas zonas afectadas. Expulsaron o carbón do mercado enerxético pola vía fiscal. Asfixiaron fiscalmente as centrais térmicas españolas. Por iso pechan as centrais térmicas en España e por iso seguen en funcionamento no resto de Europa, porque asfixaron as centrais térmicas pola vía fiscal en España.

E cando as centrais captaron a mensaxe e decidiron pechar, a única preocupación do Partido Socialista foi que os españois non se enterasen ata despois do 10 de novembro, data das eleccións xerais. Iso foi todo o que aos socialistas lles preocupou este asunto.

Galicia estivo sempre comprometida coa busca dunha transición enerxética que sexa xusta, que sexa ordenada. Algo que non pode dicir o Goberno de Pedro Sánchez, que apostou sempre pola ruptura e polo peche abrupto das centrais térmicas.

Nós temos en marcha a Estratexia de cambio climático e enerxía da Xunta de Galicia para o horizonte 2050. Esta transición xusta e ordenada, planificada en Galicia, pasa por lograr unha alternativa que permita manter a actividade de Endesa mentres se buscan eses biocombustibles que acheguen a viabilidade necesaria para continuar a actividade.



Nese obxectivo está centrado o comité técnico no que participa a Xunta, debería participar o Goberno central e participa a empresa. Agardamos que esa necesidade de traballar en equipo sirva para que o Goberno recapacite e o Goberno socialista convoque de inmediato a Mesa de traballo para abordar unha transición enerxética xusta para as comarcas de Ferrolterra, O Eume e Ortegal.

E por iso traemos hoxe esta iniciativa. Unha iniciativa ben sinxela e que non queremos complicar con emendas que veñan facer a decisión máis difícil e o posicionamento máis complexo. Porque o posicionamento debe ser simple e debemos mandar unha mensaxe, en primeiro lugar, á cidadanía das Pontes e de toda a comarca, e despois ao Goberno de España; unha mensaxe sinxela, de apoio rotundo aos empregos que dependen desta central.

Galicia non pode abandonar as familias, e nós, dende logo, non o imos facer. E por iso pedímoslle ao Goberno de Pedro Sánchez que reaccione e pedímoslle á empresa que poña en marcha as medidas necesarias para adoptar unha solución. Nós pedimos a reapertura da central térmica, a reapertura inmediata da central térmica. E nós pedimos que o Goberno rexeite a solicitude da empresa de pechar a central térmica. Iso é o que nós pedimos.

O Goberno de Pedro Sánchez ten un triplo compromiso pendente con Galicia:

En primeiro lugar, articular ese Plan de transición xusta que dea continuidade á actividade e ao emprego, mentres non se poida optar aos fondos europeos.

En segundo lugar, poñer en marcha os mecanismos fiscais, como a eliminación do céntimo verde para o carbón, igual que se fixo para ao gas, ou o pago por capacidade, ademais dos novos mecanismos para facilitar e favorecer a combustión con biocombustibles que sexan máis respectuosos para o medio ambiente.

E reclamar máis fondos á Unión Europea, xa que España é un dos grandes prexudicados no reparto dese chamados «fondos verdes», porque a Comisión Europea vai primar os países que pechen as súas instalacións nos próximos anos, non os que xa pecharan. Polo tanto, fóiselle das mans á ministra a súa decisión.

Hai en Europa máis dun cento de centrais térmicas como a das Pontes funcionando e que van seguir funcionando ata o ano 2030, van seguir funcionando. A realidade é que nós pechamos as centrais porque hai alguén que está intentando ser a primeira da clase e correndo moito sen saber cara a onde vai e sen medir as consecuencias das súas decisións.

De feito, a quen máis está penalizando esta decisión é á nosa comunidade autónoma, a quen máis está penalizando esta decisión é a Galicia, que leva moitísimo camiño andado na xeración de enerxía por vías renovables, dado que xa duplica no día de hoxe a taxa de enerxía renovable que Europa marca para o ano 2030. Polo tanto, Galicia xa é verde, antes que ninguén. E, polo tanto, Galicia non merece un castigo maior que os demais.

Nós o que pedimos é unha transición xusta, non unha ruptura, e nós pedimos que sexa iso: transición, e que, dende logo, non deixe a ninguén atrás. Esa é a nosa petición.



Vostedes veñen aquí pedindo mesas de traballo, piden subsidios, piden un plan de coidados paliativos. E nós o que pedimos é emprego, que a central siga funcionando de forma transitoria para adaptarse a eses biocombustibles máis respectuosos co medio ambiente, agardando eses fondos europeos. Polo tanto, non tomando decisións que son prexudiciais para unha comarca que xa está farta de sufrir o desprezo e o castigo dos gobernos socialistas durante as últimas décadas.

Pedimos que o Goberno de España, polo tanto, convoque urxentemente a Mesa das Pontes para establecer a folla de ruta que garanta un futuro para esas setecentas cincuenta familias que dependen da central térmica. O que lle pedimos ao Goberno é que non acepte a tramitación do expediente de peche que ten solicitado Endesa ata que conclúan as probas con esas mesturas de combustibles e que, polo tanto, existan enriba da mesa alternativas viables que permitan o mantemento do emprego.

O noso plantexamento é que nós non nos resignamos a un peche que, dende logo, é inxusto para a comarca do Eume. Nós non nos resignamos a perder unha industria que foi fundamental para Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e fundamental para as comarcas de Ferrolterra, O Eume e Ortegal. Eu daba o dato no día de onte: o concello das Pontes é a segunda renda per cápita máis alta de Galicia e o concello das Pontes é a pensión media máis alta de Galicia, e iso é grazas á riqueza, ao emprego e ao emprego de calidade que permitiu durante décadas a central térmica das Pontes, que nós non estamos dispostos a resignarnos a que se peche por unha decisión política do Goberno de Pedro Sánchez.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día de novo.

Ben, xa sabemos que os traballadores que máis lle preocupan ao Partido Popular son aqueles aos que poden utilizar para ir contra o Goberno do Estado e que o maior interese desta PNL non é mirar polo futuro das Pontes, senón montar argumentos electorais, un interese con caducidade.

Se unha crise non pode ser utilizada electoralmente ou é responsabilidade directa da Xunta de Galicia, entón o interese volta en abandono, e o caso de Isowat é moi elocuente. ¿Como unha empresa clave para a transición enerxética en Galicia foi pechada ante a inacción ou a defensa doutros intereses —non o sabemos— pola Xunta de Galicia?

Se non fora así, non seguirían tentando enganar a cidadanía das Pontes e de toda a hipercomarca de Ferrolterra. Unha transición enerxética non pode ser xusta se non ten en contra a



loita contra o cambio climático; o contrario sería unha verdadeira irresponsabilidade. Tam pouco é xusta se se dedica a gastar unha inxente cantidade de cartos en manter fontes de enerxía inviales, desde o punto de vista económico e ambiental, no canto de investir eses cartos en futuro, neste caso en futuro para As Pontes e toda Ferrolterra.

E di a súa proposición non de lei que non se acepte —como xa comentou vostede— a tramitación do expediente de peche presentado pola empresa; é dicir, que siga a central queimando o que sexa. Esa é a realidade. Isto non só é inviable ambientalmente, senón económica e tecnicamente tamén inviable, e vostedes sábeno. Dicir isto é vender fume, fume con cheiro electoral, iso si.

Imaxinemos, por exemplo, que lle dan a razón, que o Partido Socialista vota a favor, os señores de Podemos tamén, elévano ao Goberno do Estado e dinlle que si, veña: imos impoñer a Endesa que siga queimando, o que sexa, imaxinemos que é biomasa. Primeiro, esta habería que importala, porque non penso que vostedes queiran deforestar toda Galicia. Xa ven vostedes que unha central desta potencia nun ano queimaría o equivalente a 2,8 millóns de hectáreas de bosque, toda a superficie de Galicia. Importaríana como nesa central que vostedes coñecen no Reino Unido, pero tamén deforestarían —non sei— Angola, Virxinia, o que fora.

Pero, claro, Endesa non vai poñerse a funcionar perdendo 25 euros por megavatio/hora, que é o que custaría. ¿Canto custaría isto? Dous millóns de euros de subvención diaria. A central térmica esta de referencia no Reino Unido recibe 3,5 millóns de euros diarios. É dicir, por funcionar un ano, setecentos trinta millóns de euros.

Ademais, tamén ocultan que ao pararse os traballos de redución de emisións de SO₂ e NO₂ xa sería imposible o seu funcionamento máis alá do 31 de decembro de 2020. Pero para o Partido Popular o que pase o 31 de decembro de 2020 xa non é o problema, o problema é chegar a estas eleccións con argumentos electorais. O demais é o de menos.

¿E non sería moito mellor investir estes setecentos trinta millóns de euros, e non só isto, senón unha cantidade moito menor nun futuro sostible e duradeiro para As Pontes?

Ben, por aí ían todas as nosas propostas que xa expuxemos onte na nosa moción, e con algunhas poderíase dar unha saída inmediata para os sectores máis directamente afectados, como o dos camioneiros e o das empresas auxiliares. Se non as leron, volvan lelas, porque hai propostas concretas exactamente coa posibilidade de poñer en marcha de maneira inmediata e cun custo verdadeiramente incomparable, nin do cinco por cento deses setecentos trinta millóns de euros que vostede quere que todos os españois e os galegos gastemos en que Endesa siga queimando o que sexa.

Pero o Partido Popular desprezounas onte, votou en contra. Imaxino que hoxe tamén as desprezará. Porque non quere falar de alternativas, só quere manter o conflito poñendo en risco a economía e a vida nas Pontes.

Non queremos coidados paliativos, señor Tellado. Iso é o que propoñen vostedes precisamente: coidados paliativos ata o día das eleccións. O que queremos é un futuro xusto, con



traballo digno e sostible, ademais cun custo social e para os cartos públicos infinitamente inferior á alternativa que vostedes propoñen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Teño unha mala noticia para vostede, señor Tellado. Eu xa sei que vostedes están emperrados en traer este tema, que a nós nos parece importante, para intentar alimentar unha idea de que están vostedes sós na defensa das Pontes. Pero é unha mala noticia: nós imos seguir estando aí, señor Tellado, imos seguir poñendo esta cuestión enriba da mesa, (*Aplausos.*) custe o que custe.

Xa sei que lles *jode*, pero tamén lles *jodía* que lles dixeramos que fosen aos tribunais pola cuestión do IVE (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Peores barbaridades dinse nesta cámara, ¡eh!. ¡A ver se agora nos imos escandalizar!... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Xa sei que lles amola, que lles proe... (*Murmurios.*) Onte non lles gustaba o verbo proer, agora non lle gustan outros... Vale, xa sei que lles proe, pero imos seguir estando nesa cuestión.

Tamén lles proía que lles dixeramos que tivesen a valentía de acudir aos tribunais na cuestión da débeda con Galiza. Incluso foi un pouco timorato o presidente da Xunta de Galiza hoxe á mañá en dicir se ía ou non ía; agora parece que van. Pois moi ben, ¡benvidos!, ¡benvidos!, ¡benvidos! (*Aplausos.*) Aí está a cuestión.

Ben, en todo caso, eu quería que as miñas primeiras palabras sobre esta cuestión fosen para transmitir a nosa solidariedade cos traballadores e traballadoras das Pontes, tamén cos pasivos, e transmitirles que nós estaremos tamén da súa man nesa loita contra ese vergonzoso laudo arbitral dese ex-ministro do Partido Popular, (*Aplausos.*) que supón o peor convenio da historia de Endesa e que supón un atraco á man armada de dereitos sociais que foran conquistados pola clase traballadora e que agora están en cuestión. Estamos convencidos e convencidas de que tamén esa batalla imos gañala nalgún momento. E iso é tamén, por certo, responsabilidade do paso polos gobernos do Estado, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista e da súa política laboral.

Igual que chegamos aquí —e quero lembralo brevemente— pola política enerxética duns e doutros, que favoreceron que hoxe esteamos en mans dunha empresa pública italiana en lugar dunha empresa pública galega ou do Estado. E, claro, agora vénlle pedindo o señor Tellado á empresa que non peche. Pois mire: igual é que podía estar na súa man, igual podía estar na man do Estado o calendario, os prazos e a forma en que esa central traballaba, e



igual podía estar xa traballando nun plan B e non na situación na que está. Pero iso é así pola súa responsabilidade.

E eu quería recordar algunha cuestión aquí enriba da mesa. Primeiro, nós presentamos unha emenda, e quero clarificar sobre que, porque segundo o señor Tellado parece que é un exercicio de literatura, pero é algo con tres puntos moi concretos:

Primeiro, a Mesa de traballo, pero a Mesa de traballo clarificando quen, como, cando e onde. Todos os axentes, tamén eses sindicatos que non lle gustan, señor Tellado, pero que son maioritarios neste país, (*Aplausos.*) tamén. E nas Pontes e desde As Pontes, porque nós non queremos coidados paliativos, queremos dereitos sociais e queremos compromisos por escrito. Para iso ten que participar activamente o territorio. E pedimos tamén compromiso da Xunta de Galiza, porque vostedes tamén teñen competencias en materia de industria e tamén teñen cuestións que facer. E pedimos colaboración co Concello das Pontes, que é parte tamén desa mesa de emerxencia que xa está a funcionar. É algo tan simple como iso. Tampouco estamos a pedir a declaración da república galega, nin un estado comunista, señor Tellado. Polo tanto, iso que quede aí en claro.

Despois, eu pediríalle un pouco de honestidade ao Partido Popular. O señor Tellado obviou esta cuestión, pero saíu esta mañá na comparecencia do presidente da Xunta de Galiza e tamén na comparecencia de onte do señor Rueda. E eu quero poñer aquí en valor que, efectivamente, o BNG nas súas negociacións co Partido Socialista para o pacto de investidura puxo As Pontes e a transición enerxética enriba da mesa. Púxoas, efectivamente, enriba da mesa, señor Tellado. E como vostede non leu a súa propia iniciativa e inventou tamén aquí sobre o que tiña de contido, pois non debeu ter tempo de ler o acordo do BNG. Entón, puxo enriba da mesa que se exixen as mesmas condicións para Galicia que para outros territorios, a comezar polo Plan carbón. Porque aquí cando se vota sobre o Plan carbón... —onte dicía o señor Puy que había moitos acordos na Axenda galega do Partido Popular emanados deste parlamento— Pero, aquí, cando pedimos que se paguen as débedas do Plan carbón e que se inclúa a Galiza, o Partido Popular vota a favor respecto dos períodos nos que gobernaba o Partido Socialista, e o Partido Socialista vota a favor respecto dos períodos nos que gobernaba o Partido Popular (*Aplausos.*) Pero é que nós queremos todo, porque a situación das Pontes sería diferente se tivese eses recursos. E iso, exixímolo.

Tamén lle digo máis: vaian tamén aos tribunais con iso como foron outras comunidades autónomas. Tome esa suxestión.

E pedimos tamén a incorporación en pé de igualdade ao «equipo país». Vostedes cólganse esa medalla tamén, ¿pero que fixeron no 2017 cando constituíu Álvaro Nadal —¿Álvaro Nadal sabe quen era, non?— ese «equipo país» excluindo Galiza?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, esas cuestións van estar enriba da mesa, e tamén esa mesa de negociación directamente nas Pontes. Por suposto, exixirémola, exixirémolla ao Goberno central, exixirémolla á Xunta de Galiza.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Porque a nós non nos vai atar as mans ninguén na defensa das Pontes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non queremos coidados paliativos, queremos dereitos, señor voceiro do Partido Popular. Negocie con nós a emenda, se quere...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pero, se non, tampouco lle vai funcionar esa estratexia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de distracción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

*(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben dirixíndose cara á presidencia.)
(Aplausos.)*

Si, iso dino todos. Iso dino todos os que soben.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, máis mentiras e máis cinismo, señor Tellado. Quen mente constantemente acaba sendo un mentireiro. E vostede mente a sabendas, ademais; sábeo.

Fala de solucións. ¿Cales son as solucións que puxo enriba da mesa a Xunta de Galicia? Ningunha. E fala dos traballadores e dos transportistas. Nos recoñecemos, o dos transportistas é o colectivo que precisa xa solucións, que fixeron investimentos porque Endesa se comprometeu a darlles un horizonte de traballo e agora pagan as letras todos os meses e están parados na casa. ¿Que solucións aportou a Xunta de Galicia para os camioneiros? ¡Ningunha! E estamos falando de investimentos de catorce millóns de euros que nin sequera terían que ser afrontados na súa totalidade. Están pedindo carencias ou créditos brandos para poder vivir e non perder aínda que sexa as súas vivendas.

Vostedes non aportaron ningunha solución. Son goberno, ¡gobernen! Pero esa non é a intención, a súa intención é facer electoralismo con isto, esa é a única intención. Porque, se non, estarían falando tamén das competencias que ten este goberno para dar solucións, e non o fan.

Non tería tempo nesta intervención para desmentir todas as mentiras. A primeira é que isto non é unha decisión empresarial, que é unha decisión do Goberno do Estado. ¡Mentira! Vos-



tede dixo que quería ser a ministra a primeira da clase, e eu non vou defender a ministra, que xa sabe que lle digo que ten a mesma responsabilidade que vostedes en non dar solucións e certezas á xente. Pero a primeira da clase cando é membro do único estado que non ten un calendario de peche das térmicas é mentir a sabendas.

Cando vostede fala da política fiscal, mente a sabendas, porque o señor Álvaro Nadal, no ano 2018, asinou unha orde onde se eliminaban os pagos por dispoñibilidade ás centrais de ciclo combinado, que tamén está nas Pontes. Ou ao Goberno de Mariano Rajoy, que o señor Álvaro Nadal foi o que puxo o sete por cento, o imposto da xeración de electricidade. ¡Si, señor! E vostede estaba caladiño. E vostedes non traían iniciativas aquí. Son uns fariseos.

Investimentos para cumprir as directivas de emisión. Vostede xoga á confusión. Vostede sabe que os investimentos para cumprir coas emisións contaminantes non teñen nada que ver coas emisións que provocan o que é crecemento global do cambio climático. ¡Sábeo e intenta confundir!

Vostedes eran goberno cando en 2017 en Europa se reformou o mercado de emisións do CO₂, e xa era previsible que se incrementasen os prezos e que puxesen en perigo a viabilidade das centrais térmicas. E nada fixeron cando en Galicia dúas centrais térmicas provocaban o corenta por cento dos gases de efecto invernadoiro. Non se anticiparon e non fixeron un plan de transición, como o fixeron todos os gobernos autonómicos onde hai centrais térmicas. A anomalía é que Galicia é a única autonomía que ten térmicas e non ten asinado un convenio de transición xusto, ¡a única! Asturias, Baleares, Euskadi e Aragón, todas fixeron os seus deberes porque son gobernos responsables. Vostedes veñen aquí vender fume e mentir cun cinismo asombroso.

Vostedes son un cero á esquerda como goberno. Non sei que resultado lles dará a nivel electoral, como goberno un cero á esquerda. Non teñen ningunha solución. Vostede non veu aquí dicir nin unha soa solución.

¿Que pasa co ciclo combinado? Oitocentos cincuenta e cinco megavatios, ¿están funcionando?, ¿non están funcionando? Porque ata o de agora o que facían co ciclo combinado vostedes era encherlles os petos por estar paradas. Porque, ademais, as solucións que trouxo aquí o Partido Popular, as propostas eran seguir enchéndolle os petos a Endesa e non darlles solucións aos traballadores. Porque pagarlle a Endesa por estar parada a central non lles solucionou o problema aos transportistas. Iso si que son paliativos, iso si que son subsidios, pero directamente para as contas de Endesa e non para os traballadores.

Polo tanto, o que hai que facer aquí está moi claro, hai un consenso unánime en todos os grupos: hai que traballar por unha transición xusta que non deixe a ninguén atrás, claro que si. Pero ten que ser xusta, que non se deixe a ninguén atrás, e ten que ser transición. E o que vostedes nos propoñen nin é transición nin é xusta, ningunha das dúas cousas. Polo tanto, deixen de facer campaña electoral con isto, sexan respectuosos coa xente e actúen como un grupo que está sostendo un Goberno que ten responsabilidades e que non pode mirar sempre para outro lado.

A súa historia con Endesa e as eléctricas...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...é a historia dun partido que o único que buscou foi o beneficio da empresa e non dos traballadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, as súas mensaxes son sempre envelenadas, ¡sempre! (*Aplausos.*)

Vostedes levan gobernando este país once anos, ¡once anos!, e deberían coñecer a realidade industrial de Galicia.

Míre: en maio de 2016 aprobaron nesta cámara o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e no que contemplaban rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun trinta e cinco por cento respecto do 2005. ¿Que medidas contemplaban para conseguir este obxectivo? Porque non me quererá dicir que con eses mil ou mil cincocentos euros para a remuda de vehículos antigos ou o cambio de ventás pretendían conseguir esta rebaixa de emisións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Verdade que non, señor Tellado? Seguro que non.

¿Contemplaban unha transición enerxética para as centrais térmicas de Meirama e As Pontes, ou obviaban que estaban no noso territorio? A central térmica de Meirama e a central térmica das Pontes nunca estiveron na axenda política da Xunta de Galicia, presidida polo señor Núñez Feijóo, (*Aplausos.*) ¡nunca! (*Aplausos.*)

E hoxe voulle recordar novamente unha vez máis cal foi a contribución do Goberno Feijóo á transición xusta sobre o cambio climático no noso país:

En 2011, nada máis acceder ao Goberno de España, Mariano Rajoy anulou dun plumazo setenta e dous millóns de euros, ¡setenta e dous millóns de euros!, do Plan Miner. Por certo, iniciativas que trouxemos os socialistas en reiteradas ocasións a este pleno e que vostedes votaron en contra sempre, sempre e sempre. Setenta e dous millóns fundamentais para a recuperación económica e social das comarcas afectadas pola actividade mineira, en Cerceda, nas Pontes e nas súas contornas. Nese momento, o Goberno da fotografía, encabezado polo señor Núñez Feijóo —con Mariano Rajoy, evidentemente, na Moncloa— calaba.

En 2014 apróbbase un real decreto de axuda para proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira, e contemplaba actuacións en dezaseis concellos galegos. E nese momento o Goberno Feijóo tampouco fixo ningunha xestión para incluír eses dezaseis concellos galegos. Como estaba Mariano Rajoy na Moncloa o señor Feijóo calaba tamén nesta ocasión.



O 31 de xaneiro de 2015, o Consello de Gas Natural-Fenosa comprometeu acometer un investimento de cen millóns de euros para adaptar a central térmica de Meirama. Daquela, o presidente Feijóo e o conselleiro de Economía saían e fotografábanse alí, moi gabosos eles, nun acto propagandístico na Cidade da Cultura con Salvador Gabarró, que naquel momento era o presidente de Naturgy. Pero catro anos despois, cando Naturgy anuncia o peche en 2020 da central térmica de Meirama, afectando cento oitenta postos de traballo, ¿onde estaba o presidente Feijóo? Dígame, ¿que fixo o presidente Feijóo?, ¿fixo algunha intermediación para intentar solucionar iso? Recórdolle que a Xunta de Galicia e Naturgy comparten accionariado en varias empresas e, polo tanto, teñen unha interlocución directa. E Naturgy ten que saber que despois de tantos anos explotando un recurso natural, que é de todas e de todos, ten obrigas co tecido social de Cerceda e da súa comarca.

O mesmo acontece coa central térmica das Pontes, o maior grupo termoeléctrico con carbón en España. En marzo, Endesa presenta o Plan estratéxico 2018-2021, cunha folla de ruta que incluía os traballos de adaptación á Directiva de emisións industriais da Unión Europea; douscentos dezasete millóns de euros para reducir nun oitenta por cento as emisións de dióxido de xofre e o sesenta por cento as de óxido de nitróxeno. E un Plan estratéxico que incluía as indicacións aos empresarios para que adaptasen os seus vehículos. Daquela, o Goberno da fotografía, vostedes, traían tres iniciativas de autobombo para saber que se dicía desde o Goberno galego para este investimento. Pero cando as cousas van mal, entón, no canto de buscar solucións e de pórse de lado de todos, vostedes o que fan é buscar culpables, porque é moito máis doado. Vostedes saben perfectamente que a causa do peche da central térmica das Pontes é pola subida do dióxido de carbono, ¡saben perfectamente que se incrementou nun cincuenta por cento!

A Xunta de Galicia ten que facerlles entender ás empresas que explotan recursos naturais que son de todos os galegos e de todas as galegas que teñen un compromiso con este territorio. E non poden mirar para outro lado e buscar culpables naqueles lugares onde vostedes non gobernan. *(Aplausos.)* Por certo, ¿teñen feito algunha xestión co señor Arias Cañete, que tamén é do seu partido e que, ademais, algo tamén terá que dicir? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ademais, voulle dicir unha cousa —remato xa, señor presidente—: nós votamos a favor destas iniciativas sempre, cando as trouxemos nós, cando as trouxeron os outros grupos. E nesta ocasión, señor Tellado, imos votar tamén a favor, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* aínda que presentamos unha iniciativa —como sempre, señora Marta—, presentamos unha emenda que melloraría substancialmente a redacción do que vostedes recollen nesta iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non teño nada máis que dicir. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.



O señor TELLADO FILGUEIRA: A verdade é que esta iniciativa foi unha pregunta: ¿apoiamos os traballadores das Pontes, si ou non? Nós dicimos si e vostedes din non. *(Risos.)* É así de sinxelo. *(Protestas.)*

Señor Casal, nós preocupámonos polos traballadores de todas as empresas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de Ence, de Reganosa, dos das Pontes, dos das electrointensivas... Vostedes veñen a este pleno *(Murmurios.)* a pedir o despido... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de moitos traballadores porque piden o peche de moitísimas empresas. *(Murmurios.)* *(O señor presidente bisba.)* Iso é o que nos diferencia.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Rumbo, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Sánchez, ¡vaia papelón ten vostede aquí neste hemisiciclo: defender o Goberno de Pedro Sánchez! ¡Quen o viu e quen o ve! Non se faga o indignado porque a verdade é que non lle vai nada ben. Mire: pídenos que teñamos un plan no ano 2019 para o que teña que pasar no ano 2045. ¡Non nos tome o pelo!

Confésolles que hoxe a miña gran dúbida era ver con que oposición nos iamos atopar. ¿Hoxe vai estar aquí o PSdeG-PSOE do alcalde das Pontes e dos alcaldes da comarca de Ferrolterra, que se poñen detrás da pancarta contra o Goberno de Sánchez para clamar contra a desindustrialización, ou vai estar aquí o PSOE de Sánchez e de Teresa Ribera, ese PSOE do que Gonzalo Caballero é a leal [mascota] *(Expresión retirada do Diario de Sesións polo propio orador.)* que defende todo o que fagan, aínda que sexa en contra de Galicia? *(Protestas.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. Imos retirar...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a pregunta... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Un momento.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que nos encontramos o outro Partido Socialista. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Un momento!

(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) *(Aplausos.)*

Por favor, señor Tellado, perdoe un momento. *(Aplausos.)* Imos retirar a expresión.



(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Señor Tellado, pídlle que retire a expresión de «mascota». *(Protestas.) (O señor Tellado Filgueira vírase cara á presidencia.)*

O señor TELLADO FILGUEIRA: Leal súbdito do Goberno de Pedro Sánchez e traidor...

O señor PRESIDENTE: Queda retirada a expresión de «mascota». *(Protestas.) ¡Perfecto! (Balbordo.)*

O señor TELLADO FILGUEIRA: Miren, señores do Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Non, perdón, está retirada a expresión. *(Balbordo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Retirada! *(Protestas.) ¡Está retirada! (Protestas.)*

¡Está retirada a expresión! *(Protestas.) Non, non, retirouna voluntariamente. (Protestas.) ¡Si, si, si! (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Perdoen! *(Protestas.) Non, eu pregunteille e retirouna.*

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non se preocupen, doume por chamado á orde.

O señor PRESIDENTE: ¡Si, home! *(Protestas.) ¡Perdoen! (Protestas.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Un momentíño, por favor. Un pouco de tranquilidade que a cousa é máis sinxela do que parece. *(Murmurios.)*

Eu pregunteille se retiraba a expresión e el dixo que retiraba a expresión. *(Murmurios.) De non retirala... (Protestas.) ¡perdón! (A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Señora Blanco, por favor, estou falando eu! —perdoen un momento—. De non retirala el voluntariamente, retiraría eu e suporíaalle unha chamada á orde. (Murmurios.) Asunto que lle pasou antes ao señor Sánchez. (Murmurios.)*

Coñezo o Regulamento. Despois de catro anos e pico aquí coñezo o Regulamento. *(Murmurios.)*

Retirouna voluntariamente. *(Protestas.) ¡Retirouna voluntariamente! (Protestas.) ¡Estao dicindo el, por favor! (Protestas.) Pero, ¡por favor!, ¡está dicindo el que a retirou voluntariamente! ¡Non pode contradicir a quen está na tribuna! (Murmurios.) Está dicindo que a retirou el voluntariamente. ¡Morreu o conto! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, por favor. ¡Morreu o conto!*



Quedou retirada a expresión, señor Caballero, quedou retirada.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor TELLADO FILGUEIRA: Ben, doume por chamado á orde por parte da señora Noela Blanco...

O señor PRESIDENTE: Non, non, só lle podo chamar eu.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Quero lerlles a súa propia emenda, a do Partido Socialista. ¿Sabe que piden? Presentación dun plan de peche de cada unha das centrais. É que nós o que queremos é que reabran, nós o que queremos é a reapertura e o mantemento dos postos de traballo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Vostedes falan de reconversións industriais, de coidados paliativos, e nós falamos de postos de traballo, do mantemento do emprego. Iso é o que nos diferencia.

Hai dúas horas, os grupos parlamentarios desta cámara reuniámonos conxuntamente co Comité de Empresa de Navantia Ferrol para falar da falta de carga de traballo e para falar da demanda da construción dun AOR que dea traballo. ¿Saben quen non estivo? O Partido Socialista. *(Murmurios.)* ¿E por que? Porque están en contra, porque están sempre do lado de Pedro Sánchez. Ese é o servilismo do PSdeG-PSOE, que non ten límites. Vostedes téñense convertido... *(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nos palmeiros de todos os agravios e desprezos que o Goberno de Pedro Sánchez ten con Galicia. ¿Que o Goberno de Sánchez lle nega setecentos millóns de euros a Galicia? Vostedes aplauden. ¿Que o Goberno de Sánchez lle nega a aprobación do Estatuto da industria electrointensiva? Vostedes, señor Caballero, aplauden. ¿Que o Goberno atrasa a chegada da alta velocidade a Galicia? Vostedes aplauden. ¿Que o Goberno quere pechar as centrais térmicas e mandar setecentos cincuenta familias ao paro? Vostedes aplauden.

Tanto agravio a Galicia, nós cremos que agocha a escasa confianza que ten Pedro Sánchez nas posibilidades electorais de Gonzalo Caballero. Polo tanto, mentres traizoa o Goberno de España a Galicia para beneficiar outras comunidades, o señor Caballero aplaude.

Galicia, dende logo, non merece ese Partido Socialista que traizoa Galicia e traizoa os traballadores das Pontes.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Sobre as emendas, eu creo que quedou meridianamente claro que aquí hai grupos que queren pechar a central térmica, e nós o que queremos é unha transición xusta e ordenada, e que Galicia siga sendo verde pero tamén competitiva. Polo tanto, o que queremos é o mesmo futuro que as centrais térmicas de toda Europa van ter. Ninguén vai pechar no ano 2020, senón que van seguir traballando, adaptándose aos requirimentos da Unión Europea.

Vostedes son uns talibáns intransixentes e o emprego dos traballadores das Pontes...

O señor PRESIDENTE: ¿Non acepta as emendas?

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e de toda a comarca impórtanlles un bledo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non acepta...

O señor TELLADO FILGUEIRA: E mentres tanto o señor Caballero...

O señor PRESIDENTE: Non acepta as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...aplaude.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos votar estas proposicións non de lei.

Pechamos as portas, por favor.

Imos votar con tranquilidade todos, iso é importante. Imos ir con calma todos. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

Imos votar, que o máis importante é votar; é o acto máis importante que ten un deputado: votar.

Ben, comezamos.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe. Pero é que hai delegación de voto. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

A suma total creo que era sesenta e nove. Hai trinta e eu teño que darlle dous votos máis, trinta e dous, porque hai delegación de voto. E trinta e nove, que son os que votaron en contra. Non, claro. Creo que dixemos ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, creo que é así, está correcto. Ben, un erro de cálculo. Ben. *(Murmurios.)* Dixemos ben, ¿non? Dixemos ben os números. Vale, perfecto.

Volvemos votar entón agora, pero a segunda, a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de dona Ángeles Cuña.

Acéptanse as emendas do Grupo Común da Esquerda e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Rodríguez Arias.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Mixto nin do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias.

(O señor presidente interrompe a votación logo de producirse certa confusión no reconto e procédese a unha nova votación.)

O señor PRESIDENTE: Repetimos a votación. Imos repetila. Unha votación ten que quedar constancia de como se fixo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe. Non, non, pero para as actas. Eu teño que ler como quedou a votación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, iso seino eu. Por favor, non me complique a vida niso. *(Murmurios.)*

Imos votar o que hai que votar, que é outra vez esta, que xa lin, pero témola que volver votar.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 43; votos en contra, 9; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Seguimos.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Rodríguez Rumbo.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)



¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, correcto. Desculpas outra vez.

Entón, votamos a quinta, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, pero acéptase como emenda de adición.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Rodríguez Rumbo.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de don Luís Villares.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e D. Francisco Casal Vidal, sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado.

Non se aceptaron as emendas dos grupos parlamentarios que as presentaron.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E non hai máis votacións.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas e trinta minutos.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás tres e doce minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e oito minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto quinto, de interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Neste pleno estamos en familia, pero somos «*bien avenidos*», que se di habitualmente.

O que plantexamos hoxe, señor conselleiro, é unha interpelación porque estamos preocupados pola situación da atención primaria. Isto non é novo. Este é un debate que temos desde hai tempo neste Parlamento, fóra deste Parlamento e noutros escenarios, e, dende logo, soamente poñemos un gran de area máis para contribuír ao debate. Cremos que é necesario falar sobre a situación da atención primaria.

Hai un escenario da atención primaria en Galicia preocupante que ten que ver, dende o noso punto de vista, con toda lóxica, con que estamos no resultado duns cantos anos de goberno continuado, practicamente once de goberno continuado na xestión sanitaria. Por poñer algúns datos enriba da mesa, hai once anos —imos poñer ese límite, porque é un límite que a nós nos parece ben, aínda que a vostedes normalmente non lles gusta no debate— os orzamentos plantexaban para a atención primaria —en 2009— 180 millóns de euros máis do que plantexan este ano, e aquel ano existían algo máis de 1.100 profesionais máis en atención primaria dos que están marcados nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020. Son datos oficiais en ambos os casos e, polo tanto, imos confiar en que os orzamentos contan cos datos que din.

Polo tanto, con algo máis de 1.100 profesionais menos e con menos de 180 millóns de euros ao ano —180 millóns de euros ao ano que, acumuladamente, practicamente son algo máis de 2.000 nese caso— estamos falando dunha situación que é imposible que estea mellor. E ademais, o que é natural é que con esa perda de persoal e de investimento sexa peor.

Temos, ademais, algún problema engadido polo feito diferencial. O feito diferencial de Galicia, por exemplo, é que hoxe falamos de problemas de persoal. En termos de profesionais facultativos de medicina familiar e comunitaria, poderíamos hoxe en Galicia ter formados 150 profesionais de medicina familiar e comunitaria máis, ou algúns terminándose de formar agora, que non foron formados aquí en Galicia porque este goberno non pediu todas as prazas que podía pedir. Tiña a posibilidade de pedir prazas de formación MIR, pero nunca convocaba o total. Xa sabe que teñen un goberno do Estado ao que vostedes agora sempre lle buscan botar responsabilidades. Nós pedímoslle que convoquen en Galicia todas as prazas de MIR que poidan, e insistimos porque nunca o fixeron.

Polo tanto, é difícil agora escoitar moitas veces cando se di que a culpa é de que non temos e de que non nos permiten. Non sei por que queren pedir máis se non convocaron todas as que tiñan, o cal xa é sorprendente; igual as queren para colgalas nun cartel, pero non as convocaban todas. Son 150 profesionais que non temos porque o Goberno da Xunta decidiu non convocalas, e iso que o custo, en realidade, é, non digo simbólico, pero é moito menor con respecto ao sistema.



Polo tanto, temos hoxe un sistema sanitario en atención primaria que ten unhas demoras en citas que non tiña antes. Calquera centro de saúde está cheo de persoas que poden afirmar perfectamente —e iso seguro que o coñecemos todos— que agora piden unha cita para atención primaria e teñen catro, seis, sete ou dez días de espera, cousa que antes non ocorría. Estamos nos límites superiores, e a media incluso é superior que noutras ocasións. Pero estamos ante situacións que antes non ocorrían e temos moitísimos profesionais que teñen axendas de 50 e incluso de 60 pacientes por día, o cal non encaixa para nada coas necesidades do sistema. Esta é a atención primaria que temos.

Vostedes intentaban darlle solución como se fan algunhas cousas: cando non queres que algo se solucione, crea un comité. Vostedes aplicaron ben a norma, e non crearon un comité, crearon dous, e un deles con 177 grupos de traballo, ou 20, ou 19 ou 23; grupos de traballo dos que xa se foi baixando xente porque din que non resolven nada. E crearon, ademais, un comité de expertos ou de sabios —non sei cal foi a denominación que usaron— para que lles fixeran unha análise do sistema. Esa análise do sistema que lle fixeron, que é o que nós plantexamos hoxe aquí, titúlase: *Por una atención primaria vertebradora del sistema de salud* —non é obxecto do debate, pero era interesante que fora en galego, alguén podería traducilo, non pasaba nada—.

Crearon este documento que lle entregaron á Consellería e que é coñecido. Ese documento que crearon foi dirixido por algúns expertos que vostedes escolleron —dalgún deles xa lles dixemos que a nós nos parecía moi ben, xa que algún foi consejero de Salud no País Vasco, co Goberno Socialista; polo tanto, está ben, vostedes empezan a acertar cando empezan a pedir consello a aqueles que gobernaban co Partido Socialista—. Incluía algúns expertos, dende o punto de vista da Consellería, que escolleu a algunhas persoas que traballan no sistema. Tampouco nos imos meter no método de escoller as persoas que están aí participando; seguramente aportaron moitísimas cousas.

E o que fai este documento ou este traballo que fixeron durante un tempo é facer unha análise do sistema. Un podería pensar, xa que temos un debate habitual sobre o que nós analizamos do sistema, sobre o que o Goberno defende do sistema e sobre o que o Partido Popular defende do sistema —moitas veces dicotómico ese debate, parece que analizamos sistemas distintos—, ¿que análises fan e en que sentido se poden posicionar os expertos, supostamente independentes, que escolle incluso o Goberno?

Voulles ler uns cantos extractos do documento que fixeron os expertos que vostedes escolleron. Dígoo, porque igual nos soa algunha cousa. Vouno ler en castelán, xa sei que o podería traducilo instantaneamente, pero é para sinalar que está feita en castelán, e é un pouco feo: «*Escaso margen a los jefes de servicio y equipos locales para ajustar la oferta a la realidad de cada centro de salud. Falta de gestión enfermera de la demanda. Indefinición de la cartera de servicios de las enfermeras.*» Lembre que nós defendemos aquí —o seu partido en Madrid xa estivo en contra e aquí tamén— ampliar as capacitacións das enfermeiras e enfermeiros, que vostedes non estaban de acordo.

«*Demasiada burocracia*». Este encántame. escoite este, que é moi importante: «*Importantes listas de espera en atención primaria*». Vostede estábame dicindo agora que non. «*Importantes*



listas de espera». ¿Lembra isto que defendemos sempre das saturacións en primaria? Voulle ler, é curiosísimo, igual se equivocaron ao escribir: «*Revierten exceso de consultas en atención primaria*». ¿Exceso de consultas? «*Importantes listas de espera, exceso de consultas...*» É fascinante, debéronse de equivocar, seguro que estaban analizando outro sistema e non era o galego, que iso en Galicia non pasa.

Sobre as enquisas, reclamacións e protestas, en termos positivos, que fan os usuarios, que nós dicimos que non as atenden nunca e vostedes defenden que si, mire que curiosidade: «*El principal problema percibido es que todo ello repercute escasamente en la realización de cambios reales*». ¡Vaia! O paciente como eixe do sistema, que vostedes defenden habitualmente. «*El paciente como sujeto activo no ha aparecido en ninguna de ellas*». É unha das medidas sobre atención primaria. «*Non se estimulan sesiones clínicas ni trabajos de coordinación entre los profesionales. El modelo de gobernanza no es capaz de integrar de manera efectiva*». Di que podo avanzar... (*Murmurios.*) Avanzo, avanzo, ¡perfecto! Moitas grazas. Volvo ao párrafo seguinte: «*Falta de autonomía en atención primaria*». ¿Quere o párrafo seguinte? «*Actitude centralizadora desconfiada das xerencias*». Podo avanzar máis se quere: os obxectivos marcados pola áreas sanitarias non son realistas.

Sobre os xefes de servizos, avanzo máis. A súa capacidade de xestión é ínfima; limitacións sobre o liderado dos xefes de servizo e coordinadores. Podo avanzar máis. Mire, este encántame, é o párrafo seguinte, se me pide que avance: «*Desconexión entre planificación y realidad*». Igual non lle gustou que avanzara tanto. (*Aplausos.*)

¿Quere o seguinte? O seguinte, non pasa nada: «*Escaso apoio á docencia e á investigación*». Se podo seguir... ¿Seguimos? Este é fantástico, falan da planificación de médicos e de enfermeiras, e isto é importante sobre os médicos: nos próximos dez anos xubiláranse a metade dos médicos e xa se sabe agora —lambren que nós debatemos moitas veces que vostedes planifican tarde, xa o saben agora, son listísimos— que a xeración de residentes é absolutamente insuficiente. Vostedes deixaron sen pedir 150 prazas de medicina familiar, ¡fantástico!

O seguinte é marabilloso, as enfermeiras. Sobre as enfermeiras non hai datos, poderían ser peores que os dos médicos. Vostedes fan un grupo de traballo e nin sequera lle dan os datos. Nós pensamos que era só para a oposición, pero xa vexo que é común.

En fin, podería seguir, non teño moito tempo, pero creo que ten o documento e o coñece. O noso plantexamento é unha valoración sinxela: isto é unha bofetada á súa política sanitaria. Polo tanto, nós cremos que o Goberno debería reflexionar sobre que xa incluso os expertos que o propio Goberno contrata para facer unha análise lle din que isto é un desastre de xestión. Conforme esta valoración que está aquí nós o que plantexamos é o seguinte: ¿vostede —non persoalmente, senón como responsable— non cre que isto o que lles está dicindo é que a súa política sanitaria non foi para nada efectiva?

E, segunda cuestión: ¿que van facer con este documento? Non sabemos canto custou —estaría ben sabelo— e non sabemos en realidade cal era o obxectivo real que tiñan, pero ¿van utilizalo ou van gardalo nun caixón? Porque con ese diagnóstico vostedes deberan asumir que o documento está mal, porque iso non é nada do que vostedes defenderon ata o de agora. Pero xa



que incluso membros deste sistema que vostedes escolleron lles din que isto é así, ¿que van facer agora que xa nin as persoas que vostedes escollen lles dan a razón e cando lles din que, por favor, cambien o modelo de atención primaria? ¿Agora que van facer con isto? Ese é o noso plantexamento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor Torrado, de verdade que xa non me sorprende; non me sorprende absolutamente nada.

Pero, mire, é curioso que descualifique un grupo de expertos que non foron nomeados pola Consellería, descualifícaos; descualifica un documento porque o leu en castelán —está en galego tamén, pode lelo perfectamente..., (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) si, si, perfectamente— e descualifica un grupo de expertos. O moderador dese grupo de expertos foi consejero de Sanidad del Partido Socialista no País Vasco. Ou sexa, que descualifican absolutamente todo. Se dixera o documento que todo está perfecto, que todo é fenomenal, diría que estaba comprado, que todo isto... Non, mire, liberdade absoluta para analizar. Pero vostede quedou coa primeira parte, que é a análise. Logo vén a proposta de medidas e logo a realización de medidas. Nós temos bagaxe, temos xa moito feito, e é unha pena que vostede non chegara a esa parte, pero vou chegar eu.

Mire, a Consellería de Sanidade é consciente da necesidade de avanzar cara a outra atención primaria de saúde. ¿Por que? Porque a poboación se modifica, a poboación actual é distinta á poboación de hai quince ou vinte anos. O sistema de primaria é un sistema de éxito que triunfou desde que se iniciou, pero, evidentemente, como todo, e máis en sanidade, necesita unha evolución. E buscamos persoas independentes designadas pola sociedade científica, os Colexios de médicos e tamén de enfermería, para que dixesen ese diagnóstico e para logo propor o tratamento, e a partir de aí entramos nós. Evidentemente, cremos que temos unha moi boa sanidade, pero que non nos podemos quedar onde estamos. É bo —creo— facer unha análise crítica.

Respecto da situación de escaseza de profesionais, que sempre o di, levamos dende o ano 2016 ampliando a idade de xubilación. Con iso conseguimos que máis de 200 médicos seguisen traballando connosco. Solicitamos máis acreditacións para a formación de medicina de familia e pediatría. E aquí xa contei as veces que tiveron que falar coa ministra, a anterior ministra do seu goberno, para que ao final conseguíramos sete prazas máis para este MIR que se fixo nesta última fin de semana. Ano e pico tardamos en conseguir, por parte do Ministerio, iso.

Ao longo do ano 2019 puxemos en marcha diferentes estratexias destinadas á mellora da atención primaria. Por certo, cómpre destacar que somos pioneiros dentro do Sistema nacional de saúde. Recórdolle que a anterior ministra, co seu equipo do Partido Socialista, iniciaron o traballo, copiando o modelo que nós puxemos en marcha aquí, e levaron a grupos de expertos. Quero recordarlles que, antes de acabar a última parte, o diagnóstico, e de pór



medidas enriba da mesa, os moderadores dimitiron. Eses dous moderadores, xente de prestixio a nivel nacional, foron elixidos polo equipo da ministra e dimitiron. ¿Por que? Evidentemente, porque igual non podían traballar libremente, coma se os expertos que viñeron a Galiza puideran traballar libremente.

Mire, a primeira destas estratexias foi a elaboración do Plan galego de atención primaria 2019-2021. Foi aprobado no mes de maio polo Consello da Xunta. É un plan desenvolvido entre as administracións, os profesionais e a cidadanía. É un plan que conta cun orzamento específico de máis de 102 millóns de euros en tres anos e que inclúe a creación de 331 novas prazas en categorías de atención primaria.

Vostede fala do presuposto, do orzamento do último ano do Bipartito. Por certo, un presuposto que era falso, porque despois faltaban 2.000 millóns que tivemos que pagalos nos anos sucesivos.

Pero, ademais, conta o que é o gasto en farmacia, en farmacia e receitas, que nós non o contamos, porque a farmacia e as receitas non poden ser considerados como un gasto de atención primaria, porque é de primaria e tamén é de hospitalaria. Polo tanto, quitamos iso, e conseguimos con medidas de xestión pagar menos ás farmacéuticas, con máis tratamentos aos pacientes. De aí vén o que di vostede que é menor. Pero a realidade é que este último presuposto é o maior de toda a historia da Xunta de Galicia en sanidade e, por suposto, en atención primaria.

Ademais este plan leva orzamento independente, un orzamento consolidado para a creación de prazas, como dicía.

É un plan que establece unha serie de medidas a curto, medio e longo prazo e que crea un consello técnico de atención primaria, xa a pleno funcionamento, no que participan sociedades científicas, colexios profesionais, organizacións sindicais, asociacións de pacientes e concellos. O 20 de marzo do 2019 firmamos un acordo con representantes do Consello Galego de Médicos de Sociedades Científicas de Atención Primaria e o Servizo Galego de Saúde, no que se recolle o compromiso de crear un comité técnico de expertos, así como un consello asesor de atención primaria, no que participarán colexios profesionais e sociedades científicas. O seu obxectivo é afrontar o desenvolvemento das estratexias de atención primaria dos próximos anos e liderar o seu desenvolvemento, e as funcións estarán relacionadas con aspectos científicos, profesionais e sociais. Sei que non lles gusta que haxa máis que un comité e que os expertos non deben asesorar o Goberno, que debe ser o Goberno desde un despacho o que faga a planificación, o que é a estratexia. Non, nós cremos que os profesionais son os que teñen que liderar este aspecto.

Polo tanto, e cun carácter de absoluta complementariedade, reunimos o grupo de expertos que elabora o informe *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* — texto en galego, texto en castelán—. Os compoñentes do grupo de expertos foron propostos polas sociedades científicas e os colexios de médicos. Os documentos resultantes de ambos os grupos de traballo son coincidentes no esencial. O diagnóstico de situación é exacto ao realizado nos grupos de traballo presenciais no Plan galego de atención primaria 2019-2021.



Ambos os documentos están baseados na cuádrupla meta: mellorar a saúde poboacional, mellorar a calidade e a experiencia do paciente, mellorar a eficiencia e mellorar a satisfacción dos profesionais. Varios países europeos seguen tamén esta estratexia da cuádrupla meta. As accións prioritarias a desenvolver recollidas en ambos son similares: reformulación dos organigramas cunha dirección específica de atención primaria, establecer mecanismos para mellorar a relación entre a atención primaria e a hospitalaria, potenciar a orientación comunitaria da nova atención e ampliar paulatinamente a carteira de servizos dos profesionais de atención primaria e a asignación dos novos roles, fomentando a docencia, a investigación e fortalecendo a participación do paciente na toma de decisións.

O 20 de marzo de 2019 representantes do Consello Galego de Colexios Médicos e de sociedades científicas de atención primaria asinaron un acordo sobre o desenvolvemento de distintos puntos do plan, a creación dun comité técnico de atención primaria e o Consello Asesor de Atención Primaria.

En resumo, formulación estratéxica coincidente. Como saben, mediante a Orde do 8 de xullo de 2019 créase e regúlase a composición, o funcionamento e a organización do Consello Técnico de Atención Primaria. Froito deste consello, creáronse as comisións sectoriais. Este comité técnico de expertos está formado por profesionais que coñecen ben o sistema sanitario, implicados e comprometidos, que sen dúbida teñen unha visión da atención primaria como eixo vertebrador do noso sistema de saúde.

No Servizo Galego de Saúde temos xa en marcha un plan inicial de implementación do informe de expertos citados. Así, a través dunha resolución do mes de decembro pasado, están xa nomeados os integrantes do equipo directivo do plan e da comisión independente de seguimento. O grupo de traballo xa tivo a primeira reunión o pasado 23 de xaneiro — hai uns días— para definir os obxectivos a curto prazo e para que no prazo de seis meses presenten resultados. A Comisión Independente de Seguimento está composta por profesionais de prestixio no ámbito da atención primaria de Galicia, e a súa misión é avaliar os logros e propoñer os axustes requiridos. Ademais, no primeiro semestre deste ano está prevista a creación dun foro de centros de saúde co obxectivo de compartir experiencias, innovacións, plans locais de saúde e indicadores de calidade, eficiencia e resultados en saúde de xeito periódico. O plan inicial de implementación recolle tamén para este primeiro semestre dous programas de formación a desenvolver pola Axencia de Coñecemento en Saúde –Acis–, un programa de formación de líderes e un programa de xestión de axendas dirixidos a xefes de servizo de atención primaria, a petición dos integrantes destes grupos.

Señorías, coincidimos en moitos puntos co plantexamento exposto por este grupo de expertos, e comprometémonos a levar a cabo a maioría das accións recomendadas nel. O Plan galego de atención primaria 2019-2021 xestouse a principios de 2019, a través do proceso máis participativo do que temos coñecemento en atención primaria. Os profesionais de todas as categorías que traballan nos centros de saúde da nosa comunidade autónoma propuxeron as medidas de mellora asistenciais que nel se recollen. O traballo de 123 profesionais, en grupos de 10 ou 12 persoas, en 21 reunións e con máis de 150 horas de traballo, fixo posible que aflorasen 525 propostas de mellora. Participaron, ademais, profesionais desde centros de saúde.



Foi un proceso participativo e transparente e, desde logo, do que estamos moi orgullosos, porque eles están baseando a nova atención primaria do século XXI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu creo que debemos dignificar un pouco o debate, facelo honesto; é dicir, a discrepancia é absolutamente lexítima, pero non podemos participar nun debate no que non lle recoñecemos ao outro o que defende. Vir aquí dicir que eu estou descualificando os profesionais paréceme insultante, non ao nivel de chamarlle «mascota» a ninguén co permiso da Presidencia, que se fixo hoxe aquí. Pero, en todo caso, dicir que descualificamos... Pero se non estamos de acordo...

O señor PRESIDENTE: Iso foi retirado.

O señor TORRADO QUINTELA: Non, foi retirado a un voceiro do Partido Popular, pero o primeiro que usou a palabra «mascota» foi o presidente, o que pasa é que, cando fala o presidente, vostedes si que se comportan como submisos.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, non no mesmo sentido. Lea vostede...

O señor TORRADO QUINTELA: Xa, xa, si... Non...

O señor PRESIDENTE: Non, non confunda, diso sei eu.

O señor TORRADO QUINTELA: Non, non, vostede...

O señor PRESIDENTE: Non, non confunda, non confunda.

O señor TORRADO QUINTELA: Se me permite falar. Moitas grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu non son médico, señor conselleiro, pero a ver se pode atopar algo contra a acidez, que hai un problema de acidez aquí moi grande. (*Aplausos.*)

En fin, nós non descualificamos os profesionais; é máis, vostede fixo unha defensa —e a nós parécenos ben— aos profesionais independente. Hai algún concelleiro do Partido Popular entre eles, pero está ben, está ben, porque son profesionais do sistema. De feito, compartimos moitas cousas; algo discrepamos, nalgunha cousa, evidentemente, un non pode compartir todo completo, pero, mire, firmariamos isto así enteiro, enteiro, (*O señor Torrado Quintela amosa o informe do que está falando.*) como un acordo conxunto de todo o mundo para os pró-



ximos dez anos, así como está. ¿Cal é o problema? Que vostede me vén dicir: vostedes desqualifican os profesionais. ¡Mentira! Ademais, vén aquí dicir: é que xa estamos facendo moitas das cousas que están aquí. ¡Pero se o documento é de novembro e hoxe é 29 de xaneiro! Vostede di: é que despois dese documento xa fixemos moitas cousas. Pero, señor conselleiro, se é que moitas das cousas que están aquí imos... Di que falo eu da análise. As propostas de actuación son para quen poida actuar, nós non estamos na xestión aínda. Pero permitíranme que non poidamos tomar nós decisións de xestión aínda; facemos propostas.

Pero, mire, é que vostede me fala dalgunhas cousas. Voulle falar das propostas que fan aquí. Mire: dignificar en condicións de traballo e acceso o desempeño que realizan os profesionais dende o nivel de atención primaria. ¿Sabe que ocorre con isto? Dignificar as condicións de traballo. Cada vez que dicimos algo disto aquí vostedes din que estamos atacando o sistema.

Pero, mire, tope máximo de 30 pacientes ao día para os profesionais de atención primaria, proposta neste Parlamento; rexeitárona. Catálogo de probas diagnósticas ampliado ou avaliar a ampliación para os profesionais facultativos; votaron en contra. Creación de novas prazas de interinidad, con compromiso de estabilización nas vindeiras OPE; votaron en contra —é que teño aquí unha marea de iniciativas—. Contratación de persoal de atención primaria; votaron en contra. Garantir cobertura de profesionais en calidade laboral; votaron en contra. Substitución de facultativos nos centros de saúde; votaron en contra. Plan de contratación de profesionais; votaron en contra —e só estou recuperando as do Partido Socialista—. Dotación de prazas de fisioterapia; votaron en contra —ogo dixeron que as ían facer, pero nunca se volveu saber delas—. Deseño de medidas para a mellora da atención primaria, avaliando cos profesionais; votaron en contra —logo fan isto e agora non lles van facer caso, pero si hai—. Plan de contratación de atención primaria e con estabilización de profesionais; votaron en contra. Compromiso de contratación estable ás persoas que ocuparon o 80 % do tempo nós últimos tres anos, unha praza con contratos eventuais —isto é estabilización—; votaron en contra. Ampliación da posibilidade de solicitude de probas diagnósticas; votaron en contra. OPE con 400 novas prazas; votaron en contra. Oferta aos titulados MIR de contratos de interinidad; votaron en contra. Teño unha xeira delas.

¡Pero se vostedes votaron en contra de todo isto! E voulle ler máis nas medidas urxentes, nas urxentes: corrixir de maneira urxente o impacto da actual «demanda bloqueante» (sobredemanda) na organización da actividade clínica —sobredemanda na actividade clínica—; saturación. ¡Se vostedes din que non existe e aquí lle están dicindo que si! ¿Como que tomaron medidas? ¿Tomaron medidas contra algo que seguen defendendo que non existe? Iso xa sería unha cousa estratosférica.

Mire, empezando por lugares en peor situación. Existen diferentes causas que conflúen nunha sobredemanda que está impedindo ofrecer unha atención de calidade. Cando nós dicimos isto, vostedes din que estamos atacando o sistema sanitario, que estamos desprestixiando, que estamos atacando os profesionais. Se é isto, literalmente, eu diría que é literal o que temos dito moitas veces aquí e o que din os colectivos, o que din os usuarios, o que din os profesionais. ¿Como que estamos desprestixiando os profesionais que o escribiron? ¡Se estamos de acordo con eles! ¡Se aquí estamos todos de acordo, todos, salvo o Goberno, salvo o Goberno!



É que vostedes votaron en contra de todo isto. Fanlle mil propostas e din que xa están facendo. ¿E saben o que lles din os profesionais que teñen vostedes nos grupos de traballo? Xa non están participando, porque lles din que non hai que facer por décimo novena vez un grupo de traballo para saber o que hai que facer. O que hai é que facelo. Teñen vostedes un documento, encargárono vostedes, decidiron vostedes a quen contratalo, fixeron unha análise, din que o asumen, pero din que xa está feito. Se está feito, ¿para que o encargaron? ¡Se ten poucos meses! E estou nas medidas urxentes, nas dúas primeiras.

Mire, outra: reformular o organigrama de atención sanitaria para elevar a atención primaria ao seu máximo nivel executivo. ¿Sabe que é isto? (*O señor Torrado Quintela levanta e sinala o informe xa mencionado.*) Isto é a xerencia de atención primaria, isto é o que lle están pedindo. ¿Sabe que pasou coa xerencia da atención primaria? Que vostedes a quitaron. ¿Pero como me están dicindo que vostedes están de acordo con isto? Isto é unha bofetada á súa política sanitaria. O que pasa é que agora non saben que facer con el. E meterano nun caixón, durará uns meses, porque probablemente será moi útil para o seguinte goberno, pero de aquí a alá, polo menos, se non van facer nada, xa lle adianto unha petición: non toquen nada, non rompan nada máis, como di aquel: *virgencita, que me quede como estoy.* (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Non debemos utilizar a mesma linguaxe. É curioso porque me paso a primeira parte da intervención falando do que é o Plan galego, que é anterior ao documento, e resulta que di: Pero se o documento é de novembro, ¿como hai cousas feitas? Porque veñen do Plan galego 2019–2021. O que pasa é que hai que escoitar, non só escoitarse a un mesmo. Sei que fala rápido e fala..., pero non só é falar, é saber o que se fala. O problema é ese.

O problema é que cando un goberno é serio, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) responsable e chama á xente de acordo cos profesionais para que establezan protocolos e documentos... Por certo, xa unha conselleira de Sanidade de España o outro día falou de atención primaria como elemento vertebrador do sistema. Gústanos, empezamos a ser como sempre, imos por diante dos demais.

E, mire, os grupos seguen traballando e dando resultados. Os moderadores rebentaron o grupo, que foron contratados polo Ministerio. Polo tanto, nós temos, desde logo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) moito máis interese en escoitar os profesionais e en facer un plan; un plan que ten 7 liñas estratéxicas con 52 obxectivos e 200 accións, das que 80 foron establecidas a curto prazo.

Vou falar da liña estratéxica 1, que é a dotación de recursos humanos de atención primaria —fundamental—. Pois quedamos de crear 331 prazas, prazas de diferentes categorías profesionais, porque o máis importante da atención primaria é formar equipos, equipos médicos, de enfermeiras, de traballadoras sociais, de farmacéuticos, de fisioterapeutas, de administrativos... Iso é un equipo, o equipo da atención primaria. Hai 45 novas prazas creadas no



2019; neste ano, 102 prazas. (*Murmurios.*) E, ademais —como dicía antes—, a maior convocatoria de número de médicos de familia en formación é esta convocatoria da fin de semana. Son 129 prazas de médicos de familia, despois de que o Ministerio tivera paralizadas acreditacións durante moitos anos. E tamén —como dicía antes— 27 pediatras.

Polo tanto, para nós a parte de contratación de persoal é fundamental, como digo, con medidas, con OP anuais. Somos a única comunidade autónoma que convocou OP todos os anos. E hai un elemento que está pedido desde hai moito tempo, pero seguramente non entenden o concepto: taxa de reposición. Hai que eliminala. Galicia ten o 108 % (*Murmurios.*) porque cumpriu os datos de déficit, pero necesitamos recuperar o que non puidemos cubrir. No día de hoxe nin o anterior goberno de Sánchez nin o actual goberno de Sánchez entende isto. Desde logo, a primeira petición que ten o ministro de Sanidade é eliminar a taxa de reposición. ¿Que non depende directamente do seu ministerio? De acordo, pero está nun goberno que terá que facer os cambios para que o que é o servizo sanitario de todas as comunidades autónomas poida contratar e estabilizar máis persoas.

Seguimos —como digo— traballando con ofertas públicas de emprego. Estas fins de semana que veñen temos varias oposicións. E no primeiro trimestre tamén elaboraremos a seguinte oferta pública de emprego. Como digo, un ano máis, a Xunta vai por diante.

E tamén a liña estratéxica número 7 —importante—, Plan de necesidades específico. Son 33 millóns de euros neste plan para obras, equipamentos, reformas, tamén para tecnoloxías da información. E xa estamos facendo chegar a todos os centros de saúde de Galicia novos equipamentos para facela máis efectiva, outra das peticións que tamén nos fixeron.

Tamén creamos a Dirección de Atención Primaria. Miren, eu fun xerente de hospital cando había xerente de atención primaria, e podo asegurarlles que, desde logo, a relación entre o xerente de primaria e hospitalaria non era demasiado boa. Eran dous mundos diferentes. Neste momento están integrados, hai un xerente da área sanitaria e hai directores hospitalarios e directores de primaria creados con esta normativa que impulsamos. E, ademais, hai unha subdirección de atención primaria dentro dos servizos centrais para coordinar, precisamente, todo isto.

Desde logo, seguimos coas comisións sectoriais, 14 comisións sectoriais de todo ámbito. Non sei se hai algún concelleiro do Partido Popular. Como dicía vostede, había un consejero del País Vasco do Partido Socialista. E, desde logo, eu sei que hai, non digo concelleiros, digo xente que se vai presentar nas próximas eleccións en listas que non son do Partido Popular e que están nas comisións sectoriais. Ou sexa, que non é un problema político, é un problema de profesionais e que nós, desde logo, creamos.

Coa creación do Comité Técnico de Expertos cumprimos o compromiso acadado cos representantes do Consello Galego de Médicos e as sociedades científicas; e estas firmaron ese documento, consideran que era un documento válido. Loxicamente, nós o que estamos facendo neste momento é levando o que figura nese documento; un documento que vai ser referencia a nivel nacional da atención primaria —Galicia, dende logo, é a pioneira; estou levando á realidade—. E, desde logo, imos cumprir o Plan 2019-2021.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Común da Esquerda, sobre a sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En realidade, o título que lle deron é bastante escueto, pero o conselleiro ten por escrito as cuestións relativas á sanidade no rural, aos hospitais comarcais. Por suposto, ao que maiormente me vou referir é a ese malogrado peche do paridoiro de Verín.

E unha cuestión previa. Resulta entenecedor escoitalo, señor Almuíña, pedir a eliminación das taxas de reposición; resulta entenecedor despois de todas as veces que vostedes votaron en contra de eliminar esas taxas de reposición na Comisión de Sanidade deste Parlamento e tamén desta Cámara; propostas que fixemos todos os grupos da oposición. (*Aplausos.*) Pero, bueno, en fin, é o que ten o papel, que o soporta absolutamente todo, señor Almuíña.

Miren, hoxe traemos un asunto moi importante, que é a equidade do sistema sanitario público, un elemento que está en risco, dende logo, dende que comezaron os recortes de persoal na sanidade pública. Probablemente xa previamente necesitabamos mellorar —sempre se precisa mellorar— en moitos aspectos para mellorar esa equidade no acceso aos servizos sanitarios. Desgraciadamente, despois da eliminación de todas as prazas que se foron amortizando nos últimos anos —e, por certo, ninguén o obrigaba a amortizar prazas nos últimos anos, esas xubilacións forzosas das que tanto discutimos na anterior lexislatura, aínda non estaba vostede aquí—, desafortunadamente de moitos profesionais, a situación é moitísimo peor e afectou os lugares nos que xa existían máis dificultades: atención primaria e atención hospitalaria do rural das comarcas máis afastadas nos hospitais comarcais, pero tamén en moitas parroquias do rural de moitos concellos máis ou menos urbanos ou rurais do noso país sofren desgraciadamente ese problema. Polo tanto, hoxe viñamos traer esta cuestión aquí perante —xa digo— ese malogrado peche do paridoiro do Hospital de Verín.

A verdade é que non deixan vostedes de sorprendernos, e, cando pensamos que non o poden facer peor, van e supéranse. Entón, despois de intentar dar marcha atrás nunha medida absolutamente disparatada que atentaba contra os dereitos das mulleres, por suposto, pero contra os dereitos fundamentais dos nenos e das nenas e o seu dereito á equidade tamén no acceso ao sistema público de saúde, non só non pediron desculpas —bueno, poden equivocarse e mudar de opinión—, senón que cada vez que intentaban trasladar que ían dar marcha atrás dalgunha maneira empeorárono. É coma cando un cae escaleiras abaixo e, en vez de agarrarse e parar, acelera, corre e dáse de bruces. Vostedes levan un mes e medio, primeiro, insultando os profesionais, falando de falta de pericia; posteriormente, meténdose coas familias —coas nais fundamentalmente, pero coas familias—, dicindo que a responsabilidade é delas, trasladando e agochándose detrás tanto das familias como dos profesionais, e agora



xa o nunca visto, cando deciden dar marcha a atrás —e, por certo, hai que felicitar esas 20.000 persoas que saíron á rúa, eses pais, esas nais, esas familias, eses profesionais sanitarios que defenderon con uñas e dentes a equidade no sistema sanitario e o servizo do paridoiro no Hospital de Verín—, cando parece que vostedes teñen que dar marcha atrás nese globo sonda —hai eleccións autonómicas e o Partido Popular de Ourense non estaba moi contento— inventan un elemento novo en relación co consentimento informado. Dos creadores do «pin parental» chega o consentimento informado e reforzado. É algo así como un pin parental para os pais e nais que queren ter os seus fillos e fillas, como é o seu dereito, no seu hospital; un elemento absolutamente fóra das normas vixentes, por suposto, non contemplado dentro das normas que regulan o consentimento informado.

Tampouco vostedes aínda aclararon como se vai dar esa medida porque, evidentemente, non ten —eu creo— cabida no ordenamento xurídico neste momento, e o que faría sería xerar un problema, evidentemente, dunha comparación cos outros servizos; un agravio comparativo, facilmente, por certo, denunciado nos hospitais, porque non sei cal vai ser o formato polo que que vostedes van optar. Se vostedes obrigan a dar un consentimento específico a esas nais que van dar a luz como elemento coercitivo —a ver se non dan a luz alí—, estarían vostedes saltando a equidade e a Lei básica reguladora da autonomía do doente, que, evidentemente, regula xa —e da que bebe a propia Lei de saúde de Galicia— en que circunstancias se ten que dar o consentimento informado tanto verbal como escrito; un elemento que está eu creo que asentado no ordenamento xurídico español. Polo tanto, non ten cabida inventar un novo pin parental para as familias dos nenos e nenas que nazan no Hospital de Verín.

Así as cousas, vostedes tiveron que dar marcha atrás nunha medida que xa estaba, evidentemente, anunciada ou máis que anunciada. O noso grupo trouxo en diversas ocasións iniciativas advertindo o que ía acontecer cando se xubilase o profesional, ao que vostedes chegaron a prorrogarlle ata tres veces a súa xubilación sen buscar ningún substituto ou substituta.

E, por favor, non teña a tentación de dicir que é que non hai pediatras, porque misteriosamente cando 20.000 persoas se mobilizaron na rúa apareceu a posibilidade de contratar pediatras para dar ese servizo. Por favor, non frivolicemos con este tema. É un tema relevante, un tema de falta de equidade e unha situación que, desgraciadamente, se está a dar no noso país ante un discurso absolutamente hipócrita de quen di que está moi preocupado ou preocupada —o Goberno, neste caso— pola situación demográfica de Galicia. Fíxense, acaba de entrar unha norma na Cámara galega en relación con esa necesidade de impulso demográfico que non ten palabras absolutamente en todo o seu articulado para referirse á sanidade como elemento vertebrador da poboación e como dereito básico que debe ser equitativo en calquera punto do noso país. Hai unicamente dous artigos que o nomean por enriba. Un é o artigo 77 dese proxecto que entrou na Cámara, Accesibilidade dos servizos públicos, no que falan vostedes de que as administracións deseñarán as súas infraestruturas de servizos de tal xeito que toda a cidadanía —con independencia do seu lugar de residencia— teña accesibles os servizos básicos de carácter educativo, sanitario, social e de xustiza. ¡Benvidos! ¡Benvidos os preceptos constitucionais! Porque, evidentemente, o acceso ao sistema sanitario público debe ser xa por lei equitativo e, polo tanto, isto non só é unha redundancia, senón que carece de ningún tipo de medida concreta. Ou o artigo 104, en relación coa atención no domicilio, que



vostedes basean no emprego do voluntariado do terceiro sector, pero esquécense de falar do que está a acontecer con esas bombas de fume en relación coa hospitalización a domicilio.

Vostedes, como ademais xa estamos en precampaña, non só hoxe anunciaban e licitaban esa ampliación do Hospital de Verín —porque ademais de circo hai que dar pan, e resulta que para que calen esas protestas imos ver se con esta noticia se mobiliza menos a xente—, senón que precisamente esta semana se aprobaba unha moción no Concello do Barco de Valdeorras en relación con esa necesidade dun novo centro de saúde na Rúa, o día 1, o próximo sábado, está convocada unha mobilización cidadá pedindo esa infraestrutura, e vostedes tiveron a idea de coller e anunciar que ían ampliar o servizo de hospitalización a domicilio; unha auténtica falacia, porque vostedes xa anunciaron previamente que ese servizo se ofrecía para toda a comarca, cando, obviamente, é falso; ese servizo soamente se proporciona para as parroquias do Barco de Valdeorras, non para o resto de concellos máis afastados, porque, evidentemente, o médico e a enfermeira que traballan nese servizo non son superhéroes e non poden chegar a todos os puntos dese agora distrito sanitario sen máis tempo. E hai un grao de envellecemento bastante elevado dentro dese distrito sanitario, como é coñecido por todas e todos.

Polo tanto, vostedes inventan un servizo que xa anunciaron en dúas ou tres ocasións sen ampliar o número de profesionais, salvo que vostede hoxe aquí me diga que van poñer dous ou tres médicos e enfermeiras para poder dar ese servizo. Se non, evidentemente, acontece como o que pasa tamén no Hospital de Verín, ou en Monforte. E en Verín resulta bastante obvio o que sucede. Vostedes eliminaron o servizo de paliativos e moveron a medicina interna para outro servizo de medicina interna. E, evidentemente, o que ten que ver coa atención domiciliaria, pois unicamente nun ámbito de 15 minutos, nunha isócrona de 15 minutos, porque todo o que estea máis lonxe desa distancia do hospital non hai capacidade de atendelo porque non hai persoal suficiente. Esta situación que temos é a preocupación que ten a Xunta de Galicia, a pesar de que as noticias din que Galicia perdeu un 12 % da poboación rural na última década.

¿De que estamos a falar? En realidade, para este Executivo todo o que sexan servizos que teñan unha reducida frecuentación, como pode ser a atención primaria dos concellos do rural e das parroquias do rural, porque hai un descenso de poboación, é un gasto, e isto estamos a velo durante toda a lexislatura. Eu non sei se vostede atende ou non —non sei se ten tempo— aos debates que damos na Comisión de Sanidade do Parlamento, porque continuamente estamos tendo carencias en atención primaria en todos os concellos, fundamentalmente de Lugo e de Ourense —pero tamén doutras parroquias do rural das provincias da Coruña e de Pontevedra, que tamén as hai e non sou poucas— e, desgraciadamente, non existe ningún tipo de atención a este elemento.

Despois continuarei. Ten vostede as preguntas por escrito.

Pero preocúpanos bastante que vostedes non teñan unha planificación e que ese globo sonda no que parece ser que, afortunadamente, se vai dar marcha a atrás do peche do paridoiro de Verín, non sexa a antesala de máis recortes dentro da sanidade rural. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.



Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Pois, a verdade, vou aproveitar, señoría —xa que agora pode ter algunha influencia no Ministerio de Traballo—, para ver se conseguimos entre todos eliminar a taxa de reposición e así coincidiríamos todos. *(Aplausos.)*

Señor presidente, señorías.

Mire, quero comezar recordando que para este goberno os servizos públicos nos que se basea o Estado de benestar son unha clara prioridade, como queda reflectido nos orzamentos —onde hai que reflectilo— e, máis concretamente, en sanidade, na que investimos máis do 40 % do orzamento da Xunta de Galicia; o maior orzamento —como digo— da historia da Xunta de Galicia en sanidade, e cun orzamento real.

A sanidade pública ten avanzado enormemente nesta última década. O Servizo Galego de Saúde conta con máis de 38.000 traballadores, 1.544 profesionais máis que hai dez anos. Contamos con máis e mellores infraestruturas, coa máis avanzada tecnoloxía. Somos pioneiros na utilización das novas tecnoloxías da información para facilitar o traballo e a participación de profesionais, pacientes e cidadáns. Consequimos mellorar a nosa calidade con máis actividade e mellores resultados. Realizamos máis actividades e programas de prevención, e atendemos os pacientes máis graves en menos tempo. Ao mesmo tempo, os pacientes e cidadáns contan con maiores garantías e máis capacidade de decisión.

Polo que se refire ao paritorio do Hospital de Verín, tomamos unha decisión difícil, pero é unha decisión responsable, tomada con criterios de calidade asistencial e de seguridade dos nenos e das nenas e das súas nais; evidentemente, sen ningún interese electoral, que outras formacións si claramente teñen. Foi unha decisión difícil pero non eludimos responsabilidades e sempre estamos dispostos a explicar o porqué das nosas decisións. Farémolo sempre que sexa necesario.

Como indicamos, esta foi unha decisión baseada nos criterios de xinecólogos, obstetras e pediatras do hospital de referencia. Como saben, estamos padecendo unha escaseza de pediatras a nivel nacional; non é algo de Galicia, non é algo de España, é de toda Europa. Intentamos en repetidas ocasións conseguir profesionais especialistas en pediatría para poder continuar atendendo partos en Verín. Curiosamente, foi o Goberno de esquerdas do Bipartito o que acabou co Servizo de Pediatría no Hospital de Verín. *(Aplausos.)* E é o Goberno do Partido Popular o que en repetidas ocasións plantexou prazas para poder volver crear ese servizo: en xuño, en decembro e agora en xaneiro; tres veces en menos dun ano.

Ademais, traballamos con servizos hospitalarios implicados na redacción do protocolo para retomar esta atención aos partos de Verín, que podo anunciar xa que vai ser o día 3 do próximo mes de febreiro.

Volven falar do consentimento informado. Perdoe, señora Solla, creo que non ten demasiada información sobre o que é o consentimento informado. O consentimento informado é un proceso de dereito das persoas. É un proceso continuo de información entre os grupos de pro-



fesionais que atenden os cidadáns, que pode ser oral ou por escrito, pero onde queda rexistrado é na historia clínica. E do que se trata é de dar a maior información posible aos pacientes. Eu creo que contra iso non pode estar ninguén, non pode estar absolutamente ninguén.

Nas circunstancias das últimas semanas, e dada a profusión de información difundida —algunha, evidentemente, con pouca intención de mellorar esa información ás persoas—, desde logo, do que falamos é de dar a maior información posible; é dicir, que o paridoiro de Verín, despois destes dous meses sen actividade, volve retomar a súa actividade. Desde logo, a Consellería dá as facilidades e sobre todo a seguridade —que é o máis importante, a seguridade— para que se fagan os partos con todas as condicións. Non sei se a súa señoría o que quería era que houbera partos en Verín sen pediatra de cobertura para os nenos que nazan. Nós, como responsables, non podemos atendelo.

As urxencias pediátricas —das que tamén falaban— en moitos casos en Verín estaban cubertas, como en moitas áreas de Galicia, e non tantas en España, que eran a través da atención primaria. Temos 3 pediatras de atención primaria para atender 2.136 nenos; é dicir, aproximadamente 712 nenos por pediatra. Non hai moitos sitios en España onde se atendan tan poucos nenos por pediatra. Polo tanto, a urxencia pediátrica estaba en atención primaria, nos PAC e nas urxencias hospitalarias, tanto do Hospital de Verín como do Hospital de Ourense. E seguirá, loxicamente, coa condición de que agora creamos de novo, despois de que no 2006 o Bipartito acabara co Servizo de Pediatría do hospital, esa idea.

En xeral, falamos de que en Verín aumentamos o persoal de 154 a 298 profesionais nos últimos anos. En médicos, pasamos de 37 a 39; en persoal sanitario, de 179 a 208; en persoal non sanitario, de 34 a 49; e os directivos —é certo— diminuíron de 4 a 2. Hai máis actividade. Para os 26.000 habitantes do distrito a actividade que se realiza no hospital supera os 2.500 episodios de hospitalización, as 2.000 intervencións cirúrxicas, as 65.000 consultas e as 13.000 urxencias; con demoras globais que están entre as máis baixas, non de Galicia, senón de todo o Sistema nacional de saúde, e cun nivel de satisfacción da cidadanía sobresaínte. (*Murmurios.*)

Cómpre lembrar os resultados no balance das listas de espera do 2019 obtidos no Hospital de Verín. Hai uns días que as publicamos, cunha media de acceso á consulta de 30 días e de 31 días para intervencións, con demora 0 en prioridade 1; aquelas que se corresponden, loxicamente, coas patoloxías máis graves. Esta é a realidade: máis persoal e máis actividade.

E polo que respecta ás infraestruturas, está xa licitado o proxecto básico de execución da ampliación de urxencias. Unhas novas urxencias, un novo PAC e actuacións de mellora de eficiencia enerxética. Xa sei que é unha mala noticia para vostede, pero imos facer unhas novas urxencias, porque entendemos que é moi importante. Estamos actualmente no período de recepción de ofertas, que finaliza o 10 de febreiro. A partir de aí contratarase o equipo que teña que facer este proxecto para mellorar esa atención. Pero executamos hai pouco as obras da nova base do 061 no propio hospital.

Fíxese vostede que tamén di que nós queríamos pechar o paridoiro e que, ademais, esa é a liña. Non é a liña da Consellería. De feito, comprouse unha nova mesa de partos de UTPR para



o Hospital de Verín hai uns meses. E, como digo, elevouse o número de prazas para contratación de pediatras, que, desgraciadamente, non foi posible.

Desde logo, imos seguir insistindo, levando as mellores condicións non só ao Hospital de Verín, senón a todos os hospitais comarcais. Acercar os servizos o máximo posible á cidadanía desde logo é unha implicación fundamental.

Quero recordar que cando modificamos a Lei de saúde demos unha protección especial a determinados hospitais comarcais que non figuraban na normativa, e un era o Hospital de Verín. (*Murmurios.*) Agora é distrito. Polo tanto, queda blindado un hospital na Lei de saúde, a lei máis importante a nivel de comunidade autónoma. Seguimos protexendo e imos seguir mellorando todos os servizos.

A falta de persoal, como digo, é un problema que hai a nivel estatal e incluso europeo; desde logo, estamos tomando medidas para revertela e imos seguir nesa liña. Problemas hainos en moitas comunidades autónomas, pero que tomen medidas como as que está tomando Galicia moi poucas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, se o Bipartito era tan malo que eliminou ese servizo cando pasou á pública nun dos seus proxectos de privatización, que eran esas fundacións sanitarias, desde o 2009 ao 2019, que vostedes sacaron o concurso, ¿que estiveron facendo?, ¿que estivo facendo vostede todos estes anos? ¡Vacacións! (*Murmurios.*) ¡Vacacións de traballo! (*Murmurios.*) ¿Onde está o Servizo de Pediatría? Nunha década a vostede non lle importou ese Servizo de Pediatría.

E, perdoe que lle diga, pero é dun cinismo bastante importante que vostede diga aquí, aínda que sexa a modo de chascarrillo —por certo, ninguén riu nin sequera—, que nós queremos o Servizo de Partos sen pediatra. É dun cinismo bastante relevante pola súa parte porque, como vostede sabe perfectamente, rexistramos en moitas ocasións iniciativas en relación coa pronta xubilación do único pediatra que asistía ás urxencias, que tiña que traballar en atención primaria e asistir ás urxencias e aos partos. (*Murmurios.*) E a vostedes deulles igual. A resposta foi que non había problema co servizo. Hai *diarios de sesións* das comisións de Sanidade, ¡hai diarios de sesións!, así que menos risas e menos cinismo con este tema. (*Murmurios.*) Porque levamos interesándonos por esta situación e polo recorte de servizos en paliativos, en medicina interna, en anestesia, neste centro e nos demais moitísimo tempo. (*Murmurios.*) Un pouco de respecto, señoras deputadas, ¡un pouco de respecto!, porque o tema da falta de equidade... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Se os debates son apaixonados é porque o dereito á saúde é un dereito fundamental e básico, e o que se está facendo aquí é privar dese dereito aos cidadáns por vivir no rural. E non hai cidadáns de segunda neste país. *(Aplausos.)* A equidade dentro do sistema sanitario público é unha cuestión moi seria. *(Aplausos.)* O que non se pode facer é que cando desde os grupos da oposición advertimos que vai haber un problema con este servizo durante meses se diga aquí que non foi voluntario e que os que non queremos que existan servizos somos os grupos da oposición ou eu mesma. Hai que ter un mínimo de ética.

Por certo, non se pode utilizar a bioética coma se fora un chicle. O consentimento informado, señor Almuíña, vén lexislado dende o ano 2002 no conxunto do Estado. Lexislación básica, señor Almuíña, que foi trasladada ao resto de normativas nas comunidades autónomas, incluída a Lei da saúde de Galicia. *(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, nega coa cabeza.)* Non, menea a cabeza, debería volver facer as oposicións, señor Almuíña, porque se ve que nin sequera se sabe o articulado das normas básicas. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E están perfectamente regulados os casos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —bueno, hai máis xente que ten que ir á academia—, que teñen que ser orais e escritos. Está perfectamente estipulado. Así que, señor Almuíña, explíqueme en que consiste o pin parental do PP, *(Murmurios.)* do paridoiro de Verín; dígame cal é a diferenza, por favor —que debe ser que eu non o entendo—, entre informado e reforzado. *(Murmurios.)* Trasládenos aquí, por favor —e, se é tan amable, tamén por escrito de paso—, cal é a diferenza e como reforzan vostedes un consentimento informado. *(Murmurios.)* Porque os profesionais non o saben e, de paso, fainos un favor a todos; eu tomarei nota, os profesionais tamén. E a cidadanía galega que escoita esas ocorrencias saberá agora en que consiste o pin parental de Verín.

Mire, señor Almuíña, hai un problema de falta de profesionais que vostedes mesmos causaron. A falla de planificación durante anos leva a que neste momento teñamos carencias, por suposto, en moitas especialidades. O que xa é o non vai máis é que nin sequera nos hospitais teñamos pediatría, porque vostedes dixeron que ían facer unha planificación de como ían distribuír os profesionais, pero xa que se eliminan dos centros hospitalarios para o caso das urxencias parécenos absolutamente increíble.

Por certo, a atención primaria segue sendo moi relevante. ¿E sabe, señor Almuíña, o que lle di, precisamente, o Consello Médico sobre a atención primaria? ¡Que poñan as pilas! Iso é o que lle di o Consello Médico en Galicia literalmente: ¡que poñan as pilas para buscar profesionais! Porque é a baixa calidade do emprego a que fai que os poucos profesionais que poderían estar aquí traballando, a pesar da falta de planificación, marchen. Galicia é a comunidade autónoma que, no caso dos médicos e médicas, máis capacidade adquisitiva perdeu nos últimos dez anos. E, por certo, hai psicólogos e psicólogas, fisioterapeutas, hai outras categorías profesionais que non teñen esa dificultade, esa ausencia de profesionais, e vostedes tampouco as proporcionan. Iso si, mantemos, por certo, os curas dentro da sanidade pública.

Señor Almuíña, hai carencias graves de atención no rural e vostedes —e remato xa— deberían estar moito máis preocupados. Non serve para nada meter un papel, que é a Lei de impulso demográfico, e que non exista nin un só artigo no texto articulado para garantir esa sanidade pública no rural, señor Almuíña.



Remato xa.

Explíqueme vostede como blindou vostede, como blindou, o Hospital de Verín. E díganos, por favor —que eu non teño a súa sapiencia—, en que se diferencia «informado» de «reforzado».

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche da interpelación polo conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, por favor, non abandone o salón mentres estea nesta exposición, porque, se non, me van dicir cando podo rir, non rir, chorar ou non chorar. É increíble que unha deputada decida o que teñen que facer outros deputados ou, neste caso, un membro do Goberno.

Chamoume cínico, que non tiña ética e que debería volver facer as oposicións. *(Murmurios.)* Aprobeinas. Non todos as aproban. Entón, para iso hai que estudar. *(Aplausos.)* Eu, desde logo, non lle diría a unha persoa que sacou unha oposición que debería volver repetila. Paréceme que é falta de respecto a esa persoa e a todos os que aproban as oposicións. *(Murmurios.)*

Míre, eu creo que falaba de que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Santos, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...o Bipartito... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Non é clasismo. É aprobar oposicións ou non aprobalas. Non hai máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Santos, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ¿Déixame rematar? *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Santos, vale xa! *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Señora Santos, chámoo á orde. ¡Xa está! ¡Por favor! *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* É que vostede quería unha chamada á orde. Chámoo á orde. ¡Por favor, é que xa estamos niso, chámoo á orde! ¡Por favor, xa está! *(Murmurios.)* *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* É unha interpretación, pero todo o mundo o ve. Non



vou discutir o que é obvio. ¡Xa está, non vou discutir o que é obvio! ¡Vamos terminar isto en paz! (A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)

Mire, isto é unha confrontación política. Eu escoitei o que aquí se dixo, e o conselleiro rebota, evidentemente, o que ás veces tamén lle din. ¡Correcto!, isto é o debate político. Pero ben, alá cadaquén co que di, hai que saber tamén ás veces escoitar. Non se pode ter mandíbula de cristal —díxeno moitas veces—. Pois ¡xa está! ¡Silencio, xa está! Terminou aquí. (A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.) Terminou isto. Non estou agora dialogando con vostede.

Prosiga, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Eu, desde logo, veño expor o que cremos, o que se está facendo por mellorar a atención sanitaria. E trato de traer, desde logo, datos, sempre datos. Sei que ás veces se fan comentarios que están fóra, pero, desde logo, teño que contestar a aquelas cousas que tamén me parece que non son correctas ou que, polo menos, deberíamos evitar dentro do debate.

Fala de que se amortizaron prazas. Non se amortizaron prazas en ningún momento. Houbo unha lei que impediu —esa taxa de reposición— contratar toda a xente que se xubilaba. Esa lei veu por unha crise económica á que nos levou un goberno de esquerdas en España. E, polo tanto, houbo que tomar ese tipo de medidas porque o risco era quedar sen servizo sanitario. Polo tanto, foron medidas duras para momentos duros. Ese momento pasou e por iso pedimos que neste momento se elimine esa taxa de reposición; polo menos, para aquelas categorías profesionais con maiores dificultades de cobertura, como son os médicos de familia e como son os pediatras, pero hai algunha outra máis.

Ante calquera tipo desas consecuencias, esta petición que facemos —que foi reiterada ao Goberno central— creo que é lóxica, razoable e creo que todos debemos defender. Polo tanto, imos seguir loitando por iso.

Nós, como digo, seguimos tratando de dar máis servizos e máis próximos aos cidadáns, coas limitacións que en cada momento poida haber. E, como digo, tomamos sempre medidas e seguimos tomando medidas. E, desde logo, temos que ser responsables e temos que pór as condicións adecuadas de seguridade para atender os pacientes. Cando profesionais de elevada cualificación nos din que hai problemas de cobertura de pediatría nunha área concreta, loxicamente temos que dicilo á poboación. E non é buscando, evidentemente, rédito electoral. É unha decisión dura, difícil, pero que, por responsabilidade, se gobernas, tes que tomala. E creo que todas as persoas que chegan a esa situación o fan.

Como digo, os datos, os grandes datos de actividade, de tempos medios de espera cirúrxica, de consultas e de probas, son datos importantes. E especial consideración neste caso hai non só co Hospital de Verín senón con outros hospitais. Creamos distritos precisamente para marcar e enmarcar o que se necesita en cada un destes momentos.

E, desde logo, nós somos claros e dicimos —igual que en atención primaria, e acabo de dicilo na anterior interpelación— que nós cremos nos equipos. Nós non falamos de médicos ou de



pediatras, falamos de todas as categorías profesionais, que son fundamentais. E, así, o Plan galego de atención primaria leva a contratación —esas máis de 300 prazas— de todos os profesionais que están implicados nesa atención. É o que temos que facer, e ímolo facer cun sentido de responsabilidade.

Desde logo, sobre o que é o consentimento informado, o consentimento informado é unha parte moi importante da asistencia, é a información, a maior información posible, aos nosos pacientes. Iso é algo que non se fai por un papel entregado, senón que ao longo da relación se vai explicando o proceso. Neste caso hai que facer especial incidencia, porque, como digo, despois destes dous meses de desinformación por moita xente, tratando de que houbera desinformación, loxicamente o que queda é abrir o paridoiro o día 3 de febreiro con todas as seguridades e, desde logo, con toda a información que necesiten os pais dos nenos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/a máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías de dignidade das persoas enfermas terminais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleiro.

Tal día como este venres Concepción Arenal cumpriría 200 anos. E non só era unha grandísima xurista, unha muller loitadora, activista e feminista, senón que, ademais de defender os dereitos daquelas persoas que máis o necesitaban cando ela vivía, no século XIX, creou dereitos novos para os presos e presas. E hoxe, á marxe de como estea redactado o encabezamento que acaba de ler o señor presidente, imos falar dun dereito novo, do dereito á eutanasia, un dereito civil e social novo.

Houbo un tempo no que o poder lexislativo e o poder executivo en España eran como Concepción Arenal, eran pioneiros. Hai tempo que non, que non é así —diciámolo onte—. Aquí criticouse que en total só hai dez países no mundo que regulan a eutanasia, en total. Entre eles Holanda, Canadá, Bélxica e Luxemburgo. E mesturouse co suicidio asistido en Suíza, que non é a eutanasia, que son cousas diferentes.

E tamén se nos dixo que Portugal, por exemplo —que polo visto agora é un referente do Grupo Parlamentario Popular—, non tiña eutanasia e que se debatera. Portugal, co cariño que lles teño aos nosos compañeiros, e non só aos compañeiros senón aos cidadáns portu-



gueses e cidadás portuguesas, en dereitos civís non lle pode dar ningunha lección a España. E voulo explicar, señora Rodríguez, pese a que vostede non está no debate.

E vou poñer un exemplo. Dende o ano 1966 as mulleres portuguesas despois de divorciadas tiñan que esperar trescentos días para se volver casar —ata hai seis meses—; os homes, só 180. Pois iso quere dicir que en Portugal, por exemplo, ese dereito ao divorcio era moi diferente para os homes e para as mulleres, era discriminatorio. Non nos levan vantaxe, non nos levan vantaxe en dereitos civís. Así que non pode ser un referente para que vostede copie. Por certo, ¿quen o cambiou en xullo de 2019? O Partido Socialista Portugués, que decidiu que esa discriminación entre homes e mulleres ía acabar.

Pois miren vostedes para eses países dos que si temos que copiar, que copiar cousas; en concreto, tamén de Holanda neste caso. Porque a eutanasia, o dereito á eutanasia, que é do que estamos a falar é dignidade. E non o dicimos nós, que somos un grupo pequeno, como nos din vostedes un día si e outro día tamén, dío a Declaración universal de dereitos humanos, a Declaración sobre bioética e dereitos humanos da Unesco —por unanimidade, por certo—, do ano 2005, e incluso a nosa Constitución do ano 1978. A dignidade é a base de todos os dereitos fundamentais das persoas e de todos os dereitos que non son fundamentais tamén.

E este si é, pese ao que se diga, un debate ideolóxico, porque é un debate político. Estamos no Parlamento de Galicia e a política é ideoloxía, gústenos ou non nos guste e moleste a quen moleste. A política é ideoloxía e cada un vén aquí coas súas ideoloxías.

Eu falaba onte de varias razóns para defender a regulación da eutanasia e vou repetir unhas cantas. Non estamos a falar de cuidados paliativos, non estamos a falar de persoas enfermas.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe, señora Vilán, é que hai un murmurio continuado. Se alguén quere falar, pode saír fóra. Agradecerémollos o resto.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Non estamos a falar de persoas enfermas que están no hospital, que van morrer e ás que se lles aplican cuidados paliativos, non falamos diso. Non falamos nin sequera do suicidio asistido como en Suíza. Falamos de que eu, que teño un prognóstico irreversible de morte, que teño padecementos graves que non se me poden aliviar, teño dereito a decidir cando quero morrer e quero morrer ben, quero morrer ben. Diso é do que estamos a falar.

Nós non trivializamos, porque este é un debate moi serio e non se trivializa, non, non. Recordo cando eu estaba no colexio. Eu fun a unha escola pública, pero, como son moi maior, tiña relixión. En relixión había unha profesora —coincidiu co debate da Lei do aborto naquel momento— que nos trouxo un cómic que si trivializaba, un cómic que se titulaba *¿Quién mató a Juanito?* Non sei se algún tivo a sorte de compartilo. E ese cómic, que está aquí, era con viñetas e cousas así. E dicía, por exemplo: «*Los niños de 13 semanas que son abortados lucharán por vivir después del aborto durante 2 o 3 horas*». Dicía: «*La madre no tiene ningún derecho sobre*



el cuerpo de su hijo, el niño es una persona distinta, es un ser humano aparte». E dicía outras cousas, comparando, por exemplo, a especie humana co fresno ou cos cadelos —coas cadelas neste caso—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, pois iso si era trivializar algo que tamén é moi serio, que é o dereito a que unha muller decida cando interrompe o seu embarazo de maneira voluntaria. Eses que falaban de *¿Quién mató a Juanito?* agora falan da eutanasia como «un asasinato por compaixón». Na mesma páxina *web* onde vén falan de eliminar persoas e doentes, que foi o que tivemos que escoitar aquí o outro día, e que son expresións que supoñen un retroceso para a especie humana.

Estas situacións non teñen nada que ver coas leis de cuidados paliativos, como a nosa do ano 2015 —que nos gustaría, por certo, conselleiro, saber como se está a aplicar, pero por escrito, a través dun informe que nos remitise a súa consellería, porque case, case, ten cinco anos de vixencia—. Estamos a debater sobre un dereito a crear un espazo de decisión persoal sobre a miña morte e a boa morte. Iso é do que estamos a falar hoxe. É un dereito civil novo, ou será un dereito civil novo, que entronca co dereito fundamental á vida porque é a fin da vida voluntaria por parte de alguén.

E, efectivamente, necesita seguridade xurídica. E aquí está, esta é a seguridade xurídica: o proxecto —a proposición, non proxecto—, a Proposición de lei orgánica de regulación da eutanasia, que se publicou no Boletín Oficial do Congreso dos Deputados o día 24 deste mes. É a primeira lei que se vai debater nesta lexislatura. Veremos cal é o resultado nas votacións, porque a última vez que se debateu a toma en consideración, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso, con Vox, votou en contra. Coincidiron nalgúns argumentos, só fai falla revisar o debate para darse conta. En moitos incluso coincidiron cos de *¿Quién mató a Juanito?* Tamén coincidiron nalgúns deses argumentos.

Este debate leva décadas, décadas, enriba da mesa da sociedade, enriba da mesa de moitos partidos políticos, é certo. E algúns chegamos tarde a este debate. Eu xa o dixen o outro día, hai que pedir desculpas, todos temos que pedir desculpas porque estamos aquí e cobramos para darlle á sociedade o que nos pide. E tampouco hai que trivializar sobre iso. Non se nos pode dicir que nós pretendemos que exista unha demanda social. No CIS do ano 2011 —non me quero equivocar— o 78 % da cidadanía dicía que estaba a favor da eutanasia. No ano 2019 unha entidade privada, Metroscopia, dicía que o 87 %. Por certo, hai un artigo de onte nun diario de tirada nacional —do que logo falarei— que di unha cousa parecida respecto dos propios profesionais da medicina, non é unha enquisa que se fixera entre a cidadanía en xeral. Este dereito require axuda profesional e ten que vir ao sistema público de saúde, tamén regulando a obxección de conciencia. Iso é o que di esta proposición de lei. Todo iso está aquí dentro.

Falaba vostede dun proceso, do proceso para o consentimento informado —procedemento, en todo caso, para o consentimento informado—. E aquí tamén hai un procedemento para dar consentimento. E logo falarei del porque non é tampouco ningunha broma, non é trivializar o dereito á eutanasia.

Nós cremos que chegou o momento de regular a eutanasia, crémolo sinceramente, conselleiro, e despenalizala. Por certo, a lei ten unha *vacatio legis* de tres meses, non é para im-



plantarse de maneira inmediata, tamén pola seriedade que supón, pola seriedade que supón. Vostedes fan leis que entran en vigor ao día seguinte, todas as que se publican no DOG. (Aplausos.) Ao día seguinte entran en vigor, así que non poña caras raras. Hai que ler o DOG un pouco máis.

Creemos que si, e necesitamos seguridade xurídica, garantías éticas para cumprir a vontade das persoas e protexer a súa dignidade. Necesitamos unha norma xurídica sistemática, equilibrada e garantista que recolla a demanda da eutanasia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Ten vostede as seis preguntas da interpelación por escrito —remato xa— e agardo que nolas conteste todas, se fai o favor.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señorías.

Creo que é un gran erro o que están facendo no día de hoxe. A lexislación debe respectar a dignidade, a autonomía e a vontade das persoas, como xa se fixo en Galicia no ano 2015 ao aprobar a Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Eu creo que vostede, como membro do partido que tamén a apoiou, debería sacar peito desta lei. É unha gran lei que foi copiada por moitas outras comunidades autónomas. Nela regúlanse aspectos nos que existía un amplo consenso xurídico e ético, e velouse por que todos os profesionais do servizo público de saúde fosen conscientes dos límites e das posibilidades de actuación que poden ter neste tipo de situacións na vida das persoas.

Fomos quen de conxugar a autonomía da vontade das persoas e o exercicio dos nosos profesionais dentro dos dereitos que a estes tamén lles garante a lexislación vixente. A lei basease fundamentalmente nos principios de autonomía do paciente e de atención integral a estas persoas, e nela recóllense os dereitos das persoas ante o proceso da morte, os deberes e dereitos das e dos profesionais sanitarios que atenden as persoas enfermas terminais e as garantías dos centros e institucións sanitarias.

A día de hoxe en Galicia garántese, a través da mencionada lei, o respecto a unha atención de calidade ao final da vida e a dignidade das persoas enfermas terminais, sexa no seu domicilio ou nun centro sanitario ou sociosanitario, protexendo a todas as persoas implicadas; é dicir, non só o enfermo terminal senón tamén os seus familiares ou cuidadores.

A concepción dos cuidados paliativos está a mudar desde un modelo ríxido e dicotómico —curar *versus* coidar— ata un modelo máis dinámico e integral no que se compaxinan os tratamentos potencialmente curativos cos destinados a mellorar a calidade de vida. A aten-



ción paliativa é competencia de toda a rede sanitaria —da atención primaria, da atención hospitalaria, das unidades de cuidados paliativos e da hospitalización a domicilio— e non só dos dispositivos específicos de cuidados paliativos.

Coa aprobación da Lei 5/2015, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, considerouse oportuno adaptar a composición da Comisión Galega de Cuidados Paliativos, órgano asesor e consultivo nesta materia, procurando que estean representados e implicados dentro dela os axentes sanitarios e sociosanitarios que teñen relación non só cos doentes terminais e as súas familias, senón tamén coas persoas con enfermidade avanzada e complexa. Modificouse a composición da Comisión Galega de Cuidados Paliativos, que tivo a primeira reunión con esta nova composición o 16 de decembro de 2019. Con esta nova composición intégrase na comisión o persoal médico e de enfermaría de medicina interna, persoal de traballo social, médicos e médicas e farmacéuticos e farmacéuticas de atención primaria, profesionais do ámbito da psicoloxía clínica hospitalaria, persoal médico e de enfermaría de unidades de cuidados paliativos, médicos do 061, enfermaría de Hado, médicos de oncoloxía, médicos de pediatria, médicos de neuroloxía e un representante da Consellería de Política Social.

O obxectivo desta comisión é promover o dereito dos pacientes a recibir cuidados paliativos integrais, acordes coas necesidades e coordinados entre os diferentes profesionais. Actualmente, todos os pacientes que precisan de cuidados paliativos son atendidos en función das súas necesidades, ben con recursos convencionais de atención primaria ou de atención hospitalaria. Os profesionais dos dispositivos específicos de cuidados paliativos céntranse na atención aos pacientes con necesidades de atención paliativa consideradas complexas. Na nosa comunidade autónoma existe unha extensa rede de recursos específicos para a atención paliativa en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, que comprende tanto as unidades de cuidados paliativos como as unidades de hospitalización a domicilio.

A Consellería tamén avanzou no eido das instrucións previas, xa que dende o ano 2014 está regulada a organización e funcionamento do rexistro a través do que as persoas poidan decidir sobre as opcións acerca do coidado e tratamento da súa saúde dada unha situación na que non sexan quen de expresalas persoalmente.

Á vista de todo isto, o Goberno galego chegou ata onde a normativa lle permite desenvolver, polo que é unha comunidade autónoma pioneira en recoller avances no eido da dignidade e respecto á autonomía da vontade e regulando o dereito a unha morte digna. Todas esas actuacións están relacionadas coa boa morte, coa morte digna, coa limitación do esforzo terapéutico e co rexeitamento voluntario ao tratamento, pero non coa eutanasia nin co suicidio asistido. Por certo, na súa pregunta, na súa interpelación, di que «eutanasia significa boa morte, o que se traduce no acto deliberado de dar fin á vida dunha persoa producido pola súa vontade expresa e co obxecto de evitar un sufrimento». A verdade é que o seu grego é complexo, porque de boa morte, que é a eutanasia, a dicir a frase completa cambia bastante a cousa. Parece que se fai unha apropiación dun concepto xenérico que todos defendemos.

Xa con anterioridade, e no ámbito asistencial, o Consello Galego de Bioética elaborou no ano 2012 un informe sobre a atención ao final da vida. Neste informe xa se recolle que buscar a calidade da morte se converteu nunha demanda cidadá á que lle debemos dar resposta e para



a que existe un consenso ético e xurídico que proporciona un marco e orientación consistente.

Para o Servizo Galego de Saúde, dotar todos os profesionais do apoio, da información e das ferramentas necesarias para asumir o seu papel con seguridade e reducir a conflitividade nunha situación dolorosa e complexa, como é a do final da vida, constitúe unha obriga ineludible con eles e un compromiso decidido coa cidadanía. Polo tanto, aínda que a sensibilidade cara ás persoas que se encontran nesta situación é máxima, a sociedade en xeral e os sistemas asistenciais temos que continuar avanzando en mellorar de forma continua. Temos camiño por recorrer para dar respostas adecuadas ás diferentes situacións que se nos poden presentar. Non é admisible que a eutanasia sexa a solución ás situacións que deberían ter outras alternativas.

En Holanda tardaron máis de cincuenta anos en aprobar a súa lei, aínda contando con antecedentes de xurisprudencia. No noso país non temos ese recorrido. Ademais, resulta necesario deslindar claramente as situacións reguladas. E no ámbito internacional existe un consenso que avoga pola extensión dos cuidados paliativos, como establecen as recomendacións do Consello de Europa. A maioría dos países descartan a idea dun dereito á morte. Moitos filósofos —desde logo, dos filósofos coñecidos— falan que un dereito debe ser algo positivo. Temos o deber de protexer a vida e de humanizar a morte, de asegurar o acceso aos mellores cuidados sempre que se precisen, e é imprescindible documentarse e escoitar os expertos. Kathryn Mannix afirma que, tras trinta anos traballando con enfermos terminais, segue sen ter resposta clara respecto da legalización da eutanasia. Sostén que no mundo hai unha ducia de lexislacións que permiten o suicidio médico asistido, todas redactadas con fórmulas para protexer a poboación. Di que legalmente podemos impedir que unha familia lle diga a un dos seus maiores «deberías morrer», pero tamén di descoñecer como se pode protexer as persoas maiores cando a piden porque ven a súa filla moi cansada.

O código deontolóxico do Colexio Médico recólleo, e o seu presidente manifestoume reiteradamente o mesmo día 22 de xaneiro deste ano que a súa posición é a favor da vida e non de procurar a morte —palabras textuais—. Neste sentido, insiste en que o debate non só debe centrarse na eutanasia senón tamén na atención ao final da vida.

Creo sinceramente que é un erro —dicíao ao principio— porque non é un debate social. A xente o que di é que se sente ben tratada polos equipos que a atenden cando chega unha situación deste tipo. E temos, desde logo, unha normativa clara que dá seguridade para todos, para os pacientes, para as súas familias e para os profesionais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.



Señor conselleiro, todo isto que me acaba de contar sobre a lei de 2015 non sei moi ben para que foi. Eu estaba aquí cando se debateu esta lei de 2015. Foi unha proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, precisamente, e non se chamou «de morte digna» porque vostedes non quixeron que se chamara «de morte digna». (*Aplausos.*) ¡Non minta, non minta! Porque son cousas distintas, conselleiro. Non confunda, non intente confundir. Vostede sábeo ben. Unha cousa son os coidados paliativos desta lei do ano 2015... Por certo, revise vostede o debate no Congreso, porque o representante do Grupo Parlamento Popular dixo en xuño: «Primeiro necesitamos unha lei de coidados paliativos, e cando a teñamos falaremos da eutanasia». Pois en Galicia xa a temos dende o ano 2015.

¿Por que é un erro falar agora de eutanasia se xa temos o que o seu grupo di no Congreso dos Deputados? ¿Por que é un erro? Un erro é tardar tanto tempo en falar da eutanasia, iso si que é un erro. E todas esas persoas que levan sufrindo anos, décadas, agardando a que alguén fale da eutanasia algunha vez e a regule, iso si que é un erro. É un erro que tería que facer que a nosa cara nos caese de vergonza. (*Aplausos.*) Iso si que é un erro, conselleiro.

Ramón Sampedro xa está morto, pero a ver con que cara lle ía dicir vostede a Ramón Sampedro que ía recibir coidados paliativos. ¿Para que?, ¿para que ía recibir coidados paliativos?, ¿para morrer? Para morrer ¿como? Conselleiro, é que estamos a falar de cousas distintas. O que recibiu Ramón Sampedro foi un suicidio asistido, iso si foi o que recibiu; o que, por certo, esta lei, esta proposición de lei, non destipifica. Vai seguir sendo delito, vai seguir sendo delito o suicidio asistido en España. O único que se vai modificar e despenalizar é o dereito á eutanasia. Non confundan, non confundan, conselleiro. E vostedes saberán do seu, saberán o seu, pero hai outras persoas nesta Cámara que sabemos do noso. Lea a proposición de lei e despois fale. Lea e despois fale, conselleiro.

Por certo, esta é tan seria, é tan seria, que, primeiro, fala do dereito á axuda necesaria para morrer. Creo que non ten nada que ver cos coidados paliativos. A axuda necesaria para morrer —no seu artigo 1—, ese é o obxecto da lei.

Hai varios requisitos, hai moitos; por exemplo, que se pida dúas veces, que se recolla por escrito, que haxa un médico facultativo que o controle, que esa solicitude se consulte cun médico consultor diferente do primeiro médico. Teño aquí o texto, conselleiro, sei ler —de momento—. E, ademais, logo vai a unha comisión de avaliación e control, que pode denegalo, que se pode recorrer. ¿É suficientemente garantista? Si, é suficientemente garantista. Hai obxección de conciencia. Está regulada no artigo 16. E o único que se derroga é o último párrafo do artigo 143 do Código penal.

Conselleiro, por favor, eu o mínimo que lle pido é que non nos falte ao respecto, porque este é un debate moi serio. (*Aplausos.*) Vén aquí e non contestou ningunha das seis preguntas que lle fixemos, ningunha. Non contestou ningunha. Simplemente veu aquí dicir o mesmo que dicían os de *¿Quién mató a Juanito?* É exactamente o mesmo discurso. Dixo: Non é admisible a eutanasia se hai outras alternativas. ¿Que son outras alternativas? ¿Pode explicarnos o que son «outras alternativas»? Porque ao longo deste pleno un representante do seu grupo dixo: O Partido Popular de Galicia nunca pactará contra os dereitos civís. ¡Pois xa se ve, pois xa se ve, efectivamente! Onte nun medio nacional houbo unha enquisa, saíu unha enquisa dos co-



lexios de médicos de Biscaia, As Palmas, Madrid e Tarragona, e falaban de que maioritariamente os médicos están a favor da eutanasia —os médicos e as médicas— se se respecta a obxección de conciencia. E dan os seus propios argumentos. E non se pode confundir a ética e a moral, porque este non é un debate sobre ética e moral. Iso está fóra desta Cámara. A algúns de vostedes gustaríalles que estivese aquí dentro, pero non está porque vivimos nun Estado aconfesional dende o ano 1978. Está fóra. Por iso tardamos tanto en debater sobre a eutanasia, iso é o triste.

Isto non son coidados paliativos, non é o suicidio asistido. É o dereito á eutanasia, o dereito á eutanasia. Acabouse. É o dereito a decidir que quero morrer e cando quero morrer porque teño un sufrimento. Non trivialice, non trivialice, conselleiro.

E a min gustaríame, ao noso grupo gustaríalle, de verdade, que vostede conteste algunha das preguntas, que lea a proposición de lei do Congreso dos Deputados —porque creo que non a leu, creo que non a leu e vai necesitar lela para ver o que votan na moción que traeremos—. Por certo, non nos volva falar da lei de 2015, que coñecemos ben, que xa está en vigor e que non ten nada que ver con esta interpelación que lle facemos hoxe.

Pero, por favor, por respecto a todas esas persoas que tiveron que acabar coa súa vida —non a elas senón a outras por elas—, conteste as seis preguntas que lle fago.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Peche da interpelación polo conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): De verdade, cada día é máis intolerante a Cámara. Din o que teño que dicir ou non dicir. A verdade é que é curiosísimo, é curiosísimo. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Si, pero poder falar e dicir o que é ético ou non é ético... ¿Non pododo dicir o que é ético?

Vouno dicir outra vez. Por moito que se empeñe, a Lei 5/2015 é unha boa lei. ¿Por que non vou poder falar da lei? ¡Claro que falo da lei, porque é unha lei importante! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Esta lei permite que a sociedade galega non teña o debate que vostede di. Pero, mire, canto máis fala, máis me convence de que é un gran erro histórico o que están facendo. Segundo vostede, que vén defender a eutanasia a esta Cámara, di que Ramón Sampedro non estaría dentro desta lei. Primeiro fáleme de Ramón Sampedro, tantos anos sufrindo e tal, pero di que saiba —dixo vostede— que nesta lei ese caso non entraría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, e no que vostede presenta aquí tamén. Acaba de dicir que non, vostede di que non. Entón, debe aclararse. Pero mire, digo que non hai debate social... (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Señora Vilán, por favor, vostede xa estivo no debate.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Na rúa, na asistencia normal, a xente di: Houbo un equipo detrás de nós. Houbo no domicilio, na residencia, no hospital, en todos os lados, equipos preparados, con formación. E hai un comité, como o que creamos, para paliativos, nos que están todos os profesionais, os que saben da materia.

Con perdón, señora Vilán, e non é un tema persoal, pero que defenda a eutanasia unha persoa que non é do mundo sanitario fai que diga cousas que indican que non sabe como funciona a relación médico-paciente. A relación médico-paciente non funciona con escritos, con autorizacións e levándoo a comisións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non funciona así. Funciona con información continua, continua e diaria. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así é como funciona. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Como lei, vostede ten mil puntos. A realidade é que isto é incumprible, é incumprible. E vai haber un problema serio, vai enfrontar os profesionais. Claro que vai haber obxección de conciencia, só faltaría. Pero hai unha cousa que incorporan: o rexistro de obxectores de conciencia, que nunca houbo. Nunca houbo un rexistro de obxectores. Por algo será. E despois difuminan como é a enfermidade crónica, como é de invalidante. O normal é que busquemos alternativas como se buscan habitualmente, contra a dor.

O doutor Kevorkian, máximo defensor da eutanasia, morreu por un hepatocarcinoma derivado dunha hepatitis C. ¿Que é o que temos que buscar? A curación. Como agora se consegue eliminar... *(Fortes murmurios.)* Si, si, é que hai que seguir a evolución da medicina. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E hai alternativa, hai moitas alternativas. E, desde logo, temos que loitar con esas alternativas e dicir que o debate en Galicia está claramente cuberto con esa lei. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Vilán, por favor, vostede xa falou. E hai que saber escoitar. Pode non estar de acordo, pero ten que saber escoitar tamén.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E, como vostede di, foron unha parte moi importante para aprobar a lei galega; polo tanto, creo que sería bo que o destacaran e que o seguiran dicindo. Incluso eu aceptaría que se dixera que a lei ten que ter unha evolución máis rápida, unha serie de medidas máis rápidas. Temos instalacións melloradas en todos os hospitais. Levamos a grandes hospitais unidades de paliativos. Como digo, a hospi-



talización a domicilio e a atención domiciliaria desde atención primaria tamén cobren, e formamos cada día máis profesionais para facer a mellor atención posible. Porque o que necesitan moitas veces é esa atención.

E cando se escoitan fundacións, como, por exemplo, a Asociación Contra o Cancro, que levan esa tarefa de forma importante, e contan as experiencias dos fillos e das fillas desas persoas que morren, contan como se senten aliviados pola atención que se leva neste momento baixo a normativa que temos, perfectamente. O demais ¿que é? O demais —díxoo ao principio claramente—, é que o que queren é un titular, dicir que foron os que legalizaron en España esta lei. Pois iso é o que queren, un titular. Nós o que defendemos é atender os pacientes nas situacións máis complicadas, máis difíciles e, desde logo, que teñan unha boa morte.

Grazas, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto 7º da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre os medios dos que dispoñen os concellos de alta montaña para facer fronte ás nevadas e estudar solucións e alternativas

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señor vicepresidente, vaia por diante que a semana pasada se aprobou neste Parlamento unha proposición non de lei de En Marea cunha emenda de modificación do Partido Popular que dicía: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover mecanismos de coordinación e colaboración coas entidades locais e outras administracións co ánimo de completar a necesidade de intervención e dotación de medios materiais que poidan ter os concellos galegos ante as inclemencias meteorolóxicas».

Unha das facianas da seguridade pública é a configuración do sistema de protección da poboación ante todo tipo de incidentes, ben sexan emerxencias, catástrofes, etc. Por parte da Xunta debe tratarse de evitar, reducir ou corrixir os danos que estes poidan ocasionar ás persoas ou aos bens. A Xunta moitas veces, coa coartada da propia autonomía municipal, o que fai é trasladar as responsabilidades aos concellos, aos que non fornece de estratexia xeral ou non lles dá recursos suficientes para levalas a adiante.

O Plan territorial de emerxencias, o Platerga, establece como un dos riscos naturais as nevaradas. E disto imos falar, dos concellos de montaña que temos na provincia de Lugo e Ourense, que en moitas ocasións, polas nevaradas, quedan totalmente incomunicados.



Xunta, deputacións, Administración central e concellos van da man. Unha emerxencia é unha emerxencia, e a un veciño ou a unha veciña hai que solucionarlle un problema. Ao veciño ou á veciña case lle dá igual de quen sexa a titularidade da estrada. O que temos é que, entre todos e entre todas, arranxarlle o problema.

Agora vou falar dun caso concreto, do concello de San Xoán de Río. O Concello de San Xoán de Río, por medio do seu alcalde, dende o 16 de decembro —cando foi a primeira alerta laranxa por temporal de neve na montaña ourensá e lucense—, fixo unha petición, un escrito dirixido a vostede que tiña por asunto a solicitude dun equipamento quitaneves. Neste escrito afirmaba que, de cara a plantexar o que é a tempada invernal —do ano pasado 2019 e deste ano 2020—, o concello de San Xoán de Río é un concello de alta montaña —ten unha altitude media de 900 metros e algunhas parroquias están a máis de 1.000— e estamos falando de que ten máis de 40 quilómetros de estradas que están nesta situación e que non ten medios suficientes para quitar neve. E entón xa non pedían unha máquina quitaneves senón simplemente unha cuchilla quitaneves para instalar no vehículo motobomba forestal. O escrito tamén se lle remitiu á Axencia Galega de Emerxencias, mais ningún dos organismos atendeu a súa solicitude. Neste mesmo caso tamén lle solicitaron á Xunta no mes de novembro que, mentres non se arranxe esta situación, mande medios doutros concellos aos que non lles faga falta este tipo de material e así subsanar eles esa deficiencia. No concello da Pobra de Trives están totalmente na mesma situación. É un concello de montaña que ademais ten un acceso que dá á estación de esquí.

Entón a pregunta é moi sinxela. ¿Estudará a Xunta de Galicia solucións alternativas para dotar eses concellos desa máquina?

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor Rodríguez.

Ben, como vostede entendo eu que na pregunta fai dúas partes, primeiro unha exposición xeral e despois é certo que fala dun caso concreto, do caso de San Xoán de Río, pois, se mo permite, vou intentar na primeira parte ir ao xeral e na segunda parte centrarme un pouco máis no caso concreto polo que pregunta tamén.

Efectivamente, vostede dicía que se aprobou no Parlamento cos votos deste grupo unha proposta para que se siga dotando de medios, para loitar contra as emerxencias, e especialmente contra as emerxencias derivadas da climatoloxía invernal, os concellos que teñen poucos medios por si mesmos para poder facelo. ¿Como non imos votar a favor de algo que xa estamos facendo? Ademais estámolo facendo dende hai moito tempo, dende o ano 2002 co I Plan Nega



de Galicia, o plan das nevaradas de Galicia. Empezamos a dotar de material e a planificar moito antes de que fose obrigatorio. Non é obrigatorio ata o ano 2015, coa Lei nacional de protección civil. Nós xa o estabamos facendo, á parte da propia planificación de vialidade invernal que fai a Xunta de Galicia, a consellería competente.

¿A onde vou con isto? Pois a que creo que é un pouco inxusto dicir isto, dado que ao final a obriga que nós temos, dende logo, é atender as nosas estradas, que hai moitas en alta montaña, e a Xunta de Galicia ten que facelo. E en planificación, sen ter a competencia directa en emerxencias —e non me gusta moito meterme no tema das competencias—, é certo que aquí os que teñen a atribución da competencia directa, que non é precisamente a Xunta de Galicia, tamén algo teñen que dicir aquí. Pero é a única administración que está dotando de medios, e a única administración non só en Galicia. Quero dicir que, ao nivel que desde logo estamos facendo nós, creo que ningunha outra comunidade autónoma de toda España se está dotando de medios contra as emerxencias como o está facendo a Xunta de Galicia. Á parte, isto é algo recoñecido por concellos de todas as cores políticas, porque concellos de todas as cores políticas están recibindo material e creo que se coñece perfectamente que é unha repartición xeral, porque é unha repartición que fai falta. E nós estamos encantados de fornecer —sobre todo as proteccións civís e concellos que non terían posibilidades de adquirir este material— con todo o que se lles está dando. ¡É que son 14 millóns de euros dende o ano 2015! Se quere que vaia a máis detalle, son case 700.000 en material especificamente preparado para loitar contra as emerxencias invernaís: espaxadores de sal, cuñas e coitelas —como da que vostede fala na pregunta—. E isto estase repartindo dende hai catro anos. Ademais, este é un material que hai que renovar e creo que estamos facendo un esforzo moi importante. Por tanto, iso que vostede di de que, aproveitándonos da autonomía municipal, lles trasladamos a responsabilidade aos concellos é un pouco inxusto na miña opinión. Todo o contrario, estámolles botando unha man, e botando unha man importante. É certo que imos pouco e pouco porque son moitas solicitudes, pero estamos facendo unha atención importante. Dende logo, imos seguir facéndoo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E, por certo, vostedes nos orzamentos deste ano tiñan unha emenda que dicía que retiráramos 500.000 euros da adquisición do material de emerxencias para facer outras cousas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Quiñentos mil euros, moito máis do que destinamos este ano só ás emerxencias invernaís da provincia de Ourense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

Réplica do señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Si, grazas, presidente.



Ben, vouno corrixir no que foi a súa propia emenda de modificación. Non poñía que «seguen dotando», porque non o teríamos aceptado. Porque todas as emendas do Partido Popular van neste senso. Poñía literalmente «a promover mecanismos de coordinación» —non «a seguir dotando»— «e a completar as necesidades». Entón, co de «completar as necesidades» nós, nese momento, entendemos que vostedes teñen que botarlles unha man aos concellos que non teñen recursos.

A neve é un ben, sobre todo para a nosa comarca —e para todas as zonas de Galicia onde neva—, non só como recurso turístico, como pode ser no concello onde eu vivo, senón como un factor moi importante para o ecosistema no que cae.

Sabemos de concellos que a día de hoxe non teñen as inclemencias meteorolóxicas que teñen moitos concellos da montaña, concellos grandes que teñen moitos máis medios dados pola Xunta de Galicia, incluso con máquinas quitaneves en concellos que case non neva en todo o ano e que foron doadas pola Xunta de Galicia. Mentres, noutros casos, hai concellos como San Xoán de Río ou A Pobra de Trives que non teñen estas ferramentas.

Ano tras ano atopamos estes titulares: «A neve dificulta a circulación en seis carreteras de Lugo e Ourense», «Continúan os problemas en Lugo e Ourense pola neve», «As nevadas poñen en alerta as montañas de Lugo e Ourense», ou «Galicia vaise ver afectada durante hoxe e mañá polas borrascas con fortes neves que van incomunicar moitas estradas». Entón, ante iso a Xunta ten que dar unha solución. Estamos falando de que queremos limpar unha estrada para que haxa os servizos básicos, para que unha persoa se poida acercar ao centro médico, para que un neno poida acceder á escola ou para que o pan poida chegar á aldea e que o compre a xente.

Teño aquí dúas fotos que despois lle pasarei, porque penso que está ben que as vexa. Isto é unha estrada nun concello da montaña de Ourense, é unha estrada. E o Concello está sacando cunha pa mixta a neve porque os seus veciños non poden ir ao centro médico. E isto é ao que nos referimos, aos medios para aqueles concellos que o necesitan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

Peche da pregunta polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rodríguez, eu creo que ao final no fondo estamos de acordo en que hai que completar e seguir coordinando. Ao final, se hai que seguir completando é que algo estabamos facendo. Vólvolle recordar que vostedes nos dicían que debíamos estar facendo de máis, porque dicían que sacásemos 500.000 euros da partida para adquirir este material e que o destinásemos a outras cousas. Debían pensar que estabamos destinando de máis. Hai que ter tamén un pouco



de coherencia. Vostedes dicían que non destinásemos tantos cartos a isto. Non lles fixemos caso e imos seguir destinando, e iso é o que permite pouco e pouco ir completando. A primeira vez que o Concello de San Xoán de Río pediu material para as emerxencias foi o ano pasado. Polo tanto, antes era moi difícil darlle. ¿Sabe cando llo demos? A primeira vez que o pediu. Pediu un vehículo todoterreo, que non o tiñan, e démosllo. Veuno recoller no mes de setembro a Beariz. Non pediron a coitela. Pedírona despois nunha carta, na que, por certo, agradecía o bo trato que lle estaba dando a Xunta de Galicia. E isto sempre é de agradecer e de recoñecer. Pedía unha coitela a finais do mes de setembro. Pois con eses cartos para adquirir material de emerxencia para as nevaradas, que vostedes querían que rebaixásemos, é cos que se vai adquirir. E o ano que vén seguiranse repartindo. Polo tanto, cando o orzamento entre en vigor é cando poderemos facer todas estas cousas. Polo tanto, farémolo en concorrencia competitiva e teraa se lle corresponde, que eu agardo que si porque efectivamente é un concello de alta montaña. A coitela vale sobre 7.500 euros; o vehículo *pick up* que lle deu a Xunta de Galicia, máis de 40.000. Polo tanto, é lóxico que o concello, priorizando, pedise primeiro o vehículo —xa o ten— e agora pida a coitela. E se lle corresponde nesa concorrencia, que obxectivamente entendo que lle corresponderá, pois terá esa coitela. E seguiremos dando, porque nestes últimos catro anos vólvolle dicir que só en Ourense demos case 40 elementos deste tipo.

Polo tanto, non me pode vostede dicir que lles trasladamos esta responsabilidade aos concellos. Todo o contrario, os concellos acoden a nós para que lles deamos este tipo de material. Estámolo facendo e imos seguir facéndoo. Non damos máquinas quitaneves, niso teño que sacalo do erro. Dámos espaxadores, coitelas e cuñas. A Xunta de Galicia non dá máquinas quitaneves. Ten as súas propias quitaneves e, polo tanto, cando son necesarias ponas en funcionamento. Por certo, nesa comarca teño que dicir que o propio plan de emerxencia municipal do Concello San Xoán de Río —que, por certo, hai anos que levan sen renovar e deberían facelo xa— xa prevé o que hai noutros concellos de arredor, o GES de Castro Caldelas ou na Pobra de Trives, onde hai material quitaneves dado pola Xunta de Galicia, ou tamén en Chandrea de Queixa, para, se fose necesario, acudir aí. Á parte está a propia maquinaria que ten a Deputación. ¿É o ideal e o necesario que o teña o propio concello? Pois este ano intentaremos que sexa así. E seguiremos, por iso votamos a favor completando o material e facendo un esforzo, que o fai a Xunta de Galicia e que lle podó asegurar que non o fai ningunha outra comunidade autónoma en toda España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións que fixo a Xunta de Galicia desde que coñeceu a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial, a partir do 31 de decembro, oito estacións ferroviarias galegas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, señor presidente.



Señorías.

Boas tardes, señora conselleira. Este punto polo cal este grupo parlamentario vai preguntar é un tema de grande interese para a nosa comunidade autónoma, e sobre todo de vital importancia para todos nós. Presentamos esta pregunta o 3 de xaneiro de 2020, cando coñecemos a intención do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial varias estacións de tren da nosa comunidade dende o 31 de decembro do ano 2019.

Como vostede ben sabe, o Goberno actual de España é cambiante, cambian de idea cada cinco minutos. A intención, xa materializada, foi deixar de prestar o actual servizo en oito estacións ferroviarias da nosa comunidade. Neste caso a lotería socialista caeu repartida: na Coruña foi Ortigueira; en Lugo, Burela, Sarria e Viveiro; en Ourense, O Carballiño e Ribadavia; en Pontevedra, Redondela e Guillarei, en Tui, onde nacín e onde vivo.

Pero estas noticias non son novas, xa que no ano 2016 tamén se produciron noticias que apuntaban ao transvasamento do canal de vendas das estacións de Adif e Renfe. Naquel caso eran O Carballiño, Ribadavia, A Rúa, O Barco, Redondela, Guillarei e Sarria. Daquela, toda a presión trasladada dende a Xunta de Galicia, que mantivo contactos directamente cos responsables, e coa postura unánime tamén deste Parlamento, tivo como resultado que Adif abandonase ese plan de peche da venda de billetes presencial nas estacións ferroviarias.

Neste caso, no ano 2020, a Xunta trasladou o seu desacordo con esta medida que pretende implantar o Goberno estatal nestas oito estacións; sobre todo porque é fundamentalmente no rural.

Dende este grupo parlamentario consideramos este asunto sumamente importante, posto que a decisión do Goberno español de deixar sen servizo a venda de billetes suporá unha merma de calidade nos servizos que lles presta aos cidadáns. Sorprendentemente, este Goberno novamente dá marcha atrás. Non só abril, maio, xuño... Agora queren chegar a cen billetes nas estacións de tren. Non regresou o vendedor, véndeos o encargado de circulación. ¿Como poden vender billetes e vixiar a circulación dos trens? ¡Menuda irresponsabilidade! Os sindicatos, a Confederación General del Trabajo, critican esta solución.

A venda de billetes pola tarde en determinadas estacións xa está pechada desde o verán. Comprar o billete co límite de prazas é arriscado. ¡Compra en Correos, en internet! Non todo o mundo controla internet. Con todo, estase producindo unha deshumanización do servizo. Os traballadores por riba de todo. Política socialista: Poñemos máquinas de venda ou internet. É unha opción progresista. Solucionei o tema. Ademais, de cara ao ano santo xacobeo, que virán milleiros de peregrinos a Galicia.

Por todo iso, nós queremos saber as xestións que fixo a Xunta de Galicia dende que se coñeceu a decisión do Goberno central, PSOE-Podemos, sobre a venda de billetes presencial a partir do 31 de decembro en oito estacións ferroviarias de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, como dicía vostede, dende que presentou esa iniciativa si que houbo algunha novidade; algunha novidade pero ningún avance significativo, máis ben informacións nada tranquilizadoras sobre este asunto.

Recibimos o pasado Nadal un escrito de Renfe coa súa intención do peche da venda de billetes presencial en oito estacións de Galicia —Ortigueira, Burela, Viveiro, Sarria, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela—.

Dende o primeiro momento, igual que fixemos no ano 2017, desde finais do 2016, manifestamos a oposición frontal para esa medida, que é contra o rural e contra os servizos públicos en Galicia, demandando solucións inmediatas para manter esta prestación de servizos en igualdade de condicións en toda Galicia, cos mesmos criterios, e que primen os criterios de proximidade, de atención á cidadanía e non criterios económicos, como se está a facer no Goberno de España con este asunto. Porque o noso rural, os nosos mozos, as persoas maiores que viven no rural, dende logo, son importantes; e máis a poboación maior, que está moito menos afeita ás novas tecnoloxías.

Dende a Xunta de Galicia instamos a mudar esa decisión. Somos coherentes e, igual que fixemos no ano 2017 —e conseguímolos—, non queremos que se peche a venda de billetes presencial nas estacións de trens en Galicia. Poden recordar o do ano 2016 e 2017, cando eran sete estacións, concretamente, e grazas ás xestións da Xunta de Galicia conseguíuse manter este servizo de venda. Houbo un Goberno central de España que nos escoitou e que atendeu a nosa demanda para manter ese servizo de transporte público.

Pedímoslle o mesmo ao goberno do Partido Socialista e Podemos en Madrid, ao goberno de Pedro Sánchez. Pedímoslle que manteñan o servizo de venda presencial nas estacións de tren que están a retirar e que non haxa perda de emprego. Consequímolos no ano 2017, e eu agardo a sensibilidade do Goberno de España e non eses parches, esas trapalladas que están a facer nas estacións de tren vostedes para desmantelar o servizo público de transporte de tren nas estacións de Galicia.

Son parches, decisións provisionais e, dende logo, remendos. O que vemos en Sarria, por exemplo, incluso é un vai e vén, un rife-rafe, entre Adif e Renfe. E, mentres tanto, os veciños sen servizo de vendas ferroviarias. En Ribadavia e O Carballiño, pois ata marzo a ver se hai algo. Polo tanto, son solucións provisionais, como conseguiu *Teruel existe* ata o 30 de xuño, e o BNG nin ese acordo-escusa conseguiu. Non queremos apaños nin escusas nin trapallada nas estacións de tren de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Señora conselleira, moitas grazas pola súa resposta e pola súa responsabilidade e a da Xunta de Galicia. Dende este grupo solicitámoslle á Xunta que exixa unha información clara, oficial e concreta.

Señora conselleira, vostede sabe que nos sitios onde hai estacións de tren hai vida, hai comercio, hai negocio, cafeterías, farmacias, bancos, etc. Non podemos permitir que este Goberno faga estacións fantasma, sen vida. Moitas estacións de Galicia son auténticas xoias arquitectónicas que debemos potenciar, nunca desmantelar.

Estamos convencidos de que o ministro do ramo é máis de aeroportos que de estacións de tren. O señor Ábalos é un ministro fiable —seguro que di sempre a verdade—, un claro exemplo, todo un torrente de ideas, excusas e explicacións. (*Murmurios.*) O que parece increíble é como a oposición anestesiada en Galicia agora todo o xustifica.

Señora conselleira, se fomos capaces de modificalo no ano 2017 cun goberno do Partido Socialista, traeremos este tema no próximo pleno e conseguiremos —esperemos— un acordo unánime deste Parlamento.

Pedimos agora exactamente o mesmo que no ano 2017. O triste, señorías, é escoitar —ou non escoitar— o silencio dos deputados e deputadas neste Parlamento, cunha oposición anestesiada ou comprada con carteiras de todo aquilo que veña de Madrid. Para o Bloque, En Marea, Grupo Común de Esquerda ou o Partido Socialista agora todo está ben.

No banco dos caladiños, para non cabrear o seu xefe, o señor Caballero, ¡chitón! —que non está, por certo; case nunca está, é o mellor que sabe facer—. Señor Caballero, se pon o Partido Socialista antes que os intereses dos galegos e das galegas, vostede e o seu partido acabarán en vía morta, que vostedes ben saben que non leva a ningunha parte.

Señora conselleira, necesitamos que exixa solucións, pero non solucións temporais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Peche da pregunta pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, como comentaba, hai falta de información, falta de concreción, plans provisionais e remendos. Pero, en calquera caso, dende a Xunta de Galicia, preocupados por este asunto, solicitámoslles unha xuntanza aos representantes de Renfe. Esa xuntanza celebrouse este



pasado luns, tivo lugar este pasado luns, e o asunto prioritario era o mantemento deste servizo público nestas oito estacións de tren en Galicia. E o certo é que se nos trasladou, como dicía, pouca concreción, pouca información. Dende logo, o que trasladou non foi nada tranquilizador: parches e apaños, solucións provisionais; o que demandamos é unha solución definitiva e clara para a venda de billetes presenciais nestas estacións de tren.

Aquí falábase antes de axudar os concellos e de abordar a colaboración cos concellos. A min o que me sorprende é que non diga nada ese lado da bancada sobre o que están facendo Renfe e Adif: trasladar a súa proposta, trasladar con convenios aos concellos (*Murmurios.*), manter este servizo con convenios cos concellos e trasladar esa problemática. Estamos a falar do persoal que con estes convenios faga asesoramento, a venda de billetes, facendo eses convenios cos concellos. Dende logo, o que non nos parece razoable, e menos aínda cos plans que vemos de Renfe para Guillarei, en Tui, é manter esa venda de billetes cun contrato do Adif no que non se asegura o servizo máis dun ano. En Sarria —xa o vimos na prensa—, ese rifirrafe entre Adif e Renfe, con esa máquina inoperativa; en Ribadavia e O Carballiño —xa o vimos— non se prevé venda de billetes presencial ata marzo, e tampouco haberá instalada unha máquina de autoventa. Dende logo, non é nada serio. E menos serio é, aínda, propoñer convenios cos concellos para trasladar esa carga aos propios concellos. Dende logo, non é nada serio e, dende logo, na miña opinión, é unha trapallada.

Solucións definitivas son o que solicitamos para o mantemento desta venda de billetes, deste servizo público. E dende logo que a solución ao problema non é firmar convenios para trasladarlles o problema e que resolvan o problema os concellos. Polo tanto, instamos a solucións reais, igual que o conseguimos no ano 2017. Por certo, todo o Parlamento votou con unanimidade; agardo que aquí esta vez tamén sexan vostedes coherentes. Nós estamos preocupados por este asunto, e queremos un plan de garantías, de servizos ferroviarios, de venda de billetes en todas as estacións de Galicia. E, dende logo, o que se está a facer por parte do Goberno de España é desmantelar pouco a pouco estes servizos ferroviarios e deixar morrer o ferrocarril aquí en Galicia. Que cumpra cos galegos e que deixe de mirar tanto o Mediterráneo. Que cumpra con Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Debatemos agora de xeito acumulado as preguntas 7.3 e 7.5.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a organización e a seguridade do transporte escolar de varios centros da provincia de Ourense en xaneiro de 2020

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das incidencias producidas no servizo público de transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos tras as vacacións do Nadal



O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Dicimos, dicimos, señora Vázquez; non se preocupe. Eu, se quere, fágolle unha proposta: eu fago amnesia colectiva —así como fai o Partido Popular—, esquecemos as case trinta estacións que pecharon vostedes en 2012 e as máis de cincuenta liñas de tren que pecharon (*Aplausos.*), e vou con vostede á próxima reunión cos señores de Renfe, se quere. (*Aplausos.*) Se quere, vou con vostede, que, ademais, acabamos de lanzar unha campaña en defensa do tren interior desde o BNG, e tamén lle podó traer uns folletos para que leve máis propostas que as que vostede dixo.

Pero, falando tamén de transporte, hai outro —que xa sei que lle gusta menos falar del porque é competencia súa—, que é o transporte escolar. Eu quero recordarlle un titular deste 18 de xaneiro: «A conselleira subiu ao bus en Seixalbo e tivo que oír as queixas». Se vostede xa escoitou as queixas en directo, imaxino que polo menos hoxe non negará a realidade e nos traerá tres cousas moi claras: (*Aplausos.*) a primeira, desculpas por esta situación; a segunda, explicacións, e a terceira, solucións. Porque sabe vostede que esta nova fase do Plan de transporte, primeiro, chegou tarde, porque xa tiña que estar antes de que comezara o curso escolar, e segundo, chegou con problemas porque son vostedes unha panda de trapalleiros e trapalleiras.

O pasado 8 de xaneiro sabe que se reanudou o curso escolar —por certo, con temperaturas baixo cero; vostede ultimamente vai moito por Ourense, así que xa sabe que fai bastante frío— e foi un desastre: houbo problemas nas liñas que conectaban cos centros escolares de Maceda, de Allariz, de Barbadás ou de Ourense —como o caso de Seixalbo, que foi un auténtico esperpento—. Sabe que, no mellor dos casos, esperaron ao frío; noutros casos, nin sequera apareceu nin un autobús. Pero houbo casos graves de falta de seguridade: en Barbadás sabe que meteron nenos e nenas que antes ían en dous autobuses, nun. ¿Como? Con falta de seguridade. Houbo problemas tamén cos acompañantes. Houbo tamén problemas, por exemplo, en Celanova, onde estiveron ata esta mesma semana pasada indo nun bus urbano sen cinto por esas estradas, señora Vázquez, que sabe vostede que son complicadas. Isto é moi grave.

Ademais, chove sobre mollado, porque, como se isto fora pouco, temos tamén a outra parte do caos desta nova fase do Plan de transporte no transporte de viaxeiros, que moitas veces empregan tamén rapaces e rapazas que fan o bacharelato ou ciclos na cidade, como son os da liña que vén desde Xinzo, pasando por Allariz ata Ourense, que tivo un incremento case dun 30 % do prezo. Porque vostedes foron uns chapuzas anteriormente e permitiron contratos con baixas temerarias. E, agora, ¿quen paga a suba? Páganla as veciñas e veciños de Ourense.

Polo tanto, diante desta esperpéntica situación, tanto no transporte de viaxeiros como no transporte escolar, señora Vázquez, ¿que desculpas vai traer, que solucións e que explicacións para que se corrixa canto antes esta situación e, sobre todo, para que non volva pasar? Porque isto é a súa responsabilidade.

Nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Ten agora a palabra dona Noela Blanco, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, a implantación do novo Plan de transporte trouxo nese maleteiro para a provincia de Ourense subas nos billetes —como nese traxecto da Limia á cidade do 50 %—, falla de información a respecto das modificacións nos cambios nas rutas e nos propios horarios deses autobuses, e trouxo tamén centos de nenos e nenas literalmente tirados ou ben nas paradas de autobús ou ás portas dos colexios pola falla dese transporte, que é polo que lle preguntamos hoxe.

Problemas nese transporte, erros, problemas de conexións, de atrasos, que fundamentalmente ocorreron nas liñas de Pereiro a Ourense e, en concreto, o colexio de Mende; de San Cibrao a Ourense, no centro de Seixalbo; e tamén en Celanova, en Allariz, en Barbadás e en Ribadavia.

Nalgúns casos tiveron que ser as propias nais e pais os que abandonaron os seus postos de traballo para levar as súas crianzas aos centros escolares; non sabían nin onde estaban os seus rapaces e rapazas. Noutros, permaneceron —como xa se dixo aquí—, nunha xélida mañá, horas esperando eses autobuses; circularon sen acompañantes, noutros casos; noutros, tiveron que ir amoreados nun só autobús. E isto non aconteceu un día, nin dous, nin tres; nalgúns casos, incluso máis dunha semana. Iso si, para cando veu vostede facer publicidade e propaganda do Plan de transporte a Ourense, para subir a un autobús con todos os cargos do Partido Popular, o autobús estaba en tempo e forma, *(Aplausos.)* e mesmo se paralizou unha liña para que vostedes puidesen facer precampaña sen problemas. *(Aplausos.)* Por certo, eses berros que se escoitaban ata dentro do autobús, segundo nos aseguraron, non se escoitaron, como soe ser habitual, na publlirreportaxe da CRTVG, que unha vez máis volveu censurar as protestas ao seu Goberno.

Mire, o presidente Feijóo enviou unha emotiva carta —que nós chamamos panfleto preelectoral— aos nenos e nenas das escolas infantís de 0 a 3 anos en Nadal, acompañado dunha imaxe dos meniños e das meniñas, desexándolles felices festas ás familias e mesmo amosando a súa disposición animándoos a que lle presentasen suxestións. Eu hoxe quérolle preguntar, señora conselleira, se vostedes van facer o mesmo neste caso, se vostedes e o señor Feijóo van enviar unha carta a estas familias para pedirllas desculpas, a todas as familias ourensáns que sufriron o caos que xerou vostede e o seu departamento, e se lles van permitir tamén, como nesa felicitación de Nadal, trasladarlle directamente as queixas pola pésima xestión do transporte escolar.

Nada máis polo de agora. Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.



(Pausa.)

Espere, que teño aquí un pequeno problema. Quérolle pór o tempo exacto.

Cando queira. Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Son vostedes previsibles. En calquera caso, sorpréndeme que me fale de transporte público o BNG, que en Pontevedra atóranse, anos e anos, soamente para dúas liñas de transporte á demanda. Se teñen en Galicia as dúas mil liñas que puxemos en marcha —e tamén cos servizos públicos de transporte de tren—, tolean. (Aplausos.) Non sei... Hai que ter papo para vir aquí falar de transporte público. (Aplausos.)

Pero imos falar de transporte público por estrada, polos autobuses, claro que si. Son vostedes previsibles, igual que o foron no ano 2017. Veñen co mesmo mantra. No ano 2017, metendo medo —o mesmiño—, porque son vostedes previsibles e é o mesmo patrón.

Eu podo entender o interese da demanda de información. Podo entender, por suposto, a preocupación polos desaxustes; podo entendelo perfectamente, e o lóxico é que pregunten. Por suposto que si; pero non ese alarmismo que están a facer, porque non é certo. Están alarmando sen motivo ningún. E entendo perfectamente eses pais e a súa preocupación por eses momentos que pasaron. Son nai de tres nenos; enténdoo perfectamente. Entendo a preocupación deses pais e láméntoo. Pero, en calquera caso, que veñan con este alarmismo aquí —por certo, cun problema que está solucionado— paréceme, dende logo... Láméntoo.

Mil setecentas liñas de transporte que puxemos en marcha novas, ¡mil setecentas! Quería velo en Pontevedra, con dúas liñas atóranse. Mil setecentas liñas, claro que si. E houbo incidencias en dúas —que o lamento—: o 0,1 %, se hai que poñerlle número. Non me gusta poñerlle número porque falamos de nenos, e eu tamén teño nenos na miña casa. Polo tanto, eu láméntoo.

E agradezo a comprensión dos pais, agradezo a comprensión das ANPA, coas que estivemos en contacto permanentemente. Agradezo tamén a comprensión por parte dos correspondentes centros de ensino, cos que falei, por estas situacións puntuais. E o certo é que foron horas do primeiro día de cambio de operador nas que houbo eses problemas, que o lamento; pero, dende logo, está funcionando con total normalidade e sen incidencia ningunha dende que se arranxou esa situación, en poucas horas, porque na mesma tarde xa se solucionou o transporte deses nenos nas primeiras horas.

Os novos servizos transcorren con total normalidade e o bus compartido funciona con total normalidade. Mil setecentas liñas de transporte que puxemos en marcha o 7 de xaneiro; mil trescentas son de liñas de bus compartido, coas máximas garantías, aumentando a cobertura territorial, multiplicando exponencialmente as posibilidades de moverse, de mobilidade, sobre todo no rural grazas a este bus compartido; mil trescentas liñas de bus compartido,



con acompañante todas; vinte e sete mil rapaces, cada día, que transportamos para que vaian de xeito seguro a cada centro de ensino.

Co reinicio do curso, foron oito mil servizos. Se chega a ser en Pontevedra, cos do BNG, con dúas liñas de transporte á demanda e atóranse —volvo dicilo—. Oito mil servizos, e só na provincia de Ourense catrocentas vinte e cinco liñas integradas, oito mil douscentos alumnos que cada día van ao seu centro de ensino. Todas as liñas en Ourense son de bus compartido, o que favorece, dende logo, a mobilidade exponencialmente para toda persoa do rural. É imprescindible esta modalidade de transporte para dar futuro ao rural.

Dous mil cincocentos servizos de bus compartido na provincia de Ourense; dous mil cincocentos servizos compartidos que se prestan con incidencias puntuais. Se hai que poñerlle un número —digo que non me gusta poñerlle un número a esa incidencia puntual porque son nenos e impórtanme—, hai que poñerlle esa cifra; se lle poñemos un número, na provincia de Ourense, é do 1 %. En tres días, solucionado, e, polo tanto, non me parece coherente todo o que me están aquí dicindo vostedes de caos, do prezo do billete... —que o prezo do billete é do ano 2016—. ¿Que lles vou contar a vostedes? Menos mal que Galicia está nas nosas mans e non está nas súas mans, (*Murmurios.*) porque coa experiencia que temos do bus urbano de Pontevedra, ¿a onde iríamos parar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Todos tirados, sen ter autobús. Galicia sen transporte, igual que Pontevedra sen transporte urbano. Polo tanto, ese alarmismo inxustifico non o entendo.

Para nós, cos contratos todos de bus compartido, prima a atención escolar, por suposto que si; os escolares son prioritarios. Garantimos a presenza de monitores e acompañantes en todas e cada unha das liñas de transporte compartido.

E volven vostedes sementar dúbidas con este modelo que é esencial para o futuro no rural e para a mobilidade no rural. Trescentos mil usuarios xerais no bus compartido dende o ano 2017, sen unha soa incidencia significativa. E, polo tanto, trescentos mil usuarios aos que lles demos unha facilidade de transporte público que antes non tiñan. Porque é un transporte útil, viable economicamente, sostible e necesario para que teña futuro o noso rural. Tres de cada catro cidadáns consideran positivamente este Plan de transporte, e para nós a opinión dos usuarios é importante. A boa acollida é clarísima con esta modalidade de bus compartido, sobre a que vostedes están a sementar todas as dúbidas e todas as incertezas; polo tanto, parece que lle queren quitar esta modalidade de transporte ao rural; pero nós non lla imos quitar.

E son moitos os concellos, tamén de partidos diferentes, que me piden esta modalidade de transporte, claro que si. Esta modalidade de transporte é sostible. ¿Impórtalles o medio ambiente? Pois é sostible. Tamén é unha modalidade de transporte compartido —pensando no rural— e que supón o que nos obriga a normativa europea. ¡Que xa se sabía no ano 2007, cando gobernaba o Bipartito! ¡Que non fixeron nada vostedes! O Regulamento europeo no ano 2007 xa se coñecía e caducaban as concesións. (*Murmurios.*) Tivemos que vir nós revolucionar e facilitar a mobilidade do transporte público. Deixaron ao seguinte que arree, sen facer vostedes nada; polo tanto, nós si que nos preocupamos por dar un servizo de transporte público ao noso rural, a toda Galicia e tamén ás áreas metropolitanas. Gustaríanos que en canto á venda de billetes de tren tamén se fixera o mesmo por parte do Goberno de España.



Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, presidente.

Antes quería dicirille á señora Blanco que tampouco se pase furgando na ferida, porque dixo que ían todos os cargos do Partido Popular e só ían os do Congreso e os do Senado. ¡Non sei que tipo de problema ten a señora Vázquez cos deputados do Parlamento galego, (*Aplausos.*) se xa están tan obsesionados coas competencias do Estado que van renunciar a ter representación aquí! Algunha concelleira altérase, e eu enténdoo, porque ten que ser difícil que veñan os veciños protestar ao concello e ter que poñer a cara por esta Xunta de Galiza. Toda a miña solidariedade coas concelleiras (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e concelleiros do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...afectados.

O que si que é previsible é a falta de autoexixencia e a falta de argumentos por parte do Partido Popular, así como a súa soberbia. ¡En fin, o problema do transporte en Ourense é do señor Lores. Pois nada, xa lle mandarei un *wasap* para que o arranxe, señora Vázquez! (*Aplausos.*)

En fin... ¡Alarmismo! O noso é alarmismo e o seu, incompetencia. Porque tardar tres días, no mellor dos casos, en solucionar problemas de transporte escolar... ¡Manda truco! ¡Pero é que non foron só tres días! Púxenlle un exemplo, o de Portogrande, en Celanova, onde ata a semana pasada estiveron os pais e nais protestando porque os seus nenos e nenas ían nun autobús urbano sen cintos de seguridade, sen medidas de seguridade, e só cando armaron follón tiveron unha solución. Porque así é como funciona a Xunta de Galiza: só cando hai follón atopan unha solución.

E nós pedímoslle máis responsabilidade, señora Vázquez, porque de solucionado, nada. Estarán resoltas por fin —tamén non era para menos— as rutas do transporte estritamente escolar. Pero hai máis problemas, e hai un problema de prezos en moitas liñas ocasionado por vostedes, polo primeiro concurso en falso que sacaron e que permitiu baixas temerarias. ¿E agora ese sobrecusto quen o ten que pagar? Nós, desde logo, non compartimos que teñan que ser as familias. E insisto: non é transporte escolar, pero hai moitos escolares que van facer ciclos ou bacharelato á cidade e que non deberían ter ese sobrecusto.

Polo tanto, fágolle dúas propostas: primeiro, asúmano vostedes, asuman vostedes ese sobrecusto, porque é a súa falta de previsión e un contrato inadecuado o que o permite; e, segundo, pare de vir facer campaña electoral a Ourense para prometernos para a primavera o transporte...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas, grazas. Terminou o seu tempo.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...gratuíto para menores de vinte e un anos e déanos...

O señor PRESIDENTE: Grazas..., (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) ...terminou o tempo. Grazas. Non, señora Presas, xa terminou o seu tempo. (*Aplausos.*)

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Eu, señorías, sinceramente, hai cousas en que xa practicamente tirei a toalla; teño que recoñecelo, señora conselleira. Pero a ver se é posible, de aquí a que remate a lexislatura, que non teñamos que volver escoitar «eu, que son nai». ¿Que pasa, que as que non son nais non teñen que ter empatía coas familias que teñen fillos e fillas? (*Aplausos.*) ¿Que pasa, que é un dereito exclusivo de *medias* mulleres ou de *enteiras* mulleres? Dígoo porque estou un pouco cansa de escoitala xa nesta lexislatura a vostede e a outros membros do Goberno tamén.

Pero, mire, vostede tamén é bastante previsible; a verdade é que vostede é bastante previsible, ademais de ser bastante temeraria. Estamos falando de nenos e de nenas, de menores de idade, ¿vale? Estamos falando de menores de idade que non son experimentos; non son *ta-magotchis*, señora conselleira. Son nenos ou nenas, e con eles vostedes están experimentando ese plan de transporte que xa dixemos en moitas ocasións que é un auténtico fracaso; que é o fracaso dunha estratexia que non está planificada nin cos concellos, nin está planificada coa veciñanza, senón que o está desde un despacho; que custou unha auténtica millonada, e que provocou que as propias empresas teñan que ir resolvendo estes pequenos, ás veces grandes, problemas.

Porque para nós é un gran problema que haxa centos de nenos e nenas tirados, literalmente, ás portas dun centro escolar; que vaian sen acompañantes; que vaian sen cinto de seguridade... E a vostede, como conselleira, ánimoa a que, ademais de facer oposición estando no goberno, de facer oposición ao Goberno de España, que é o que fai vostede todos os días; á parte de facer oposición ou publicidade e propaganda, ou a mestura das dúas, que é o que vén facer a Ourense, cando non é vir mentir —por certo— sobre a intermodal, sobre o AVE, sobre o transporte escolar... En vez de vir mentir, en vez de vir facer publicidade e propaganda, veña repartir cartos a... Veña repartir cartas —perdón, quería dicir «cartas» (*Murmurios.*)—. Iso é porque vostedes son moi de sobras. Foi o meu subconsciente; teñen que perdoarme, señorías. Foi o subconsciente. (*Aplausos.*) Veñan repartir cartas para pedir desculpas a esas familias ás portas dos centros escolares, señora conselleira...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco, terminou o seu tempo.

Grazas, grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! Vamos, con tranquilidade. Agora ten que responder a conselleira. Seis puntos... (*Murmurios.*) Seis minutos, perdón.

Silencio, tranquilidade. Tranquilidade. Estamos acabando xa, ¡veña!



Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Son nai, orgullosa de ser nai, e direi que son nai as veces que considere oportuno. *(Aplausos.)*

E se queren subir ao bus comigo, se ese é o problema, están invitados. A próxima vez, por suposto; están invitados... *(Murmurios.)* Vexo que queren subir ao bus comigo. Encantada de que veñan comigo subir ao bus, que é un transporte público, dende logo, que merece a pena coller, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e que veñan comigo. Por suposto, coa tarxeta metropolitana; pero non se preocupe, que os mozos de Ourense tamén teñen a tarxeta Xente Nova. Non se preocupe, que xa a terán. E agora, en cuestión de meses. Non se preocupen.

Setecentos corenta millóns de euros de fondos públicos en dez anos para manter o transporte público, para que os prezos do billete sexan os que son. Vostede que falaba de cartos: setecentos corenta millóns de euros de fondos públicos da Xunta de Galicia en dez anos para manter o transporte público. Polo tanto, fagan as contas e non erren —con *erre erre*, porque son *erre que erre* cos temas de transporte—, porque aí están as enquisas. Poden ir vostedes tamén a Carballo a ver como disfrutan dese transporte público que multiplica as posibilidades de mobilidade. No fondo vostedes sábeno perfectamente.

¿Sabe o que nos pide a xente? Que estendamos máis o transporte público, que estendamos máis o bus compartido. Iso é o que nos pide a xente, e iso é o que imos facer, mellorando o transporte público día a día, porque é o que nos pide a xente.

Vostedes, con falsidades, os do Bipartito..., como lles molesta, non o vou dicir, pero eu xa o sei... Polo tanto, non fixeron nada, que arree. O fácil é non facer nada, claro que si. O fácil é non facer nada; e mentres vostedes non fan nada porque é o fácil, nós estamos aquí cambiando e mobilizando todo un novo plan de transporte público de Galicia.

Son a pura incoherencia. ¿Eu, que quere que lle diga? Falando de transporte público: «*Tren, el caso del tren de media distancia allana el camino para los autobuses*». ¡Menos mal que hai autobuses! Grazas á Xunta de Galicia, Galicia non quedou sen transporte. «*Nuevas incidencias por falta de trenes y maquinistas en las líneas lucenses*», «*Renfe sin locomotoras suficientes...*». Se queren falar de transporte público... Pero, iso si, nese acordo-escusa de trens e de melloras dos trens e do material rodante, nada de nada; nese acordo-escusa obvian, dende logo, todo este tipo de servizos.

Estamos a dar unha atención preferente aos escolares, porque é un asunto prioritario. Pero, en calquera caso, o ministro de Fomento estivo a pasada fin de semana, e se está vostede tan preocupada polo transporte público, podía tamén preguntarlle polas estacións de trens. Pero, claro, estaba máis preocupado por temas de avións que de trens; está máis preocupado por temas de avións que de trens. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E tamén máis preocupado por temas de avións que de autobuses. Pero eu convídoos a que sexan construtivos e a que non alarmen con cousas que non son certas.



Sobre o caso dos desaxustes... En Ourense, dende logo, demos instrucións claras á empresa de transporte para que adopte as medidas necesarias para garantir os traslados dos nenos en tempo e forma, con solucións e, dende logo, con total coordinación con todo o servizo de persoal da Dirección Xeral de Mobilidade de Ourense, e falando coas ANPA. Estaremos atentos e vixiantes —por suposto que si—, pedindo a máxima axilidade e que os contratemos sexan os menos posibles e que non existan. Pero xa digo, co reinicio do curso escolar no Nadal, oito mil servizos en toda Galicia, mil trescentas liñas de transporte de bus compartido con prazas baleiras —o trinta por cento—, dous mil cincocentos servizos compartidos na provincia de Ourense; con algunha incidencia puntual, iso si, pero que se solucionou en cuestión de horas. Polo tanto, eu invítoos a que falen con propiedade, porque estamos a falar, en dúas liñas, de entre mil setecentas liñas. O que sae ben non lles importa; pero, en calquera caso, nós queremos que saia ben todo.

A vostedes tampouco lles parece importante —obvian— esa xornada única que puxemos en cinco colexios de Ourense para mil douscentos alumnos e mil familias; unha xornada única que existe grazas a este plan de transporte público. Óbviano, pero isto é posible grazas a un transporte público que vostedes queren tomar e co que vostedes poñen medo; un transporte público que dá calidade de mobilidade no noso rural, cos servizos a demanda e co bus compartido, dúas modalidades básicas de transporte neste plan.

Vostedes, dende logo, non sei se o consideran un plan pioneiro, pero hai moitísimos sitios que o consideran un plan pioneiro, e moitas comunidades autónomas están chamándonos para facer o mesmo que estamos a facer nós. Somos pioneiros; non lles gusta que sexamos pioneiros, pero neste caso sómolo. Avanzando na provincia de Ourense, na xestión, na extensión a toda Galicia de bonos de desconto. Hai bonos de desconto do cincuenta por cento, e tamén esta tarxeta —señora deputada do BNG, señora Presas, á que tanto que lle preocupaban os prezos—: Xente Nova. Chegará a toda a provincia de Ourense, grazas ao Plan de transporte, grazas aos setecentos corenta millóns de euros en dez anos de fondos públicos que estamos a incluír, a Xunta de Galicia, en transporte público. ¡Vinte mil mozos que o poderían desfrutar! ¡Que pena que Pontevedra non teña bus urbano para a tarxeta Xente Nova! E tamén os buses urbanos doutras cidades... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non lle gusta a tarxeta Xente Nova? Implantarémola: cincuenta e cinco mil mozos, hoxe en día, con esta tarxeta Xente Nova, que levaremos a toda a provincia de Ourense e a toda Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da rectificación do actual proxecto de construción dunha estación intermodal en Ourense e a recuperación do inicialmente previsto

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde, conselleira.



Ourense, a esquecida, a maltratada, a malversada, está en pé, alén de partidismos, reclamando o que merece e demanda a Plataforma por unha estación intermodal digna. O proxecto de infraestrutura máis importante de Ourense e provincia do século XXI é unha oportunidade histórica de rexeneración urbana.

¿Que é o que reclama a plataforma? A plataforma que, por certo, cada día ten máis apoios, multiplica os seus apoios a pasos de xigante. Exixe a mellora do proxecto, sabe que a modificación é posible, como pasou noutras cidades. Quere unha porta aberta. ¿Unha porta aberta a que? A unha intermodal limpa, sustentábel; o proxecto actual non o é, nin a nivel ambiental nin a nivel económico. Quere unha estación vertebradora —non vertebra— e permeable —non sutura a ferida entre barrios, entre O Vinteún e A Ponte, cun trazado da vergoña—. Quere unha estación con mobilidade, e sabemos que, tal como está deseñado, vai xerar auténticos caos circulatorios. Un autobús, pasando cada tres minutos, colapsará, sen dúbida, as rúas. Pídese tamén unha intermodal moderna. A de Foster si que o era. A xente di «non» aos remendos, e este proxecto é unha mestura de tres: denominacións como *pendello*, *chupuza*, *despropósito*, *monstruosidade carísima* e *cafrada* son por algo. Reclámase unha estación estética e funcional —non irracional—, saudable —e é altamente contaminante—. ¿Onde se viu unha dársena arredor dun centro de saúde? Integradora: ¿por que cre que se fala do muro da vergoña entre a terminal ferroviaria e o tramo urbano? Porque non integra. Segura: señora conselleira, imos morrer todas; imos morrer todas atropeladas, asfixiadas, contaminadas. (*Murmurios.*) ¡Si! ¿Que se demanda, en definitiva? Unha estación, a mellor para vivir, que potencie as riquezas e fortalezas de Ourense.

Señora conselleira, non deixe a porta aberta á especulación. Señora conselleira, ¿que fixeron nestes dez anos negros, deixar as intermodais na gabeta? Como conselleira leva dende o ano 2014; tiveron ocasión de coincidir, polo menos, con dous ministros do seu partido, dende o 2011 ao 2018. Vostede si que é previsible, pois seguro que bota balóns fóra como no seu día fixo cos gobernos do cambio na Coruña e en Compostela. Pero, por favor, ¡afórrennos a vergoña de ter que escoitar como lle atribúe as culpas ao actual Goberno central! Fale coa cidadanía, fale cos expertos, con Adif, co ministro de Mobilidade, co seu socio letal, segundo Feijóo, en Ourense. Vostede non é un verso libre...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...vostede é responsable. E a pregunta é: ¿vai facer o necesario para evitar que este proxecto...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora CUÑA BÓVEDA: ...hipoteque o futuro da cidade e da provincia de Ourense?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O certo é que non me sorprende que pida a paralización de infraestruturas porque xa o fixeron na Coruña, cos seus cambios de criterio, e houbo que tirar abaixo, tirar ao lixo, todo un proxecto da estación intermodal da Coruña e empezar de cero. Polo tanto, non me sorprende para nada que o seu partido volva querer paralizar infraestruturas clave na cidade.

Vexo que en Ourense o que prefiren é unha maqueta, e non hai intermodal máis indigna que soamente se quede nunha soa maqueta.

Eu creo que cómpre ter claro que a estación intermodal de Ourense —e xeralmente todas— está formada principalmente por tres elementos básicos: a terminal de autobuses, integrando a estación intermodal, a que estamos facendo nós, que está en execución e en cinco meses se rematará. Está deseñada por técnicos especialistas, por un equipo multidisciplinado, non soamente por arquitectos, senón tamén por enxeñeiros, e ten un aparcamento soterrado, que, sendo de Ourense, supoñemos que sabe que se precisan aí moitas prazas de aparcamento. Este faino o Adif, porque o que financia a Xunta de Galicia é a terminal ferroviaria. E na miña opinión é onde pesa maior indefinición, onde realmente hai máis problemas, pero a parte ferroviaria deséñaa e deféndea o Ministerio de Fomento e o Adif.

E desa estación intermodal, na miña opinión, eu voulle dicir que xustamente é o que di vostede e que defende vostede no seu escrito: permeabilidade, intermodalidade, sustentabilidade e racionalidade no gasto. Xustamente esta si que o cumpre —eu voulle explicar, non se preocupe—. Porque hai ideas conceptuais que como ideas están moi ben, pero as obras hai que facelas e, dende logo, se hai varias técnicas é moi difícil pasar á realidade as maquetas, porque o papel e a maqueta aguantan todo, pero as obras teñen que ser viables, executables e que non queden en maquetas.

Respecto de construír a terminal de autobuses, estamos construíndoa, garantindo a intermodalidade, cun deseño acordado co Ministerio, co Adif e co Concello. Nin antes nin despois os respectivos gobernos indicaron que iso tivese que mudar. Foi acordado, avalado, falado e abordado incluso persoalmente cos técnicos de Norman Foster, a información pública, incorporando achegas, acordos unánimes, e foi aprobado por unanimidade na Comisión Superior de Urbanismo; unha infraestrutura estratéxica que está con 9 millóns de euros en execución e que, dende logo, en meses rematará a Xunta. Imos cumprir coa cidade de Ourense coa máxima transparencia, coa máxima participación, e por iso solicitamos ao Ministerio de Fomento unha reunión urxente para que explique a súa parte ferroviaria, que é a que depende de Adif, do Ministerio de Fomento.

Eu, pola miña parte, desde o que é a parte da Xunta de Galicia, explicacións as que queira e, por suposto, defendo o proxecto. Supón unha mellora substancial da mobilidade. Eu vexo que parece que rexeitan o fomento do transporte público. Pero, en calquera caso, xa lle digo que a intermodal máis indigna é a que non pasa de ser unha maqueta, que é o que parece que queren vostedes.



Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben previsible. A falsa afirmación de que o proxecto que gañou o concurso internacional en 2011 é unha simple maqueta, posta esta expresión, este titular, en boca dunha conselleira de Infraestruturas, é unha vergoña, non ten outro adxectivo.

En segundo lugar, non é certo que haxa unanimidade. O Coag, o Colexio de Arquitectos de Ourense, en xuño de 2017 pediu a revisión total da proposta. Non se tiveron en conta as súas suxestións. O proxecto inicial ubicada as liñas ao norte da actual estación, liberando espazo para a cidade e facilitando a conexión e a mobilidade entre barrios. Este proxecto non o acada. E claro, se vostede fai alusión a señoras como María Laborda, encargada do proxecto, coa empresa Proyfe e coa bendición da Xunta, pois, claro, nós ao lado dicimos: escoite por favor os expertos, escoite o Colexio de Arquitectos, fale con quen ten que falar, porque son catro patas. Vostede ten unha responsabilidade e ten a responsabilidade de falar cos demais. É que, señora conselleira, ata o Consello de Contas censurou a falla de coordinación entre administracións para desbloquear o proxecto.

Mire, eu creo que coas súas políticas e sobre todo co trato indigno a Ourense —políticas sanitarias, políticas educativas e políticas sociais— o que cómpre é que se faga xustiza poética, que lles pase factura. Ourense é a única cidade que non ten un centro para adultos de diversidade funcional xestionado por persoal público. Mire o caso de Verín, o caso de Educación, o campus universitario, a infraestrutura, señora conselleira. Escoite, abra a orella...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...e, por favor, é de sabias rectificar. Falen tamén coa cidadanía. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Non sei se sabe por quen está composta a Comisión Superior de Urbanismo, pero están moitos axentes representados e tamén... (*Murmurios.*) Eu invítoa a que vexa a Comisión Superior de Urbanismo, invítoa a que vexa como está composta porque aprobou por unanimidade este proxecto.

En calquera caso, un pouco de pedagogía: eu creo que unha imaxe vale máis que mil palabras. (*A señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Vázquez Mourelle, mostra unhas fotografías.*) Este



é o centro de saúde —vostede que é de Ourense—, co supermercado enriba e todo o aparcamento de vehículos. Do muro xa lle falo despois, que é a parte do Adif, que non é a parte nosa. Pois xa ve todo o tráfico, unha zona de comida preparada, e, polo tanto, todo este barullo no centro de saúde. Isto que imos facer é totalmente unha mellora radical, afastando con zonas axardinadas..., si, si, retranqueando máis de 10 metros sobre vías e, polo tanto, mellorando a intermodalidade, garantindo o transporte público e mellorando deste xeito radical toda esta zona, eliminando ruídos de trens e vehículos pesados de carga e descarga que agora xa non están, porque o demolemos. Polo tanto, creo que é importante esta visión de como estaba antes o centro de saúde, que non lles importaba, dende logo, a ninguén, e vostedes non me trasladaron nunca nada antes sobre el.

É unha zona que vai quedar totalmente mellorada. Tamén insonorizamos o centro de saúde, 3.500 metros cadrados de zonas axardinadas, e ademais executamos unha demanda —que, na miña opinión, vostede, que é de Ourense, ten que sabelo, entendo que si— de prazas de aparcamento no barrio da Ponte que é necesaria e que estamos executando de máis de 300 nun aparcamento soterrado.

Polo tanto, a min, dende logo, non me parece responsable paralizar unhas obras que están en marcha de 9 millóns de euros. Na miña opinión é unha terminal de autobuses nova que mellora de xeito radical todo ese ámbito, moderna, competitiva e integrada na estación intermodal e que acabaremos neste verán cun proxecto global, porque non só faremos a nova terminal de autobuses competitiva e moderna, senón que na actual estación de autobuses faremos unha residencia e un equipamento para maiores, que ao mellor é o que quere que non fagamos, pero ímolo facer porque é necesario en Ourense. Pensamos en Ourense.

A terminal ferroviaria —eu xa llo dixen— é responsabilidade do Goberno central. Vostedes apoian o Goberno central, poden preguntarlle, que dea a cara o Ministerio de Fomento. A zona do muro é da parte do Adif. Que dea a cara o Ministerio de Fomento e que explique a parte da terminal ferroviaria, como eu vin aquí explicar a parte da terminal de autobuses, porque é a que maiores incertezas crea. A Avenida de Marín é de competencia estatal e, polo tanto, da parte ferroviaria. O señor Ábalos estivo a fin de semana e poderíalle preguntar, pero está máis ocupado con avións que con trens, e eu creo que hai un tema que descoñece. As cotas son moi tozudas en proxectos de enxeñaría. Eu preguntome se esa cota de Eulogio Gómez Franqueira, coa cota que poden prever...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): ...os trens non trepan. Non podemos coller un ascensor para que os autobuses...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): ...entren e saian dunha... (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o seu tempo.

Grazas.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre se vai proceder o Goberno galego a declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por superar os prazos para a súa tramitación sinalados no artigo 33.4 da Lei 13/2013, de avaliación ambiental

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Permítame comezar saudando os membros da Plataforma Mina de Touro–O Pino que hoxe nos acompañan e agradecerlles o seu traballo constante, porque sen esa loita non se lograría o que parece ser que xa se logrou, (*Aplausos.*) o que anticipou onte a conselleira e que agardamos coñecer oficialmente, pronto, que é a negativa a aprobar a declaración de impacto ambiental do proxecto de reapertura da mina de Touro. É unha boa nova, de todos os xeitos, a pesar de que cremos que sen esa loita cidadá que se estendeu pouco a pouco por toda Galicia, por esa Galicia que non quere un país destruído polos negocios especulativos, non sería posible este paso. Vostedes víronse forzados a tomar esta decisión ante a presión popular e recuaron. Pero é unha boa nova e felicitámonos todos por esta solución, que parece ser que pon fin a unha preocupación enorme da veciñanza destes dous concellos.

Pero isto non acaba aquí, queremos coñecer tamén o contido da declaración de impacto ambiental e a resolución de minas, porque o contido da declaración de impacto ambiental tamén é moi importante para o futuro desta zona e para o futuro de Galicia. E isto non acaba aquí, porque seguiremos exixindo a restauración da zona, que se evite a contaminación que leva producíndose durante máis de trinta anos despois de pechada a antiga explotación. Hai hoxe en día trasladadas dúas denuncias da Fiscalía polos vertidos da balsa de Bama ao río Brandelos, da balsa de Angumil e da corta de Arinteiro, que verten augas ácidas, que levan vertendo augas ácidas durante trinta anos mentres vostedes miraban para outro lado.

Seguiremos loitando, ademais, contra o modelo permitido de privatización de beneficios, socialización de perdas neste país, sexa en Touro, sexa en monte Neme, sexa en Triacastela, en San Fins, na Terra Cha, en Santa Comba ou en Forcarei. Seguiremos loitando porque este goberno leva demostrado que lle importa ben pouco o noso medio ambiente e a saúde das persoas. Numerosas institucións teñen denunciado esta práctica sistemática da Xunta de Galicia, como o Defensor del Pueblo nos informes anuais de 2015, 2017 e 2018, na declaración da Administración de entidade non colaboradora, da súa consellería, por non contestar ata en tres veces os requirimentos de información ou as denuncias recentes da ONU, que chama a atención a Galicia polo abandono das presas mineiras de San Fins, nun exame do Consello de Dereitos Humanos etc., etc. Fannos dicir que estaremos moi alerta, igual que seguro que estará moi alerta a veciñanza de Touro, que xa os coñece e xa coñece as súas prácticas.



Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, creo que perdeu vostede unha magnífica oportunidade para trasladar un pouco de humildade a este Parlamento, ¡un pouco de humildade! Se vostede ao longo de todo este proceso intentase trasladar un pouco de respecto á acción do Goberno, un pouco de respecto á normativa, seguramente hoxe podería estar aquí ao lado do Goberno, das decisións que se foron tomando.

O Goberno foi coherente en todo momento, defendeu en todo momento a normativa, e, sobre todo, cumpriu a súa palabra. Voulle trasladar o que dixen o 1 de xullo do ano 2018 neste mesmo Parlamento: «A tramitación da mina de Touro é unha obriga. Imos respectar esa obriga da Administración e imos cumprir todos e cada un dos pasos que nos marca a Lei da minería».

Señor Sánchez, tamén lle dixen no ano 2018 que a Xunta de Galicia se pronunciaría sobre o proxecto cando rematase a tramitación e que o faría, coma sempre, motivadamente e con base en avaliacións profesionais e técnicas. E tamén lle dixen que tal e como estaba presentado este proxecto non era viable —xullo do ano 2018—.

Pois ben, podería terminar aquí a miña intervención porque esta mesma intervención podería respostar perfectamente a súa pregunta de hoxe. Pero é certo que chegou o momento no cal a Administración, efectivamente, resolveu a tramitación da avaliación de impacto ambiental considerándoa negativa tras recibir e analizar, señor Sánchez, 1.200 alegacións e 15 informes sectoriais, porque esa é a obriga que tiñamos como administración.

Sei que vostede intentou unha e outra vez que este goberno non aplicase a lei. Seino, pero esa é a súa responsabilidade e é a súa conciencia. Este goberno o que si fixo a través da Declaración de impacto ambiental foi traballar con rigor, traballar garantindo en todo momento os ámbitos mineiros, medioambientais e urbanísticos, e, de feito, garantimos o cumprimento estrito da normativa.

Fálame vostede de presión. Dígame, entón, por que os dous informes negativos son da Xunta de Galicia. Seguramente non ten explicación porque a vostede o único que lle importa é simplemente xerar incertezas, xerar dúbidas sobre a acción do Goberno e, lamentablemente, enganar a cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Para a réplica, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Home!, se me pide a min humildade, eu creo que era vostede o que tiña que ter humildade despois dos seus precedentes como goberno e despois da historia deste goberno en relación co respecto ambiental. Cando vostedes levan trinta anos permitindo os verquidos en Touro, como saben todas as veciñas e os veciños, vostede si que debería de ter un pouquiño máis de humildade para falar nese ton.

Respecto ao Goberno, pide vostede. Pois o mesmo lle digo, respecte vostede os veciños e as veciñas de Touro, que levan trinta anos soportando unha situación causada pola empresa, pero tamén por gobernos tolerantes, co infrinximento da lei destas empresas. Vostedes son cómplices necesarios desa situación. Polo tanto, humildade e respecto de vostede primeiro.

Respecto á normativa para vostede tamén, porque levan incumprindo a normativa —como levan dito moitas das institucións que lle acabo de nomear— vostedes durante moitos anos, permitindo a contaminación do noso medio ambiente en Touro e en monte Neme, que imos ter que pagar 794.000 euros de diñeiro público para arranxar a desfeita da empresa amiga Leitosa, que está na operación Gürtel do señor Cotino. E respecto á normativa, que non houbo nin en Forcarei nin tampouco en Triacastela, etc. Polo tanto, mírese ao espello antes de falar dos demais.

Vostede fáleme do cumprimento estrito da lei. Vostedes incumpriron os prazos fixados na Lei 21/2013, de avaliación ambiental estratéxica, porque querían darlle todas as oportunidades do mundo a esta empresa. Déronlle ata tres oportunidades porque os informes que nomea a conselleira de Augas de Galicia e de Patrimonio Natural foron emitidos en maio de 2018 e volveron ser emitidos en febreiro de 2019 unha e outra vez. A lei fixa uns prazos que vostedes incumpriron sistematicamente porque vostedes apoiaban este proxecto. E é evidente que nunca recoñecerá que sen a presión popular vostedes terían apoiado este proxecto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Para o peche desta pregunta, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Vexo que a humildade non é precisamente un criterio que vostede queira aplicar, cando, efectivamente, este goberno ten demostrado o seu rigor e ten demostrado como foi absolutamente garantista cos cidadáns e absolutamente garantista co procedemento. Lamentablemente, señor Sánchez, vostedes seguen instalados na crispación. (*Murmurios.*) E o máis triste de estar instalado na crispación é cando se fala de emprego, cando se fala de economía e cando se fala de futuro para este país. Vostedes o que fixeron durante todos estes anos —e agora non o queren recoñecer porque vostedes non teñen humildade— foi dedicarse todo o tempo a desinformar a opinión pública. E iso debería darlles vergoña, porque o fixeron utilizando todas as canles ao seu alcance simplemente para conseguir votos.



Pero o máis triste é que o único obxectivo seu foi desacreditar a Galicia, foi desacreditar as empresas mineiras e foi desacreditar, lamentablemente, os traballadores. E o que lle podó dicir é que os traballadores, incluso tamén os traballadores de Atalaya Mining, merecen un respecto polo seu traballo, merecen un respecto polo labor que desenvolven, por eses 3.500 empregos que temos en Galicia, por eses 250 millóns de euros que xeran riqueza en Galicia a través da actividade mineira. Polo tanto, este goberno e este conselleiro séntense orgullosos da minaría, séntense orgullosos da minaría sostible en Galicia, e eu lamento que o seu grupo lle dea as costas á riqueza, ao crecemento e ao emprego en Galicia. *(Aplausos.)*

O que si lle podó trasladar é que nós imos seguir coa asunción das nosas responsabilidades. Por suposto, seguiremos cumprindo a lei e seguiremos sendo garantistas do cumprimento da lei, e por iso exixiremos dende a Xunta de Galicia aos responsables da empresa a actualización do plan de restauración e que, polo tanto, inicie a súa tramitación administrativa. Exixiremos, en definitiva, que se salvagarde o estado ecolóxico deste curso fluvial, sumándose ao labor de vixilancia que vén levando a cabo Augas de Galicia, de acordo co establecido no Plan hidrolóxico e tamén na Directiva marco de augas. Vostede sabe perfectamente que se está inspeccionando e que se está perseguindo calquera indicio de denuncia e sabe perfectamente que nos últimos dous anos tamén se teñen incoado expedientes.

Creo que perdeu unha magnífica oportunidade para defender a industria, para defender a minaría e creo que debería deixar de esconderse na Galicia verde precisamente para poder defender o emprego e o crecemento en Galicia.

Señor Sánchez, ser verde non significa atacar a industria, como fai sistematicamente vostede e o seu grupo neste Parlamento. Ser verde significa velar por unha industria e unha minaría sostible.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do anunciado polo Goberno do Estado en materia enerxética

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Benvido, señor conselleiro.

Lamentablemente, temos que continuar falando dos problemas que atravesan as industrias de Galicia debido á ausencia de políticas en materia enerxética axeitadas e provocadas polo Goberno do Estado e que, dende o Goberno da Xunta, se trasladaron reiteradamente en innumerables ocasións a este goberno.

Hai máis dun ano e medio que a industria electrointensiva permanece electrocutada debido á inacción do Goberno do señor Sánchez. Hai máis de 5.000 traballadores desta industria que



non saben cal será o seu futuro, máis de 5.000 traballadores, señores da esquerda, que lle están dicindo que non se preocupan por eles, que os teñen abandonados e que están fartos. E reitero, non llo dicimos nós, dinllo eles e o comité destas empresas. Hai falta de solucións, señorías, para un problema claro, o elevado prezo da enerxía, do que claramente é responsable o Goberno do Estado.

En risco está, señorías, o futuro de Alcoa, que continúa agardando por unha solución que pasa pola aprobación do Estatuto electointensivo, un estatuto que nin aprobaron nin amosan, quizais sexa porque non vai provocar o que todos esperan, que sería a baixada do prezo da enerxía.

Hoxe mesmo coñeciamos que Ferroatlántica amosa a súa preocupación pola falla de aprobación deste estatuto, e, como dicía, o señor Sánchez, o señor Pedro Sánchez, dende marzo de 2019, dicía que tras as eleccións aprobarían o estatuto. Chegaron as eleccións de novembro e dicía que tras as eleccións, cando se formase goberno, aprobarían o estatuto. Tras catro consellos de ministros dende que formaron goberno, segue sen aprobarse o dito estatuto. E todos vostedes, toda a oposición, namentres, caladiños; adeus ás camisetas, adeus ás pancartas e adeus ás manifestacións. Porque a vostedes non lles importa nada, e aínda agora, que teñen unha ministra alí, a señora Yolanda Díaz, señores da esquerda, seguen todos moi calados.

Miren, outro importante agravio do Goberno central é o peche da central das Pontes. Esta mesma mañá e onte o señor Sánchez —o señor Antón Sánchez, non Pedro Sánchez— dicía que non era un problema do Goberno do Estado. Pero, señorías, a señora Ribera, en marzo de 2018, dicía que daba 2025 como fecha para a fin do carbón. ¿Cal é o problema? O problema é pechar as centrais moito antes do que estaba previsto mesmo pola Unión Europea, que era en 2045.

A este grupo, señorías, gustaríanos que estivesen con nós, que se opuxesen en Madrid e que non se permitise o peche desta central. Pero todos vostedes, señorías, van ser cómplices do peche das centrais térmicas de Galicia, paradoxalmente cando España está a comprar enerxía térmica a Marrocos.

Unha vez máis, vese a falta de compromiso de todos vostedes coa industria galega. Señorías, os galegos queremos traballo, non queremos nin limosnas nin subsidios.

Por todo isto, señor conselleiro, gustaríanos que nos dese unha valoración dos anuncios do Goberno central en materia enerxética que afectan tan negativamente a nosa industria. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Nóvoa, efectivamente, a política enerxética é un dos vectores claros de competitividade de calquera sector industrial, de calquera economía, pola súa incidencia non só na industria,



nos prezos enerxéticos, senón tamén, loxicamente, no poder adquisitivo dos cidadáns. Polo tanto, esa política enerxética cuxa competencia é do Estado é un dos elementos claves que nós incorporamos dende a Xunta de Galicia á axenda de Galicia que lle trasladamos ao propio Goberno e á propia cidadanía.

Nesa axenda de Galicia hai catro prioridades en materia de enerxía. En primeiro lugar, ter un prezo da enerxía viable para as industrias electrointensivas. Ese prezo competitivo é clave para o futuro da Mariña lucense, pero tamén é clave para o futuro de Ferrolterra, para o futuro da Costa da Morte ou para o futuro da Coruña, de todas esas empresas que dependen de ter un prezo competitivo para poder competir nos mercados internacionais.

O segundo obxectivo é a transición enerxética xusta e, polo tanto, garantir o futuro das comarcas de Cerceda, das Pontes e permitir nestes momentos que se poida reactivar a planta das Pontes para dar unha esperanza, dar un futuro, dar un porvir a 750 familias que dependen dunha decisión do propio Goberno.

O terceiro obxectivo foi trasladar ao Goberno a necesidade de ter poxa de enerxías renovables, que son claves para o futuro do rural de Galicia. Como exemplos temos aquí en Galicia o caso da planta de Curtis, a planta de biomasa que se está a construír nestes momentos.

E, finalmente, está a defensa do sector da automoción, clave para o futuro de Vigo, clave para o futuro de Ourense; un futuro do cal dependen miles de galegos e de galegas, pero, lamentablemente, nestes momentos o Goberno socialista, apoiado por Podemos, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, apoiado polo Grupo Común da Esquerda, está deixando a un lado a industria en Galicia, como está deixando a un lado tamén os propios traballadores de Alcoa, os propios traballadores das Pontes.

Galicia necesita un prezo eléctrico estable, competitivo e cremos que o Goberno debe deixar a un lado as escusas e, polo tanto, aprobar ese estatuto que asegure a continuidade dos 5.000 postos de traballo que dependen deste sector, moi especialmente en Alcoa San Cibrao.

Ese é o obxectivo, xunto tamén, como lle dicía, con poder darlles ese futuro a 750 familias das Pontes que dependen desa decisión política por parte do Goberno na cal hai unha política enerxética que debería de responder ás necesidades da industria e que nestes momentos lle está dando as costas á industria, ao emprego e á capacidade de crecemento que temos aquí en Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, señor conselleiro.

A verdade é que eu, que vivín como se comportaba a bancada da esquerda cando gobernaba o Partido Popular en Madrid, non vexo nin a máis mínima reacción ás noticias que estes días abren os principais periódicos deste país. Esta mañá o diario *El Mundo* levaba en portada o



intento de manipulación da vicepresidenta Ribera sobre o presidente de Rede Eléctrica, que, asombrado, decidiu dimitir por non tolerar esta intromisión. Pero a semana pasada tamén nos enterabamos de que esta mesma ministra quería enchufar o seu ministro na Comisión Nacional do Mercado da Competencia, e toda a bancada da esquerda, cómplices dos enchufes do señor Sánchez, caladiños.

Mire, señor conselleiro, a esquerda quere abandeirar o ecoloxismo e quere pechar as centrais térmicas para xustificar o cambio climático; son capaces mesmo de dicir que Galicia está contaminada. Todos sabemos que non é así porque Galicia, coa central das Pontes en funcionamento, xa era verde, porque somos líderes en enerxía eólica, en enerxía hidráulica, porque en pouco tempo se inaugurará en Curtis unha pioneira central de biomasa e porque había un compromiso de investimento de Endesa para reducir as emisións de CO₂. Ata agora tamén eramos líderes en produción de enerxía, pero, grazas a todos vostedes, perderemos esa condición e, por tanto, calquera reclamo, señores do BNG, como excedentarios de enerxía.

Queren estar na *Champion League* do cambio climático, que nos levará a ser líderes en destrución de emprego e riqueza, todo xerado por un extremismo inxustificable, que incluso nos situará fóra das axudas europeas de compensación de CO₂.

Señores da oposición, todo un cúmulo de despropósitos en termos industriais que conta coa oposición do Goberno da Xunta, pero tamén de toda a sociedade que vive nestas comarcas, que verán o seu nivel de vida mermado por culpa de decisións políticas erradas. Outros países si teñen un plan de transición enerxética a dez anos, porque ninguén é capaz de substituír unha industria e poñer outra sen que sufra drasticamente o emprego. ¡É imposible! Pero o extremismo apoderou a Moncloa e, lamentablemente, Galicia vai sufrir por iso.

Señor conselleiro, creo que estamos nós e os traballadores sós na defensa da industria enerxética de Galicia.

E remato xa.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Gustaríanos que nesta segunda quenda nos dese máis información sobre a situación de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...no eido renovable e no cambio climático. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche desta pregunta, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Nóvoa, efectivamente, a situación de Alcoa é especialmente crítica. Celebrouse recentemente a mesa de Alcoa en Lugo e deuse unha circunstancia creo que bastante clarificatoria. O secretario xeral de Industria trasladou cal era o contido do Estatuto de consumidores electrointensivos, e houbo unha resposta clara e nítida por parte de Alcoa, que lle trasladou que ese contido, esas medidas, serían insuficientes, e que, polo tanto, non sería viable a produción de aluminio primario en Alcoa San Cibrao.

Lamentablemente, temos neste momento un silencio por parte do Goberno, un silencio para darlles resposta ás necesidades de Alcoa, e, lamentablemente, tamén temos un silencio cómplice dos grupos da oposición deste Parlamento, que están calados, que non están defendendo os intereses de Alcoa, que non están defendendo os intereses dos traballadores e que, lamentablemente, poden chegar a ser responsables no caso de que entremos nunha situación de inviabilidade por parte de Alcoa San Cibrao.

En calquera caso, tamén me pregunta vostede pola situación do cambio climático e polo futuro neste contexto en Galicia, en España e en Europa. Cremos que se equivocan aqueles que tratan de xustificar o peche da industria polo cambio climático. Claramente, non ten sentido pensar que temos que comprar enerxía ou bens que precisamos a outros países, a maioría deles con menos controis ambientais. Polo tanto, non sabemos cal é a resposta sobre o futuro e a alternativa que pode ter a nosa industria e que pode ter o noso tecido industrial.

Galicia é verde, Galicia quere ser máis verde, pero Galicia sabe que ese concepto ten que ir vinculado tamén á competitividade e ás oportunidades do tecido industrial. Temos demostrado o compromiso de Galicia como comunidade sostible, somos a segunda comunidade con máis potencia de produción eléctrica procedente de fontes renovables. O 66 % da potencia eléctrica instalada en Galicia xa é renovable e, polo tanto, estamos dando mostras claras do noso compromiso coas enerxías renovables, do noso compromiso co cambio climático e do noso compromiso tamén coa sostibilidade. E seguiremos, seguiremos cunha política enerxética orientada á aposta polas enerxías renovables. Nestes momentos temos preto de 4.000 megavatios de potencia eólica en 187 parques. No ano 2019 puxéronse en marcha 18 proxectos eólicos, e ao longo deste ano poderían entrar en funcionamento outros 6 e unha repotenciación, que suporía un incremento doutros 143 megavatios sobre os 415 megavatios que entraron en vigor no ano 2019.

Pedímoslle ao Goberno novas puxas de renovables, e nese contexto Galicia seguirá apostando por unha Galicia máis verde.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos 225 postos de traballo e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado.



A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor Conde.

Antes de nada, quero saudar os representantes dos traballadores que nos acompañan desde a tribuna deste Parlamento.

Señor Conde, infelizmente, temos que preguntarlle por unha empresa máis en serias dificultades, a empresa Isidro 1952, continuadora da antiga Isidro de la Cal; unha empresa emblemática dentro das industrias do mar nucleadas arredor do porto da Coruña que durante anos foi líder na exportación de peixe fresco. Foi pasando do peixe fresco ao procesado de produtos do mar, conxelados, á elaboración de precociñados, de produtos de alto valor engadido, e dispón da máis grande produción de *sushi* do Estado español. Desta expansión dan conta os 225 traballadores e traballadoras do cadro de persoal, os 100 millóns de euros que diversas fontes calculan que vale a empresa, ou os seis centros de traballo que ten, a fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar no polígono do Espírito Santo, en Cambre, as piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro ou os criadeiros de rodaballo de Lorbé, ou os de ollomol de Valdoviño.

A información que temos é que a Xunta inxectou máis de 20 millóns de euros na empresa por diferentes vías, e a pesar de todo ese potencial e dos apoios, topámonos con que no mes de setembro a empresa presentou precurso de acredores e que, se non se remedia, para a semana que vén entrará en concurso.

En decembro anunciou un ERE de extinción para 136 traballadores e traballadoras e a modificación substancial das condicións salariais e laborais para o resto, aos que lles deben atrasos nas súas nóminas: unha parte da de novembro, a totalidade da de decembro e en breve deberáselles a de xaneiro. As traballadoras están nunha situación complicada, xa non é que non cobren as súas nóminas, senón que gastan para ir traballar en desprazamento, en gasóleo. Denuncian unhas condicións moi complicadas por falta de materias primas para desenvolver a súa actividade pola falta de control que hai na empresa, até o extremo que denuncian tamén a infraalimentación dos peixes dos criadeiros e das piscifactorías.

O 17 de xaneiro a dirección da empresa anuncioulles que teoricamente había un grupo empresarial que acababa de mercar a empresa e que se procedía á retirada do ERE e á modificación substancial das condicións laborais. Aos poucos días informou que a venda quedaba suspendida e que o contrato de compra-venda non formalizara. Todo no medio de noticias de cuestionamento da solvencia do teórico empresario comprador. Polo tanto, mantéñense todos os problemas: o ERE, o concurso, os impagos e un cúmulo de despropósitos e de mala xestión, señor Conde.

Mañá remata o período de consultas do ERE. As traballadoras precisan respostas porque levan meses de incerteza e temor polo seu futuro e polos postos de traballo; temor polo destino dos 20 millóns de euros de cartos públicos investidos.

¿Que papel está xogando a Xunta e que está facendo para que esta empresa sexa viable?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, moitas grazas pola súa pregunta e sobre todo polo seu interese pola situación desta empresa; unha empresa coa cal estamos traballando directamente dende a Xunta de Galicia a través do Igape, a través de Xesgalicia. Polo tanto, traslado tamén un saúdo a todos os representantes dos traballadores, cos cales nos estamos reunindo e estamos tendo un diálogo fluído precisamente para identificar, primeiro, as súas necesidades dende o punto de vista laboral, e, en segundo lugar, cal pode ser a viabilidade que pode ter este proxecto; un proxecto importante que, como vostede ben di, leva apoiado por parte da Xunta de Galicia dende hai moitos anos.

Pero creo que perde unha oportunidade —e espero que na súa réplica o poida concretar—; seguramente, polo menos na súa primeira intervención, perdeu simplemente unha oportunidade de trasladar con nitidez que o Bloque Nacionalista Galego está ao lado da Xunta de Galicia neste conflito. *(Risos.)* Creo que, sinceramente, perdeu esa oportunidade, porque cando vostede fala de despropósito e de mala xestión entendo que non se está referindo á Xunta de Galicia e que, polo tanto, a responsabilidade da Xunta de Galicia é, precisamente, velar por identificar un futuro para os traballadores e para as traballadoras.

Efectivamente, nese contexto é no que estamos traballando para identificar unha saída viable, unha saída de futuro. É certo que a saída ten que fundamentarse no realismo, que temos que actuar con responsabilidade e, polo tanto, saber que estamos ante unha situación de dificultade onde claramente temos que garantir que haxa un proxecto de viabilidade.

O que me sorprende é que, cando fala vostede do compromiso da Xunta de Galicia, di como que lle tiveron que dar a información. ¡Sorprendente! ¡Sorprendente, señora Prado!, porque o seu goberno, o Goberno do Bipartito, concedeulle a esta empresa practicamente o 90 % deses 23 millóns de euros que se lle concederon por parte da Xunta de Galicia. Polo tanto, vostede ten a información directa, porque estaban vostedes sentados no consello de administración de Xesgalicia, estaban vostedes dirixindo o Igape e, polo tanto, coñece perfectamente que preto deses 20 millóns de euros que se lle concederon a Isidro de la Cal llos concedeu o Bipartito. É máis, debería saber, señora Prado, que, deses 20 millóns de euros, 10 millóns llos concederon estando en funcións, ¡estando en funcións, señora Prado! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, eu non veño aquí polemizar sobre as axudas da Xunta de Galicia, porque a Xunta de Galicia vai estar cos traballadores e traballadoras, independentemente das axudas que se lle concederon. Non precisamos que se lle concederan axudas para traballar directamente cos traballadores e buscar un plan de viabilidade, e aí está o noso compromiso. Eu o único que espero é que nese compromiso o Bloque Nacionalista Galego apoie este goberno.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire, señor Conde, como é habitual, vostede practica a peor das políticas, a de non asumir responsabilidades, a da inoperancia e a da displicencia. Aquí non cuestionamos que se lle deran axudas (*Aplausos.*), o que queremos saber é que seguimento se fixo desas axudas en once anos de goberno do Partido Popular, porque, evidentemente, grazas a esas axudas, esta empresa está no dimensionamento do que acabo de falar, e sen as cales seguramente non estaría. (*Aplausos.*)

En once anos de goberno, no BNG damos por suposto que vostedes farían algo máis que botarse fóra dos problemas. O que lle queremos preguntar é como está exercendo as competencias que o Goberno ten en política industrial, en emprego e en política pesqueira. O que lle estamos pedindo é que exerzan de goberno, porque é certo que vostedes se reúnen coas traballadoras e cos traballadores, mais de momento o único que saben é que vostedes toman nota. Estarán preocupados, pero de momento non coñecen que por parte da Xunta de Galiza se puxera ningunha solución encima da mesa. Vostede non pode agocharse detrás da existencia desa reunión, porque a situación non fai máis que empeorar desde que vostede se reuniu coas traballadoras e traballadores. Non coñecen que vostedes puxeran absolutamente ningunha alternativa. Estamos aquí para que vostede diga que están facendo e cal foi a fiscalización que fixeron deses cartos.

A obriga de vostede, señor Conde, é a de remangarse e buscar solucións, para non permitir a perda dunha empresa máis do sector industrial do noso país, para non permitir que aumente o deserto industrial no que se está convertendo Galiza de norte a sur e de leste a oeste, para non permitir que detrás dese deserto o que quede sexa precarización, desertización e unha Galiza minguante.

A súa obriga é presentar unha alternativa e un plan de viabilidade, porque é vostede o conselleiro de Industria no ano 2020, (*Aplausos.*) e o Bipartito deixou de existir no ano 2009. Ten vostede responsabilidades dende hai once anos. A obriga é explicar como se fixo o seguimento deses cartos, a obriga é poñer enriba da mesa ese plan de viabilidade e a súa obriga é aportar solucións e non actuar de comentarista e de análise do que fixo o Bipartito. (*Aplausos.*) Sería bo que lle dera algunha...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo. Grazas.

Para o peche desta pregunta, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Prado, a situación de Isidro de la Cal precisa sosego, non necesita que se poña vostede nerviosa. (*Murmurios.*) Eu entendo perfectamente que vostede ten unha certa inquietude



sobre as condicións nas cales se concederon 20 millóns de euros a esta empresa, e seguramente diso tamén deberíamos de falar, pero nós non vimos aquí, precisamente, a falar de futuro.

Se a solución do Bloque Nacionalista Galego pasa por nacionalizar empresas, como teño entendido pola súa intervención, xa lle digo que a resposta deste goberno é que non, que non. Aquí hai que diferenciar entre o que é unha política enerxética, que si precisa de decisións políticas, e unha política industrial, que precisa de decisións industriais e de plan de viabilidade que teñen que aportar os empresarios, non a Xunta de Galicia. Que vostede veña dicirme a min que eu teño que presentar un plan de viabilidade significa simplemente descoñecer o labor que ten un goberno, descoñecer o labor que ten unha empresa, e agora entendo perfectamente como se fixeron e tomaron determinadas decisións no Bipartito. Por certo, 130 millóns de euros de préstamos e avais fallidos na súa xestión na maioría nos momentos e meses previos ás eleccións.

Insístolle, a Xunta de Galicia vai traballar para identificar unha solución e unha viabilidade para Isidro de la Cal. A Xunta de Galicia non vai nacionalizar Isidro de la Cal, e a Xunta de Galicia vai traballar cos investidores que poidan darlle esa viabilidade, e, polo tanto, un futuro aos traballadores.

Dime vostede que nós non traballamos con Isidro de la Cal. Vostede o que debería de ser é máis humilde, pedir información e non valorar, porque se pedira información vería que este goberno tivo un seguimento puntual de todas as actuacións de Isidro de la Cal e sabería que no ano 2009 se lle concedeu un préstamo de 3 millóns de euros precisamente para poder darlle viabilidade nun momento no cal tiñan dificultades. E debería de saber que no ano 2014 este goberno facilitou o refinanciamento de Isidro de la Cal precisamente para que hoxe poidamos falar de traballar por un futuro.

Polo tanto, este goberno, a través de Xesgalicia e a través do Igape, en ningún momento deixou de desenvolver as súas funcións, o que pasa é que a súa función non é dirixir a empresa, porque xestionar a empresa xestiónana os empresarios, e nós o que temos é que velar, precisamente, para que se poidan impulsar proxectos que sexan viables.

Polo tanto, nós seguiremos traballando co comité de empresa, seguiremos traballando co propietario, seguiremos traballando para identificar se hai posibles investidores que poidan darlle viabilidade e poidan darlle solvencia ao proxecto, e non teña ningunha dúbida de que se hai ese contexto Isidro de la Cal contará co apoio unha vez máis da Xunta de Galicia. Eu o que agardo é que o seu partido tamén poida apoiar esa posición no seu momento.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro

Debatemos agora as dúas últimas preguntas e facémolo de xeito acumulado.



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do servizo de paridoiro nos hospitais comarcais

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a previsión por parte do Goberno galego de actuacións de mellora no Hospital de Verín

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde —case noite—, señor conselleiro. Por segunda vez hoxe debatemos neste pleno.

Hai unha preocupación e inquedanza, en xeral, na cidadanía que ten como referencia un hospital comarcal en Galicia. Existiu nestes últimos anos a percepción da perda de servizos e da perda de profesionais, que ían facendo decaer algúns dos servizos. Recentemente coñecemos algún caso eternamente comentado xa que afonda nesa idea. Constatouse a realidade, señor conselleiro, e é que vostedes tiñan a intención de baleirar de servizos os hospitais comarcais. Para facelo —e hoxe falamos particularmente de paritorios nos hospitais comarcais— utilizaron inicialmente un criterio, que era o número de partos. É certo que despois, cando viron que falar do número de partos e da pericia dos profesionais —ou vostedes falaban da impericia dos profesionais— non era un bo argumento, porque se rebatía relativamente de maneira sinxela, a cuestión é que buscaron xa unha maneira un pouco máis poliédrica de afrontar o asunto e buscaron outras argumentacións. Ao final, no que se resume é en que cando se quixo resolver o problema —fervía—, resolveuse o problema. E iso é o que nós demandabamos dende o principio. Nós entendemos que os hospitais comarcais teñen dificultades para ter todos os servizos, iso é obvio. Pero si cremos que hai un número de servizos básicos fundamentais que deben de estar implantados neses servizos nestes hospitais, os servizos básicos.

E, por tanto, o que preguntamos é sobre os paritorios: ¿cal é a súa posición, a posición do Goberno, con respecto aos paritorios dos demais hospitais comarcais? Porque, constatado o que ocorreu e constatada cal era a súa vontade, nos outros hospitais comarcais pregúntanse: se o criterio de número de partos era o que se defendeu —salvo que vostedes cambien de criterio, que é unha posibilidade—, se ese era o criterio, no resto de hospitais comarcais tampouco se cumpren, algúns deles con datos bastante próximos ao que si se pechou. E, por tanto, esa é unha inquedanza. Nós defendemos que non sexa así, defendemos que se manteña, pero a verdade é que o único que sabemos é que quedou claro o que vostedes queren facer cos paritorios dos hospitais comarcais, porque xa o fixeron. Agora o que queremos saber é se aprenderon e se van intentar facer outra vez o mesmo.

Se está na súa man —refírome ao Goberno—, se está na man deste goberno, sabemos o que queren facer, pero, ¿teñen intención de expresalo?, ¿van resolver algunha cuestión? Engadimos unha pregunta a maiores por se pode ou se ten a ben contestala: ¿no resto dos hospitais comarcais, no paritorio van pedir consentimento informado reforzado ás nais que queiran



parir, que teñan que parir alí? Porque esa é unha pregunta interesante dende o noso punto de vista que axudaría —cremos nós— a aclarar que é o que quixo dicir o señor Feijóo cando falaba do Hospital de Verín.

O señor Feijóo —por certo, e para rematar— dixo: «A miña conciencia non me permite resolver o problema de Verín, como vostedes din, electoralmente». Xa sabemos que a conciencia do señor Feijóo é subastable por un número de votos. A ver que pensa o Goberno facer co resto dos paritorios comarcais.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Formula agora a pregunta don Carlos Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, se non fora unha frivolidade á que tan acostumbrados nos ten o Goberno actual da nación, os 23 ou 24 ministros, preguntarlle se a sanidade galega dispón de datos destes últimos meses relativos á incidencia do insomnio ou doutros problemas do sono que están a sufrir os galegos e galegas, que foran xa vaticinados polo señor Pedro Sánchez antes do seu pacto de goberno co conglomerado de despropósitos que se mestura baixo as siglas PSOE e Unidas Podemos. Motivos de preocupación non lles faltan nin a eles nin moito menos a nós, os galegos, por suposto. Non o vou preguntar.

En todo caso, conselleiro, roza o esperpento, por non dicir que hai que ter moito morro —ou moito *morrizo*, señor Bará— para escoitar falar á oposición de política de pesadelo —de pesadilla— ou para escoitar afirmacións como que a liña estratéxica da Consellería de Sanidade ten unha vontade recortadora, cando o DOG e os orzamentos da Xunta —é dicir, os feitos e a realidade— demostran absolutamente todo o contrario. Temos a mellor sanidade da historia de Galicia, evolucionando e mellorando constantemente, e o Goberno do presidente Feijóo fixo o maior investimento en sanidade e en atención primaria da historia de Galicia, señorías.

Pero, conselleiro, para vontade recortadora a dos socialistas, que nos están furtando aos galegos e galegas, coa complicidade dos seus socios, 370 millóns de euros, 200 deles os famosos do IVE; millóns de euros precisamente cos que se podería seguir mellorando a sanidade e a atención primaria, ou os servizos sociais da poboación galega máis sensible e da que máis atención necesita. Mentres, os socialistas galegos e os seus socios miran para outro lado, ¡que vergoña e que indignidade! Unha aldraxe, unha rapiña noxenta e infame (*Murmurios.*) que non van perdoar os galegos e as galegas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Conselleiro, que os do pacto de investidura non nos volvan falar de recortes en Galicia porque non é verdade, porque non teñen credibilidade, nin moito menos teñen autoridade moral para facelo mentres non nos devolvan aos galegos e ás galegas o que nos pertence. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Señor Almuíña, despois de escoitar neste pleno durante toda esta sesión o que di a oposición, está claro que se pode constatar que están instalados no desprestixio, na mentira, no *fake* permanente, buscando unicamente réditos políticos.

No tocante aos servizos nos hospitais comarcais, coa aprobación da Lei 1/2018, de saúde de Galicia, por primeira vez blindouse a existencia dos hospitais comarcais coa creación dos distritos sanitarios. As deputadas e os deputados do Grupo Popular coñecemos o traballo feito desde o Goberno galego, desenvolvendo unha atención dos pacientes no lugar máis próximo ao seu punto de residencia, o que implicou unha aposta decidida polos hospitais comarcais e polos seus servizos. Neste senso, conselleiro, quixera preguntar: ¿que actuacións de mellora ten previsto o Goberno galego no Hospital de Verín?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor GÓMEZ SALGADO: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Para que diga que despois non contesto as preguntas: ¿prevé a Xunta de Galicia estender a decisión de recortar o servizo de paritorio a outros hospitais comarcais de zonas que perdan poboación, ao igual que ocorreu en Verín? Non.

¿Contempla o Goberno galego algunha previsión de actuacións de mellora no Hospital de Verín? Si.

Moitas grazas, presidente.

Os hospitais comarcais están, desde logo, dentro das prioridades deste goberno, e así o dixemos desde a reforma da Lei de saúde, onde establecemos distritos que ían dar cobertura legal a todos os hospitais comarcais, especialmente a algúns como o caso de Verín, que non o tiñan. No caso dos pacientes de Valdeorras ou de Verín evitan desde hai anos miles de viaxes a Ourense para acudir a consultas ou a probas diagnósticas de especialidades como cardioloxía, dixestivo, endocrinoloxía, neuroloxía, oncoloxía médica ou reumatoloxía; servizos tradicionalmente fóra da carteira de servizos dos comarcais a nivel nacional e que ata hai moi pouco só os ofertaba o hospital universitario da capital, de Ourense.

Ademais, este novo modelo organizativo, ao que a nova Lei de saúde dá respaldo normativo, axuda a resolver as dificultades habituais en moitos comarcais para cubrir os seus cadros de persoal facultativo, especialmente en determinadas especialidades que non contan con profesionais dispoñibles no mercado laboral ou optan por centros sanitarios de maior volume de poboación, evitando que a falta puntual dun especialista propio afecte a actividade asistencial diaria ou os pacientes.

Polo que se refire ao paritorio do Hospital de Verín, tomamos unha decisión —estámolo repetindo ao longo da mañá e da tarde—, unha decisión difícil, unha decisión responsable, to-



mada con criterios de calidade asistencial e sobre todo de seguridade para nais e nenos e nenas. Como dicía, non eludimos responsabilidades e sempre estamos dispostos a explicar o porqué das nosas decisións. Como indicamos, esta foi unha decisión baseada no criterio de xinecólogos, obstretas e pediatras do hospital de referencia, que ten que cubrir e axudar a cubrir en períodos vacacionais ou, neste caso, en períodos de ausencia de pediatras, esas necesidades.

E díxose esta tarde incluso que nós prorrogamos a xubilación dun pediatra ata que se xubilou e que entón quedou sen gardas ese Hospital de Verín. Non foi así, este pediatra ampliou a idade de xubilación á súa petición, pero si solicitou non facer máis gardas. Por iso se sacaron dúas prazas para crear de novo, despois do ano 2006, un servizo de pediatría no Hospital de Verín. Curiosamente, o partido ou o portavoz que fai esta pregunta foi o responsable naquel momento. A conselleira era a representante do Partido Socialista no Goberno, e foi a que deixou sen servizo de pediatría hospitalaria o Hospital de Verín. Convocamos interinidades —como dixemos— en xuño, outra vez en decembro e agora en xaneiro para poder iniciar ese servizo o día 3 do mes de febreiro con todas as seguridades, con toda a responsabilidade e, desde logo, co mellor servizo posible para iso.

E repetimos moitas cousas ao longo do día porque parece que a oposición, segundo quen pregunte, escoita ou non escoita. Xa falamos do consentimento informado, falamos das coberturas, falamos incluso da actividade do Hospital de Verín. Desde logo, imos seguir traballando por mellorar. Pero si é certo que a día de hoxe os pacientes que antes non tiñan unha resposta na comarca —nefrolóxicos, oncolóxicos, dixestivos, de cardioloxía ou neuroloxía— hoxe teñen unha carteira na propia comarca. E, desde logo, nós imos seguir acercando todos os servizos necesarios que sexan resolutivos, non aqueles que non sirvan nada máis que para demorar a atención, aos hospitais comarcais. Aumentamos en profesionais. No Hospital de Verín temos máis profesionais dos que tiñamos hai uns anos; só diminuíron —como dicía tamén antes— directivos, que hai menos dos que había na etapa do Bipartito. E, desde logo, máis actividade e unhas listas de espera creo que dun nivel —como digo— dos mellores de Galicia; e dicir das mellores de Galicia é dicir das mellores de España. Creo que esa é a vía. E ademais cumprimos os criterios de calidade de atención co Decreto de tempos máximos, onde tamén as vías rápidas fan que poidamos atender nun tempo moi limitado.

¿Novas no Hospital de Verín? Eu creo que unha nova importante é —como digo— a creación dun novo servizo de urxencias. Nun momento determinado, loxicamente, cunha estrutura de moitos anos, hai que facer modificacións. Integrou o PAC e quedou moi limitado, á parte de ter un acceso nun primeiro piso, en vez de nunha planta baixa, que é o máis indicado para a atención aos pacientes que chegan con certa urxencia, ou que son desprazados deste hospital a outro hospital de referencia. Polo tanto, a nova urxencia vai aumentar de forma moi importante o espazo, tanto para o PAC como para a urxencia en si. E, loxicamente, vai mellorar aínda máis un servizo que funciona eu creo que correctamente.

E, como dicía, tamén a base do 061 é importantísima porque a integramos dentro do hospital. Vai haber unha resposta moito máis rápida da ambulancia para poder facelo. E, desde logo, imos seguir traballando no Hospital de Verín e nos outros comarcais, imos seguir buscando



non só obras, non só equipamento, senón tamén incentivos para os profesionais que poidan facer que se acerquen e queiran traballar nos hospitais comarcais.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, grazas, presidente.

Señor conselleiro, dixo vostede: «o portavoz do partido que fai esta pregunta». Eu enténdoo, escoitando a pregunta anterior, pero eramos dous. Xa sei que o outro non preguntou sobre isto, que falou do que lle petou, pero eramos dous —digo—. *(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, pronuncia palabras que non se perciben.)* Porque igual non se enterou... *(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Risos.)* Si, si, e de dous partidos distintos incluso. *(Aplausos.)* Igual non se enterou. *(Aplausos.)* Valla isto de que vostede nin se deu conta de que era unha pregunta de sanidade, porque non se deu conta ningúen, para reivindicar que a acumulación desta pregunta... Xa todos entendemos que había que protexer... Non fose ser que houbera algún problema, pero é unha patética utilización da institución da Presidencia do Parlamento de Galicia. En fin, empezamos a estar acostumbrados.

Señor conselleiro, vostede di que non teñen intención de pechar. Permítame que lle faga unha apreciación. Non teríamos por que dubidar da súa resposta, pero dous días antes de que se anunciara o peche do paritorio de Verín —dous días antes— neste Parlamento o Partido Popular dixo —cito literalmente—: «estanse a ampliar servizos no Hospital de Verín». Dous días despois anunciaron o peche do paritorio. Ampliar servizos non é facer máis grande o cuarto de baño, señor conselleiro. *(Risos.)* Vostedes anunciaron que estaban ampliando servizos e dous días despois pecharon o paritorio de Verín, e agora di que non van pechar ningún outro paritorio comarcal. Entón, a partir diso, preguntámonos: ¿por que entón o de Verín, se o criterio do número de partos é incumplido por todos? Tamén o incumpriu o de Verín durante todos os anos.

Por certo, aqueles informes ou avais técnicos que vostedes defenderon, utilizando os profesionais, enfrontándoos entre si, usándoos como chicles —a verdade é que actuaron vostedes de maneira moi lamentable—, todos os avais técnicos e as recomendacións existiron durante moitos anos e non as utilizaron, e existen sobre outros paritorios e non as utilizan. ¿Por que? Porque saben que para facer esas cousas que queren facer teñen que facelo con coidadiño. Vostedes tomaron esa decisión e agora arranxaron, que hai días que xa sabiamos que se podía arranxar, porque entenderon que había que ter esa vontade, porque pechalo foi unha decisión política, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Para a réplica, o señor Gómez Salgado.



O señor GÓMEZ SALGADO: Grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, está claro que se faga o que se faga e se diga o que se diga —que se está facendo moi ben— a oposición seguirá intoxicando e tentará menosprezar a sanidade galega, aínda que iso supoña o desprestixio dun servizo fundamental, sen dúbida, un dos máis valorados polos galegos.

O Partido Popular e a Xunta de Galicia apostan decididamente por unha sanidade pública de calidade e de proximidade, e esta aposta estase a demostrar con feitos no maior esforzo investidor da Xunta de Galicia.

No tocante ao paridoiro de Verín, señor conselleiro, o Grupo Popular quere pór en valor a decisión de priorizar por riba doutras consideracións a seguridade dos recién nacidos e das nais, garantindo a súa asistencia médico-hospitalaria diante de eventuais problemas que puideran xurdir nos primeiros intres de vida do neonato. Foi aquela unha decisión complicada, conselleiro, pero responsable, a sabendas da utilización electoralista que algúns partidos da oposición farían desta medida urxente. Pero, sobre todo, conselleiro, temos que felicitalo por atopar unha solución satisfactoria que, polo visto, señor Torrado, parece que a vostede non o satisfai moito... (*Murmurios.*) Dá a sensación de que lle apetecía seguir enredando. Pero, conselleiro, esta situación viña provocada pola falta de pediatras no Hospital de Verín, que se evidenciou coas tres convocatorias que quedaron desertas para cubrir as prazas de pediatras e non por outras circunstancias ou por outras intencións, por moito que algúns políticos se empeñen en dicilo mentindo e intentando crear alarma social. Hoxe, despois da última convocatoria, a existencia de pediatras no Hospital de Verín e, xa que logo, a seguridade e a asistencia hospitalaria do neonato e das nais semella un tema resolto do que todos e todas, os galegos, os ourensáns e os da área sanitaria de Verín, nos sentimos moi satisfeitos e nos congratulamos.

No tocante aos investimentos e á mellora do Hospital de Verín, confirman que o Goberno galego desmente e bota por terra os bulos e as falsas perspectivas que anuncia un día si e outro tamén a oposición para os hospitais comarcais.

Eu quería preguntar, por último, nesas novas obras, polos importes que ten previsto investir a Xunta, e dicirlle se nos pode falar algo do plan Hado, do Plan de asistencia domiciliaria, e...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Ben, deixámolo aí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para o peche destas preguntas, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que, loxicamente, temos moitos proxectos para o Hospital de Verín. Vou concretar. Hai outros que falan, nós escribimos, e no perfil do contratante está a obra do servizo de urxencias, que chegará posiblemente aos 3 millóns de euros —unha obra importante—. Pero, como ben di tamén, que-



remos levar Hado a toda a comarca, recorrer, porque o Plan de Hado de Galicia, que é o plan pioneiro, ten que chegar a todo o territorio galego nun período curto, moi curto de tempo.

E tamén será en Verín o cribado de cancro de cervix. Será a segunda comarca de Galicia, despois da zona de Lugo, onde se iniciou hai unhas semanas. E temos máis proxectos para seguir desenrolando. Nós non utilizamos os comarcais para as eleccións.

Quero recordar que en cada unha das eleccións autonómicas sempre aparece un grito de guerra, como: van pechar os comarcais. *(Murmurios.)* No ano 2009, no 2013, no 2014, dá igual. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Eles anuncian e despois non pasa nada, e non piden perdón, porque podían pedilo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Entón, período electoral, peche de comarcais. A realidade é que cando están eles pechan o Servizo de Pediatría de Verín, e estiveron só catro anos, esa é a diferenza. *(Murmurios.)* Polo tanto, nós imos seguir traballando con responsabilidade, tratando de levar os servizos aos cidadáns, coa maior proximidade posible e, desde logo, cunha dificultade que hai que dicir —e niso estase traballando desde hai tempo—, que é a limitación do número de profesionais nalgunhas especialidades. Estamos conseguindo que haxa especialistas que poidan ir a comarcais desde cidades lonxanas. Agora mesmo desde Vigo ou desde Ourense capital estanse desprazando a comarcais, co cal, estamos conseguindo o que queremos conseguir, que é reforzar os servizos hospitalarios dos comarcais con especialistas que ven un número importante de pacientes e non con servizos independentes. Hoxe en día non podemos considerar que os servizos son independentes; necesitamos profesionais que recollan unha experiencia ampla na atención da poboación. E así un paciente oncolóxico dunha rúa céntrica da capital de Ourense pode ser atendido polo mesmo oncolóxico que atende un veciño de Verín ou un veciño do Barco. Iso é calidade asistencial e iso é o que queremos promocionar e imos seguir promocionando.

Polo tanto, desde logo, imos seguir traballando. Sabemos que este ano é ano difícil. Hai xente que quere desprestixiar a sanidade para chegar a onde quere chegar, pero nós, como profesionais, como responsables, imos tratar de seguir traballando.

Señor Torrado, antes falei claramente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* do portavoz...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...de sanidade do partido que gobernaba e que pechou o Servizo de Pediatría do Hospital de Verín. *(Murmurios.)* O Partido Popular non era membro do Bipartito, ¡non era membro do Bipartito! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, creo que quedou moi claro. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E cando se di que iso de acumular preguntas é improcedente, a verdade é que lle digo que levamos todo o día falando dun tema importante, como é este. Desde logo, nós cremos que é importante estar aquí e dicir as realidades, as realidades que teñen un soporte técnico de profesionais, que van seguir traballando.

E quero facer un agradecemento tamén hoxe aquí a todos os profesionais sanitarios desa área, que están facendo un magnífico labor, tanto os de Verín como os de Ourense capital; especialmente ás pediatras que cubriron o servizo durante estes días, porque non estaba en funcionamento o paritorio e atenderon os nenos desprazándose moitos quilómetros para dar a calidade asistencial que se merecen. Polo tanto, grazas aos profesionais, grazas ao traballo que están realizando e, desde logo, é un orgullo poder representalos a eles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes de dar por rematado o pleno, eu quixera tamén facer dúas consideracións moi breves.

Unha. Aquí hai liberdade para formular as preguntas e as preguntas decide a Presidencia se as acumula ou non as acumula. Ás veces me podo equivocar, pero, desde logo, no meu ánimo está non equivocarme nunca nunha acumulación de preguntas, e creo que van todas sobre unha mesma temática. Na liberdade de expoñelas despois eu non entro. Hai outro parlamento onde xa non deixan formular as preguntas. Eu estou preparando un dossier —porque me interesa como demócrata que son— de preguntas que a Mesa non admite porque ten a maioría. Falaremos diso..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero non quero que se compare con isto. E aquí temos unha maioría absoluta.

Segundo. Quixera deixar claro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, perdón. Non, perdón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Segundo... Por favor, señor Blanco, estou coa segunda consideración e quero dicila. Hoxe alguén desde a tribuna me dixou que eu fora imparcial porque a un deputado lle dixen que tiña que retirar unha determinada expresión e non llo dixen a outro deputado cando estaba no... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imparcial, exactamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Parcial, parcial, bueno.


Eu pódome equivocar, dígoo moitas veces, pero entendo que non é o mesmo que un deputado se dirixa directamente a outro deputado e utilice unha expresión que eu podo considerar despectiva que que o faga noutro sentido. Por exemplo, no termo que hoxe utilizou, «mascota», non é o mesmo dicir «*es un partido mascota*» que dicir que tal persoa é unha mascota. Por iso eu mandei retirar esa expresión. Parece o mesmo, pero non é o mesmo.

Polo tanto, eu penso que tamén vostedes deberían de contribuír comigo a iso e ver con que termos utilizan o intercambio, que no Parlamento debe de ser doutro xeito, para que eu non teña que retirar nada. Iso é o que lles pido.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás oito e seis minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGESauTeGDj3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

